Cara ó 23.000 BP, o clima enfriou lentamente até pasare a ter unhas condicións árticas no coñecido como *Nagelbeek – Kesselt horizon*<sup>28</sup> (Van Vliet – Lanoë, 1988)<sup>29</sup>.

Nos arredores do 20.000 BP dominaban unhas condicións ambientais suaves e un tipo húmido de podogénese até que as precipitacións se extendenron e deron lugar a constituir a máxima extensión dos xeos, presumiblemente acción dos factores lavado e erosión en regueiros viuse moi reducida.

Un reavance dos xeos prodúxose á altura do 15000 BP (Van Vliet – Lanoë, 1989)<sup>30</sup> onde as precipitacións estiveron entre os 200 e 400 mm ano. O proceso erosivo dominante no sur de *Netherland*, con bastante actividade<sup>31</sup>, foi o *needle ice*. Durante o interestadial *Bölling – Alleröd* a vexetación cubría abundantemente a superficie polo que o proceso dominante foi a incisión vertical por erosión liñal<sup>32</sup> (Vandenberghe *et al.* 1991)<sup>33</sup>

#### .1.1.1.1.4. Fase do holoceno

Analizando esta época namentras non se datou accións antropoxénicas a erosión do solo foi pouco relevante e cinguiuse esta a incisión feita polos cauces fluviaais que surcaban

---

bretaña francesa e até os 400 mm ano en Bélxica.

<sup>24</sup>Van Vliet – Lanoë, B. (1988): *Le rôle...*, *opus cit.*

<sup>25</sup>Por *solifluction* enténdese a interacción da *gelifluction* máis o *frost creep*.

<sup>26</sup>Lautridou, J. P. (1985): *Le cycle...*, *opus cit.*

<sup>27</sup>Un solo en *loess* é pouco estable e moi susceptíbel de enfriarse fronte á estabilidade dos depósitos de tipo rochoso.

<sup>28</sup>Destacou por ser unha superficie erosionada segundo os parámetros das formas regresivas dos modelos termokarsticos.

<sup>29</sup>Van Vliet – Lanoë, B. (1988): *Le rôle...*, *opus cit.*

<sup>30</sup>Van Vliet – Lanoë, B. (1989): “Dynamics and extension of the Weichselian Permafrost in Western Europe (Stages 5e to 1).” *Quaternary International* 3. Stransburgo.

<sup>31</sup>Estímase que non chegou ós niveis erosivos dos dous períodos anteriores pero si tan forte coma o do 28000 BP.

<sup>32</sup>Que moldeou vales que chegan até os nosos días.

<sup>33</sup>Vandenberghe, J. (1991): *Excursion and guidebook of the Symposium Periglacial environments in relation to climatic changes*. Amsterdam University. Amsterdam.

os bosques. Pola contra a podoxéneses restrinxíuse a procesos biomecánicos (Birks 1986)<sup>34</sup>. O comezo na decadencia das masas vexetais principia cara o 5000 BP na coñecida como fase interglacial oligotrópica<sup>35</sup>, pasase dun proceso de brunificación a un de podsolización<sup>36</sup> (Huntley; Birks, 1983)<sup>37</sup>. A forma xeomorfolóxica resultante foron os *colluvium* de ladeiras e vales<sup>38</sup>.

#### **.1.1.1.1.5. A erosión xeolóxica en Galicia por acción do frío**

A erosión xeolóxica en Galicia entre o 50000 – 11000 BP, estivo condicionada a procesos cunha xéneses no frío. Por unha banda os diversos movementos dinámicos directos mediate línguas ou amoreamentos de xeo que deron lugar a procesos incisivos de erosión, transporte e deposición: circos e vales glaciais, amoreamentos diversos de *till*, depósitos glacio – lacustres..., (Tricart; Pérez Alberti, 1989)<sup>39</sup>; (Pérez Alberti, 1993)<sup>40</sup>; (Pérez Alberti; Guitián Rivera, 1992)<sup>41</sup>; (Pérez Alberti, *et al.*, 1993)<sup>42</sup>; (Pérez Alberti *et al.*, 1993)<sup>43</sup>; (Pérez Alberti; Valcarcel Díaz, 1998)<sup>44</sup> e, pola outra banda os procesos de xeo e desxeo provocan a posta en marcha dunha dinámica de vertentes interiores por procesos de crioreptación, creeping, gelifluxión... que se traducen en campos e coladas de bloques, morrenas de neveiros, glaciais rochosos... (Pérez Alberti;

<sup>34</sup>Birks, H. J. (1986). “Late Quaternary biotic changes in terrestrial and lacustrine environments, with particular reference to north – west Europe.” En Berglund, B. (Ed.) *Handbook of Holocene Paleoecology and Palaeohydrology*. Wiley, Chichester.

<sup>35</sup>Os pasos no devandito proceso van dende o bosque orixinario, á matagueira, ó lameiro e finalmente ó pastizal. Obviamente por un principio de acción humana que iría clarexando as masas paulatinamente.

<sup>36</sup>Proceso similar ó que todavía ocorre en áreas graníticas.

<sup>37</sup>Huntley; Birks (1983). *An Atlas of Past and Present Pollen Maps of Europe: 0 – 13000 years ago*. Cambridge University Press. Cambridge.

<sup>38</sup>A súa fasquia é nunha *iterstratified* con turba.

<sup>39</sup>Tricart, J.; Pérez Alberti, A. (1989). “Problemas de paleoclimatología: importancia e impacto del frío durante el Cuaternario”, *Actas do Simposio internacional “Otero Pedrayo e a Xeografía de Galicia”*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela. 74 – 91.

<sup>40</sup>Pérez Albereti, A. (1993). “La interacción de procesos geomorfológicos en la génesis del relieve del sudeste de Galicia: el ejemplo del Macizo de Manzaneda y de la Depresión de Maceda”, en Pérez Alberti, A. *et al.*, *La evolución del paisaje en las montañas del entorno de los Caminos Jacobeos*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

<sup>41</sup>Pérez Alberti, A.; Guitián Rivera, A. (1992). “El sector nordeste del Macizo de Manzaneda (SE de Galicia): aproximación al estudio del glaciario, suelos y vegetación”, en *Guía de Campo de las VIII Jornadas de Geografía Física (A.G.E.)*, Universidade de Santiago. 11 - 42

<sup>42</sup>Pérez Alberti, A.; Rodríguez Guitián, M.; Valcárcel Díaz, M. (1993)a “El modelo glaciar en la vertiente oriental de la sierra de Ancares”, *Papeles de Geografía*, nº 1, 18, Universidad de Murcia

<sup>43</sup>Pérez Alberti, A.; Rodríguez Guitián, M.; Valcárcel Díaz, M. (1993)b. “Las formas y depósitos glaciares en las Sierras Septentrionales y Orientales de Galicia”, en Pérez Alberti, A.; Guitián Rivera, L.; Ramil Rego, P., *La evolución del paisaje en las montañas del entorno de los caminos jacobeos*, Xunta de Galicia.

<sup>44</sup>Pérez Alberti, A.; Valcárcel Díaz, M. (1998). “Caracterización y distribución espacial del glaciario pleistoceno en el noroeste de la Península Ibérica”, en Gómez Ortiz; Pérez Alberti (Eds.), *Huellas glaciares de las montañas españolas*, Universidade de Santiago de Compostela, Servicio de Publicaciones, Santiago.



Rodríguez Guitián, 1993)<sup>45</sup> (Pérez Alberti, *et al.*, (1994)<sup>46</sup>; (Valcárcel Díaz; Pérez Alberti, 1996)<sup>47</sup>; (Valcárcel Díaz, 1998)<sup>48</sup> No litoral costeiro a acción do frío tributaron formas con perfís sinuosos: cantís con base chan, depósitos superpostos, vertentes moi acusadas en fendas so interrompidas pola rede fluvial encaixada en quebramentos con dirreccións noroeste – sudeste e nordeste – sudoeste. As áreas costeiras de interior presentan plataformas e rasas de erosión (Costa Casais *et al.*, 1994)<sup>49</sup>; (Costa Casais, 1995)<sup>50</sup>; (Costa Casais *et al.*, 1996)<sup>51</sup>; (Costa Casais *et al.*, 1996)<sup>52</sup>; (Blanco Chao, 1999)<sup>53</sup>.

### **.1.2. A erosión acelerada**

A erosión acelerada en sí mesma non é máis que por en déficit o complexo formación – destrucción de solo por acción antrópica. polo que o problema principia a ter uha faciana social (Blaikie; Brookfield, 1987)<sup>54</sup> e é importante coñece-las causas xa que estas non son idénticas en todas partes (López Bermúdez, 2002a)<sup>55</sup>

<sup>45</sup>Pérez Alberti, A.; Rodríguez Guitián, M. (1993). “Formas y depósitos de macroclastos y manifestaciones actuales de periglaciario en las Sierras Septentrionales y Nororientales de Galicia”, en Pérez Alberti, A.; Guitián Rivera, L; Ramil Rego, P. (Eds.), *La evolución del paisaje en las montañas del trono de los caminos jacobeos*, Xunta de Galicia.

<sup>46</sup>Pérez Alberti, A.; Martínez Cortizas, A.; Moares Domínguez, C. (1994). “Los procesos periglaciares en el Noroeste de la Península Ibérica”, en Gómez Ortiz, A.; Simón Torres, M.; Salvador Franch, F. (Eds.), *Periglaciario en la Península Ibérica, Canarias y Baleares*, Universidad de Granada, Granada, 33 - 54

<sup>47</sup>Valcárcel Díaz, M.; Pérez Alberti, A. (1996). “Caracterización y cartografía de las formaciones superficiales de origen periglaciario en el valle de Moia (cuenca alta del río Navia – NW ibérico)”, en Pérez Alberti, A.; Martín, P.; Chestworth, W.; Martínez Cortizas, A. (Eds.), *Dinámica y evolución de medios cuaternarios*, Santiago de Compostela.

<sup>48</sup>Valcárcel Díaz, M. (1998). *Evolución geomorfológica y dinámica de las vertientes en el noreste de Galicia. Importancia de los procesos de origen frío en un sector de las montañas lucenses*, Tesis doctoral, Universidade de Santiago. Departamento de Xeografía, Inédita.

<sup>49</sup>Costa Casais, M.; Martínez Cortizas, A.; Pérez Alberti, A. (1994). “Caracterización de un depósito costero de las Rías de Muros – Noia (A Coruña, Galicia)”, en J. Arnáez Vadillo, J. M. García Ruiz; Gómez Villar, A. (Eds.) *Geomorfología en España: III Reunión de Geomorfología*, Sociedad Española de Geomorfología, Universidad de La Rioja, Logroño.

<sup>50</sup>Costa Casais, M. (1995). *Formas e procesos costeiros nun sector da costa occidental galega (dende Fisterra ata Corrubedo). (Depósitos costeiros e evolución xeomorfolóxica)*, Memoria de Licenciatura, Departamento de Xeografía. Universidade de Santiago de Compostela. Inédita.

<sup>51</sup>Costa Casais, M.; Martínez Cortizas, A.; Pérez Alberti, A. (1996). “Tipos de depósitos costeiros antigos entre o Cabo de Fisterra e o Cabo de Corrubedo”, en A. Pérez Alberti, P. Martín, W. Chesworth, A. Martínez Cortizas (Eds.), *Dinámica y evolución de medios cuaternarios*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

<sup>52</sup>Costa Casais, M.; Martínez Cortizas, A.; Pérez Alberti, A. (1996). “Tipos de depósitos costeiros antigos entre el Cabo de Fisterra e o de Corrubedo”, en A. Pérez Alberti, P. ;artina, W. Chesworth, A. Martínez Cortizas (Eds.), *Dinámica y evolución de medios Cuaternarios*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

<sup>53</sup>Blanco Chao, R. (1999). *Formas y procesos geomorfológicos diferenciados en las costas de Galicia*. Tesis Doctoral, Departamento de Xeografía, Universidade de Santiago, inédita.

<sup>54</sup>Blaikie, P.; Brookfield, H. (1987). *Land Degradation and Society*. Methuen. London

<sup>55</sup>López Bermúdez, F. (2002a). Erosión y Desertificación. *Heridas de la Tierra*. Nivola Libros y Ediciones. Madrid.

As cifras que se manexaron con máis frecuencia foron as publicadas por Fournier (1960)<sup>56</sup> e reflexadas na Táboa 1.

**Táboa 1** *Erosión estimada nos distintos continentes por Fournier (1960)*

Europa	América Norte e Central	Asia	América do Sur e Antillas	África
84 Tm. / km <sup>2</sup>	491 Tm. / km <sup>2</sup>	610 Tm. / km <sup>2</sup>	701 Tm. / km <sup>2</sup>	715 Tm. / km <sup>2</sup>
Pérdidas anuais para o conxunto das terras non asulagadas en tm:				77.000 m Tm.

Lal (1990)<sup>57</sup> aporta unhas cifras globais que se resumen nas dúas seguintes táboas<sup>58</sup>:

**Táboa 2** *A desertificación nos países desenvolto*<sup>59</sup>

Terras áridas do mundo		
Categoría	Superficie (10 <sup>6</sup> ha)	Porcentaje sobre a superficie de terra no mundo
Semi-áridas	2.124	14,3
Aridas	2.180	14,7
Extremadamente áridas	581	3,9
<b>Total</b>	<b>4.885</b>	<b>32,9</b>

**Táboa 3** *Porcentaxe e superficie de terras áridas no mundo*<sup>60</sup>

Rexión	Superficie (10 <sup>6</sup> ha)				Total
	Suave	Moderada	Severa	Moi severa	
África	515,4	794,8	146,8	3,8	1460,8
Asia	6,8	21,6	101,1	0	129,5
América Latina	9,2	39,8	178,9	1,5	229,4
Medio Leste	60,5	35,7	951,6	0	104,9

A modo de comentario, as dúas anteriores táboas reflicten que: a superficie dos dominios áridos e semiáridos no mundo era dunhas 4.885 millóns de Has. (33 % sobre o

<sup>56</sup>Fournier, F. (1960). *Climat et erosion: la relation entre l'erosion du sol par l'eau et les precipitations atmospheriques*. Presses Universitaires de France. Paris.

<sup>57</sup>Lal, R. (1990). "Water erosion and conservation: an assessment of the water erosion problem and the techniques available for soil conservation" En Goudie, A. S. (Ed.) (1990) *Techniques for desert reclamation*. England. John Wiley & Sons.

<sup>58</sup>Lal, R. (1990). *Water erosion... opus. cit.*

<sup>59</sup>Os datos aportados na táboa foron modificados dende as aportacións de Matlock, W. G. (1981) *Realistic planning for arid lands: advances in desert and arid land technology and development*. Harwood Academic Publishers, New York.

<sup>60</sup>Os datos aportados na táboa foron modificados dende as aportacións de Matlock, W. G. (1981). *Realistic planning..., opus. cit.*

total); e a desertificación é un problema serio, maioritariamente en Latino América e África. Segundo as Nacións Unidas o 84 % das áreas que sufren algún proceso de degradación é por mor da erosión.

### **.1.3. Breve sinopses sobre a erosión nas terras cultivadas durante o pasado no noroste de Europa.**

Se situámo-la erosión nun contexto agrícola<sup>61</sup>, é obvio que cando a agricultura produce un troco na vexetación que tamén se reflexará na erosión. Se a época para sementar coincide cun período de choivas, o solo está ao descuberto co que a erosión aumentará. O pastoreo de xeito incontrolado produce unha taxa de erosión superior á natural. De xeito xeral os valores de erosión nos procesos agrícolas fluctúan na intensidade de modificación na cuberta vexetal por efecto da intensidade e cantidade de precipitacións cando a vexetación está en puntos baixos na súa representación encol unha paisaxe. Se a paisaxe é semiárida ten un comportamento moi sensible á unha variación climática; aínda que esta sexa só a escala mesoclimática. De isto sacasen dúas conclusións básicas: a primeira é que hai enormes variacións nas taxas de perdas de solo segundo falle a vexetación nun hábitat semiárido<sup>62</sup> ou noutro húmido. A segunda é que a erosión nunha superficie semiárida baixo o condicionante da cobertura vexetal é inapreciable respecto da que se produciría por manipulacións humanas (erosión acelerada).

#### **.1.3.1. Holoceno**

Durante este período postglacial iniciado fai uns 10.000 anos principiaron a ser visíbeis determinadas influencias de actividades humanas<sup>63</sup> e no referente á agricultura dátase o seu nacemento (Romans; Robertson 1975)<sup>64</sup> mediante a técnica coñecida como *slash e burn*<sup>65</sup>.

<sup>61</sup>Principalmente estudiaremos esta área por dous motivos: primeiro polos excelentes investigadores que abordaron o tema e a súa brillante bibliografía e segundo por sere un medio afín ó noroeste peninsular.

<sup>62</sup>Exclúese as illas Británicas pois ahí non hai medios semiáridos.

<sup>63</sup>Hai signos datados de destrución de bosques e pastoreo intensivo. Isto polo xeral modifica o balance hidrolóxico e termal: máis *runoff*.

<sup>64</sup>Romans, J. C. C.; Robertson, L. (1975). "Soils and archeology in Scotland." En Evans, J. G.; Limbrey, S.; Cleere, H. (Eds). *The Effect of Man on the Landscape: The Highland Zone*. Council for British Archeology Research Report, 11.

<sup>65</sup>Esta práctica agrícola caracterízase pola brevidade da súa duración e o declive na fertilidade do solo tralo cultivo, polo que o seguía o abandono da actividade e o crecemento de mato.

### **.1.3.1.1. Fase anatómica**

Globalmente esta fase (10000 – 7000 BP) supuxo unha fase de quecemento integral da biosfera o cal, tradúxose nunca expansión e predominio dos bosques, sobranceando en Galicia o *Quercus robur* tp e o debilitamento do *Pinus* e *Betula* (Ramil Rego *et al.*, 1996b)<sup>66</sup> e outras especies como *Pinus*, *Betula*, *Agnus* e *Ulmus* e elementos herbáceos ericoides suliñabeis do tardiglaciarismo (Gómez Orellano *et al.*, 1997b)<sup>67</sup>

### **.1.3.1.2. Fase de óptimo climático**

Durante o Holoceno Medio (7000 – 2500 BP) acadouse maior termicidade o cal, propiciou unha paisaxe dominada polas árbores de taxóns caducifolios tipo *Quercus* aínda que, tamén eran abundantes os *Fagus*, *Alnus*, *Betula*, *Ulmus*, *Fraxinus*,...

### **.1.3.1.3. Fase catatómica**

A alternancia de subfases frías e cálidas (2500 – 0 BP) supuxo un rápido deterioro dos ecosistemas naturais (Ramil Rego, 1993)<sup>68</sup> que desembocou, na etapa da estepa cultural a cal, conlevou o descenso drástico dos rexistros de polen arbóreo.

## **.1.3.2. A transformación antrópica da paisaxe galega**

Paralelamente a proliferación do rebolo en Galicia (8000 BP), os pobladores apipaleolíticos rexistran a súa máxima ocupación espacial en vales, o cal se reflicte nunca redución da superficie arbórea na área de influencia dos asentamentos<sup>69</sup> e,

<sup>66</sup>Ramil Rego, P.; Gómez Orellana, L.; Muñoz Sobrino, C.; Rodríguez Guitián, M. (1996b). “Valoración de las secuencias polínicas del Norte de la Península Ibérica para el último ciclo glaciar – interglaciar”, en P. Ramil Rego; C. Fernández Rodríguez, “Arqueometría y Paleoecología del Norte de la Península Ibérica. Cambios naturales y perturbaciones antrópicas”, *Fervedes*, 3, 33 – 116.

<sup>67</sup>Gómez Orellana, L.; Ramil Rego, P.; Muñoz Sobrino, C. (1997b). “Modelos de transición entre el Pleniglacial würmiense final y el Tardiglacial en los sectores litorales y montañosos del NW de la Península Ibérica”, en J. Rodríguez Vidal (Rd.), *Cuaternalario ibérico*, AEQUA, 339 – 345.

<sup>68</sup>Ramil Rego, P. (1993). “Evolución climática e historia de la vegetación durante el Pleistoceno Superior y el Holoceno en las regiones montañosas del Noroeste Ibérico”, en Pérez Alberti, A.; Guitián Rivera, L.; Ramil Rego, P. (Eds.), *La evolución del paisaje en las montañas del entrono de los caminos jacobeos*, Xunta de Galicia.

<sup>69</sup>En coutas inferiores ós 800 m.

posteriormente a área de deforestación amplíase pola proliferación de incendios forestais de enormes proporcións<sup>70</sup>, moi posiblemente provocados para facilita-la caza de ungulados (Ramil Rego *et al.*, 2001)<sup>71</sup>. Durante o mesolítico en Galicia a parte das actividades cinexéticas desenvólvese tamén unha importante ictiofauna nas zoas de transdunas e sublitorais (Ramil Soneira, 1973)<sup>72</sup>. Esta idea confirma un incremento da presión demográfica pre - agrícola<sup>73</sup> en torno a  $5.880 \pm 90$  BP –  $5.475 \pm 40$  BP (Ramil Rego; Aira Rodríguez, 1992)<sup>74</sup> Entre o 5.000 – 3.000 BP obsérvase un incremento paulatino dos procesos de deforestación en áreas de mediana e baixa altitude do noroeste europeo<sup>75</sup>. Isto interprétase como os primeiros signos dunha actividade agro – forestal (Iverson, 1941)<sup>76</sup> que activaría unha presión antrópica sobre o medio desigual, a aparición de polen de cereal dá unhas orixes para a agricultura no noroeste peninsular mediante a importación de sementes alén dos Pirineos e de territorios da conca mediterránea.

A agricultura en Galicia penetra polo sur, vía Portugal, e dátase por primeira vez no  $4.500 \pm 90$  BP (Ramil Rego; *et al.*, 1993b)<sup>77</sup> Durante o Neolítico a proceso de antropización fíxose moito máis evidente para o noroeste europeo (Haundricourt e Brunhes – Delamare, 1986)<sup>78</sup>. Entre o 3.000 – 2.500 BP acentúase a actividade humana por medio da deforestación ao datarse a aparición continua de *Castanae* (Ramil Rego, 1992)<sup>79</sup>

<sup>70</sup>Numerosos horizontes edáficos así o atestiguan.

<sup>71</sup>Ramil Rego, P.; Muñoz Sobrino, C.; Gómez Orellana, L.; Fernández Rodríguez, C. (2001). “Historia ecolóxica de Galicia: modificacións do paisaxe a lo largo del Cenozoico”. SEMATA, *Ciencias Sociais e Humanidades*, ISSN 1137 – 9669, 13: 67 – 103.

<sup>72</sup>Ramil Soneira, J. M. (1973). “Paradero de Reiro”, Cuadernos de Estudos Gallegos, XXVIII, 84: 23 – 31.

<sup>73</sup>Ainda os rexistros de polen amosan unha ausencia total de cereal.

<sup>74</sup>Ramil Rego, P.; Aira Rodríguez, M. J. (1992). “Contribución AL conocimiento de la vegetación tardiglaciaria y holocena en el extremo Norte de la Terra Cha (Galicia, España)”, *Nova Acta Científica Compostelana (Biología)*, Santiago de Compostela, 3: 3 – 11.

<sup>75</sup>Entre outros asevéranos (Peñalba, 1989); (Mateus, 1989); (Queiroz, 1989)

<sup>76</sup>Iverson, J. (1941). “Landnam I Danmarks Stenalder”, In *Pollenanalytisk Undergelse over der frste Lamdbrugs Indvirkning paa Vegetationsud – viklingen*. Danmarks Geologiske Undersogelse. II. Bd: 66 Tomado de Ramil Rego, P. (1993). “Evolución climática...”, opus cit.

<sup>77</sup>Ramil Rego, P.; Aira Rodríguez, M. J.; Alonso Mattias, F. (1993b). “Caracterización climática y vegetacional de la Sierra do Gêrés durante el Tardiglaciario y el Holoceno: Análisis polínico de A Lagoa de Marinho.” (CTPEQ AEQUA) *Actas de la III Reunión do Cuaternario Ibérico*. Coimbra.

<sup>78</sup>Haundricourt, A. G.; Brunhes – Delamare, M. (1986), *L’homme et la charrue à travers le monde*. La Manufacture, Lyon.

<sup>79</sup>Ramil Rego, P. (1992). *La vegetación cuaternaria de las Sierras Septentrionales de Lugo a través del análisis polínico*, Tesis Doctoral, Departamento de Edafología e Xeoloxía. Universidade de Santiago.

Coa aparición das culturas do bronce e o ferro conséntase un novo xeito de explotación do medio, a introducción do legón no cultivo do solo, acompañado de novas técnicas de laboreo como a *swing – plough* (Haundricourt; Brunhes – Delamare, 1986)<sup>80</sup>. Durante a cultura castrexa, en Galicia, confirmase unha economía baseada nos cereais maioritariamente (*Triticum*) e complementada con outras actividades (*Urtis* e *Linum*). Así pois, denantes da chegada do Imperio Romano a *Gallaecia*, a paisaxe estaba dominada por amplas superficies de matogueiras, pastizais e agras de labradío, a excepción da meirande parte das áreas de alta montaña, as cales non acusarán serios procesos de deforestación até a Idade Media

### **.1.3.3. Trocos no manexo das terras e influencia da presión demográfica**

Lowdermilk (1953), estudou os efectos da erosión nas primeiras civilizacións e chegouse a demostrar que a degradación dos solos, foi factor primordial no declive de antigas civilizacións florecientes. O coñecemento deste problema foi desenrolándose moi paseniñamente ó longo dos sete mil anos de historia. Sobre Oriente Medio e as súas antigas civilizacións hai pouca información, para coñecer se sufriron os problemas da erosión ou non. No Antigo Testamento tampouco se fala dunha boa ou mala xestión dos cultivos, aínda que falábase de cursos de auga desecados, secas, diluvios, pandemias, fames... Cos grandes escritores gregos si aparece algunha información. Así Platón escribiu que a tala dos bosques foi a causante das grandes avenidas e a erosión que conlevaron, ou Homero quen fixo unha defensa do barbeito para evita-la perda de solo. Os estudosos deste eido para u oeste europeo en xeral e a Gran Bretaña en particular, sosteñen dúas teorías para a explicación das perdas de solo ó longo da historia: a presión demográfica e o ciclo de crecemento dos cultivos.

Canto maior fose a presión demográfica máis terras de cultivo se sementaban; Evans (1990d)<sup>81</sup> sostén que pasou isto durante a estancia dos romanos na actual Gran Bretaña ou durante a Idade Media. Neste mesmo senso (Bennet, 1935)<sup>82</sup> publicou un estudo-obra na que apuña a desaparición difinitiva do Imperio Romano á sobreexplotación

<sup>80</sup>Haundricourt, A. G. e Brunhes – Delamare, M. (1986). *L’homme..., opus. cit.*

<sup>81</sup>Evans, R. (1990b). “Soils at risk of accelerated erosion in England and Wales.” *Soil Use and management* 6, 125-131.

<sup>82</sup>Bennett, H. H. (1935). “Soil Conservation. Reconnaissance Erosion Survey Data.” *Dept. of Agriculture. U.S.A.* Tomado de Hudson, N. W. (1965): *Soil Conservation*. Batsford.

intensiva das terras adicadas a uso agrícola<sup>83</sup>; as granxas romanas estenderonse por tódalos macizos de excasa altitude<sup>84</sup>. Helbaek (1952)<sup>85</sup> demostrou que durante a Idade de Ferro sementar trigo que medraba durante o outono provocaba un aumento da erosión, aseveración que máis tarde Applebaum (1972)<sup>86</sup> fixo extensiva á época do Imperio Romano. A fin do Imperio Romano supuxo en Galicia un período de recuperación arbórea<sup>87</sup> (Ramil Rego, 1992)<sup>88</sup> e, varias hipóteses asocian este acontecemento cun intre de grave creces económica, o cal ralentizou as roturacións no noroeste europeo (Aedo *et al.*, 1990)<sup>89</sup> A chegada dos árabes á Península supuxo unha nova fase de deforestación (1.300 – 1.200) (Ramil Rego, 1992)<sup>90</sup> pola alteración de hábitats forestais en campos de labradío<sup>91</sup> (Guitián Rivera, 1992)<sup>92</sup> Durante a Idade Media e segundo o publicado por Thrirsk (1964) a presión sobre a terra incrementouse até o punto de chegares a cultivar nun ciclo de dúas a tres rotacións de cultivos por unha soa de barbeito<sup>93</sup>, esta aseveración foi posteriormente secundada por Evans (1990d)<sup>94</sup> quen ademais indicou que debido á brevidade temporal do barbeito probablemente houbera moitísima erosión durante este período. O noroeste Peninsular durante o século XIV e XV caracterizouse por unha ampla destrución de bosque, primordialmente en espazos perto do mar e dos maiores núcleos de poboación

Houzard (1986)<sup>95</sup> explica como no século XVII aumentou a presión sobre a deforestación ó perfilar os asentamentos onde se producía carbón vexetal. En Galicia,

---

<sup>83</sup>Mais foi o Imperio Romano, por medio de Plinio e Virgilio, quen afondou e atinou mellor no problema, até o punto que as recomendacións que hoxe en día coñecemos como agricultura conservadora foron pouco melloradas até o século XIX.

<sup>84</sup>A miúdo cítanse *Picardie* e *Caen Plain*.

<sup>85</sup>Helbaek, H. (1952), *Early crops in southern England*, Proceedings of the Prehistoric Society 18.

<sup>86</sup>Applebaum, S. (1972). “Roman Britain.” En Finberg, H. P. R. (Ed) *The Agrarian History of England and Wales*. Vpl. I. II. AD 43-1042. Cambridge University Press, Cambridge.

<sup>87</sup>Concreamente no 1.045±45 BP acádase o óptimo da expresión do *Castanae*.

<sup>88</sup>Ramil Rego, P. (1992). *La vegetación...*, *opus cit.*

<sup>89</sup>Aedo, C.; Diego, C.; García-Codrón, J. C.; Moreno, G. (1990). *El bosque en Cantabria*. Universidade de Cantabria. Asamblea General de Cantabria. Biblioteca Básica, 3. Santander.

<sup>90</sup>*Ibidem* páxina 37

<sup>91</sup>En detrimento dos rebolos e incremento de *Ericaceae*.

<sup>92</sup>Guitián Rivera, L. (1992). “Sobre los orígenes y la evolución del paisaje vegetal gallego: destrucción y creación de la cubierta vegetal”. *Actas del Congreso Internacional da Cultura Galega*. Santiago de Compostela, 143 – 155.

<sup>93</sup>Durante o século XIII considerabase como unha práctica de bo campesiño o realizar só un período de barbeito cada tres rotacións de cultivos.

<sup>94</sup>Evans, R. (1990d). “Soil erosion: its impact on the English and Welsh landscapes since woodland clearance.” En Boardman, J.; Foster, I. D.L.; Dearing, J. A. (Eds.) *Soil erosion: on Agricultural Land*. John Wiley, Chichester, 231-254.

<sup>95</sup>Houzard, G. (1986). “Dégradations et restauration en Fôret d’Écouves de 1666 à nos jours.” *Hommes et Terres du Nord* 2 – 3. A partir do traballo de Van Vliet – Lanoë, 1988. *Le rolè...*, *opus cit.*



esta circunstancia agravouse na serra de Courel, onde a proliferación de ferrerías e mazos, produxo unha deforestación (case extinción) das fragas e devesas que deixou unha paisaxe onde sobranceaban o monte raso, e so marxinais fieiras de *betula* ás oreas de cursos fluviais e nos arredores dos agros atestiguaban a masa arbórea antiga. Na segunda parte do século XVIII a agricultura experimentou destacados avances os cales moi posiblemente produciron unha baixa das taxas erosivas<sup>96</sup>, cecais como opina Prince (1989)<sup>97</sup> debido a que o barbeito facíase sen rotura-la terra o que implicaba o rápido crecemento do pasto. En Francia os as fragas e devesas reducíronse até 6,4 millóns de ha<sup>98</sup> (Bonnart, 1986)<sup>99</sup>. En Bélxica a maior deforestación produciuse no segundo cuarto do s. XIX (Bolline *et al.*, 1980)<sup>100</sup>. En Alemania os estudos feitos demostraron como a erosión e os trocos no uso do solo están interrelacionados (Bork, 1989)<sup>101</sup>. A historia erosiva de *Niedersachsen* principia a mediados do século X e até mediados do século XIV cando mediante un proceso de deforestación acadáronse taxas de 10 Tm. ha ano. Neste mesmo período e debido a fenómenos metereolóxicos<sup>102</sup> produciuse un decenio catastrófico cunha media de 225 Tm. ha ano. Dende mediados do século XIV até mediados do século XVIII as taxas de erosión diminuíron sustancialmente ó reducirse o número de ha cultivadas e minguar as condicións excepcionais da metereoloxía, aínda así as taxas andiveron nas 25 Tm. ha ano. Posteriormente e até o século XVIII un novo período pluvial provocou taxas medias de 160 Tm. ha ano para a partires do século XVIII regularizarse en torno ás 20 Tm. ha ano.

#### .1.3.4. O ciclo de crecemento dos cultivos

Se ben o presentamos como un problema histórico o certo é que é algo bastante común nos nosos días e especialmente nas áreas tépedas e húmidas tan características no

<sup>96</sup>Aínda que neste período o cultivo de nabo era moi extensivo en cercados o cal sempre implica unha oportunidade ós axentos erosivos en forma de lavado durante a estación invernal.

<sup>97</sup>Prince, H. C. (1989). *The changing rural landscape 1750 – 1850*. Cambridge University Press. Cambridge.

<sup>98</sup>A día de hoxe Franza posúe algo máis do dobre desta cifra.

<sup>99</sup>Bonnart, N.; Duhamel, F.; Foucault, B. (1986). “Correlation entre l’extension forestière ancienne et des données cartographiques, toponymiques et phytosociologiques dans le Pas de Calais (Nord de la France).” *Hommes et Terres du Nord*, 2 – 3. A partir do traballo de Van Vliet – Lanoë, 1988. *Le rolè... opus cit.*

<sup>100</sup>Bolline, A.; Pissart, A.; Bastin, B. Juvigné, É (1980). “Etude d’une dépression fermée près de Gembloux: vitesse d’érosion des terres cultivées de Hesbaye.” *Annales de la Société Géologique de Belgique*, 103. A partir do traballo de Van Vliet – Lanoë, 1988. *Le rolè... opus cit.*

<sup>101</sup>Bork, H. R. (1989). “The history of soil erosion in southern Lower Saxony.” *Landschaftgenese und Landschaftsökologie* 16. 135 - 163.

<sup>102</sup>A erosión por cárcavas produxo unhas perdas totais de 2250 Tm. ha entre 1340 e 1350.



noroeste europeo<sup>103</sup>; estamos a falar dos cultivos que se sementan en primavera. Xeralmente estes cultivos<sup>105</sup> teñen un longo período de xerminación o que se reflexa nun lento cubrimento da superficie cultivada e máis tendo en conta que cada século foi máis proclive a un ou outro tipo de cultivo (Evans, 1992)<sup>106</sup>, isto favorece a acción erosiva das numerosas tormentas de primavera ou ciclos de choivas sucesivos; tamén frecuentes (Lechevallier, 1991)<sup>107</sup>.

### **.1.3.5. Xeitos e aveños empregados na labranza**

Evans (1992)<sup>108</sup> fala en xeral para tempos pasados e suxiriu que a terra foi laborada a favor da pendente como o é agora<sup>109</sup>. Apoia a súa teoría en bibliografía de moi difícil consulta<sup>110</sup>.

Fowler (1981)<sup>111</sup> chega a conclusión que durante a época romana nas Illas a maioría dos campos de cultivo terían unha superficie inferior ós 5.000 m<sup>2</sup>, e cunhos sucos inferiores ós 100 m de lonxitude. A profundidade alcanzada durante o laboreo variaría entre os 5 cm se o tiro era por un equino e até ós 10 cm se o tiro constaba dunha parella de bois. A técnica de laboreo empregada era mediante *criss – cross furrows* (Haundricourt e Brunhes – Delamare, 1986)<sup>112</sup>; interprétanse unhas perdas de solo non demasiado altas.

A partires do S. XI desenvolveuse na Europa do oeste a técnica común de cultivar de xeito paralelo á pendente; a *straight furrows*. Dun texto de Blith (1653) deduce que dificilmente poderíase empregar-lo arado de vertedoira de Kentish, tirado por bois ou bestas, en pendentes superiores ós cinco graos, tanto polo seu peso como pola súa

<sup>103</sup>As principais investigacións tiveron lugar en Gran Bretaña, un medio tépedo e húmido

<sup>104</sup>Estámonos a refirir concretamente ós seguintes cultivos: zanahorias, remolacha azucarera, patacas e cebada de primavera.

<sup>105</sup>Evans, R. (1992). “Erosion in England and Wales. The present the key to the past.” En Bell, M.; Boardman, J. (Eds.) *Past and Present Soil Erosion*. Oxbow Monograph 22.

<sup>106</sup>Evans, R. (1992). “Erosion in...,” *opus. cit.*

<sup>107</sup>Lechevallier, C. (1991). “L’erosion des terres agricoles en Pays de Caux.” *Cahiers Geographiques de Rouen* 1. A partir do traballo de Van Vliet – Lanoë, 1988. *Le rolè... opus cit.*

<sup>108</sup>Evans, R. (1992). “Erosion in...,” *opus. cit.*

<sup>109</sup>Afirmación coherente no referente ó pretérito mais non compartibel para o presente; aínda máis no agro galego onde rarísima vez se cultiva a favor da pendente.

<sup>110</sup>Por exemplo cita a Blith (1653), Norfolk e Young (1804<sup>a</sup>), Stone (1794), Vancouver (1810), Kilvert (1879-79), Fitzherbert (1534), Payne & Herrtage (1878) ou Plattes (1639).

<sup>111</sup>Fowler, P. J. (1981). “Later Prehistory.” En Piggott, S. (Ed.) *The Agrarian History of England and Wales*. Vol. I. I Prehistory. Cambriedge University Press. Cambridge.

<sup>112</sup>Haundricourt, A. G.; Brunhes – Delamare, M. (1986). *L’homme... opus. cit.*

maniobrabilidade. As cadenas de sucos a favor de pendente<sup>113</sup> son databeis<sup>114</sup> en diferentes idades nas chairas e penichairas de Lincolnshire Wolds e Sussex South Downs. A isto engádeselle que a lonxitude dos regos aproximábase ós 200 m<sup>115</sup> (Evans 1980)<sup>116</sup>. Estes datos son pois susceptíbeis de interpretar que as perdas de solo foron importantes nestas datas ó verse favorecidas polo xeito de traballa-la terra. Coa chegada do S. XVIII aparece o sistema de cultivo coñecido coma *ridge and furrow*, o sistema de tiro predominante era a xunta de cabalos<sup>117</sup> o cal permitía remove-la terra até unha profundidade de 18 cm. Xa no S. XX coa cegada da mecanización instaurouse o sistema de cultivo coñecido como *mechanical plough* e as rellas dos arados profundizan na terra con facilidade até os 40 cm.

Fora das Illas Británicas, na segunda metade do s. XIX e primeiro cuarto do XX, en Normandía e no Macizo Central francés mudaron os usos do solo de campos abertos ó predomínio abrumador das praderías<sup>118</sup>.

Respecto dos cambios acontecidos nas técnicas de esterco destaca o troco habido a partires da II Guerra Mundial<sup>119</sup> cando o uso de pesticidas e herbicidas repercute nas poboacións de miñocas e outros organismos; o cal repercutiu na capacidade de infiltracións dos solos (Auzent *et al.* 1990)<sup>120</sup>.

### **.1.3.6. A presenza de depósitos aluviais e coluviais nos vales como sinaladores da erosión no pasado**

Aceptando que con maior ou menor intensidade a erosión existiu no pasado é obvio que fose depositando en pequeno vales e no fondo dos mesmos que á sua vez orixionou un transporte das partículas de solo en correntes que as depositarían en pequenos encoros formando aluviós de fondo de val ou marismas costeiras. Este proceso en Galicia foi detectado nos perfís das ladeiras en diferentes ciclos de formación; coma as liñas de

<sup>113</sup>Cecais tamén porque isto axudaba a mellora-la drenaxe dos solos máis densos.

<sup>114</sup>Visualmente e atraveso da fotografía aérea nos últimos tempo

<sup>115</sup>Con esta lonxitude as escoas convertense fácilmente en *rills*.

<sup>116</sup>Evans, R. (1980). "Characteristics of water-eroded fields in lowland Britain." En De Boodt, M.; Gabriels, D. (Eds.) *Assesst of Erosion*. John Wiley, Chichester.

<sup>117</sup>Xa datada no S. XII.

<sup>118</sup>Debido a trocos nos prezos dos productose problemas no transporte.

<sup>119</sup>Até esta data considérase que ó proporcionarlle á terra estrume orgánico combinado con periodos de barbeito a estabilidade estrutural do solo permanecía preservada.

<sup>120</sup>Auzet, A. V.; Boiffin, J.; Papy, F.; Maucorps, J.; Ouvry, J. F. (1990). "A approach to the assesment of erosion forms and erosion risk on agricultural land in the northern" Paris Basin, France. En Boardman, J.; Foster, I. D. L.; Dearing, J. A. (Eds.). *Soil Erosion on Agricultural Land*. John Wiley, Chichester.

croios e o aumento na potencia dos horizontes do solo a medida que nos aproximamos ás zonas máis deprimidas da paisaxe (Torras *et al.*, 1977);(Torras *et al.*, 1983); (Díaz – Fierros *et al.*, 1983)

Algúns historiadores explican que a renuncia ó coñecemento do problema da perda do solo, foi o que propiciou que as primeiras civilizacións xurdiran todas a carón dun hábitat aluvial irrigado, é a súa presenza como civilizacións dependía dunhas cheas que refertilizasen ano tras ano os solos. O tan traído exemplo das civilizacións nadas á beira dos ríos Tigris, Eúfrates e Nilo non podían ter unha visión tan actual como ten hoxe a comunidade agrícola; posto que vivían da erosión nas fontes dos ríos augas en riba. A finais do século XVIII e ó longo do XIX atópanse abundantes referencias na literatura británica acerca do recheo de varios encoros con sedimentos<sup>121</sup> transportados mediante *water erosion* e procedentes dos arredores<sup>122</sup>.

Evans (1992)<sup>123</sup> encol a erosión en terras agrícolas chantadas en aluviós sedimentarios do cretácico observa que tiveron lugar cada 5.000 anos, se ben na maioría das *sandlands* rexistrouse só un uso agrícola nos derradeiros 250 anos máis ou menos<sup>124</sup>. Evans (1988a)<sup>125</sup> participou no mapeo dun coluvión asentado sobre unha cunca<sup>126</sup> de campos de cultivo extensivos e aportou unha cifra de 133 mm de rebaixe<sup>127</sup>.

---

<sup>121</sup>Principalment *sandy soils*.

<sup>122</sup>Douglas, I. (1970). “Sediment yield from forested and agricultural lands.” En Taylor, J. A. (Ed.) *The Role of Water in Agriculture*. Pergamon Press. Oxford.

<sup>123</sup>Evans, R. (1992). *Erosion in... opus cit.*


<sup>124</sup>Este autor acepta que no presente a erosión é máis rápida, frecuente e extensiva e terras cultivadas sobre *sandlands*. Cotinúa Evans dicindo que arestora as taxas de erosión que se rexistran sobre *clays* (co seu proceso de transporte do solo fora dos campos cultivados) pode explicar o porqué na maioría dos afloramentos do xurásico e do *permian limestone*, onde domiñan as texturas finas, as taxas de erosión son máis baixas.

<sup>125</sup>Evans, R. (1988a). *Water Erosion in England and Wales 1982 – 1984*. Report for Soil Survey and Land Research Centre, Silsoe.

<sup>126</sup>Concretamente identificada co número 79 (Yeovil Sands, Somerset)


<sup>127</sup>Sen dúbida tendo en conta que son datos aplicabeis ós nosos días e que boa parte da cunca actual está baixo un réxime de pasto e herbas; as taxas de erosión son nidiamente altas.

**Ilustración 1.** Croquis das fases erosivas durante a derradeira glaciación a 50° Latitude N. Modificado de (Van Vliet – Lanoë, 1988)<sup>128</sup>.



P = polar; A = artic; SA = subartic; B = Boreal; T = temperate  
 As stone lines correspondense co 110, 75, 30 e 15 mil BP.

**Ilustración 2** Croquis sobre las diferentes técnicas de cultivo y su cronología.




Escaneado e modificado de Haundricourt, A. G. e Brunhes – Delamare, M. (1986)<sup>129</sup>

<sup>128</sup>Van Vliet – Lanoë, B. (1988). Le rôle..., *opus cit.*

<sup>129</sup>Haundricourt, A. G.; Brunhes – Delamare, M. (1986). L'homme..., *opus cit*

**Ilustración 3** Balance de la erosión durante el Holoceno como suma de los cambios climáticos y factores antropogénicos. Modificado de Van Vliet – Lanoë, B. *Et al.* (1992)<sup>130</sup>.



Nota: En la escala vertical temporal AC = AD

#### .1.4. O problema da erosión do solo

A interese polos temas erosivos ceais estexa xustificada en que a erosión en sí mesma non é máis que unha sintomoloxía dunha patoloxía como é a desertificación<sup>131</sup>. Así é todo imos expor os mecanismos de funcionamento da erosión e o nacemento das investigacións, así como o estado das investigacións.

##### .1.4.1. Os mecanismos da erosión

A comprensión da erosión principiose e desenvolveuse baixo pescudas sostidas nos EE.UU<sup>132</sup>; o froito desas investigacións plasmouse en tabulacións extensivas de factores individuais. Mais isto non permite realizar interaccións non liñais entre os factores, e isto é un defecto transcendente.

Ca evolución das investigacións non se ten excesivamente nidio cal é o papel do impacto das pingas de choiva en comparación co fluxo superficial. De tódolos xeitos é indiscutibel o papel desenvolto polas pingas na compactación da superficie do solo,

<sup>130</sup>Van Vliet – Lanoë, B.; Helluin, M.; Pellerin, J.; Valadas, B. (1992). Soil erosion..., *opus cit.*

<sup>131</sup>Vid. 1.5. A Desertificación

<sup>132</sup>Vid. 1.4.4. O Nacemento...

reduci-la infiltración e incrementa-lo fluxo superficial. Ou tamén que unha boa cobertura vexetal reduce a enerxía das pingas para compacta-la superficie. Tampouco se discute a capacidade dos fluxos superficiais para transportar o solo nunha pendente. Mais discútese a importancia do movemento directo do material por salpicadura con relación ó movemento dun fluxo; e o equilibrio entre a capacidade de transporte e as cantidades de material posibel para erosionar, tamén está no centro da polémica.

Un exemplo da tendencia non liñal da erosión obsérvase na estimación do fluxo superficial. Así a suma do fluxo superficial xerado nun pequeno cadrado e o fluxo acumulado costa enriba é igual á intensidade da precipitación menos a taxa de infiltración. Pero a taxa de infiltración máxima depende dos solos principalmente e non tanto da precipitación. Polo que é unha obviedade que nin o escurrimiento do fluxo superficial, nin o solo transportado por este, pode expresarse como factor de precipitación multiplicado por un factor do solo.

O clásico traballo de Ellison (1945)<sup>133</sup> centrou perfectamente o problema que suscitaba o transporte directo das partículas do solo por salpicadura das pingas da choiva. Debaixo dun talo ou dunha raíz, demóstrase que ocorren perdas de solo por redución superficial sen que interveña un fluxo, ó observarse pedestales con varios centímetros de altura, datos de até de 100 cm<sup>3</sup> / cm por ano en superficies espidas de vexetación, só por *splash* foron contabilizados por Kirkby (1980a)<sup>134</sup>

Carson; Kirkby (1972)<sup>135</sup>, amosaron con dúas ecuacións que o fluxo superficial transporta unha cantidade de materiais moi superior á que realiza a salpicadura nunha pendente con máis de 10 m. de lonxitude e sen vexetación. Así que excepto nunha ladeira ou na cima dunha parcela a erosión por salpicadura pode despreciarse como axente de transporte, excepto en solos con moita infiltración e con choivas intensas demasiado curtas para producir un fluxo superficial.

Tampouco se ten en conta un modelo espacial de fluxo, que consiste na formación dun

<sup>133</sup>Ellison, W. D. (1945). "Some effects of raindrops and surface – flow soil erosion and infiltration." *Trans. Am. Geophys. Union*, 26. 414 – 429. En Kirkby, M. J.; Morgan, R. P. C. (1984): *Erosion de suelos*. Editorial Limusa. México.

<sup>134</sup>Kirkby, M. J. (1980a). "The Problem..." *opus cit.*

<sup>135</sup>Carson, M. A.; Kirkby, M. J. (1972). *Hillslope forms and process*. Cambridge University Press. Cambridge.



ábaco con estrías de fluxo xebradas por anacos de solo ou por só unha febel película de auga. Un material condúcese con máis solvencia por estas estrías e aquí a salpicadura desenrola un bo papel ó aportar material adicional ós pequenos canles. Isto é outra visión sobre o papel fragmentador das salpicaduras e o deslave proporcionado polo material transportado.

A pesares das diferencias entre fluxo superficial e salpicadura existe unha clarísima interrelación entre eles. A superficie da lámina de auga do fluxo superficial dependendo da altura desta sirve de parapeto ás pingas procedentes da choiva. Así no transporte de materiais afecta segundo os seguintes parámetros:

- a. Cunha forte descarga de choiva o efecto das pingas e casi nulo, xa que a alteración do fluxo que sofre polo impacto dunha pinga é inapreciable ó actuar encol o solo e pola altura da lámina de auga.
- b. Con descargas baixas os transportes de sedimento dependen da intensidade da precipitación. De novo maniféstase a interacción non liñal, agora entre as pingas e o transporte do fluxo.

Da análises do sedimento, o estudo experimental amósanos canto hai dispoñíbel e a súa lonxevidade. Por cada fluxo novo provócanse respostas distintas no transporte máximo de sedimento e o transporte mínimo segundo que condicións hidrolóxicas se manteñan. Así entre treboadas o material erosionante quedará dispoñíbel para que sexa erosionando nun ciclo de choivas. Logo engádenselle a diaclasación por desecación dos agregados superficiais, o fracturamento por xeadas, a teima dos insectos por subir á superficie o solo de nova criación na que por suposto tamén inflúe a readsorción pola humificación, por fluxos moi fortes que actúan en solos pobres; aínda que isto último falla por estudar. É pois entendíbel que a mecánica da erosión aínda non se comprenda con totalidade.

Kirkby (1980a)<sup>136</sup>, aboga para un comprensión máis ampla da erosión, no entendemento da dicotomía hidrolóxica e hidráulica ca súa imbricación nas propiedades do solo que son definitorias en cada unha delas. Así as características hidráulicas do solo condicionan a resistencia deste ó transporte por fluxo ou por pingas de choiva. Logo as propiedades

---

<sup>136</sup>Kirkby, M. J. (1980a). "The Problem...", "*opus cit.*

hidrolóxicas dictaminan as taxas de infiltración polo que clarifícase de tanta precipitación se disporá para a constitución do fluxo superficial. Ademais hai outros dous factores que xogan un papel importante nesta interrelación: o funcionamento da descomposición de agregados para compacta-la superficie baixo o impacto dunha pinga de auga. E as condicións nas cales o solo trócase favorable a un transporte leve por un axente líquido.

Cecais pola dificultade que supón captura-lo sedimento que circula polo aire, a erosión eólica está, como xa mencionei, moito menos estudada, a pesares dos diversos estudos que en España ven realizando Quirantes baixo o proxecto LUCDEME e a súa publicación nos congresos da Sociedade Española de Xeomorfoloxía celebrados en Teruel (1992) e Logroño (1994) Isto, dalgún xeito, provoca que sexa tamén máis fácil o entendimento dos mecanismos erosivos eólicos.

#### **.1.4.2. Aproximación ao problema das perdas de solo através das fontes escritas**

A repercusión que pode ter un problema como o xa descrito é realmente preocupante. Cecais porque a erosión do solo pode afectar ó benestar humano e segundo pola posibilidade de que nun futuro poda ameazar incluso a existencia do *homo sapiens sapiens*. Proba delo e a concienciación que este problema causa na maioría dos gobernos dos países afectados, os cales apoian á investigación do problema.

Bennet (1935)<sup>137</sup> publicou un estudo-obra na que apuña a desaparición definitiva do Imperio Romano á sobreexplotación intensiva das terras adicadas a uso agrícola. Lowdermilk (1953)<sup>138</sup>, estudo os efectos da erosión nas primeiras civilizacións e chegouse a demostrar que a degradación dos solos, foi factor primordial no declive de antigas civilizacións florecientes. O coñecemento deste problema foi desenvolvéndose moi paseniñamente ó longo dos sete mil anos de historia. Sobre Oriente Medio e as súas antigas civilizacións hai pouca información, para coñecer se sufriron os problemas da erosión ou non. No Antigo Testamento tampouco se fala dunha boa ou mala xestión dos cultivos, aínda que falábase de cursos de auga desecados, secas, diluvios, pandemias,

<sup>137</sup>Bennett, H. H. (1935). *Soil Conservation. Reconnaissance Erosion Survey Data* Dept. of Agriculture. U.S.A. Tomado de Hudson, N. W. (1965). *Soil Conservation*. Batsford.

<sup>138</sup>Lowdermilk, W. C. (1953). "Conquest of the land through seven thousand years." *Agricultural Information Bulletin*, 99. USA. En Hudson, N. (1982): *Conservación del Suelo*. Editorial Reverte.



fames... Cos grandes escritores gregos si aparece algunha información. Así Platón nos seus escritos de Critias relatou como a tala dos bosques foi a causante das grandes avenidas e a erosión que conlevaron<sup>139</sup>, ou Homero quen fixo unha defensa do barbeito para evita-la perda de solo. Mais foi o Imperio Romano, por medio de Plinio e Virgilio, quen afondou e atinou mellor no problema, a pesares de ser os causantes da perda da metade dos bosques na península Ibérica, sendo posteriormente os árabes quen desenvolveron un complexo sistema de bancais, que ademáis de permiti-lo cultivo en pendente e instaura-lo regadío supuxeron un efectivo entramado para controla-la erosión<sup>140</sup>; até o punto que as recomendacións que hoxe en día coñecemos como agricultura conservadora foron pouco melloradas até o século XIX.

Algúns historiadores explican que o descoñecemento da gravidade que as perdas de solo tiñan no rendemento das colleitas, foi o que propiciou que as primeiras civilizacións xurdiron todas a carón dun hábitat aluvial irrigado, é a súa presenza como civilizacións dependía dunhas cheas que refertilizasen ano tras ano os solos. O tan traído exemplo das civilizacións nadas á beira dos ríos Tigris, Eúfrates e Nilo non podían ter unha visión tan actual como ten hoxe a comunidade agrícola; posto que vivían da erosión nas fontes dos ríos augas en riba. En Galicia, temos un fermoso exemplo, por acción antrópica, no meandro desecado de Montefurado (Quiroga). Onde os labregos aproveitaban o aluvián que deixaba as cheas do Sil, no seu antigo cauce desecado pola enxeñería román<sup>141</sup>, para cultiva-lo leito do río Vila García (1995)<sup>142</sup>. As xentes de Montefurado non consideraban unha catástrofe que o Sil se desbordase cada ano, inundáselles os terreos e llos recubrise con aluviáns porque logo voltaban a ser tan fértiles como antes. A base do entendemento do problema da erosión nun contexto xeral contéñense dentro das máximas propostas por Kirkby (1980a)<sup>143</sup>. A erosión edáfica recoñécese como un problema incipiente cando sexa o proceso que máis avance en comparación con outros procesos que van desgastando unha paisaxe. Logo, hai que darlle unha fenomenal relevancia ás taxas de erosión do solo en relación cunha escala de tempo xeolóxico, e

<sup>139</sup>El suelo ha sido arrastrado al fondo del mar. Las altas y terrosas montañas que en el pasado sustentaban altos bosques y grandes pastos, se han transformado en terrenos rocosos y parecen los huesos de un cuerpo enfermo... En el pasado, el agua de lluvia era útil y no discurría sobre la tierra estéril hacia el mar, como sucede ahora. Se infiltraba y se almacenaba en la tierra y se repartía entre los manantiales, las fuentes y los ríos.

<sup>140</sup>Independientemente que fose ou non ese o seu obxectivo final.

<sup>141</sup>A desecación do cauce original fíxose para a extracción do ouro que había no seu leito.

<sup>142</sup>Vila García, R. (1995). "Montefurado e a Tapada: dous exemplos de meandros encaixados no río Sil (II)." *Revista Don Camilo* nº 8. Agosto 1995. Ed. Irmandade de Amigos e Fillos de Quiroga. 9 – 10.

<sup>143</sup> Kirkby, M. J. (1980a): "The Problem...", opus cit.

plantexar a trancendental pregunta de cales son as taxas que podemos admitir a longo prazo. Outra consideración é analiza-la perda de solo en torno a unhos controis climáticos e vexetais, levados a curto prazo e cuestiona-lo grao de eficiencia en que se entenden a este nivel os procesos de xeneración de fluxo e resistencia á sedimentación dependentes dos procesos que provoca a choiva ó impactar ca superficie. A terceira visión no enfoque da erosión e por modelos conveccionais no tempo e no espazo (Kirkby 1980a)<sup>144</sup>.

Se situámo-la erosión nun contexto agrícola, é obvio que cando a agricultura produce un troco na vexetación este tamén se reflexará na erosión. Se a época para sementar coincide cun período de choivas, o solo está ao descuberto co que a erosión aumentará. O pastoreo de xeito incontrolado produce unha taxa de erosión superior á natural. De xeito xeral os valores de erosión nos procesos agrícolas fluctúan na intensidade de modificación na cuberta vexetal por efecto da intensidade e cantidade de precipitacións cando a vexetación está en puntos baixos na súa representación encol unha paisaxe. Se a paisaxe é semiárida ten un comportamento moi sensibel á unha variación climática; aínda que esta sexa só a escala mesoclimática. De isto sacasen dúas conclusións básicas: a primeira é que hai enormes variacións nas taxas de pérdidas de solo segundo falle a vexetación nun hábitat semiárido ou noutro húmido. A segunda é que a erosión nunha superficie semiárida baixo o condicionante da cobertura vexetal é inapreciabel respecto da que se produciría por manipulacións humanas (erosión acelerada).

### **.1.4.3. O papel que xoga o tempo e o espazo nas perdas de solo**

A presenza da cobertoira vexetal radica fundamentalmente entre a evapotranspiración e a humidade dispoñibel. No intre que hai un relación co devenir da estación de perda das follas, a porcentaxe de cuberta vexetal asírase por puro ciclo natural de un a tres meses respecto do ciclo avapotranspirativo. O cal para zoas húmidas, en xeral, supón que nun inverno moi chuvioso e frío mingüe a cobertoira mais nunca quedará o solo espido de vexetación. Se o clima é semiárido as choivas máis erosivas caen xusto antes de que medren as colleitas<sup>145</sup> e as perdas de solo poderían ser moi severas.

<sup>144</sup>Kirkby, M. J. (1980a). "The Problem..." opus cit.

<sup>145</sup>Se ben en ambientes como o val do Ebro ou Levante, que precipite na fase de crecemento da colleita supón unha mellor xerminación da semente.

Nun proceso erosivo a intensidade e a agresividade da choiva son cando menos tan determinantes<sup>146</sup> como a totalidade das precipitacións pluviais. Obter unha boa aproximación do fluxo superficial que se produce, depende de dous factores. O primeiro é ve-las precipitacións cotíans de xeito secuencializado, para o cal a variabel  $r_0 =$  “medias das choivas por día de precipitación”. O segundo acontece cando supoñemos que o fluxo superficial agroma cando as precipitacións diarias superan  $r_c =$  “capacidade de almacenamento do solo”. Nos climas semiáridos ou de ámbito mediterráneo a erosión é alta cando existe un desfase entre choivas máximas e porcentaxe de cuberta vexetal.

Esta figura invita a facer unha serie de apreciacións absolutamente determinantes. Así apréciase que a erosión é máxima cando as choivas aumentan pero a vexetación aínda non se consolidou; polo que existen unha relación entre o grao máximo de erosión é á máxima precipitación pluvial, o cal certifica un risco de erosión importante. Logo tamén é resaltabel que segundo as choivas caídas nun ano vanse distribuindo de xeito acentuado por estacións a erosión aumentará igual ó longo das estacións que compoñen o ano. Fournier (1960)<sup>147</sup> concretou este fenómeno nun estudo empírico onde o indicador máis importante da erosión resultara ser a variabel  $p^2 / P$ , onde  $p^2$  é a precipitación pluvial do mes máis húmido ao cadrado e  $P$  é a precipitación pluvial no ano.

En 1980 Kirkby sinalou que había dous tipos de zoas máis ameazados pola intensidade da erosión do solo en función da distribución estacional da erosión e pola acción antrópica que aceleraba as perdas de solo. A primeira (refírome a rexión ameazada) é a das rexións húmidas, onde os solos que se utilizaron para o cultivo foron previamente desmantelados da súa capa protectora. O segundo tipo é o das zoas áridas e semiáridas, onde a esquilmación da vexetación para labouras de cultivo ou por pastoreo representan un problema de erosión acelerada con taxas tan relevantes como as que xa proporcionan a erosión física (na erosión física interveñen o vento e a auga). Para protexerse da erosión en zoas húmidas utilizáronse fórmulas como labranza en contorno, terrazas, cultivo en franxas ou esparcindo “*mulch*” (materia orgánica)<sup>148</sup>

<sup>146</sup>Realmente isto é moi discutibel, xa que depende da física do evento de precipitación pode ser menos, igual ou máis

<sup>147</sup>Fournier, F. (1960). *Climat et...*, opus cit

<sup>148</sup>Se ben isto non é privativo de zonas semiáridas.

Nembargantes arestora discútese a validez destas fórmulas para procesos de cultivos continuados no tempo. En zoas tépedas non se fala de risco de alta erosión potencial, a pesares que en solos con pendentes superiores ó cinco por cento, é normal atopar fenómenos de erosión por salpicadura tralas treboadas. Para Kirkby isto supón un exceso de confianza e fala dun risco para as terras productivas no vindeiro século. O problema de cultivar en zoas semiáridas é distinto e tampouco do máximo interés para tratar aquí. Así é todo nestes casos hai que ter en conta factores económicos e sociais. Por baixo rendimento das colleitas non resulta rendibel facer inversións en técnicas de conservación, e o bo manexo xira en utilizar, até o máximo posibel, procesos naturais que ben coñecen os traballadores das terras.

#### **.1.4.4. O nacemento da investigación e estudos sobre erosión nos EE.UU.**

Se ben o primeiro estudo científico sobre os efectos da erosión, fíxose entre os anos 1877 e 1895 por un edafólogo alemán chamado Wollny, según Hudson (1982)<sup>149</sup>, o profundizamento e comprensión desta nova disciplina desenvolveuse nos seus inicios principalmente nos EE.UU.

Wollny empregou para as súas investigacións pequenas parcelas, cas cales pretendía medir unha serie de efectos tales como por exemplo o factor que xogaba na interceptación da choiva e a cobertura vexetal e os retos de materia orgánica, asemade tamén quería coñecer como influía na estrutura dos solos segundo o tipo e tamén como influía a pendente na cantidade de carga aportada.

A continuación, tras estes estudos iniciais, en 1907 o Departamento de Agricultura dos Estados Unidos comezou xa a deseñar unha política de protección de solos. Agora ben, é xusto lembrar tentativas ailladas dende mediados do século XIX por parte de algúns agricultores para conserva-lo solo por métodos mecánicos e, mesmamente, xa anteriormente o problema fora observado e despertado certa preocupación en importantes persoeiros na historia contemporánea dos EE.UU.<sup>150</sup>. En 1915, en Utah, o Servizo Forestal americano empezou a realizar experimentos cuantitativos. Xusto dous

<sup>149</sup>Hudson, N. (1982). *Conservación del...*, opus cit.

<sup>150</sup>Persoeiros tales coma: T. Franklin, o Presidente Washington, o Presidente Jefferson, o Presidente Roosevelt ou o prestixioso enxeñeiro John Deere.

anos despois, e a raíz do nacemento dos estudos cuantitativos en EE.UU. principiaron as investigacións en parcelas, feitas en Missouri por Miller. Nun principio Miller adicouse a investigar sobre como influían a erosión e escoas nos cultivos e as súas rotacións. Así no ano 1923 foi a primeira vez que se publicaron resultados sobre experimentos realizados en parcelas. Na década dos anos vinte e tamén nos primeiros anos da década dos trinta, os riscos dos problemas que a perda de solo podía provocar por culpa da erosión acabou alarmando e concienciando ás autoridades.

A I Guerra Mundial fixo que os prezos do cereal aumentasen subitamente en Europa xa que excaseaba alarmantemente o produto, isto repercutiu nas explotacións das extensas chairas do sur dos EE.UU. que foran colonizadas por xentes descendentes de alemáns aínda que provintes de Rusia, así nunha década dobrouse a superficie adicada ó cultivo do cereal<sup>151</sup>.

McGinnies; Laycock (1985)<sup>152</sup> interpretou que o fenómeno mencionado foi o *turning point* que fixo espertar ó publico encol a manitude do problema erosivo, e así principiose, por parte dos axentes xestores do territorio a por recursos para a súa investigación e desenvolvemento posterior de técnicas predictivas; se ben Kirby; Morgan (1980)<sup>153</sup> pensan que os resultados durante estes anos son de tipo cualitativo.

En 1928 o Congreso americano concedeu a Bennett un orzamento que lle permitiu establecer unha infraestrutura de 10 estacións experimentais no campo entre os anos 1928 e 1933. Nos anos seguintes ampliáronse os orzamentos até o punto de chegar a ter unha rede de 44 estacións experimentais funcionando; onde investigábase como se podía controlar mecanicamente a erosión e a cantidade de escoa que se ía. Todo ilo, e considerando realmente como máis cualitativos que cuantitativos os resultados acadados, permitiu coñecer unhas pautas elementais acerca de cales eran os factores que

---

<sup>151</sup>Tal optimismo, que levara a cultivar incluso superficies calificadas como marxinais, tivo o seu peculiar *crash* a finais dos anos vinte cando unha prolongada seca provocou o éxodo forzoso de milleiros de agricultores, a seca proviña do leste e adquiriu sonada relevanza cando ocupou algunha editorial en xornais coma o *Times*, unha xigantesca povizeira chegou até o mesmísimo Washinton D. F., o fenómeno foi coñecido como o *Dust Bowl* e mobilizou unhas 300 millóns de toneladas. McClure (1998)<sup>151</sup> relata que o mesmísimo Hugh H. Bennett, *First Director of the Soil Conservation Service* foi testigo e así o publicou no seu *Soil Conservation* no 1933<sup>151</sup>.

<sup>152</sup>McGinnies, W. J.; Laycock, W. A. (1985). "The Great American Desert – Perceptions of Pioneers, the Dust Bowl and the New Sodbusters. Arid Lands Today and Tomorrow." *Proceedings of an International Research and Development Conference*. Tucson, AZ. Westview Press, Boulder, CO.

<sup>153</sup>Kirkby, M. J.; Morgan, R. P. C. (1980). *Erosion de..., opus cit.*

implicaban un proceso erosivo.

No 1933 a coñecida como Taylor Grazing Act deu lugar ó nacemento nos EE.UU. do *Soil Erosion Service* que posteriormente pasou a chamarse *The Soil Conservation Service*. O froito deste organismo presentouse en 1935 no informe *Soil Erosion. A critical problem in American Agriculture. U. S. Gov. Print. Off. Washintong, D. C.* Froito da análises deste informe, confirmouse<sup>154</sup> o desgaste acelerado do solo e dos recursos hidráulicos das rexións agrícolas e de todo o país, creouse en 1935, no Congreso Federal a *Act to provide for the protection of land sresources against soil erosion and for other purposes*. Estamos pois ante unha ley de rango nacional e que miraba polo seguinte obxectivo: salvagardar os solos agrícolas do crecente fenómeno da erosión.

Foi pois así, como a erosión nos EE.UU. foi clasificada coma unha ameaza nacional, e se principiou a discuti-las normas de conservación das explotacións agrarias para mingua-lo uso antieconómico do solo. A erosión entendeuse coma un axente negativo no P.I.B. americano e para combati-lo argallaronse dúas tendencias nidiamente definidas: por unha banda a investigación do proceso e pola outra o seu control. Para ilo pensouse nun plan integral que comprendese dende o estudo físico, social, químico, económico e incluso xurídico. Curiosamente estas actuacións darían lugar posteriormente á máxima difundida por Bennet (1943)<sup>155</sup> e na cal xa concebía ó agricultor do futuro coma un bio-ecólogo quen naturalmente contribuíse ó sostemento dinámico do triángulo solo-auga-planta.

#### **.1.4.5. Evolucións determinantes das pescudas realizadas, básicamente, nos EE.UU.**

Durante todos estes anos (anos vinte e principio dos trinta), as investigacións levábanse a cabo segundo os resultados que se acadaban nas instalacións, e faltaba unha traballo posterior analítico; a pesares que dende os tempos de Wollny deducíase que a erosión por salpicadura era evidentemente moi importante polo que era necesario prevenila. Sen dúbida non podemos deixar sen citar a investigadores coma Bayer, Borst, Woodburn e Muusgrave, os cales durante a segunda década dos anos trinta principiaron a investigar

<sup>154</sup>Basicamente nos resultados que o estudo otorgaba ó Estado de Alabama

<sup>155</sup>Bennet, H. H. (1943). *Food and Soil: A world crisis*. U. S. Goverment Print Off.. Washintong.

de xeito analítico. E como consecuencia destes análises previos foi posibel que Laws (1940)<sup>156</sup>, publicara o seu estudo sobre precipitación pluvial natural e logo Ellison (1944)<sup>157</sup>, publicou un análises sobre a acción mecánica das pingas de choiva, mellorado no ano 1947 polo mesmo autor. A importancia do estudo de Ellison supuxo un enorme paso adiante na investigación dos procesos erosivos e así o constatou Stallings (1957)<sup>158</sup>.

Algúns investigadores pioneiros e cunha aportación ó coñecemento e desenrolo de prácticas conservadoras que hoxe en día seguen sen superarse, non aceptaron de xeito neutro a nova aportación de Ellison, coma é o caso de Bennett. Hudson (1981)<sup>159</sup> así o cree cando considera que Bennett estaba moi enganado<sup>160</sup>. O ano 1954 supón unha nova etapa na investigación do novo eido científico que abraza Ellison. Neste ano púxose en práctica un plan nacional para correlacionar tódolos resultados dos experimentos de campo, a cargo de Wischmeier. As conclusións ás que se chegou foron realmente importantes xa que supuxo unha identificación e formulación matemática dos aspectos primordiais que interveñen nun proceso erosivo. E como recalcou Hudson (1981)<sup>161</sup>, esta fase precedeu e deu un pulo decisivo ó proceso da seguinte etapa científica (decada dos oitenta e principio dos anos 90), a cal será cuantitativa.

<sup>156</sup>Laws, J. A. (1940): "Recent studies in raindrops and erosion." *Agric. Engng.* 21. 431 – 433. En Kirkby, M. J.; Morgan, R. P. C. (1984). *Erosion de suelos*. Editorial Limusa. México.

<sup>157</sup>Ellison, W. D. (1944): "Two devices..." *opus cit.*

<sup>158</sup>No capítulo 1 di: "*El descubrimiento de que el impacto de las gotas de lluvia es el factor fundamental en los procesos de erosión hídrica pues marca el fin en una era de la pugna del suelo con la erosión del suelo y abre la puerta, por primera vez, a una solución favorable del problema. La naturaleza exacta de los efectos de la salpicadura de la gota de agua es la fase de los procesos de erosión hídrica que se escapó al conocimiento durante los primeros 7000 años de civilización. Esto explica porque los esfuerzos para proteger la tierra frente a la erosión laminar fracasaron durante esos 7000 años. Explica por qué la erosión es escasa o nula con tierras con amplia cobertura vegetal. Explica también muchas cuestiones que han confundido a los directores y practicantes agrícolas durante todo ese largo e incómodo periodo (...).*

*Es a Ellison a quien se debe el haber descubierto el verdadero papel de la lluvia en los procesos de erosión hídrica. Fue el primero en comprender que la lluvia es de por sí un agente erosivo completo y que la erosión es escasa o nula cuando la superficie terrestre está protegida por una amplia cobertura vegetal. El fue quién demostró que los efectos protectores de la cobertura vegetal se deben al hecho de que priva a las gotas de lluvia de su energía cinética. El descubrimiento de Ellison abrió un nuevo campo a la ciencia de la erosión del suelo".*

<sup>159</sup>Hudson, N. W. (1981). *Soil Conservation...* *opus cit.*

<sup>160</sup>"Algunos informes recientemente publicados con respecto a los efectos de las salpicaduras de las gotas de lluvia dan la impresión de que este es el factor más importante en los procesos erosivos. Es un factor importante pero, como ya se ha apuntado, es sólo uno de los muchos factores que tienen que ver con la erosión de las tierras. De hecho, los efectos incisivos y abrasivos de la escorrentía y la fusión de la nieve son, con mucho, más importantes que el impacto de las gotas de agua, cuya contribución fundamental es arrojar partículas de suelo en suspensión a las redes de drenaje".

<sup>161</sup>Hudson, N. W. (1981). *Soil Conservation...* *opus cit.*

#### .1.4.6. Plano de loita contra a erosión emprendido nos EE.UU.

Cecais o máis novidoso foi o plantexamento cooperativista entre o Estado e os agricultores para a solución do problema. Así acordáronse dúas etapas: primeiro na creación de campos empíricos e de demostración e, segundo que tendo en conta as características físicas e económicas de cada finca procedeuse á súa explotación individual.

As actuacións específicas levadas a cabo foron as seguintes:

- a. establecéronse medidas para o mantemento da cobertura vexetal nas pendentes, mediante prados e bosques.
- b. lexislouse para defini-las competencias tanto do goberno Federal coma do Estado da Unión e mesmamente de cada agricultor<sup>162</sup>.
- c. lexislouse o uso da terra para o fin de ser considerada coma un ben de utilidade nacional. Así no 1936 o ministro Henry H. Wallace promulgou no congreso a *A Standard State Soil Conservation District Law*<sup>163</sup>, que era unha lei orgánica de obrigado cumprimento para tódolos Estados da Unión. O obxectivo principal foi crear distritos<sup>164</sup> para a conservación dos solos, entendidos como subdivisións gubernamentais do Estado. O amplo análisis dos estudos realizados xa lle permitían incluír no texto da lei que o problema da erosión non se resolvía ca aplicación de medidas de choque tales como repoboación forestal ou edificación de diques e presas. Se non que estabamos ante un problema que precisaba dunha revisión total dos usos do solo<sup>165</sup>.
- d. estableceuse a drenaxe e laboreo preciso para cada eido.
- e. estudouse cal era o cultivo que mellor se adaptaba ó medio no cal ía desenvolverse.

<sup>162</sup>Autorizouse ó Departamento de Agricultura a mercar terras ou ben decretar o interese das mesmas até onde fose necesario, incluso á expropiación, para acadalos obxectivos marcados pola lei.

<sup>163</sup>Os pais da lei foron o Servicio de Conservación do Solo a Comisión de Política Agraria e A Oficina Xurídica do Departamento de Agricultura.

<sup>164</sup>Os distritos créanse a través dunha comisión previamente formada nunha asemblea de agricultores. Cada distrito estaba formado por un comité que o gobernaba a cargo dos presupostos da Unión. Xuridicamente os distritos dispoñían de asesoramento proporcionado polos técnicos do Servicio Nacional de Conservación.

<sup>165</sup>Isto implicou que ás veces houbo que abandonar cultivos cunha raigame secular.



- f. deseñouse tras previo estudo medidas proteccionistas tales coma a construción de terrazas ou barreiras.
- g. Acordábase o uso permanente da terra, requirir contribucións en metálico, prestación de materiais ou man de obra ou de calquera
- h. outra necesidade que xustificase a finalidade da lei.

Proba do interese posto nesta empresa foron os 5 millóns de dólares cos que se empezou esta laboura e o posterior incremento do presuposto nos anos corenta que acadaba xa os 26 millóns de dólares e empregaba a máis de 10.000 persoas, directa e indirectamente, na susodita tarefa.

Tras máis dunha década dende a implantación da lei dos Distritos agrícolas creáranse máis de 1.203, que abarcaban unhas 200 millóns de Ha a demáis doutros 18 Distritos gandeiros que ocupaban máis de 3 millóns de Ha. Esta laboura arroxou o nacemento de 260.000 plans de conservación, que aportaron a necesidade de realizar accións de conservación nunhas 15 millóns de Ha. E o dato máis salientabel, foi que se a principios dos anos 30 a taxa de erosión nos campos agrícolas dos EE.UU. era de 33 Tn Ha Ano, quince anos despois a situación regulárase entorno a unha taxa anual de 12 Tn Ha. A día de hoxe, e tras moitos anos de pescudas, millóns de dolares orzamentados e pese a chegar á comprensión do problema o *United States Department of Agriculture (USDA)* a traveso da axencia fundada en 1994 *Natural Resources Conservation Service (NRCS)*<sup>166</sup> informa a cotío ós agricultores para a preservación das perdas do solo e para minimiza-lo degradamento na calidade das augas das súas cuncas mediante o *Great Plains Conservation Program* de aplicación nas 10 cuncas máis grandes do País e que abranguen un total de 1,2 millóns de ha. O NRCS posue unha rede dunhas 3.000 oficinas locais que interactúan xerarquicamente coas oficinas rexionais, cas oficinas estatais e con varios centros e institutos nacionais.

**Táboa 4** *Acontecementos determinantes na historia das pescudas feitas nos EE.UU.*

Ano	Acontecemento
1788	President T. Jefferson inventou unha parcela <i>ab hoc</i> e promoveu, matematicamente, o laboreo en faixas para o control da erosión.
1790	B. Franklin demostrou o valor do <i>gypsum</i> como axente moderador das perdas de solo a traveso do incremento da cobertura vexetal.
1832	E. Ruffin foi o primeiro en empregar un método para a conservación dos solos, no sur dos EE.UU. mediante o uso dun sistema de manexo sen control da materia orgánica.
1837	John Deere mellorou o método de Jefferson e xunto con Jefferson pódese dicir que

<sup>166</sup>Que formalmente ben a se-lo *Soil Conservation Service*.

	construíron aparellos que tecnoloxicamente producían menos perdas de solo ó actuar sobre eles a auga.
1909	O Presidente Theodore Roosevelt advertíu da necesidade de promover unhas axencias nacionais para a supervisión nas fontes de recursos naturais
1912	A. W. Sampson principian as investigacións in Utah
1917	M. R. Miller e outros iniciaron as primeiras experimentacións nacionais empíricas sobre erosión de solos.
1929	Aprovouse unha partida orzamentaria para a investigación en 10 ubicacións diferentes das perdas de solo por erosión seguindo os estudos de Miller
1935	O Departamento de Agricultura (U.S.D.A.) fundou o <i>Soil Conservation Service</i> (S.C.S.)
1935	En abril aprobouse a acta de conservación dos solos (Soil Conservation Act)
1953	O S.C.S. pasa a denominarse <i>Agricultural Research Service</i> dependente do U.S.D.A.
1954	Na Universidade de Purdue fudouse o Centro Nacional para a cunatificación das perdas de solo e das escoas <sup>167</sup> .
1965	Realízase a presentación da USLE na súa integridade no manual coñecido como USDA Ag. Handbook 282.
1978	Realízase unha nova presentación da USLE mellorada no manual coñecido como USDA Ag. Handbook 537.
1982	Criouse o laboratorio nacional para a investigación das perdas de solo <sup>168</sup> , coñecido como (NSERL)
1983	Fundouse a asociación mundial para a conservación do solo e a auga <sup>169</sup> (WASWC)
1985	Proxecto de lei para habilitar ás explotacións á redución da alta taxa de erodibilidade das terras agrícolas.
1985	Comezo do desenvolvemento da USLE modificada e revisada, coñecida como RUSLE
1985	Comézase o desenvolvemento do proxecto para a predicción da erosión por auga (WEPP) <sup>170</sup>
1994	Fúndase o Servicio de conservación dos recursos naturais <sup>171</sup> (NRCS)
1995	Presentación do modelo WEPP durante o 50º <i>Soil Water Conservation Meetings</i>
1997	O USDA publica no seu Ag. Handbook 703 a RUSLE.
2003	A <i>American Society of Agriculture Engineers</i> realiza unhas xornadas á análises da USLE.

Táboa modificada a partires do traballo feito por Norton et al. (2003)<sup>172</sup>

#### **.1.4.7. Investigacións recentes significativas encol a problemática da erosión**

A modo de apunte xeográfico a investigación do problema da erosión non só se cinguíu durante estes anos ós Estados Unidos, senón que tamén se desenrolaron importantísimas investigacións en África. Haylett en 1929 foi o primeiro en implantar unhas parcelas modelo baixo os auspicios da Universidade de Pretoria. Logo apareceu tamén o traballo de Staples en Tanganika. En Rodesia, na estación de investigación de Henderson leváronse a cabo experimentos de campo e minuciosos análises de laboratorio. A importancia das investigacións feitas no continente africano é tal, que servíu de intercambio con moitos investigadores mundiales ben a traveso de axencias técnicas ou de comisións científicas. Recoñecendo a multiplidade e diferencias que caracterizan os

<sup>167</sup>Tradución propia do texto: *National runoff and soil loss data center*.

<sup>168</sup>Tradución propia do texto: National Soil Erosion Research Laboratory (NSERL).

<sup>169</sup>Tradución propia do texto: World Association of Soil and Water Conservation (WASWC).

<sup>170</sup>Máis coñecido como *WaterErosion Prediction Project*.

<sup>171</sup>Tradución propia do texto: Natural Resources Conservation Service (NRCS)

<sup>172</sup>Norton, L. D., Flanagan, D. C.; Huang, C. (2003). "Research of soil erosion by water: a historical perspective from the USA." En *Gabriels D.; Cornelis, W. (2003). 25 Years of Assessment of Erosion Proceedings of the International Symposium*. Ghent, Belgium.

fenómenos erosivos e que fan desta unha balanza de axentes contrapostos imos precisar as metodoloxías máis utilizadas ó longo do factor tempo. No continente africano, a partires do ano 1960 e tomando como base o modelo USLE instalouse unha rede con máis de 400 parcelas experimentales. No norte de África destacaron as pescudas auspiciadas pola F.A.O. entre o ano 1970 e o ano 2000 e tamén, o traballo feito en Túnez entre 1965 e 1980 por Cornary e Masson. No oeste de África investigouse en Senegal en 1969 por Frank e Charreau, en Mali en 1980 por Diello ou, o traballo de Lal entre 1976 e 1981 na zona de Nixeria. No centro de África destaca o traballo de Dunne na RCA en 1979 e, os traballos de Elwell e Stocking en Zimbabwe durante 1976.

En 1955 foi nada a USLE<sup>173</sup> que resultou dunha proposta presentada por Wischmeier e Smith e, consistía na aplicación paramétrica da velocidade potencial de erosión en función dunhas características determinadas dun terreo. Un método consistente na medición de mobilidade de sedimentos a escala 2.500.000 estimaba o solo erosionado, usouno Gazzolo (1966)<sup>174</sup> en Italia.

O uso do parámetro erosión en regueiros nunha determinada superficie foi un método empregado por varios gobernos (Perles Roselló 1996)<sup>175</sup>, así: o goberno israelí tratou de determina-lo estado da degradación da súa paisaxe a traveso do Servizo de Conservación dos Solos (1958)<sup>176</sup>, realizouse este traballo a escala 1.500.000. Traballando na relación lonxitude de regueiros por km<sup>2</sup>, Bucko (1958)<sup>177</sup> realizou o Mapa de Erosión de Solos de Eslovaquia. O Goberno de Túnez realizou unha cartografía (escala 1:100.000) de Ecosistemas (1983)<sup>178</sup>. En Marrocos Giordano (1984)<sup>179</sup> cartografiou a escala 1:125.000 o risco actual e potencial da erosión dos seus solos. Na Gran Bretaña, segundo Evans (1993)<sup>180</sup>, para o control dos procesos de erosión por salpicadura monotorizáronse campos en 17 localidades dende 1982 até

<sup>173</sup>Vid 1.9.4.3.2. Estudo da...

<sup>174</sup>Friesbach, Rojo Serrano, L.; Ruiz Sinoga (1995). *Methodological approach to erosion mapping in the mediterranean coastal areas*. PAP - FAO. Tomado de Perles Roselló (1996).

<sup>175</sup>Perles Roselló, M. J. (1996). *Problemas en torno a la erosión hídrica. Conceptos y métodos de análisis*. Textos Mínimos. Universidad de Málaga.

<sup>176</sup>Friesbach, Rojo Serrano, L.; Ruiz Sinoga (1995). *Methodological ...*, *opus cit.*

<sup>177</sup>Friesbach, Rojo Serrano, L.; Ruiz Sinoga (1995). *Methodological ...*, *opus cit.*

<sup>178</sup>Friesbach, Rojo Serrano, L.; Ruiz Sinoga (1995). *Methodological ...*, *opus cit.*

<sup>179</sup>Friesbach, Rojo Serrano, L.; Ruiz Sinoga (1995). *Methodological ...*, *opus cit.*

<sup>180</sup>Evans, R. (1993). "Extent, frequency and rates of rilling of arable land in localities in England and Wales". *Farm Land Erosion: En Temperate Plains Environment and Hills* (Proceedings of the International Symposium on Farm Land Erosion, Paris). 177 – 191.

1986, todo baixo o patronazgo do *Ministry of Agriculture* e a administración da *Soil Survey*; os resultados foron a realización dunha cartografía de erosión por salpicadura e depósitos a escala 1:10.000. En España co proxecto LUCDEME o ICONA (1988)<sup>181</sup> cualificou e cuantificou as paisaxes erosivas do sureste español.

Killing (1986)<sup>182</sup> cartografiou a costa mediterránea de Turquía a unha escala 1:1.000.000 mediante a interpretación do mapa de solos deduce a cantidade de sedimentos que se movilizan nesa área.

No ano 1991 o proxecto CORINE-CEC (1992)<sup>183</sup> estimouse o risco actual de erosión das paisaxes do sur de Europa, para ilo foi preciso introducir o parámetro vexetación. Outro traballo importante foi a proposta de Friesbach *et al.* (1995)<sup>184</sup> e dirixida ó *Servicio de Recursos Naturales de la Junta de Andalucía*. Moreira (1991)<sup>185</sup> pronostica potencialmente o grao de tolerancia do solo tendo en conta os comportamentos tipo fronte ás perdas de solo.

Noutros países de diversos continentes fixéronse experimentos de campo coma en Ceilán, Australia, Israel, Xapón, India ou o importantísimo traballo desenvolto ente os anos 1992 e a actualidade en centro América (Costa Rica, Salvador, Guatemala, Honduras, Nicaragua e Panamá) e en Latino América (Venezuela, Colombia, Ecuador, Perú e Bolivia) polo investigador Pla Sentís. Mais coma ben deixa craro Hudson (1981)<sup>186</sup>, investigacións rigurosas con laboratorio e fora de EE.UU. só as desenrolaron, a penas, unha ducia de investigadores. E tamén di de xeito moi nidio que nunha ciencia tan reciente coma esta (unhos 55 anos), os resultados acadan unhas dimensións especialmente reseñabeis.

### **.1.5. A desertificación**

---

<sup>181</sup>ICONA (1982). *Paisajes erosivos en el sureste español. Ensayo de metodología para el estudio de su cualificación y cuantificación*. 9 mapas temáticos. Monografías del proyecto LUCDEME, nº 26. Servicio de Publicaciones del M.A.P.A. Madrid.

<sup>182</sup>Friesbach, Rojo Serrano; Ruiz Sinoga (1995). *Methodological ...*, opus. cit.

<sup>183</sup>CORINE-CEC (1992). *Soil erosion risk and important land resources. An assesment to evaluate an map the distribution of land quality and soil erosion risk*. Luxemburgo.

<sup>184</sup>Friesbach, Rojo Serrano; Ruiz Sinoga (1995). *Methodological ...*, opus cit.

<sup>185</sup>Moreira, J. M. (1991). *Capacidad de uso y erosión de suelos. Una aproximación a la evaluación de tierras en Andalucía*. Agencia de Medio Ambiente, Junta de Andalucía. Sevilla.

<sup>186</sup>Hudson, N. W. (1981). *Soil Conservation... opus cit.*

Mannion (1999)<sup>187</sup> demostra como a domesticación dos animais orixinou a agricultura, polo que o inicio da desertificación situámo-lo no ano 9500 anos a. C. no norte de Iraq. Nos anos setenta a opinión pública mundial principiou a tomar conciencia dunha grave enfermidade que afectaba ó equilibrio medioambiental da franxa subsahariana. A grande seca que afectou ó *Sabah* e que provocou pandemias, hambruna e migracións fixo tremer os peares socioeconómicos de toda unha ampla rexión. Curiosamente o acontecido tivo o seu cerne dende a década dos anos corenta, até mediados dos anos sesenta cando as choivas rexistradas nesa rexión resultaron ser moi superiores ás medias climáticas históricas (Balling, 1993)<sup>188</sup> esta anomalía metereolóxica provocou unha migración cara ó norte, onde antes só se practicaba unha ganadería e non estabulada (Thébaud, 1993)<sup>189</sup> agora coexistía a gandería estabulada e os cultivos máis ou menos intensivos. Á volta á normalidade no rexime de choivas provocou a concentración dunha cela de xente sen saída física cara onde ir.

Moi importantes tamén foron os eventos erosivos e catastróficos<sup>190</sup> que tiveron lugar nos oitenta, no que se considera un *temperate plain environment*, na entón chamada Czechoslovakia (Kundrata e Ungerman, 1993)<sup>191</sup>.

Secomasé estes e outros feitos non era a primeira vez que tiñan lugar na historia universal como escribiu Bennett (1935)<sup>192</sup>, na decadencia de Mesopotamia tivo moito que ver o cegado dos seus regadíos por sedimentos erosionados, e a caída da civilización Micena e da súa poboación, fai 3.500, anos debeuse ó desmonte dos bosques para labra-la terra, a construción de navíos, a elaboración de cerámica e fundición de metais preciosos.

O certo é que a existencia dos medios de comunicación fixo do problema un *affair urbi*

<sup>187</sup>Mannion, A. M. (1999). "Domestication and the origins of agriculture: an appraisal." *Progress in Physical Geography* 23, 1. 37 – 56.

<sup>188</sup>Balling, R.C. (1993). *Interactions of desertification and climate: Some key concepts*. International Panel of Experts on Desertification. Génova.

<sup>189</sup>Thébaud, B. (1993). *Causes et conséquences de la désertification au Sahel de l'Ouest: essai d'interprétation*. International Panel of Experts on Desertification. Génova.

<sup>190</sup>En dúas horas, cunha choiva estimada entre 60 e 80 mm, perdéronse unhas 10 mm de solo.

<sup>191</sup>Kundrata, M.; Ungerman, J. (1993). "Analysis of catastrophic erosion in Czechoslovakia: the reflections of the structure of agricultural land and the physical conditions of soils." En Wichrek, S. (Ed.) *Farm Land Erosion: In Temperate Plains Environment and Hills* (Proceedings of the International Symposium on Farm Land Erosion, Paris). 481 - 496.

<sup>192</sup>Bennett, H. H. (1935). *Soil Conservation...*, *opus cit.*

*et orbe*. Principiouse a considerar a necesidade de non xa, só, investigar, senón tamén participar na planificación xunto coas axencias rexionais a prol da protección da terra; este foi o caso do feito polo C.N.R. italiano en 1976, (Manzini, 1988)<sup>193</sup>. Conceptualmente supuxo o nacemento en 1977 do término *desertificación*<sup>194</sup>, previamente xa deixado entrever na Conferencia de Roma (1974), que foi creado na conferencia de Nairobi (1977) (UNCOD)<sup>195</sup> Posteriormente na Conferencia celebrada no Río de Xaneiro<sup>196</sup> incluíuse a creación dun grupo de traballo encargado de poñer en funcionamento o Comité Intergubernamental de Negociación de un Convenio para Combatir a Desertificación. No sur-leste de España naceu o plano LUCDEME (Pérez Soba; Barrientos, 1988)<sup>197</sup> e que coordinou o Plan de Acción para Combatir a Desertización (Puigdefábregas, 1994)<sup>198</sup> que arroxou unhas cifras de 20 millóns de hectáreas por ano inutilizadas e practicamente irrecuperables pola globalización da desertización, De Alba (1998)<sup>199</sup> estimou en 23,37 Tm. ha ano as perdas medias de solo para España<sup>200</sup>. O problema, segundo o publicado polo ICONA (1987)<sup>201</sup> (1991)<sup>202</sup> abrangue o 42 % da superficie española e potencialmente afecta a un 35 % do total da superficie terrestre (UNEP, 1991)<sup>203</sup> e a erosión hídrica provoca o 48 % dos procesos degradativos mundiais do solo (UNEP, 1992)<sup>204</sup>. A partir destas conclusións

<sup>193</sup> Mancini, F. (1988). "Problemas de conservación del suelo en Italia después de finalizado el proyecto del Consejo de Investigación." En *Desertificación en Europa*. MOPU, Madrid. En referencia a lo publicado por Mancini, F. (1976): Proyecto para la conservación del suelo (C.N.R.).

<sup>194</sup> A súa definición en versión orixinal foi: *it is the long – term decline in biological productivity that we call desertification*. Posteriormente foi Ding en 1991 quen aportou a definición ecuménicamente aceptada: *Man's excessive economic activities destroy the ecological balance of arid and semi-arid areas and, as result, blown sand and dune have extended into these areas. This environmental change is called desertification*. A desertificación defínese coma a diminución ou destrución do potencial biolóxico da terra que no seu extremo pode producir condicións próximas ás que se dan nos desertos.

<sup>195</sup> *United Nations Conference on Desertification* (UNCOD).

<sup>196</sup> Conferencia de Río de Janeiro sobre Medio Ambiente y Desarrollo.

<sup>197</sup> Pérez Soba, A.; Barrientos, F. (1988). "El programa Lucdeme en el sureste de España para combatir la desertificación en la rgión mediterránea". En *Desertificación en Europa*. M.O.P.U. Madrid.

<sup>198</sup> Puigdefábregas, Juan (1995): "Erosión y desertificación en España." *El Campo*. Servicio de Estudos del BBV. 132.

<sup>199</sup> Alba, (De); S. (1998). *Procesos de degradación del suelo por erosión en ecosistemas agrícolas de condiciones ambientales mediterráneas en la región central española*. Tesis Doctoral. Universidad Autónoma de Madrid.

<sup>200</sup> Se ben para a conca Norte o valor é de 4,8 Tm. ha ano (ambientes oceánicos tépedos)

<sup>201</sup> ICONA, (1987 - 1991). *Mapa de estados erosivos (varias cuencas)*. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.

<sup>202</sup> ICONA, (1991). *Plan Nacional para la Lucha contra la Erosión*. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.

<sup>203</sup> UNEP (1991). *Status of Desertification and Implementation Of the United Nations Plan of action to Combat Desertification*. United Nations Environmental Problem.

<sup>204</sup> UNEP. (1992). *World Atlas of Desertification*. United Nations Environment Program.

propuxose a nova é derradeira definición de desertificación até agora <sup>205</sup>. Novas cifras publicáanse na CNULCD (1998)<sup>206</sup> onde di que as rexións secas do planeta ocupan o 35 % da superficie terrestre é dicir 48 millóns de km<sup>2</sup> dos cales 36 millóns son eriais e pastizais, 8 millóns son desertos, 2,5 millóns son regadíos e 1,5 millóns pertencen a cultivos de secano. Estas cifras implican que o andacio afectara directamente a unhas 250 millóns de persoas e a outros 1.000 millóns están ameazados.

Este raciocinio proteccionista e intervencionista a nivel institucional reflectíuse en varias reunións científicas internacionais nas cales como base común entendíase o solo como un recurso case non renovabel, obxecto da desertificación a traveso, fundamentalmente, da erosión hídrica. Á sua vez estes *meetings* proporcionaron unhas iniciativas a xeito de plans de acción para deter e combate-la desertificación Perles Roselló (1996)<sup>207</sup>.

**Táboa 5** Principales eventos e planos de acción.

Tipo de acción	Acontecemento	Contidos
P. E.	- Carta Europea do Solo do Consello de Europa (1972).	-O solo é un ben precioso xermen da vida. -O solo está en perigo de erosión -Hai que investigar encol este problema.
P. E.	- Plan de las Naciones Unidas para el Medio Ambiente (PNUMA).	-Arbitraxe a traveso da Asamblea Xeneral das Nacións Unidas dos medios institucionales e financeiros.
P. E.	- Plans de investigación a nivel nacional como o C.N.R. italiano (1976 – 1982) ou a Rede Resel en España (1996-2001).	-Recollida información. -Novas metodoloxías.
P. E.	- Conferencias F.A.O. (1974)	-Sobre recursos naturais.
P. E.	- Proxecto F.A.O. – U. N. E. S. C. O. e P. N. U. M. A. (1975)	- Inicio do proxecto Avaliación Mundial da Degradación dos Solos
P. E.	- Conferencia Mundial das Nacións Unidas sobre Desertificación en Nairobi (1977)	-Avazar nos coñecementos encol os factores que derivan na desertificación. - Concrétase o termo desertificación fronte ó de desertización.
P. A.	- Publicase unha metodoloxía coñecida como I.T.C.	-Carácter cartográfico e

<sup>205</sup>A desertificación é a degradación da terra en zonas áridas, semi-áridas e sub-húmidas resultado principalmente do adverso impacto humano

<sup>206</sup>CNULCD (1998). *Convención de las Naciones Unidas de Lucha Contra la Desertificación* Secretaría para la Convención de Lucha contra la Desertificación.

<sup>207</sup>Perles Roselló, M. J. (1996). *Problemas en.. opus cit.*



	Textbook (Van Zuidam e Cancelado, 1977) <sup>208</sup> .	cualitativo -Establece niveis de erosión segundo diferentes variabeis.
P. A.	- Publicación da (U.N.E.S.C.O. – F.A.O., 1977)	- Worl Atlas of Desertification
P. A.	- Reunión da U.I.C.N. – P.N.U.M.A. – W.W.F. e F.A.O. (1980).	-Establécese a Estratexia mundial para a conservación da natureza.
P. A.	- Publicación dunha metodoloxía pola F.A.O. (1980)	-Metodoloxía provisional para a avaliación da degradación dos solos.
P. A.	-Por parte do I.C.O.N.A.ponse en marcha o proxecto L.U.C.D.E.M.E. (1980)	- Investigación e difusión da desertificación no ámbito mediterráneo.
P. A.	-Iniciase o Mapa de fenómenos de erosión hídrica en España (1982)	-Mapa a escala 1 : 1.000.000 -Seguindo as directrices marcadas pola F.A.O. (1980)
P. A.	-Fíxanse as bases para a representación cartográfica F.A.O. e P.N.U.M.A. (1984)	- Metodoloxía provisional para a avaliación e representación cartográfica da desertización.
P. A.	-O I.C.O.N.A. publica os mapas dos estados erosivos das diversas grandes concas españolas (1990) <sup>209</sup>	- Mapas de estados erosivos. Conca Hidrográfica do Sur.
P. A.	-Criase a <i>Red de Estaciones de Seguimiento y Evaluación de la Erosión y la Desertificación (RED RESEL)</i> <sup>210</sup>	-Investigación a traveso dunha rede de estacións e cuncas experimentais.
P. A.	-Publícase o Inventario Nacional de Erosión de Suelos 2002 - 2012 <sup>211</sup> .	-Cartografiase a escala 1:250.000 o estado erosivo segundo os diferentes usos do solo.

P. E. Son os principais eventos.

P. A. Plans de acción

Elaboración propia

A pesares de todo, este fenómeno non foi a súpeta resposta a un problema aillado, senón un máis dos que tiveran xa ocorrido durante este século. Polo que a nova definición recoñecía tres factores que se daban en tres áreas climáticas diferentes (UNEP 1994)<sup>212</sup>: árida, semi-árida e sub-húmida; tales factores eran dous: a fraxilidade ecolóxica da terra (inherente *per se*), e as condicións climáticas adversas (principalmente as secas). Posteriormente Puigdefábregas (1994)<sup>213</sup> conceptualiza unha serie de regularidades presentes nos casos de desertificación<sup>214</sup>, de tal xeito que cultivar unha terra de xeito sostibel conleva un equilibrio na xerarquía da diversidade de recursos que se atopan

<sup>208</sup>Van Zuidam, R. A.; Cancelado, F. (1977). *Terrain analysis and classification using aerial photogrammetry. A geomorphological approach*. I. T. C. Textbook of photo interpretation. Vol. VII. Netherlands.

<sup>209</sup>I.C.O.N.A. (1990). *Mapas de estados erosivos. Cuenca Hidrográfica del Sur*. Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, Madrid.

<sup>210</sup>Dependente da *Secretaría General de Medio Ambiente, Dirección General de Conservación de la Naturaleza*, . *Subdirección General de Monte*. Ministerio de Medio Ambiente.

<sup>211</sup>Dependente da *Secretaría General de Medio Ambiente. Dirección General de Conservación de la Naturaleza. Subdirección General de Montes*. Ministerio de Medio Ambiente.

<sup>212</sup>United Nations Environmental Problem (1994). En *Progress in Fisical Geography* 21, 2 1997.

<sup>213</sup>Puigdefábregas, J. (1994). “Desertificación: Una perspectiva sobre la cuenca Mediterránea.” *Fronteras de la Ciencia y la Tecnología* 3: 15-19.

<sup>214</sup>A desertificación é un termo físico baseado na alteración dos parámetros medioambientais e a desertización é un termo económico-sociolóxico.



nunha área determinada, e cando se dispara o crecemento da poboación, hai un cambio tecnolóxico ou de mercado ou se perturba o ecosistema húmido provócase a sobreexplotación que non é máis que o principio do proceso de desertificación. Foi o caso do xa comentado para os EE.UU.<sup>215</sup> na súa vertente agrícola ou o acontecido no Sahel.

Nos EE.UU. o problema da desertificación aínda segue hoxe a ter unha complexa solución pola extensión das súas concas nas cales as prácticas agrícolas desacertadas, o pastoreo intensivo en granxas<sup>216</sup>, as minas, os debastadores incendios forestais, a deforestación, o aumento dos lugares de ocio, a urbanización especulativa unida ó novo fenómeno coñecido como *conterurbanization* e a introducción de especies exóticas fan que o 37 % dos *United States* considérese como unha área árida ou semiárida; polo tanto susceptible de ser atacada pola desertización (Kepner *et al.* 1987)<sup>217</sup>. Practicamente os 17 estados do oeste están afectados e aínda en dirección norte cara o Canadá e en dirección sur cara México<sup>218</sup> un total de 1,2 millóns de km<sup>2</sup><sup>219</sup>

Obviamente hai máis exemplos e datos: Sen e Amal (1993)<sup>220</sup> para a África árida e semiárida escriben que a desertificación suave, moderada e grave afecta ó 71,7, 10,8 e 17,5 % respectivamente, e para a zona desértica de *Rajasthan*, na India, a proporción de territorios altamente desertizados é do 76,15 %. Outro exemplo nidio é o acontecido nas montañas de *Haraz no* Iemen, e os seus cultivos en bancais, onde as secas concatenadas dos anos 40<sup>221</sup> e da acontecida entre 1967 e 1973 provocou unha emigración masiva cara diferentes estados do Golfo Pérsica e cara Arabia Saudí en

---

<sup>215</sup>Vid. 1.4.6. Plano de...

<sup>216</sup>Este é un problema moi relevante xa dende finais do século XIX o cal tratouse de solucionar coa coñecida como *The Taylor Grazing Act* en 1934, en 1976 o congreso promulgou a *Federal Land Policy and Management Act* que foi ampliada no 1978 coa *The Public Rangelands Improvement Act* coñecida como PRIA.

<sup>217</sup>Kepner, W. G.; Fox, C. A. Baker, J.; Breckenridge, B.; Elvidge, C.; Eno, V.; Flueck, J.; Franson, S.; Jackson, J.; Jones, B.; Meyer, M.; Mouat, D.; Rose, M.; Thompson, C. (1991). "Arid Ecosystems Strategic Monitoring Plan, Environmental Monitoring and Assessment Program." *US Environmental Protection Agency*. Las Vegas. 2.1 – 2.2

<sup>218</sup>Relato de Bennet (traducción propia): escorecido o sol sobre a capital da nación, a area enseríase entre os dentes dos neiorquinos, e esparcíase o po sobre as cobertas dos barcos situados a 323 km mar adentro"

<sup>219</sup>Divídense en catro grandes áreas desérticas: o Chihuahuan Desert con 455.000 km<sup>2</sup>, o Great Basin Desert con 411.000 km<sup>2</sup>, o Mojave Desert con 65.000 km<sup>2</sup> e o Sonoran Desert con 31.200 km<sup>2</sup>.

<sup>220</sup>Sen, A. K.; Kar, A. (Edts) (1993): *Desertificación in Thar, Sahara and Sahel Regions*. Scientific Publishers, Jodhpur.

<sup>221</sup>Refríome ós anos corenta do pasado século XX.

particular (Morgan, 1996)<sup>222</sup>. Máis datos encol este problema son os referentes á zonas de Australia e Patagonia, motivados nesta ocasión ó enserir herbívoros procedentes de Europa (coellos fundamentalmente) e un xeito de pastoreo abrasivo (Puigdefábregas, 1995)<sup>223</sup>, ou os problemas de desertificación no sur de Italia explicados por Rendell (1988)<sup>224</sup> ou os problemas que padecen en Cerdeña (Aru, 1988)<sup>225</sup>. Na grande chaira China baixo o predominio dos solos de *loess* o retroceso dos solos<sup>226</sup> cultivabeis e o aumento da presión demográfica é un feito constatado dende o ano 220 a.C. (Wen, 1993)<sup>227</sup>

Asóciase o concepto de desertificación ca franxa onde se pasa dun estadio seco a outro torrencial bruscamente. Ibáñez *et al.* (1996)<sup>228</sup> explican como moi probablemente o clima mediterráneo apareceu fai 3.2 Ma, cando a circulación oceánica mudou ó fecharse o estreito de Panamá, apareceu a seca estival e as especies mediterráneas e os bosques de coníferas, para cara o 2.3 Ma a vexetación vóltase esteparia coa aparición do glaciario. Ao final do mioceno a coñecida como conca mediterránea posuía un clima subtropical seco debido á acumulación de xeo nos polos producíronse correntes oceánicas frías que percorrían as fachadas oeste dos continentes. Este clima proporcionou unha coevolución home – biocenosis reflexada nunha biodiversidade que se pode entender por ser unha conca refuxio ante os frios glaciais do cuaternario, por ser zoa de transición entre a flora holoártica e tropical, pola súa diversidade fisiográfica e xeolóxica e como non porque o home ten unha existencia nuclear evolutiva.

Le Houerou (1992)<sup>229</sup> presentou un estudo preductivo e unha gráfica de tendencia liñal, que relacionaba a evolución diacrónica da demografía na conca mediterránea europea *versus* a afro - asiática. A análise desa gráfica conlevaría unha conclusión evidente: a

<sup>222</sup>Morgan, R. P. C. (1996). *Erosión y ... opus cit.*

<sup>223</sup>Puigdefábregas, J. (1995). *Erosión y ... opus cit.*

<sup>224</sup>Rendell, H. M. (1988). “Erosion del suelo y degradación de la tierra en el Sur de Italia.” En *Desertización en Europa*. Ministerio de Obras Públicas y Urbanismo. Dirección General del Medio Ambiente. 257 – 268.

<sup>225</sup>Aru, A. (1988). “Aspectos de la desertificación en Cerdeña. Italia.” En *Desertización en Europa*. Ministerio de Obras Públicas y Urbanismo. Dirección General del Medio Ambiente. 269 – 272.

<sup>226</sup>Por procesos de erosión, salinización e alcalinización.

<sup>227</sup>Wen, D. (1993). “Soil erosion and condervation in China.” En D. Pimental (ed.), *World soil erosion and conservation*. Cambridge, Cambridge University Press: 63-85

<sup>228</sup>Ibáñez, J. J.; López – Lafuente J. Lobo, A. (1996). “Cambio climático y acción antropológica en el mediterráneo.” En Lasanta, T.; García Ruiz, J. M. (Eds.): *Erosión y recuperación de tierras en áreas marginales*. Instituto de Estudios Riojanos. Sociedad Española de Geomorfología. 183 – 204.

<sup>229</sup>Houerou (Le), H. N. (1992). *Vegetation and Land Use in the Mediterranean Basin by the Year 2050: A Prospective Study*. Climatic change and the Mediterranean. Edward Arnold. London.

franja mediterránea europea fica desertizada. A explicación do por qué ceais sexa pola saída que significaba o mar Mediterráneo, o cal historicamente permitiu unha febril actividade mercantil que paliou as necesidades imprescindibles do entorno. Agora ben cara onde vai a desertización no ampla conca mediterránea é difícil predecilo<sup>230</sup>. Por unha banda a Idade Moderna rachou co mercantilismo tradicional e a idade postmoderna aportanos a globalización da economía e de tódolos seus factores interdependentes e pola outra banda, a evolución de subfactores coma poboación e tecnoloxía camiñan por sendas diferentes segundo o analicemos nunha ou noutra marxe do mediterráneo. ¿Provocará a beira norte un incremento da temperatura e polo tanto máis evapotranspiración, máis torrencialidade... máis fenómenos meteorolóxicos extremos? ¿Provocará o Sur un nido aumento da presión demográfica que desemboque nunha nova crises entre o medio ambiente e os habitantes?. Non recollo máis que algunhas das interrogantes plantexadas por Palutikof *et al.* (1992)<sup>231</sup>

A desertificación como proceso dinámico que é, ven sendo analizada en España, na comprendida entre a zona tropical e a tépeda-húmida, obviamente aceptando esta definición a *ratio* en *strictus sensus* é moi ampla<sup>232</sup>. Xa na UNCOD díxose que un 26 % do territorio español atopábase sumido nun grave proceso de desertización namentras que outro 28 % fica seriamente ameazado. O Ministerio de Medio Ambiente (1998)<sup>233</sup> publicou que baixo condicións áridas atópase o 1, 1 % do territorio español, o 45,2 % baixo condicións semiáridas e 17 % baixo condicións subhúmedas<sup>234</sup>. Secomasé a España mediterránea fica na Europa septentrional o cal implica *per se* choivas reducidas no total anual Kirkby (1980)<sup>235</sup> <sup>236</sup> pero moi intensas e agresivas en eventos puntuais (López Bermúdez, 1992) <sup>237</sup>, a elo hai que engadirlle un relevo moi sinuoso e con acentuadas pendentes. En xeral as pérdas de solo adáptanse a estas características e quedan reflectidas cuantitativamente nun par de traballos significativos MOPU/SGMA

<sup>230</sup>Houerou (Le), H. N. (1992). *Vegetation and...*, *opus cit.*

<sup>231</sup>Palutikof, J.P.; Guo, X.; Wigley, T.M.L.; Gregory, J.M. (1992). *Regional Changes in Climate Mediterranean Basin due to Global Greenhouse Gas Warming*. UNEP. Mediterranean Action Plans Technical Reports. 66.

<sup>232</sup>Falamos de territorios que rexistran entre 2 e 11 meses de aridez ó ano.

<sup>233</sup>Ministerio de Medio Ambiente (1988). *Sistema Español de Indicadores Ambientales: Subárea de Agua y Suelo*. Monografías de la Secretaría General de Medio Ambiente, Madrid.

<sup>234</sup>É dicir un 63,3 % da superficie presentaría riscos de desertificación.

<sup>235</sup>Kirkby, M.K. (1980). *Soil Erosion*. John Wiley and Sons. Ltd.

<sup>236</sup>Kirkby sostén que os territorios máis propensos á erosión son os comprendidos entre as isoyetas 300-600 mm anuais.

<sup>237</sup>López Bermúdez, F. (1992). *La erosión del suelo, un riesgo permanente de desertificación*. Ecosistemas 3.

(1989)<sup>238</sup> MOPU/SGMA (1990)<sup>239</sup>

Puigdefábregas (1995)<sup>240</sup> analiza a desertización na España mediterránea nos últimos cinco séculos: a primeira crise tivo lugar no século XVI e relaciónase cos trócos tecnolóxicos no aproveitamento do medio ambiente. A segunda crise apónselle á saturación demográfica que sufríu o agro español no século pasado. Por último dende os anos sesenta o agro en España experimenta un dobre proceso como é o abandono da agricultura marxinal e a sobreexplotación dos acuíferos. O avance dos campos abandonados e posterior transformación en zonas de matorral favoreceu a aparición dos incendios forestais.

En Galicia, como área xeográfica con influencias oceánicas, a desertización non se manifesta no *sensu strictus* da verba; seicás si se detecta un síntoma, que é parte, do ciclo da desertización: a desagregación da estrutura do solo pola aplicación de herbicidas e pesticidas. O profesor Bourguignon xa o advertira entre os viticultores da Borgoña francesa, as súas pescudas arroxaban unha actividade microbiana no solo dos viñedos menor que no deserto do Sahara. A introducción da agricultura e viticultura ecolóxica estase a promocioanar en Galicia, como solución, entre outros aspectos, ao empobrecemento dos solos.

No pasado mes de decembro de 2000 celebrouse en Bonn a IV Conferencia das Nacións Unidas para a loita contra a desertificación, un problema que ameaza a 1.200 millóns de persoas no mundo e que concretamente no caso español o 54 % do territorio sofre procesos de erosión do solo, namentras que o 25 % da Península<sup>241</sup> xa está baixo efectos da desertificación<sup>242</sup> (13 millóns de has). Outros datos interesantes foi constatar que África é o continente máis afectado, xunto ó sur de Europa<sup>243</sup>, América Latina e o

<sup>238</sup>MOPU/SGMA (1989). *Medio Ambiente en España 1988*. Monografías de la Secretaría General de Medio ambiente, MOPU. Madrid.

<sup>239</sup>MOPU/SGMA (1990). *Medio Ambiente en España 1989*. Monografías de la Secretaría General de Medio Ambiente, MOPU. Madrid.

<sup>240</sup>Puigdefábregas, J. (1995). *Erosión y ...*, *opus cit.*

<sup>241</sup>Según o exposto nesta conferencia España é o unico estado que posúe zonas calificadas de moi alto risco, especialmente as comunidades de Murcia (47,5 % do seu territorio), Andalucía (40,7 %) Madrid (37,7 %), Castela A Mancha (30,4 %), Comunidade Valenciana (28,6 %) e Extremadura (27,4 %).

<sup>242</sup>O Ministerio de Medio Ambiente ten pensado acometer o maior proxecto de loita contra a desertificación e a reforestación feito nunca en España, cun orzamento de 350.000 millóns de pesetas.

<sup>243</sup>Como medidas preventivas nesta área tendese á redución da poboación activa adicada á agricultura e no aumento da superficie das explotacións e do nivel de mecanización. Máis isto supón un desequilibrio poboacional das área costeiras fronte ao interior, co abandono do rural e dos sistemas de laboreo en

Caribe. Alarmante tamén son os fortes incrementos dos desertos na costa do Pacífico, nos altiplanos andinos, no Himalaya e nos trópicos húmidos<sup>244</sup>, na Patagonia arxentina no noreste brasileiro e nas illas do Caribe.

### .1.6. Cambio climático

O fracaso do recente cumio do clima de La Haya para a ratificación do Protocolo de Kioto reflectiu en Bonn, xa que a desertización non é máis que un dos efectos que provocan o quecemento da Terra, e as posibles medidas a tomar para frea-la desertificación mitigan os cambios climáticos<sup>245</sup>.

A UE, entre outras medidas, e a Decisión 94 / 911 CEE estableceu un programa específico de I + D en materias de cambio climático e medio ambiente.

Dende 1995 véñense celebrando as coñecidas como Conferencia das Partes para o tratamento do quecemento do planeta. A xéneses, evolución e estado actual resúmese na Táboa 6.

**Táboa 6** *Convencións Marco de Nacións Unidas sobre Cambio Climático. Comunmente coñecidas como COP.*

Cumio	Ano	Resumen
<b>Río</b>	1992	Coñecida como Cumio da Terra Obxectivo: lograla estabilización das concentracións de gases do efecto invernadoiro na atmosfera nun nivel que evite unha interferencia perigosa da acción humana co sistema climático.
<b>Berlín</b>	1995	Adoptouse o chamado Mandato de Berlín, este establecía que na seguinte COP aprobárase un protocolo que aportase efectividade ás conclusións.
<b>Ginebra</b>	1996	Non houbo resultados importantes, avanzouse en custións que debería regula-lo protocolo futuro.
<b>Kioto</b>	1997	Aprobouse o Protocolo de Kioto que implica unha redución na emisión de gases do efecto invernadoiro por parte dos países desenvoltos nun 5,2 % no período 2008 – 2012 contabilizando como ano base 1990. O Protocolo non sería vinculante até que o ratifiquen o 55 % dos países desenvoltos cuías emisións de gases de efecto invernadoiro sumen o 55 % do total. Até agora o Protocolo foi asinado por 84 países nondesvoltos e ratificado por 22.
<b>Bos Aires</b>	1998	Escasos avances. Saíu o chamado Mandado de Bos Aires; regula-lo protocolo para La Haya.
<b>Bonn</b>	1999	Acordouse que o Protocolo entrase en vigor no 2002.

socalcos e bancais, co cal a conseguente mobilidade de terras e concentración destas non se traduce nunha rebaixa das perdas de solo.

<sup>244</sup>Onde A presión demográfica forza a cultivar terras marxinais.

<sup>245</sup>Geoff Jenkins, que é o xefe do programa de predicción do Centro Hadley declarou recentemente que o home é a causa principal do cambio climático<sup>245</sup>.

**La Haya** | 2000 Fracaso dos contidos reais pola falla de colaboración de EE.UU., Japón, Canadá e Australia.  
Principalmente porque EE.UU. quería mercar coutas de contaminación a países non desenvolto e por querer amplia-lo uso do concepto sumidoiro.

Elaboración propia

As consecuencias da erosión ante o cambio global, dependerá básicamente do comportamento das influencias externas<sup>246</sup> sobre a erosionabilidade do solo seicasi é previsibel un forte impacto en rexións calificadas como semiáridas ou áridas xa que, estes solos por unha banda son moi vulnerabeis ós cambios globais e pola outra as reservas de carbono dos solos veríanse moi reducidas, poñendo en perigo o ciclo do carbono (Albadalejo *et al.* 2003)<sup>247</sup>

## .1.7. Factores que inflúen nun proceso erosivo

### .1.7.1. Características físicas da precipitación

#### .1.7.1.1. Precipitacións e as súas intensidades

Parte das causas que xeneran as intensidades das precipitacións<sup>248</sup> refléxanse moi ben nos estudos levados a cabo en Zanesville en Ohio, entre 1934 e 1942 (ver Táboa 1) según publica Morgan (1986, 1996)<sup>249 e 250</sup>

**Táboa 7** Mostra de 183 eventos de choiva efectuados entre os anos 1934 e 1942, en Zanesville, Ohio Fournier (1972)<sup>251</sup>. En Morgan (1986, 1996)

Intensidade máxima para 5 minutos (mm h <sup>-1</sup> )	Número de eventos de choiva por intensidade	Erosión media por precipitación (Kg m <sup>-2</sup> )
0-25,4	40	0,37
25,5-50,8	61	0,60
50,9-76,2	40	1,18
76,3-101,6	19	1,14
101,7-127,0	13	3,42
127,1-152,4	4	3,63

<sup>246</sup>Son a vexetación, a fauna, as accións antrópicas e o cambio climático.

<sup>247</sup>Albadalejo, J.; Martínez-Mena, M.; Castillo, V. (2003). "Perspectivas sobre la erosión del suelo ante las tendencias del cambio global." En Bienes, R.; Marques, M. J. (2003). *Perspectivas de la Degradación del Suelo*. I Simposio Nacional, Madrid, 9 – 16.

<sup>248</sup>Salvo que se especifique o contrario, os términos precipitación e choiva usámo-los indistintamente para significar calquera das formas da auga, derivadas do vapor de auga atmosférico e que se depositan na superficie terrestre.

<sup>249</sup>Morgan, R. P. C. (1986). Soil Erosion..., *opus cit.*

<sup>250</sup>Morgan, R. P. C. (1996). Erosión y..., *opus cit.*

<sup>251</sup>Fournier, F. (1972): *Soil conservation*. Nature and Environment Series. Council of Europe.

152,5-177,8	5	3,87
177,9-254,0	1	4,79

Nesta táboa móstrase que a media de pérdivas de solo polos eventos das precipitacións, segundo o grao de intensidade, increméntase ca intensidade das treboadas. De tódalas formas o papel da intensidade non sempre se manifesta con tanta claridade como demostrou Morgan (1977)<sup>252</sup> para Bedfordshire, e Richter; Negendank (1977)<sup>253</sup> na extinta República Federal Alemana. Estes autores publicaron datos nos cales demostrouse que unha tormenta que proporcionase poucos milímetros de precipitacións máis que outra e cunha intensidade inferior rexistra moita máis erosión. E exemplos á inversa tamén existen. Polo que pódese comentar que en ocasións bastantes frecuentes a erosión vincúlase a dous xeitos de precipitación<sup>254</sup>:

- a) Treboadas curtas pero moi intensas onde a capacidade de infiltración do solo excédase as treboadas.
- b) Precipitacións pluviais prolongadas cunha intensidade tirando a baixa e que deben satura-lo solo.

Os traballos feitos en Zanesville deron pe de novo a unha interpretación para coñecer de antemán o comportamento en perdas dun solo, dependendo das previas condicións metereolóxicas<sup>255</sup> - <sup>256</sup>. Mais isto, xeralmente, non é un axioma. Entre treboadas a maioría do material perdido foi, xa, removido nos primeiros eventos de choivas e as súas correspondentes escoas<sup>257</sup> - <sup>258</sup>.

**Táboa 8** *Influencia das condicións anteriores nas precipitacións con relación ás pérdivas de solos. Datos acadados en cinco treboadas sucesivas e recollidos nunha parcela de 20 m<sup>2</sup>. En Zanesville, Ohio, no mes de xuño de 1940. Morgan (1986)<sup>259</sup>.*

<sup>252</sup>Morgan, R. P. C. (1977): *Soil erosion in the United Kingdom: field studies in the Silsoe area. 1973 – 75*. National College Agricultural Engineering. Silsoe Occasional Paper 4.

<sup>253</sup>Richter, G.;Negendank, J. F. W. (1977): “Soil erosion processes and their measurement in the German area of the Moselle river.” *Earth Surface Processes* 2. 261 – 278.

<sup>254</sup>Tamén se preséntan de xeito misturado, isto fai difícil coñecer que tipo de evento provocou a erosión.

<sup>255</sup>Onde entre as datas que van do día 9 ó 18 de xuño de 1940, danse unhas condicións metereolóxicas moi peculiares e que proporcionan o seguinte comentario; o primeiro evento de choiva foi co solo seco aínda que moi intenso, o resultado foi unha excasa porcentaxe de escorrentía (o 25 por cento) e unha erosión realmente escasa. Quizais porque a solo absorveu a maioría da auga caída. E xa ó seguinte día unha treboada con menos cantidade de precipitación devoltou xa un 66 por cento da escorrentía e produxo case o triple de erosión que o día anterior. A explicación radica en que os poros do solo case estaban saturados pola choiva anterior.

<sup>256</sup>Vid Táboa 7 Mostra de...

<sup>257</sup>Vid Táboa 8 Influencia das...

<sup>258</sup>A partires do día 11 de xuño.

<sup>259</sup>Morgan, R. P. C. (1986). *Soil Erosion...*, opus cit.



DATA	PRECIPITACIÓN (mm)	ESCOAS (% precipitación)	EROSIÓN (g · m <sup>-2</sup> )
9 de xuño	19,3	25	1,5
10 de xuño	13,7	66	4,0
11 de xuño	23,8	69	8,9
15 de xuño	14,0	65	4,2
17/18 de xuño	13,0	50	4,6

A cantidade de choiva que se necesita para provocar unha perda de solo por fluxo laminar, regueiros e *salpicadura* sexa cuantificable é heteroxénea. Até moi recentes estudos, estes valores totais de precipitacións por hora considerábanse demasiado altos para a Europa do oeste. Hoxe, pódese afirmar que estes volúmenes superáanse con asiduidade, non só xa na Europa mediterránea senón incluso nunha área como Galicia, tradicionalmente oceánica.

**Táboa 9** Cantidades de precipitación total necesaria para producir perdas de solo

País ou rexión	mm	Referencia
Malaysia	25	Morgan (1974) <sup>260</sup>
Zimbabwe	25	Hudson, (1981) <sup>261</sup>
Tanzania	25	Rapp <i>et al.</i> (1972a) <sup>262</sup>
Inglterra	10,6	Morgan (1980b) <sup>263</sup>
Alemaña do Oeste	6	Richter; Negendank (1977) <sup>264</sup>
Bélxica	1*	Bolline (1977) <sup>265</sup>
Galicia	3	Vila García (1996) <sup>266</sup>
Galicia	5	Vila García <i>et al.</i> (1997) <sup>267</sup>

Neste caso rexistrouse *splash*

<sup>260</sup>Morgan, R. P. C. (1974). "Estimating regional variations in soil erosion hazard in Peninsular Malaysia". *Malay Nature Journal* 28. 94 – 106.

<sup>261</sup>Hudson, N. W. (1981). *Soil Conservation...*, *opus cit.*

<sup>262</sup>Rapp, A.; Axelsson, V.; Berry, L.; Murray – Rusi, D. H. (1972a). "Soil eroison and sediment transport in the Morogoro river catchment." *Geografiska Annaler* 54 – A. 125 – 155.

<sup>263</sup>Morgan, R. P. C. (1980b). "Soil erosion and conservation in Britain." *Processes in Physical Geography* 4. 24 – 47.

<sup>264</sup>Richter, G.; Negendank, J. F. W. (1977). "Soil erosion..." *opus cit.*

<sup>265</sup>Bolline, A. (1977). "La vitesse de l'érosion sous culture en région limoneuse." *Pedologie* 27. 191 – 206. En Morgan, R. P. C. (1986): *Soil Erosion & Conservation*. Longman Scientific & Technical. New York, 298 pp.

<sup>266</sup>Vila García, R. (1996). *A erosión en cultivos tradicionais de Galicia*. Departamento de Xeografía. Uiversidade de Santiago. Teses de Licenciatura (inédita).

<sup>267</sup>Vila García, R.; Rodríguez Martínez – Conde, R.; Puga Rodríguez, J. M.; Cibeira Friol, A. (1998). "Erosion hídrica en la agricultura tradicional y su relación con la cobertura vegetal (Galicia, España)." En Gómez Ortiz, A.; Salvador Franch, F. (Eds.) (1998): *Investigaciones recientes de la Geomorfología española*. Barcelona. 569 – 578.



Morgan (1976)<sup>268</sup> ó respecto das variedades de resultados sobre os estudos comentados na Táboa 9, deixa claro que son exemplos moi típicos, e polo tanto nada estranos, que se producen en dous tipos de erosión; a erosión laminar e a erosión en regueiros. A parte e para ilustrar máis estas aseveracións relatou unha serie de eventos de choiva, aparentemente, contradictorios e producidos en partes diversas do globo terráqueo. Ademais, o mesmo autor cita lugares onde a erosión concentrada principia a actuar, e sitúanse en zoas onde tamén existe erosión por fluxo laminar. A explicación radica en que rexístranse condicións metereolóxicas normais para unhos períodos de anos e logo veñen casos extremos de choivas pluviais.

Para climas húmidos cunha estación de choivas acentuada Fournier (1972)<sup>269</sup> observa que a partires dos 1.200 e 1.500 mm de precipitación media anual a produción de sedimentos comeza de novo a aumentar.<sup>270</sup> Douglas (1967)<sup>271</sup> apuntou que a produción de sedimentos principia a aumentar novamente a partires dos 1.100 mm de precipitación media anual<sup>272</sup>.

Morgan (1986)<sup>273</sup> di que o interesante sería coñecelo mecanismo que provoca un período catastrófico continuado e que provoca unha alta perda de solo nese tempo (o tempo pode ser anual) Evidentemente sería decubrilo axioma preventivo da erosión, neso trabállase e destacan as formulacións sobre o caso aportadas por Thornes (1976)<sup>274</sup>.

#### **.1.7.1.2. Índices de erosividade das precipitacións**

A enerxía cinética da choiva é a condicionadora da erosividade dalgúnha das expresións que adopta a auga, procedente do vapor atmosférico; en función da súa intensidade, duración e velocidade do vento. Así como da masa, do diámetro e velocidade das pingas

<sup>268</sup>Morgan, R. P. C. (1976). "The role of climate in the denudation system: a case study from *West Malaysia*." En Derbyshire, E. (Ed.) (1976): *Climate and geomorphology*. London. Wiley. 317 – 343. En Morgan, R. P. C. (1986): *Soil Erosion & Conservation*. Longman Scientific and Technical. New York.

<sup>269</sup>Fournier, F. (1972). *Soil conservation*. Nature and Environment Series, Council of Europe.

<sup>270</sup>Vid Modelo Fournier.

<sup>271</sup>Douglas, I. (1967). "Man, vegetation and sediment of rivers." *Nature*, 215. 925 – 928.


<sup>272</sup>Vid Modelo Douglas.

<sup>273</sup>Morgan, R. P. C. (1986). *Soil Erosion... opus cit.*

<sup>274</sup>Thornes, J. B. (1976). "Semi – arid erosion systems: case studies from Spain." *Geographical Papers N° 7*. London School of Economics. En Morgan, R. P. C. (1986): *Erosión y conservación del suelo*. Ediciones Mundi - Prensa. Madrid.

de choiva. Para poder cuantificala erosividade é menester unha análises do tamaño das pingas e da distribución da choiva. Foron Laws; Parson (1943)<sup>275</sup> quenes apoiándose en estudos realizados no este dos Estados Unidos, mostraron que as características do tamaño das pingas varían coa intensidade da choiva<sup>276</sup>.

**Ilustración 4** Relación entre o tamaño medio das pingas e a intensidade das precipitacións, tralos traballos de Hudson (1965)<sup>277</sup>



Por conseguinte, a enerxía cinética dunha pinga, é a súa masa pola velocidade. E incrementase até que as pingas acadan máis ou menos os 4 milímetros de diámetro<sup>278</sup>

Carter *et al.* (1974)<sup>279</sup> e, moito antes Hudson (1963),<sup>280</sup> acreditaron documentalmente que a distribución do tamaño das pingas de auga inclúe un predominio de pingas grandes, con diámetros de máis de 4 mm a intensidades de entre 50 e 100 mm por hora e con máis de 200 mm á hora. Con outras intensidades, menores ós 50 mm á hora e entre os 100 e 200 mm á hora, as pingas soen ser inferiores á 2,5 mm. Blanchard

<sup>275</sup>Laws, J. O. Parsons, D. A. (1943). "The relationship of raindrop size to intensity". *Transactions of the American Geophysical Union* 24. 452 – 460. En Kirkby, M. J.; Morgan, R. P. C. (1980): *Soil Erosion*. John Wiley and Sons. London. 375.

<sup>276</sup>Vid Ilustración 4

<sup>277</sup>Hudson, N. W. (1965). *The influence of rainfall on the mechanics of soil erosion with particular reference to Southern Rhodesia*. MSc Thesis. University of Cape Town. En Morgan, R. P. C. (1986): *Soil Erosion and Conservation*. Longman Scientific and Technical. New York.

<sup>278</sup>Vid. Ilustración 4 Relación entre...

<sup>279</sup>Carter, C. E.; Greer, J. D.; Braud, H. J.; Floyd, J. M. (1974): "Raindrop characteristics in south central United States." *Transactions of the American Society of Agricultural Engineering* 17. 100 – 103.

<sup>280</sup>Hudson, N. W. (1963). "Raindrop size distribution in high intensity storms." *Rhodesian Journal of Agricultural Research* 1. 6 – 11. En Morgan, R. P. C. (1986): *Soil Erosion and Conservation*. Longman Scientific and Technical. New York.

(1950)<sup>281</sup> estudou as pingas maiores de 5,5 e 6 mm; deduxo a súa inestabilidade por mor que o vento rachábaas. Nembargantes, se a intensidade é maior ós 200 mm nunha hora as pingas pequenas e dispersadas voltan de novo a unirse. A reflexión, lévanos a pronunciar que a enerxía cinética erosiona a un nivel máximo a partir de intensidades comprendidas entre cincuenta e 100 mm á hora e de novo ós 250 mm por hora. Aquí radica o erro de Wischmeier; Smith (1958)<sup>282</sup>, na sobrestimación da enerxía cinética por riba dos 100 mm por hora. Quizais porque estes investigadores traballaban en parcelas experimentales no campo, e case sempre a enerxía cinética era o factor que explicaba as perdas de solo, polo que estimaron que a mellor medida da enerxía era a máxima intensidade de precipitación pluvial que ocorría nun período de 30 minutos (EI<sub>30</sub>). Máis foi Hudson (1965)<sup>283</sup> que escribe sobre a relatividade de estandarizar esa medida, xa que só as precipitacións pluviais superiores ós 25 mm por hora son relevantes para producir erosión. Posteriormente corroborárono tamén, outros investigadores como Elwell e Stocking (1975)<sup>284</sup>, Lal (1976b)<sup>285</sup> e Morgan (1977)<sup>286</sup>.

A enerxía cinética necesaria para desprender un kg de sedimentos por impacto das pingas demostra que as partículas máis grandes son resistentes a desprenderse debido ó seu peso, e as arxilosas basean a súa resistencia nos seus enlaces químicos Poesen (1992)<sup>287 - 288</sup>

**Ilustración 5** *Relación entre o tamaño medio das partículas do solo e a enerxía cinética necesaria para desprender un kg de sedimento Poesen (1992)<sup>289</sup>.*

<sup>281</sup>Blanchard, D. C. (1950). "Behaviour of water drops at terminal velocity." *Transactions of American Geophysical Union*. 31. 836 – 842. En Kirkby, M. J. e Morgan, R. P. C. (1980): *Soil Erosion*. John Wiley and Sons. London.

<sup>282</sup>Wischmeier, W. H.; Smith, D. D. (1958). "Rainfall energy..." *opus cit.*

<sup>283</sup>Hudson, N. W. (1965). "The influence...", *opus cit.*

<sup>284</sup>Elwell, H. A.; Stocking, M. A. (1975): "Parameters for estimating annual runoff and soil loss from agricultural lands in Rhodesia." *Water Res. Res.* 11. 601 – 605. En Kirkby, M. J.; Morgan, R. P. C. (Eds.) (1980): *Soil Erosion*. John Wiley and Sons. London.


<sup>285</sup>Lal, R. (1976b). "Soil erosion on Atisols in Western Nigeria. III Effects of rainfall characteristics." *Geoderma*, 16. 389 – 401. En Kirkby, M. J.; Morgan, R. P. C. (1980): *Soil Erosion*. John Wiley and Sons. London.

<sup>286</sup>Morgan, R. P. C. (1977). *Soil erosion...*, *opus cit.*

<sup>287</sup>Poesen, J. W. A. (1992). "Mechanisms of overland – flow generation and sediment production on loamy and sandy soils with and without rock fragments." En Parsons, A. J.; Abrahams, A. D. (Eds.) (1992): *Overland flow: hydraulics and erosion mechanics*. UCL Press: London. 275 – 305.

<sup>288</sup>Vid. Ilustración 5.

<sup>289</sup>Poesen, J. W. A. (1992). *Mechanisms of...*, *opus cit.*



Do visto até agora neste apartado non é doado establecer unhas índices de relación entre a intensidade da choiva e a enerxía cinética. Para achar a enerxía cinética que produce unha tormenta ou unha precipitación hai que posuír unhas rexistros temporais, que permitan o análises das precipitacións segundo as súas intensidades. Principiaron os estudos (Laws; Parson, 1943)<sup>290</sup> que logo rematarían na obtención da seguinte expresión (Wischmeier; Smith, 1958)<sup>291</sup>.

$$KE = 11,87 + 8,73 \log_{10} I \quad (1)$$

na cal:

**KE** é a enerxía cinética expresada en  $J m^{-2} mm^{-1}$ , e

**I** é a intensidade das precipitacións, a cal exprésase en  $mm h^{-1}$ .

<sup>290</sup>Laws, J. O.; Parson, D. A. (1943). "The relationship...", "opus cit.

<sup>291</sup>Wischmeier, W. H.; Smith, D. D. (1958). "Rainfall energy...", "opus cit.

Os traballos xa mencionados liñas enriba, de Hudson (1965)<sup>292</sup> en Zimbawe, representáronse na seguinte ecuación:

$$KE = 29,8 \frac{127,5}{1} \quad (2)$$

onde:

**KE e I** teñen os mesmos factores que na ecuación (1)

Zanchi; Torri (1980)<sup>293</sup> investigaron en Italia e publicaron a seguinte ecuación:

$$KE = 9,81 + 11,25 \log_{10} I \quad (3)$$

onde:

**KE e I** representan os factores explicados na ecuación (5).

Sabendo as intensidades da choiva para cada período, a enerxía cinética da choiva é a súa intensidade coñécese aplicando algunha das ecuacións enriba descritas, a isto multiplicámoslle a choiva precipitada, e témo-la enerxía cinética de cada período. Logo sumando o total dos valores das enerxías cinéticas para cada período temporal, danos o total da enerxía cinética da precipitación correspondente.

A produción de datos das tres ecuacións resúmense nos seguintes resultados. Cunha intensidade maior a 75 mm h<sup>-1</sup> a enerxía cinética foi de 28 J m<sup>-2</sup> mm<sup>-1</sup> no medio ambiente do leste do río Mississippi. Noutro caso, en Italia, cunha intensidade de 150

<sup>292</sup>Hudson, N. W. (1965). "The influence...", *opus cit.*

<sup>293</sup>Zanchi, C.; Torri, D. (1980). "Evaluation of rainfall energy in central Italy." En Boodt (De), M.; Gabriels, D. (Eds.) (1980). *Assesment of erosion*. London. Wiley. 133 – 142.

mm h<sup>-1</sup> rexistrouse unha enerxía de 34 J m<sup>-2</sup> mm<sup>-1</sup>. Como extremo está o caso citado en Lal (1981b)<sup>294</sup>, onde unha treboada en Ibadan, cunha duración de 7,5 minutos e unha intensidade de 112 mm h<sup>-1</sup>, arroxou unha enerxía cinética de 69 J m<sup>-2</sup> mm<sup>-1</sup>.

Un índice potencial de erosión conquire validez científica cando o índice de erosividade correlaciónase ca perda de solos. O índice coñecido como  $I_{30}$  de Wischmeier; Smith (1958)<sup>295</sup>, componse da relación entre as perdas de solo por salpicadura, por erosión laminar e erosión en regueiros é o índice de enerxía cinética cun máximo de trinta minutos de precipitacións. Certamente que este índice foi criticado negativamente con asiduidade. Basicamente por dous puntos. Primeiro baséanse na ecuación (5) para estima-la enerxía cinética, e esta é correcta só para choivas tropicais cunha intensidade importante. Segundoporque que se dá por correcto que a erosión xérase con choivas de alta intensidade, cando como xa vimos (Hudson, 1965),<sup>296</sup> a erosión xérase por precipitacións superiores a 25 mm h<sup>-1</sup>.

Outro índice de erosividade, proposto de xeito alternativo, foi precisamente ó de Hudson (1965)<sup>297</sup> que rematamos de ver. Explicándoo un pouquiño máis diremos que se usa  $KE > 25$ , o cal compútase por treboada individual. A enerxía cinética recibida nunha unidade de tempo increméntase cando a intensidade da precipitación vaise igualando ou incrementa os 25 mm h<sup>-1</sup>. Este índice deu mellores correlacións cas perdas de solos que cando se aplicou o  $EI_{30}$  en Zimbawe.

Endebén, tras engadir as derradeiras investigacións e reinvestiga-los traballos de Hudson, Stocking e Elwell (1973)<sup>298</sup> decántanse a favor do  $EI_{30}$  como o mellor de tódolos índices, ademais eles modificárono e tampouco se pode obviar que existe un certo parecido co índice de Hudson, que por certo recoñéceselle a simplicidade de datos para formulalo. Recoméndase que se utilizamos este índice en climas tépedos, é

<sup>294</sup>Lal, R. (1981b). "Deforestation of tropical rforest and hydrological problems." En Lal, R.; Russell, E. W. (Eds.) (1981). *Topical agricultural hydrology*. Chichester. Wiley. 131 – 140. En Morgan, R. P. C. (1986): *Soil Erosion and Conservation*. Longman Scientific & Technical. New York.

<sup>295</sup>Wischmeier, W. H.; Smith, D. D. (1958). "Rainfall energy....," *opus cit.*

<sup>296</sup>Hudson, N. W. (1965). "The influence....," *opus cit.*

<sup>297</sup>Hudson, N. W. (1965). "The influence....," *opus cit.*

<sup>298</sup>Stocking, M. A.; Elwell, H. A. (1973b). "Soil erosion hazard in Rhodesia." *Rhodesian Agricultural Journal*, 70. 93 – 101. En Morgan, R. P. C. (1986): *Soil Erosion and Conservation*. Longman Scientific and Technical. New York.

aconsellabel baixalo valor a  $KE > 10$  segundo explicou Morgan (1977)<sup>299</sup>.

Tamén ponse, pois, de manifesto que os índices de precipitación non se poden aplicar de xeito amplo e aleatorio. Morgan (1974)<sup>300</sup> demostrou que o índice elaborado por Fournier para medi-la agresividade das choivas resultaban mellores para predecir a erosión por diaclasación e, a precipitación era mellor para predecir a perda de solo por salpicadura. O que si se pode deducir baseándose nestos índices é que en treboadas para zoas dos EE.UU. ou de Rhodesia, unha precipitación intensa encol un solo seco xenera erosión, e para zoas húmidas onde as precipitacións son menos intensas pero máis a miúdo, a duración e a cantidade de choiva que precipita no solo saturado de humidade é máis determinante para causar erosión. Hudson (1981)<sup>301</sup> conclúe en que sería desexabel a estandarización dos métodos que permitisen obter datos básicos encol a distribución do tamaño das pingas de auga e a súa enerxía, e non cara tratar de atopar un índice de erosividade universal.

### **.1.7.2. Erosionabilidade do solo**

#### **.1.7.2.1. Aproximación ao problema da erosionabilidade**

A parte da erosividade que producen os axentes metereolóxicos, dos cales falamos no apartado anterior, temos que a erosión atópase acotada pola erosionabilidade do solo (Le Bissonnais *et al.* (1993)<sup>302</sup> e Evans 1996)<sup>303</sup> e polo grao de cobertura vexetal que exista nese intre. En solos onde acadamos unha cuberta vexetal intensa, o solo rexistra unha dispersión por causa da choiva case nula, xa que entra en xogo outro factor, a interceptación. Na maioría das precipitacións, primeiro son interceptadas pola vexetación na súa maior parte e segundo, que da precipitación restante unha porción é evaporada e outra cae ó solo transformadas en pingas de maior tamaño, mais sen tempo

<sup>299</sup>Morgan, R. P. C. (1977). Soil erosion..., *opus cit.*

<sup>300</sup>Morgan, R. P. C. (1974). Estimating regional..., *opus cit.*

<sup>301</sup>Hudson, N. W. (1981). "Instrumentation for studies of the erosive power of rainfall." *Erosion and Sediment Transport measurement (Proceedings of the Florence Symposium)*. International Association of Hydrological Sciences, 133. 372 – 382.

<sup>302</sup>Bissonnais, (Le) Y.; Singer, M. J.; Bradford, J. M. (1993). "Assessment of soil erodibility: the relationship between soil properties, erosion processes and susceptibility to erosion." En Wichrek, S. (Ed.) *Farm Land Erosion: en Temperate Plains Environment and Hills* (Proceedings of the International Symposium on Farm Land Erosion, Paris). 87 – 96.

<sup>303</sup>Evans, R. (1996). "Some soil factors influencing accelerated water erosion of arable land." *Progress in Physical Geography*, 20. 2. 205 – 215.

dabondo para acadar unha velocidade que se chama terminal. Inda por riba, que encol da superficie dun solo existe unha capa de restos orgánicos e outra que pode ou non habela de restos de follas e pequenos paos, cunha función nidiamente amortiguadora ó bater as pingas de auga nestas capas (refírome ós restos orgánicos e ós restos vexetais) e non directamente no solo. Polo que, novamente, o efecto erosivo da choiva en áreas con boa cobertura é case nulo. Algunhas veces, tamén a vexetación xoga un papel preventivo na erosión, ó obstaculiza-los fluxos superficiais de auga, restando polo tanto capacidade de arrastre e minguando o movemento das diferentes partículas do solo.

Nos solos onde a vexetación é inexistente ou existente nunha curta porcentaxe, os axentes que interveñen na erosión sítense limitados por unha serie de condicionantes tales como a estrutura do solo, distribución do tamaño das partículas, e logo tamén por factores topográficos determinantes como a lonxitude da pendente e o porcentaxe de desnivel da mesma. A configuración granulométrica é importante, por suposto, non só xa para defini-la transportabilidade do solo; senón que xoga un papel decisivo na estabilidade dos agregados do mesmo, e consecuentemente na súa erosionabilidade. Nun principio a arxila ten un *roll* compactante, co que críanse unhos agregados bastante sólidos e moito máis resistentes ós impactos das pingas ou outras manifestacións da auga. Pero, ocorre logo que un solo que concentre un elevado contido de arxila amosa unha baixa taxa de infiltración de auga. O cal, evidentemente, fai máis doado a formación de fluxos superficiais de auga. Xunto á cantidade de arxila nun solo determinado e á suma de oxihidróxidos de Fe e Al e o contido de materia orgánica determinan a resposta hidrolóxica dos solos, a resistencia destes á erosión e por conseguinte á desagregación e tamén a capacidade de retención de auga. Como derradeiro factor decisivo na resposta dun solo ante unha precipitación é a humidade antecedente do mesmo. Coñecendo este derradeiro factor, podemos regula-lo tempo e a cantidade de choiva necesaria para acadalo punto de saturación e con ilo a súa conductividade hidráulica ( $K_s$ ) que soe presentar a miudo valores inferiores á determinada en condicións de menor contido hídrico.

Podendo pois defini-la erodibilidade como a resistencia que opón un solo á súa desagregación e transporte. Así pois factores coma a textura do solo, a estabilidade dos agregados, a espereza superficial, a pedregosidade superficial, o perfil do solo e a humidade inicial do solo fan mudala erodibilidade.



### .1.7.2.2. A textura das partículas do solo

Canto máis grandes sexan as partículas dun solo, obviamente, máis resistencia ofrecerán ó seu transporte e por outra beira as partículas pequenas, máis doadas de transportar, debido á súa cohesión ofrecen resistencia a ser desagregadas. Os solos con alto contido de areas finas e sedimentos, entre o 40 e 60 %, coma os que describen Richter e Negendank (1977)<sup>304</sup>, son solos moi propensos á erodibilidade. Endebén Evans (1980)<sup>305</sup> introduce a arxila nunhas porcentaxes entre o 9 e 30 por cento, como material moito máis propenso á erodibilidade.

Nos EE.UU. os terreos arabeis con erosión, rexistrábanse preferentemente en solos areosos e limosos, máis como xa advertira Bennett (1939)<sup>306</sup> os solos arxilosos tamén son erosionabeis. Por outra banda en Inglaterra levouse a cabo un estudo moi interesante. Co fin de averiguala importancia que o tamaño das partículas teñen na erosión, estudiáronse mediante análises granulométricos 56 tipos de solos diferentes posteriormente representáronse nun diagrama triangular. Ademais engadíronse, para a súa comparación e ilustración do problema, outra análises realizados para os EE.UU., para Canadá e para a India. Facendo unha valoración global dos resultados Evans (1980)<sup>307</sup>, dixo que os puntos están moi esparcidos no diagrama pero que os solos erosionabeis tiñan un contido en arxila baixo, tendo o 87 % dos solos entre o 9 e 35 % de arxila. Tamén significou (refírome a Evans) que no fato das areas non había solos erosionabeis, e as areas limosas eran finas (53 - 2.000  $\mu\text{m}$ )

En xeral, cando un solo contén máis do 30 e 35 % de composición arxilosa, son solos coherentes e os agregados que os forman recoñécense como moi estabeis, polo que amósanse resistentes ó impacto das pingas de choiva e á erosión por dispersión. Unha arxila é un material que se representa en terróns e nas superficies ásperas acumulan auga e resistense a erosión por arroiada e á laminar. As areas, e as areas limosas de textura grossa, teñen taxas altas de infiltración, e incluso se isto excede nas partículas areosas de

<sup>304</sup>Richter, G.; Negendank, J. F. W. (1977). "Soil erosion..." *opus cit.*

<sup>305</sup>Evans, R. (1980). "Mechanisc of water erosion and their spatial and temporal controls: an empirical viewpoint." En Kirkby, M. J.; Morgan, R. P. C. (Eds.) (1980). *Soil Erosion*. John Wiley and Sons. London.

<sup>306</sup>Bennet, H. H. (1939). *Soil Conservation...*, *opus cit.*

<sup>307</sup>Evans, R. (1980). *Mechanisc of...*, *opus cit.*

máis de 0,3 (300 $\mu$ m) de diámetro non se erosionan doadamente pola auga corrente nen polo impacto das pingas de choiva (Morgan, 1977)<sup>308</sup>. De tódolos xeitos, sobre a influencia desta proporción de arxila (recordo que falamos dunha porcentaxe superior ó 30 e 35 %) non hai acordo total entre os diversos investigadores. Así Bouyoucos (1935)<sup>309</sup> sí fala dunha relación directa entre esta proporción de arxila e as cantidades de erosión. Pero para Bryan (1968)<sup>310</sup> a cantidade de arxila é un índice menos satisfactorio da erosionabilidade do solo que outros índices diferentes. Outros autores que obtiveron correlacións en consenso a esta última tendencia foi Barnett *et al.* (1965)<sup>311</sup>, nembargantes, outros traballos observaron un maior desprendemento de partículas do solo polas pingas da choiva a medida que aumentaba o contido de arxila dos solos Rose (1960)<sup>312</sup>.

Moi importante é coñece-la velocidade de infiltración<sup>313</sup>, segundo os diversos tipos de solo, xa que isto é determinante para o control do factor escoas Withers; Vipond (1974)<sup>314</sup>.

### .1.7.2.3. Os agregados no solo

Xeralizando, é certo que os solos que conteñen unha base de minerais próxima a alta amosan certa tendencia á estabilidade, debido ás propiedades químicas dos minerais. O cal conleva a estabilidade dos agregados. Mais se o solo tende cara a humidade, sóese destruír esa agregabilidade por mor da falla de cohesión precisamente dos agregados. Xa que é normal que a arxila absorve a auga e suavice a cementación producíndose abombamento. Voltando a xeneralizar, diremos que a estabilidade dos agregados do solo depende do tipo de arxila que conteñan. A illita e a esmectita crían axiña agregados, mais as lititas con estruturas máis abertas e tenden ó abombamento con

<sup>308</sup>Morgan, R. P. C. (1977). *Soil erosion...*, *opus cit.*

<sup>309</sup>Bouyoucos, G. J. (1935). "The clay ratio as criterion of susceptibility of soils to erosion." *Journal of the American Society Agronomy* 27. 738 – 751. En Kirkby, M. J.; Morgan, R. P. C. (1980). *Soil Erosion*. John Wiley and Sons. London.

<sup>310</sup>Bryan, R. B. (1968). "The development, use and efficiency of indices of soil." *Geoderma*, 2. 5 –26. . En Kirkby, M. J.; Morgan, R. P. C. (1980). *Soil Erosion*. John Wiley and Sons. London.

<sup>311</sup>Barnett, A. P.; Rogers, J. S.; Holliday, J. H.; Dooley, A. E. (1965). "Serodibility factors for selected soils in Georgia and South Carolina." *Transactions American Society of Agriculture Engineers*. 48. 393 – 395. En Kirkby, M. J.; Morgan, R. P. C. (1980). *Soil Erosion*. John Wiley and Sons. London.

<sup>312</sup>Rose, C. W. (1960). "Soil detachment cause by rainfall" *Soil Science*, 98. 28 – 35. En Kirkby, M. J.; Morgan, R. P. C. (1980): *Soil Erosion*. John Wiley and Sons. London.

<sup>313</sup>Que ven sendo a conductividade hidráulica do solo saturado.

<sup>314</sup>Withers, B.; Vipond, S. (1974). "Irrigation: design...", *opus cit.*

solos húmidos, os cales ó secar vóltese en agregados menos estables que os formados dende a caolinita.

Rai *et al.* (1954)<sup>315</sup> e despois Bryan (1974)<sup>316</sup>, fixeron finca pe en considerar que tendo agregados acuosos e estables, menores de 0,5 mm, un solo suporíase ter un bo índice de erodibilidade. E polo tanto, se o solo posúe unha proporción de agregados alta, será un solo máis propenso á erodibilidade. Xa se apuntou, que un solo onde predomine a area e máis doado de erosionar que outro onde sexa a arxila quen prevalece. Un solo areoso, aséntase encol o solo, producindo un estrato de xeito relativamente rápido, en troques onde prevalece a arxila e a materia orgánica, a actuación dos coloides produce unha estabilidade moi rixida.

Greenland (1971)<sup>317</sup> aportou outros factores, que habitualmente engópanse baixo unha denominación de secundarios, e son moi importantes para entendela estabilidade ou desestabilidade dos agregados. O primeiro factor é que os catións divalentes, como o calcio, reciben unha atadura máis férrea por parte dos coloides que os catións monovalentes, como o sodio. O segundo é que prodúcese unha retención das partículas polos sesquióxidos de ferro e aluminio. E o terceiro factor estriba na retención, que as secrecións das raíces e a descomposición da materia orgánica, producen nas partículas.

Borst e Woodburn (1942)<sup>318</sup>, foron os primeiros en traballar no fenómeno das costras e dos terróns. Da súa aportación, destacan as aseveracións de que as taxas de infiltración nestes solos seguen sendo moi importantes, debido ó seu alto volume de infiltración. Asemade, escribiron que canto maior número de terróns teña a superficie dun solo, menor será a perda, en termos de erosión, por impacto do salpicadura.

---

<sup>315</sup>Rai, K. D.; Raney, W. A.; Vanderford, H. B. (1954). "Some physical factors that influence soil erosion and the influence soil of aggregate size and stability on growth of tomatoes" *Proceedings Soil Science Society American*, 18. 486 – 489. En Kirkby, M. J.; Morgan, R. P. C. (1980). *Soil Erosion*. John Wiley and Sons. London.

<sup>316</sup>Bryan, R. B. (1974). "Water erosion by splash and wash and the erodibility of Alberta soils" *Geographical Annals*, 56A. 159 – 182.

<sup>317</sup>Greenland, D. J. (1971). "Changes in the nitrogen status and physical conditions of soils under pastures; with special reference to the maintenance of Australian soils under pastures; with special reference to the maintenance of Australian soils used for growing wheat." *Soil and Fertilizers*, 34. 237 – 251. En Kirkby, M. J.; Morgan, R. P. C. (1980): *Soil Erosion*. John Wiley and Sons. London.

<sup>318</sup>Borst, H. L.; Woodburn, R.: (1942). "The effect of mulching and methods of cultivation on runoff and erosion from Muskingum silt loam." *Agricultural Engineering*, 23. 19 – 22. En Kirkby, M. J.; Morgan, R. P. C. (1980). *Soil Erosion*. John Wiley and Sons. London.

En 1954, xa Skidmore falaba de que baixo cultivo permanente, a proporción de materia orgánica vai disminuindo ó oxidarse por expansión do aire. Polo que solos areosos e carentes de materia orgánica trócanse en erosionabeis. Smith *et al.* (1954)<sup>319</sup>, xa consideraron como erosionabeis a solos que contiñan menos dun 2 % de materia orgánica, nos Estados Unidos. Ou de novo Greenland *et al.* (1975)<sup>320</sup>, falan de solos inestabeis para as terras baixas inglesas, as cales, por certo, posuían un 3,5 por cento de materia orgánica.

Existe un estudo sen publicar (Soil Survey), moi citado por diversos autores, sobre 110 solos das terras baixas arabeis de Inglaterra e Gales. Evans (1980)<sup>321</sup>, facendo acopio do susodito estudo, publicou a Táboa nº 11 na cal obsérvase a correlación positiva entre o contido de materia orgánica e as fraccións de arxila e limo fino.

**Táboa 10** *Correlacións entre propiedades dos solos, en 110 localidades inglesas e galesas.*

TIPO DE MATERIAL, GROSOR E CAUSA DA PERDA	ARXILA: PÉRDIDA POR COMBUSTIÓN	LIMO FINO (2-20µ m): PÉRDIDA POR COMBUSTIÓN	>20 µ: PÉRDIDA POR COMBUSTIÓN
COEFICIENTE DE CORRELACIÓN *	0,753	0,479	- 0,601

Son todos significativos ó 0,1 por cento

Pódese mirar unha correlación positiva entre materia orgánica e arxila e limos finos, maior correlación cas arxilas que cos limos finos (os limos finos conteñen material inerte sen case partículas minerais finas de arxila) e non existe correlación con materiais maiores das 20 µ.

Finalmente Nestroy (1993)<sup>322</sup> chega á conclusión de que a estabilidade nos agregados do solo teñen un nidio carácter estacional, así decrece ésta durante a primavera e aumenta no verán. Asemade indica que trala colleita a estabilidade estrutural do solo volta a decrecer<sup>323</sup>.

<sup>319</sup>Smith, R. M.; Henderson, R. C.; Tippit, O. J. (1954). "Summary of Soil and Water Conservation Research from the Blackland Experimental Station (Temple, Texas)" *Texas Agricultural Experimental Station. Bulletin* Nº 781. 54. En Kirkby, M. J.; Morgan, R. P. C. (Eds.) (1980). *Soil Erosion*. John Wiley and Sons. London.

<sup>320</sup>Greenland, D. J.; Rimmer, D.; Payne, D. (1975). "Determination of the structural stability class of English and Welsh soils, using a water coherence test." *Journal of Soil and Science*. 26. 294 – 303. En Kirkby, M. J.; Morgan, R. P. C. (Eds.) (1980). *Soil Erosion*. John Wiley and Sons. London.

<sup>321</sup>Evans, R. (1980): "Mechanisc of..." *opus cit.*

<sup>322</sup>Nestroy, O. (1993). "On the question of aggregate stability of soils." En Wichrek, S. (Ed.) *Farm Land Erosion: In Temperate Plains Environment and Hills* (Proceedings of the International Symposium on Farm Land Erosion, Paris). 107 – 109.

<sup>323</sup>Sen dúbida debido ó positivo efecto da vexetación durante o período de vexetación e ó negativo impacto durante da maquinaria durante o laboreo.

#### **.1.7.2.4. Rugosidade do solo**

Evans (1980)<sup>324</sup>, falou da aspereza en relación ós comentarios obtidos dun estudo en tres solos diferentes, publicado por Kirby; Morgan (1984)<sup>325</sup>. Partindo da obviedade de que tras un período de labra a superficie do solo é áspera e grosera, os solos de arxila acentúan isto se a labra foi a traveso dunha arada. Polo que, neste intre, pódese almacenar unha cantidade de auga importante denantes que principie a escoa. Seguindo o comentario xurdido pola observación do perfil, Evans describe que trala labra, os solos arxilosos dobran ós solos limo-arxilosos-areosos na súa capacidade de volume para almacear auga. Nunha labranza tradicional, tras un cultivo pódese permanécer por un tempo sen labra-lo solo, e para logra-la desintegración dos terróns realízase algún dos diferentes tipos de arada, e a superficie terá un aspecto máis suave para sementar. É agora, cando hai menos aspereza, e xusto coincide ca mínima diferenza da arxila respecto a os outros solos, na súa capacidade de almacenamento de auga.

Outra conclusión interesante, é que unha superficie de arxila, labrada en inverno, dobrega na súa capacidade de almacenamento á mesma superficie, pero labrada agora na primavera. A razón esgrimida é o menos tempo, por mor do ciclo de cultivos, de que dispoñen os terróns para o seu despedazamento.

#### **.1.7.2.5. Comprensibilidade**

A comprensibilidade mecánica dos solos arabeis, considérase como vital para o crecemento das plantas, e está afectada por factores internos e externos dos solos (Horn, 1988)<sup>326</sup>.

#### **.1.7.2.6. Pedregosidade superficial**

Lamb *et al.* (1950)<sup>327</sup> foron os primeiros en escribir que os solos pedregosos son menos excitabeis ás perdas de solo. Xa non é só que as pedras protexan ó solo senón que

<sup>324</sup>Evans, R. (1980). “Mechanisc of...,” *opus cit.*

<sup>325</sup>Kirkby, M. J.; Morgan, R. P. C. (1980). *Soil Erosion...*, *opus cit.*

<sup>326</sup>Horn, R. (1988). “Compressibility of arable land”. *Cattena Supplement*, 11. 53 – 71.

<sup>327</sup>Lamb, J.; Carleton, E. A.; Free, G. R. (1950). “Effect of past management and erosion of soil on fertilizer efficiency.” *Soil Science*, 385 – 392.

segundo McIntyre (1958)<sup>328</sup> nos bordes das pedras da auga rezuma cara dentro, polo que aumenta a infiltración. No caso de provocarse algún tipo de erosión, por regueiros ou entre-regueiros basicamente, prodúcese un proceso xeomorfolóxico coñecido como pilares ou pedestais. Significativo das perdas de solo.

#### **.1.7.2.7. Perfil do solo**

Centrándonos no eido da erosión exclusivamente nos pastizais o grao de desenrolo dunha estrutura resultaba ser un factor primordial á hora de decidir na erodibilidade do solo. Asemade no coñecido como horizonte de labranza, e determinante o feito de que nos atopemos perto del. Así, atopándonos unha base rochosa resistente só se verán formacións identificadas con arrosos pequenos, pero no caso dunha materia orgánica sen consolidar, poden manifestarse as cárcavas. Como ocorre, de abondo, en solos onde sobrancean as areas e gravas.

#### **.1.7.2.8. Humidade inicial do solo**

Como axioma dise que cando un solo xa estaba húmido e logo volve a chover sobre el, acádase con máis prontitude a súa taxa de infiltración final. Ademais é frecuente apreciar en múltiples gráficas, que a correlación entre o que se erosiona e a cantidade de choiva determinada depende precisamente desa taxa de infiltración. Calcula-la humidade antecedente sempre foi un problema, excepto no caso de que se poida calcular con exactitude as taxas de evapotranspiración nos cultivos e logo relacionar isto cunha exactitude razoabel. Aínda hai investigadores como Evans (1980)<sup>329</sup>, que opinan que o calculo da humidade antecedente ou inicial non son moi exactos e máis difícil aínda determinala súa verdadeira influencia nas perdas de solo por erosión.

#### **.1.7.2.9. Os efectos da pendente: ángulo, lonxitude e forma**

##### **.1.7.2.9.1. Ángulo da pendente**

A erosión, normalmente, increméntase segundo se escalona a pendente e tamén cando

<sup>328</sup>McIntyre, D. S. (1958). "Permeability measurements of soil crust formed by raindrop impact." *Soil Science*, 85. 185 – 189.

<sup>329</sup>Evans, R. (1980). "Mechanisc of..." *opus cit.*

aumenta a lonxitude da pendente, á súa vez como resultado do incremento da velocidade e do volume da escoa superficial (Morgan, 1986)<sup>330</sup> - <sup>331</sup>. Namentras, encol unha superficie plana as pingas con partículas de solo salpican hacia tódolos lados e de xeito relativamente aleatorio, encol unha superficie inclinada a salpicadura tende máis cara ladeira abaixo que cara ladeira ariba, polo que se aumenta progresivamente o escalonamento da ladeira e polo tanto aumentará tamén o esparcemento do solo ladeira a baixo Ellison (1944)<sup>332</sup>. A relación entre erosión e a pendente expresouse mediante a seguinte expresión:

$$Q_s \propto \tan^m \theta \times L^n \quad (4)$$

na cal:

**Q<sub>s</sub>** é a relación entre erosión e pendente,

**θ** é o ángulo do gradiente,

**L** é a lonxitude da pendente.

Zingg (1940)<sup>333</sup>, tras acadar datos procedentes de cinco parcelas experimentais, chegou á conclusión de que a relación citada para a anterior expresión; tiña a seguinte fórmula:

$$Q_s \propto \tan^{1,4} \theta \times L^{0,6} \quad (5)$$

onde temos que **Q<sub>s</sub>** exprésase por unidade de área.

Nembargantes, as relacións do ángulo da pendente ca erosión laminar e por arrosos ou *rill erosion* son equívocas, aínda que cando se trata de ecuacións destinadas a predecir

<sup>330</sup>Morgan, R. P. C. (1986). *Soil Erosion...*, opus cit.

<sup>331</sup>Traducción propia.

<sup>332</sup>Ellison, W. D. (1944): "Two devices for measuring soil erosion." *Agricultural Engineering*, 25. 53 – 55.

<sup>333</sup>Zingg., A. W. (1940). "Degree and length of land slope as it affects soil loss in runoff. *Agricultural Engineering* 21 59 – 64.

la erosión, suponse que o ángulo da pendente é relevante á hora de coñecer as perdas de solo, como xa adiantaran Wischmeier e Smith (1965)<sup>334</sup>. Os valores promedios publicados para os expoñentes utilizados nestas ecuacións resultaron dunha serie de investigacións desenvolvidas no campo e no laboratorio por Wischmeier *et al.* (1958)<sup>335</sup>.

O aumento da erosión non depende sempre de que aumenta a inclinación da pendente, como xa demostraron Lillard *et al.* (1941)<sup>336</sup> e Neal (1938)<sup>337</sup>. O certo é que adopta haber un aumento da erosión pola pendente cando esta oscila entre o 5 e o 10 por cento.

#### **.1.7.2.9.2. Lonxitude e forma da pendente**

Musgrave (1947)<sup>338</sup> e Wischmeier e Smith (1965)<sup>339</sup> determinaron que a medida que a lonxitude da pendente aumenta as perdas de solos son máis notables. Posteriores estudos así o confirmaron. Nembargantes outros investigadores presentaron traballos que desconfirmaban tal aseveración<sup>340</sup>, en especial o publicado por (Lal 1976, 1981)<sup>341</sup> -<sup>342</sup>. Agora ben, non se pode esquecer que a maior parte dos datos para chegar a estas conclusións foron extraídos de experimentos empíricos realizados en parcelas cunha lonxitude restrinxida, e as pendentes das parcelas variaron de tal xeito que se dificultaba a súa análise cara unha correlación axeitada.

#### **.1.7.3. A incidencia da extensión da cobertura vexetal sobre a erosión**

Predecir a erosión e a sedimentación basándose na calidade da extensión da cobertura

<sup>334</sup>Wischmeier, W. H.; Smith, D. D. (1965). "Predicting Rainfall – erosion Losses from Cropland East of the Rocky Mountains." *United States Department of Agricultural. Agricultural Handbook* N° 282. Washintong, D. C. 47.

<sup>335</sup>Wischmeier, W. H.; Smith, D. D.; Umland, R. E. (1958). "Evaluation of..." *opus cit.*

<sup>336</sup>Lillard, J. H.; Rogers, H. T.; Elson, J. (1941). "Effects of Slope, Character of Soil, Rainfall and Cropping Treatments on Erosion Losses from Dummore Silt Loam." *Virginia Agricultural Experimental Station. Technical Bulletin*, N° 72. En Kirkby, M. J.; Morgan, R. P. C. (Eds.) (1980). *Soil Erosion*. John Wiley and Sons. London.

<sup>337</sup>Neal, J. H. (1938). "The effect of the degree of slope and rainfall characteristics on runoff and soil erosion." *Agricultural Experimental Station. Research Bulletin* N° 280. 47.

<sup>338</sup>Musgrave, G. W. (1947). "The quantitative evaluation of factors in water erosion: a first approximation." *Journal of Soil and water Conservation*, 2. 133 – 138.

<sup>339</sup>Wischmeier, W. H.; Smith, D. D. (1965). "Predicting Rainfall – erosion..." *opus cit.*

<sup>340</sup>Xa que o tempo de concentración é maior en pendentes longas o cal permite mais tempo de infiltración.

<sup>341</sup>Lal, R. (1976). "Soil erosion problems on an alfisol in western Nigeria and their control." *IITA Monograph* N° 1. En Morgan, R. P. C. (1996): *Erosión y Conservación del Suelo. Mundi – Prensa Libros. Madrid.*

<sup>342</sup>Lal, R. (1981). "Analyses of different processes governing soil erosion by water in the tropics." *Erosion and Sediment Transport measurement (Proceedings of the Florence Symposium. International Association of Hydrological Sciences*, 133. 351 – 364.



vexetal e do volume da masa vexetativa e do laboreo suxétase a un erro pola variación do tempo e do espazo. Os solos poden estar nun proceso de deteriorado ou nunha fase de recalificación, a cal variará as taxas de erosión e sedimentación no tempo. Unha escoa en regueiros ou en carcavas pode provocar un alto risco para o hábitat humano e por suposto unha ampla erosión en zoas de campo. Ó mesmo tempo que a erosión por unha escoa que circule ladeira a baixo soe presentar unha alta cantidade de sedimentos que oscilan en relación co tempo e a cunca na que se atope a ladeira en cuestión. O que está fora de toda dúbida, é que unha boa cuberta de vexetación mingua as perdas de solo (Trimble, 1990)<sup>343</sup>.

A importancia da vexetación, tanto cualitativa como cuantitativamente, no momento de interceptar unha precipitación é fundamental xa que afecta ó balance de auga dunha área, é polo tanto á cantidade de escoa previsibel. Unha choiva miúda encol unha masa vexetal densa, chega ó solo, pasando de estrato en estrato vexetal. Así pois, a cantidade de interceptación pola cobertoira vexetal depende, sobremaneira, das características propias das precipitacións e da natureza da cobertoira.

Non se pode ignora-las importantes diferencias que existen entre unha cobertoira de árbores con follas caducas (onde a súa cobertoira oscila obstensiblemente non só xa durante o seu crecemento, senón tamén dependendo da estación do ano) e outra de árbores tipo coníferas, que manteñen unha follaxe constante ó longo de tódo o ano. Asemade, as diferencias segundo o tipo de cobertoira que sexa son moi relevantes. Non é o mesmo que estemos a falar de árbores, arbustos, herbáceos ou cultivos. Acéptase, iso sí, falando en xeral que canto máis denso sexa a cobertoira vexetal maior será a súa interceptación. É cando se fala de cobertoira vexetal, non se fai só no referente ás copas de calquera masa vexetal, faise tamén referencia ós restos de pólas e leña. A intensidade da cuberta vexetal para os cultivos agrícolas varía co tipo de cultivo, a densidade de plantación e a duración do crecemento da planta segundo a estación que sexa e a súa relación cas precipitacións (por exemplo, tense comprobado que durante o crecemento dun cultivo como a alfalfa intercétase máis a choiva que o que intercepta un bosque.

---

<sup>343</sup>Trimble, S. W. (1990). "Geomorphic Effects of Vegetation Cover and Management: Some Time and Space Considerations In Prediction of Erosion and Sediment Yield." En Thornes, J. B. (Ed.) (1990). *Vegetation and Erosion. Process ad Environments*. John Wiley and Sons. England.

E tal o papel que xoga a interceptación dunha cuberta vexetal, que incluso as escoas laminares vense modificadas segundo a corteza correspondente sexa máis ou menos rugosa. O mesmo ocorre ca orientación das polas dos árbores, estas ó estar mirando cara enriba aportan máis escoas laminares, polo xeral, que as polas orientadas de xeito horizontal. Realmente a importancia da interceptación segundo a cobertura, é realmente decisiva á hora de predecir unha cantidade de auga aportada a un bosque ou cultivo.

Profundizando un pouco máis, cando unha pendente está completamente cuberta por unha masa vexetal os escurrimentos son escasísimos comparándoos ós dunha pendente sen vexetación; Bennet (1939)<sup>344</sup> cifrounos nun 5 por cento. Pero, cando a pendente non está completamente cuberta Copeland (1965)<sup>345</sup> falaba dun 30 % sen vexetación a escoa e a erosión incrementábase de xeito notorio. En medios semiáridos, tanto a escoa como as perdas do solo aumento de xeito proporcional á cantidade de terreo espido. As cantidades de solo erosionado non se relacionan tanto ca escoa como cas proporcións de solo desnudo, xa que as partículas desprendidas habitualmente non alcanzan todas os fluxos de auga, posto que soen quedar retidas en diaclasas, en pedras ou plantas a modo de muros de contención ou mesmo no fondo dos vales.

Os profesores López Cadenas de Llano e Blanco Criado continuando as investigacións de García Nájera e en concordancia cos índices de protección aportados pola F.A.O. determinaron unhas índices de protección do solo a traveso da vexetación.

**Táboa 11** *Índices de protección del suelo por la vegetación, tomado de López Cadenas de Llano e Blanco Criado (1968)*<sup>346</sup>.

<b>Tipo de vexetación</b>	<b>Estado da vexetación</b>	<b>Pendente</b>	<b>Índices de protección</b>
<b>Agrícola</b>	Cultivos agrícolas sen prácticas de conservación.	-3 Pendente superior á do arrastre total.	0,0
		-2 Pendente comprendida entre a de iniciación da erosión e a do arrastre total.	0,5
		-1 Pendente inferior á da iniciación da erosión.	0,9

<sup>344</sup>Bennet, H. H. (1939). *Soil Conservation...*, opus cit.

<sup>345</sup>Copeland, O. L. (1965). "Land use and ecological factors in relation to sediment yields." En *Proceedings of the Federal Inter – Agency Station Conference. United States Department of Agricultural.* Washintong, D. C. Nº 970. En Kirkby, M. J.; Morgan, R. P. C. (Eds.) (1980). *Soil Erosion.* John Wiley and Sons. London.

<sup>346</sup>López Cadenas De Llano, P.; Blanco Criado, M. (1968). *Aspectos cualitativos y cuantitativos de la erosión hídrica y del transporte y depósito de materiales.* I.F.I.E. Madrid.

<b>Agrícola</b>		-1 Pendente inferior á da iniciación da erosión	1
	Cultivos agrícolas con prácticas de conservación.	e 2 Pendente comprendida entre a de iniciación da erosión e a do arrastre total.	
		-3 Pendente superior á do arrastre total.	0,3

Da interpretación dos datos aportados na Táboa 11 obtéñense as seguintes conclusións:

- a. A vexetación arbórea e arbustiva protexe o solo para calquera valor da pendente. (sempre e cando teña unha certa densidade)
- b. As terras con cultivos agrícolas, sen prácticas de conservación, considéranse estabéis en pendentes inferiores ás da iniciación da erosión.
- c. Para valores de pendente comprendidos entre a iniciación da erosión e a pendente de arrastre total, a estabilización so é posibel mediante prácticas de conservación do solo adecuadas.
- d. A cobertura herbácea, aínda con valores cercanos ó 100 % de protección, só é garante de estabilidade en pendentes inferiores ó 30%.

Recoñecendo a importancia que xogan as distintas cobertoiras, ben sexan as das fragas ou as das herbáceas, nós aquí centrarémonos no papel que xoga este factor nos cultivos. Segundo o cultivo troca a máis denso desminúe a erosión, e esta erosión mingua máis se as plantas cubren o 30 % da superficie, segundo Elwell; Stocking (1976)<sup>347</sup>. Smith *et al.* (1945)<sup>348</sup> demostraron que existen máis perdas de solos en cultivos labrados en sucos que outros cultivos máis altos en planta e labrados sen cabalón, como os cereales. Sen dúbida, porque a pinga de auga ó caír volta a coller velocidade e produce erosión laminar e mesmo salpicadura (Kontornshchikov; Eremina, 1963)<sup>349</sup>

**Táboa 12** *Interceptación da precipitación rexistrada por diversos cultivos. Os datos foron acadados por Lull (1964) tras previo encargo do Departamento de Agricultura dos Estados*

<sup>347</sup>Elwell, H. A.; Stocking, M. A. (1976). "Vegetal cover to estimate soil erosion in Rhodesia." *Geodema* 15. 61 – 70. En Morgan, R. P. C. (1996): *Erosión y Conservación del Suelo*. Mundi – Prensa Libros. Madrid.

<sup>348</sup>Smith, R. M.; Whirr, D. M.; Zingg, A. W.; McCall, A. G.; Bell, F. G. (1945). "Investigations in erosion Control and reclamation of rroded shelby and related soils." *United States Department of Agricultural*. Washintong, D. C. N° 883. En Kirkby, M. J.; Morgan, R. P. C. (Eds.) (1980). *Soil Erosion*. John Wiley and Sons. London.

<sup>349</sup>Kontornshchikov; Eremina, (1963) tomado de Zachar, D. (1982). *Soil Erosion...*, *opus cit.*

CULTIVO	ESTACIÓN DE ALTO CRECEMENTO		BAIXO CRECEMENTO	
	PRECIPITACIÓN (mm)	INTERCEPTACIÓN (mm)	INTERCEPTACIÓN (%)	INTERCEPTACIÓN (%)
Alfalfa	275	98	36	22
Millo	181	28	16	3
Soxa	158	23	15	9
Avena	171	12	7	3

**Táboa 13** Estudo feito en Rusia, sobre a interceptación dos diversos cultivos segundo o periodo estacional Kontorshchikov; Eremina (1963).

CULTIVOS	PERIODO DE MEDIDAS	INTERCEPTACIÓN COMO UNHA PORCENTAXE DE CHOIVAS GROSERAS
Trigo de primavera	Estación de crecemento	10-35
Centeo (50-150 cm h)	-	4-6
Soxa	Xullo	16
Soxa	Agosto	23

Zachard (1982)<sup>350</sup> explica como a partires das investigacións feitas en Eslovaquia dedúcese que o cultivo de cereais de inverno, entre os meses de abril e maio, proporcionan unha adecuada protección ós efectos dos intensos chaparróns. Sen embargo outros cultivos cun ciclo de crecemento máis tardío, son moito menos efectivos na protección do solo, especialmente os tubérculos e o millo.

**Táboa 14** Estudo feito en Eslovaquia sobre a porcentaxe de protección que efectúan diferentes tipos de cultivos. Modificado de Zachard (1982)<sup>351</sup>.

Tipo de cultivo	Porcentaxe de protección (%)
Patacas e millo	0
Cereais de primavera	30 – 20
Viñedos adultos	70 – 60
Cereais de inverno	97 – 95
Pastizais	< 99

Zachard (1982) propuxo unha clasificación a respecto da análises realizada dende varias fontes de datos.

**Táboa 15** Taxas de porcentaxes de protección que efectúan diferentes tipos de cultivos. Modificado de Zachard (1982)<sup>352</sup>.

Tipo de cultivo	Porcentaxe de protección (%)
Barbeito ou terreo espío	0

<sup>350</sup>Zachard, D. (1982). *Soil erosion...*, opus cit.

<sup>351</sup>Zachard, D. (1982). *Soil erosion...*, opus cit.

<sup>352</sup>Zachard, D. (1982): *Soil erosion...*, opus cit.

Hortalizas con manexo frecuente	10 – 20
Remolacha azucareira e millo para gran	15
Tubérculos	20 – 50
Cereais de primavera	50 – 70
Cereais de inverno	65 – 95
Pastizais dun ano	95 – 99
Pastizais con máis dun ano	99,5

Do publicado por Zachar na Táboa 14 débese ter en conta que os límites aportados dependen do clima e pola condición do cultivo. En xeral obsérvase como calquera cultivo, en calquera fase do seu crecemento, a súa taxa de protección determinase pola cantidade de masa vexetal ou polo *canopy* do cultivo. Aínda así os cultivos cun crecemento lento e tardío ou que requiren dun manexo continuado teñen unha taxa de protección contra a erosión moi reducida.

## **.1.8. Pendente máxima admisibel para cultivar**

### **.1.8.1. Teoría de García Nájera**

García Nájera (1962)<sup>353</sup> determinou a porcentaxe de pendente máxima sobre a cal un cultivo é admisibel. Para ilo partíu dunha serie de supostos a cerca das escoas que descenden por unha ladeira en forma de lámina de auga. Como explica Mintegui Aguirre (1990)<sup>354</sup> unha vez determinada *W* experimentalmente realizouse un proceso operativo no laboratorio de Hidráulica Torrencial do I.F.I.E. co seguinte resultado:

- a. Ningunha terra de labor pode soportar unha pendente superior ó 18 % sen que ilo provoque a formación de erosión en cárcavas, formación de cárcavas e o arrastre total.
- b. A erosión laminar intensa desátase en pendentes comprendidas entre o 10 e 12 %.
- c. A iniciación da erosión laminar por arrastre das partículas máis finas acontece para pendentes de entre o 2 e 3 %.

Así pois, as leiras non deben ter pendentes superiores á definida como arrastre total.

<sup>353</sup>García Nájera, J. M. (1962). *Principios de Hidráulica Torrencial y sus Aplicaciones a la Corrección de torrentes*. I.F.I.E. 2º Edición. Madrid.

<sup>354</sup>Mintegui Aguirre, J. A. (1990). *La ordenación agrohidrológica en la planificación*. Servicio Central de Publicaciones del Gobierno Vasco. Gasteiz.

Incluso deben ser tanto menores este límite, canto que a pende nte de iniciación da erosión sexa menor (Mintegui Aguirre, 1990)<sup>355</sup>.

#### **.1.8.1.1. As taxas tolerabeis de perdas de solo**

##### **.1.8.1.1.1. Conceptualización do problema**

Dicir que hai unha perda de 1 mm de solo ó ano, non ten excesiva transcendencia para o noso concepto temporal como homes; máis esa cantidade é profundamente significativa para o tempo xeolóxico<sup>356</sup>. Aínda por riba se falamos non de erosión implícitamente senón de conservación do solo, ó non protexelo elimínase a capa superficial dun solo determinado. Dita superficie ten moita materia orgánica e fraccións minerais digamos que moi finas con valores fundamentais no crecemento dunha planta.

Logo pensando en xeracións vindeiras é moral, e debería ser ético intentar que as taxas de erosión non se disparen durante a nosa existencia nuclear; ó menos dun xeito superior á capacidade de renovación que de maneira natural ten un solo. Arestora, e avogando a prol do chamado intemperismo químico, estase a planificar que unha perda aceptabel xire entre cero con dous e un milímetro por ano. O intemperismo químico servenos para medios semiáridos. Pero cando falamos de solos húmidos e a súa agricultura o equilibrio entre a erosión mecánica do solo e a creación mecánica do mesmo debe analizarse con máis rigurosidade. Porque un dos factores primordiais no incremento da erosión nun solo é o aumento do fluxo superficial (escoas); se este é maior evidentemente o fluxo subsuperficial será menor polo que descenda a cantidade de material disolto que se elimina. Polo que o intemperismo químico que actúa no sustrato rochoso (e produce novo solo) redúcese algo tamén. Isto dito doutro xeito, enténdese que toda erosión conleva unha redución da formación de solo novo.

##### **.1.8.1.1.2. Diferentes taxas de T - factor**

Cuantifica-la importancia das perdas de solo dun proceso morfoxenético por acción antrópica derivada da actividade agrícola, permíte arbitrar medidas tendentes a modera-

<sup>355</sup>Mintegui Aguirre, J. A. (1990). *La ordenación...*, opus cit.

<sup>356</sup>un milímetro por ano son mil metros nun millón de anos.

las prácticas humanas que xeneran taxas de perdas de solo superiores á velocidade de formación do solo<sup>357</sup>. Para afrontar esta disxuntiva varios investigadores propuxeron diferentes taxas segundo os hábitats onde se analize este proceso. Os *T – factor* principias reflíctense na Táboa 16.

**Táboa 16** Principales factores de tolerancia para las pérdidas de suelo.

<i>T – factor</i> en Tm. ha ano	Características	Referencia
< 4,92	Taxa > é dañina para as plantas	Schultze (1952) <sup>358</sup>
1,24 – 14,84	Calculado para os EE.UU.	Smith; Stamey (1965) <sup>359</sup>
12,5	Baséase na USLE	Hudson (1976) <sup>360</sup>
2,5 - 12,5	USLE	Wischmeier; Smith (1978) <sup>361</sup>
10 – 12,5	10 Tm. ha ano en solos areosos 12, 5 tm ha ano en solos arxilosos	Federación Centroamericana
5 - 25	Para Gran Bretaña	Kirkby (1980) <sup>362</sup>
4	Para Nixeria e en <i>shallow tropical soils</i>	Lal (1980) <sup>363</sup>
< 10	Ningunha ou lixeira 0,6 mm ano Codificación 1	F.A.O., P.N.U.M.A. e U.N.E.S.C.O. (1980) <sup>364</sup>
10 - 50	Moderada 0,6 – 3,3 mm ano Codificación 2	
50 - 200	Alta 3,3 – 13,3 mm ano Codificación 3	
> 200	Moi alta > 13,3 mm ano Codificación 4	
< 6,15	En consonancia con Schultze	Zachar (1982) <sup>365</sup>
5	Para Zimbawe en <i>granitic sandy soils</i>	Elwell (1984) <sup>366</sup>

<sup>357</sup>Na literatura científica coñécese como *T – factor* e será o termo principal que se use, de aquí en adiane.

<sup>358</sup>Taxa obtenida do texto de Zachar (1982). *Soil erosion...*, *opus cit.*

<sup>359</sup>Taxa obtenida do texto de Zachar (1982). *Soil erosion...*, *opus cit.*

<sup>360</sup>Hudson, N. W. (1976). *Soil Conservation...*, *opus cit.*

<sup>361</sup>Wischmeier, W. H.; Smith, D. D. (1978). “Predicting rainfall erosion losses”. *USDA Agricultural Research Service Handbook 537*.

<sup>362</sup>Kirkby, M. J. (1980). “The problem...”, *opus cit.*

<sup>363</sup>Lal, R. (1980). “Soil conservation: preventive and control measures” *Conservation* 80, 21 – 25. National College Agricultural Engineering. Silsoe.

<sup>364</sup>FAO – PNUMA – UNESCO (1980). *Metodología provisional para la evaluación de la degradación de los suelos*. FAO. Roma.

<sup>365</sup>Zachar, D. (1982): *Soil erosion...*, *opus cit.*

<sup>366</sup>Elwell, H. A. (1984). “Sheet erosion from arable land in Zimbabwe: prediction and control” *Challenges in African Hydrology and Water resources (Proceedings of the Hararc Symposium, July 1984)*. International Association of Hydrological Sciences, Publ. 144. 429 – 438.

<b>1</b>	Solos con 30 cm de profundidade.	
<b>5</b>	Solos entre 30 e 60 cm de profundidade.	Schwertmänn (1986) <sup>367</sup>
<b>10</b>	Solos entre 60 e 100 cm de profundidade.	
<b>15</b>	Solos superiores a 100 cm de profundidade.	
<b>11,2</b>	Solos en xeral	F.A.O. (1988) <sup>368</sup>
<b>11,9 – 2,2</b>	Solos entre 150 cm e 2,2 cm de profundidade	Moreira (1991) <sup>369</sup>
<b>10</b>	Para Kenya	Ongwenyi <i>et al.</i> (1993)
<b>3,5 - 12</b>	Por el <i>Bureau of Soils of the Philippines</i>	Heusch (1993) <sup>370</sup>
<b>13</b> <b>&lt; 13</b>	En ambientes tépedos e húmidos. Suelos del <i>Mediterranean belt</i> , con tasas menores de meteorización.	Poesen; Hooke (1997) <sup>371</sup>
<b>19,3</b>	Solo con > 120 cm de profundidade e 25 cm de profundidade de horizonte A	Igwe (1999) <sup>372</sup>
<b>21,6</b>	Solo con 60 cm de profundidade e 20 cm de profundidade de horizonte A	
<b>21,6</b>	Solo con > 71 cm de profundidade e 10 cm de profundidade de horizonte A	
<b>21,5</b>	Solo con 185 cm de profundidade e 35 cm de profundidade de horizonte A	
<b>21,5</b>	Solo con 185 cm de profundidade e 26 cm de profundidade de horizonte A	
<b>21,5</b>	Datos aportados ao <i>central easter</i> de Nixeria, polo seu autor. A práctica común é cultivo rotacional.	

Kirkby (1980)<sup>373</sup>, admite que unha perda de 1.000  $\mu\text{m}$  por ano (24,7 Tm. ha ano) para Gran Bretaña<sup>374</sup>

Este valor encádrase dentro dos solos onde sobrancea a grava que a solos de cultivo, dado que  $p_s = 1$  supón un solo non intemperizado.

Zachar (1982)<sup>375</sup> tralos seus estudos fixo unha proposta para clasificar as perdas de solo con usos agrícolas e afectadas polo axente erosivo coñecido como erosión laminar.

<sup>367</sup>Schwertmänn, U. (1986) "Soil erosion: extent, prediction and protection in Bavaria" In Chisci, G. e Morgan, R. P. C. (Eds.). *Soil Erosion in the European Community. Impact of Changing Agriculture, 185 – 200. Commission of the European Communities. Directorate – General for Agriculture, Coordination of Agricultural Research.* A. A. Balkema. Rotterdam.

<sup>368</sup>FAO - UNESCO. (1988). *Soil Map of the World: Revised Legend FAO Soil Resources.* Report 60, Rome.

<sup>369</sup>Moreira, J. (1991). *Capacidad de uso y erosión de suelos.* Agencia de Medio Ambiente de Andalucía.

<sup>370</sup>Heusch, B. (1993). "Soil erosion in catchments and experimental plots on Java (Indonesia) and Luzon (The Philippines)" *Soil Technology*, 6: 191 – 202.

<sup>371</sup>Poesen, J. W. A.; Hooke, J. M. (1997). "Erosion, flooding and channel management in Mediterranean environments of southern Europe". *Progress in Physical Geography*, 21: 2, 157 – 1999.

<sup>372</sup>Igwe, C. A. (1999). "Land use and soil conservation strategies for potentially highly erodible soils of central – eastern Nigeria" *Land Degradation and Development*, 10: 425 – 434.

<sup>373</sup>Kirkby, M. J. (1980). "The problem" ..., *opus cit.*

<sup>374</sup>Proporcionando un solo no cal  $p_s = (1000)/(1000 \cdot 25) = 25$

<sup>375</sup>Zachar, D. (1982). *Soil erosion*..., *opus cit.*



**Táboa 17** Clasificación do grao de erosión producido por erosión laminar en solos cultivados.

grado	Tm. ha ano	clasificación da erosión	anos necesarios para desmantelar 20 cm de <i>topsoil</i>
1	< 0,61	insignificante o <i>very slight erosion</i>	-
2	0,61 – 6,15	suave o <i>slight erosion</i>	400
3	6,15 – 18,45	media o <i>moderate erosion</i>	400 – 133
4	18,45 – 61,5	severa o <i>serious erosion</i>	133 - 40
5	61,5 – 246	moi severa o <i>severe erosion</i>	40 - 10
6	> 246	catastrófica o <i>catastrophic erosion</i>	instantáneamente

Modificado de Zachar (1982).

As taxas aportadas na Táboa 17 explicanse segundo os seguintes puntos (Zachar, 1982):

- 1) Por baixo de 0,61 Tm. ha ano, califícase como erosión tenue ou fêbel que se pode considerar como benigna.
- 2) Entre os valores de 0,61 e 6,15 Tm. ha ano, a erosión defínese como suave ou de intensidade intermedia. Os nutrientes absorbidos polos cultivos en 400 anos son reemplazados facilmente pola aplicación de fertilizantes.
- 3) Os valores comprendidos entre 6,15 e 18,45 a, a erosión é moderada ou media. Con estas taxas os cultivos toman unha cantidade de nutrientes similar ós levados pola erosión, polo que para mantene-la fertilidade dun solo hai que suministra-lo dobre de fertilizantes que para o caso da erosión con intensidade media.
- 4) A erosión severa conleva un serio risco para o solo, xa que o horizonte A sería desmantelado durante unha xeneración humana. A taxa de nutrientes perdida multiplica varias veces a que poida aporta-la vexetación. O abonado das terras para contrastar isto é absolutamente imprescindible.
- 5) A erosión moi severa produce a destrución do solo nun período de tempo reducido, incluso tras varias treboadas excepcionales concentradas nunha época estacional determinada.
- 6) Por último a erosión catastrófica destrúe de forma inmediata o estratos superior formado polo *humus*, con taxas comprendidas entre 1.230 e 2.460 Tm. ha ano

### **.1.9. Métodos para o coñecemento da erosión hídrica**

Tódolos métodos e os seus posteriores desenvolvementos en xeito de modelos presentan unha fronteira, ás veces, pouco nidia o que pode conlevar a súa interrelación entre eles

(Almorox *et al.* 1994)<sup>376</sup> ou mesmamente é posibel a súa combinación como xa demostrara Flacke *et al.* (1990)<sup>377</sup>, a pesares do xa publicado por Chisci (1981)<sup>378</sup> encol a validación entre os modelos experimentais e os matemáticos. Nembargantes, a meirande parte dos autores hoxe en día, pretenden simplifica-los parámetros e acadar deles o maior número de información posibel, fuxindo de inserir factores novos ou seminovos. Así evítanse complicacións para obter resultados fiabeis e que inda por riba na maioría das veces -o traballo empírico así o demostrou- son de moi complicada obtención Soto González (1993)<sup>379</sup>.

O esquema clásico proposto por Almorox *et al.* (1994)<sup>380</sup> é o que posteriormente se aplica<sup>381</sup>. Ná década dos anos 90, principalmente, foron vendo a luz variados modelos clasificados segundo a súa aplicación: a escala de campo ou de conca (ver Táboa 18)

**Táboa 18** Principales modelos erosivos

Escala	Modelo	Nome do Modelo	Referencias
Campo	<b>MIRTSKHOULAVA</b>	<i>Mirtskhoulava Model Prediction</i>	Mirtskhoulava (1970) <sup>382</sup>
Campo	<b>USLE</b>	<i>Universal Soil Loss Equation</i>	Wischmeier; Smith (1978) <sup>383</sup>
Campo	<b>CREAMS</b>	<i>Chemicals, Runoff And Erosion From Agricultural Management Systems</i>	Knisel (1985) <sup>384</sup>
Campo	<b>EPIC</b>	<i>Erosion – Productivity Impact Calculator</i>	Williams (1985) <sup>385</sup>
Conca	<b>SHE(DK)</b>	<i>Système Hydrologique Européen</i>	Abbot <i>et al.</i> (1986) <sup>386</sup>

<sup>376</sup>Almorax, J.; Antonio, R.; Saa, A.; Díaz, M. C.; Gascó, J. M. (1994). *Métodos de estimación de la erosión hídrica*. Editorial Agrícola Española, S. A. Madrid.

<sup>377</sup>Flacke, W.; Auerswald, K.; Neufang, L. (1990). “Combining a modified universal soil loss equation with a digital terrain model for computing high resolution maps of soil loss resulting from rain wash”. *Catena*, 17. 383 –397.

<sup>378</sup>Chisci, G. (1981). “Upland erosion: evaluation and measurement.” *Erosion and sediment Transport Measurement* (Proceedings of the Florence Symposium). IAHS, 133. 331 – 349.

<sup>379</sup>Soto González, B (1993). *Influencia de los incendios forestales en la fertilidad y erosionabilidad de los suelos de Galicia*. Universidade de Santiago. Tesis Doutoral. (inédita)

<sup>380</sup>Almorax, J.; Antonio, R.; Saa, A.; Díaz, M. C.; Gascó, J. M. (1994). *Métodos de..., opus cit.*

<sup>381</sup>Aquí só describiremos os métodos máis importantes admitindo o risco de que a miña susceptibilidade non sexa obxectiva, mais considero que actualmente nos vindeiros anos a división será entre métodos aplicabeis a unha escala de campo e métodos aplicabeis a unha escala de conca.

<sup>382</sup>Mirtskhoulava, Ts. E. (1970). “Water erosion, factors conditioning it and methods of prognosis.” *Proceedings International Water Erosion Symposium*. Praga.

<sup>383</sup>Wischmeier, W. H.; Smith, D. D. (1978). *Predicting Rainfall Erosion Losses*. United States Department of Agriculture Agriculture Handbook N° 537.. Washington, D. C. 58.

<sup>384</sup>Knisel, W. G. (1980). “CREAMS: a field scale model for chemicals, runoff and erosion from agricultural management systems.” *United States Department of Agricultural. Conservation Research Report 26*.

<sup>385</sup>Williams, J. R. (1985). “The physical components of the EPIC model” En EL – Swaify, S. A.; Moldenhauer, W. C.; LO, A. (Eds.) (1985): *Soil Eroision and Conservation*. Soil Conservation Society of America. Ankey, IA. 272 – 284.

Conca	<b>ACRU</b>	<i>Agricultural Catchments Research Unit Model</i>	Schulze (1989) <sup>387</sup>
Conca	<b>AGNPS</b>	<i>Agriculture Non – Point Source Pollution Model</i>	Young <i>et al.</i> (1989) <sup>388</sup>
Campo	<b>GLEAMS</b>	<i>Groundwater Loading Effects Of Agricultural</i>	Kniesel (1991) <sup>389</sup>
Campo	<b>EUROSEM</b>	<i>European Soil Erosion Model</i>	Morgan (1993) <sup>390</sup> ; Quinton (1994) <sup>391</sup> ; Morgan <i>et al.</i> (1998) <sup>392</sup> .
Conca	<b>EUROSEM</b>	<i>European Soil Erosion Model</i>	Morgan (1993) <sup>393</sup> ; Quinton (1994) <sup>394</sup> ; Morgan <i>et al.</i> (1998) <sup>395</sup> .
Conca	<b>KINEROS2</b>	<i>Kinematic Runoff And Erosion Model</i>	Smith <i>et al.</i> (1995) <sup>396</sup> .
Campo	<b>CSEP</b>	<i>Climatix Index For Soil Erosion Potential</i>	Kirkby e Cos (1995) <sup>397</sup> .
Campo	<b>WEPP</b>	<i>Water Erosion Prediction Project</i>	Lane <i>et al.</i> (1988) <sup>398</sup> ; Nearing <i>et al.</i> (1989) <sup>399</sup> ; Flanagan e Nearing (1995) <sup>400</sup> ; Wide Web 2002 <sup>401</sup>

<sup>386</sup>Abbot, M. B.; Bathurst, J. C.; Cunge, J. A.; O'Connell, P. E.; Rasmussen, J. (1986a). "An introduction to the European Hydrological System –Système Hydrologique Eoropéen "SHE", 1: History and physically based, distributed modelling system." *Journal of Hydrologie*, 87, 45 – 49.

<sup>387</sup>Schulze, R. (1989). "ACRU: background, concepts and theory." *Agriculture Catchments Research Unit. Department of Agriculture Engineering*. South Africa. Report 35.

<sup>388</sup>Young, R. A.; Onstad, C. A.; Bosch, D. D.; Anderso, W. P. (1989). "AGNPS: a nonpoint – source p model for evaluating agricultural watersheds." *Journal of Soil and Water Conservation* 44 (2). 168 – 173.

<sup>389</sup>Knisel, W. G. (1991). "CREAMS / GLEAMS: a development overview." En Beasley, D. B.; Knisel, W. G.; Rice, A. P. (Eds.) (1991). *Proceedings of the CREAMS / GLEAMS Symposium*. Agricultural Engineering Department. Athens, GA. Publication 4. USA 9 – 17.

<sup>390</sup>Morgan, R. P. C.; Quinton, J. N.;Rickson, R. J. (1993). *EUROSEM user guide versión 3.1*. Silsoe College. Cranfield University. Silsoe. UK.

<sup>391</sup>Quiton, J N. (1994). "Validation of physically – based models, with particular reference to Eurosem." En Rickson, R. J. (Ed.) (1994). *Conserving Soil Resources: European Perspectives*. CAB International. Cambridge. 300 – 313.

<sup>392</sup>Morgan, R. P. C.; Quinton, J. N.; Smith, R. E.; Govers, G.; Poesen, J. W. A.; Auerswald, K.; Chisci, G.; Torri, D.; Styczen, M. E. (1998). "The European Soil Erosion Model (EUROSEM): a dynamic approach for predicting sediment transport from fields and small catchments." *Earth Surface Processes and Landforms*. 23. 527 – 544.

<sup>393</sup>Morgan, R. P. C.; Quinton, J. N.;Rickson, R. J. (1993). *EUROSEM user...*, *opus cit.*

<sup>394</sup>Quiton, J N. (1994). *Validation of...*, *opus cit.*

<sup>395</sup>Morgan, R. P. C.; Quinton, J. N.; Smith, R. E.; Govers, G.; Poesen, J. W. A.; Auerswald, K.; Chisci, G.; Torri, D.; Styczen, M. E. (1998). *The European...*, *opus cit.*

<sup>396</sup>Smith, R. E.; Goodrich, D.C.; Woolhiser, D. A.; Unkrich, C. L. (1995). "KINEROS: a kinematic runoff and erosion model." En Singh, V. J. (Ed.) (1995). "Computer Models of Watershed Hydrology." *Water Resources Publications*. 687 – 732.

<sup>397</sup>Kirkby, M. J.; Cox. N. J. (1995). "A climatic index for soil erosion potential (CSEP) including seasonal and vegetation factors." *Catena* 25 (1 – 4). 333 – 352.

<sup>398</sup>Lane, L. J.; Schertz, D. L.; Alberts, E. E.; , J. M.; Lopes, V. L. (1988). "The US National Proyect to develop improved erosion prediction technology to replace the USLE." *Sediment Budgets*. IAHS Publications 174. 473 – 481.

<sup>399</sup>Nearing, M. A.; Foster, G. R.; Lane, L. J.; Finkner, S. C. (1989). "A process – based soil erosion model for USDA Water Erosion Prediction Project Technology." *Transactions American Society of Agricultural Engineers* 32. (5) 1587 – 1593.

<sup>400</sup>Flanagan, D. C.; Nearing, M. A. (1995). "USDA Water Erosion Prediction Project: Hillslope Profile and Watershed Model Documentation." *National Soil Erosion research Laboratory*. USDA – ARS. Report 10. USA.

<sup>401</sup>World Wide Web <http://solis.ecn.purdue.edu2002>

Conca	<b>LISEM</b>	<i>Limburg Soil Erosion Model</i>	De Roo <i>et al.</i> (1996a) <sup>402</sup> , (1996b) <sup>403</sup> De Roo; Jetten (1999) <sup>404</sup> Takken <i>et al.</i> (1999) <sup>405</sup> .
Conca	<b>EROSION3D</b>	<i>3D Erosion Model</i> <sup>406, 407</sup>	Von Werner e Schmidt (1997) <sup>408</sup> .
Conca	<b>MOSES</b>	<i>The Modular Soil Erosion System</i>	Gelnn A. Weissies <sup>409</sup>
Conca	<b>MEDALUS</b>	<i>Medalus Model Program</i>	Brand eThornes <i>et al.</i> (1996) <sup>410</sup>
Conca	<b>SHETRAN</b>	<i>Shetran</i>	Bathurst <i>et al.</i> (1996)
Conca	<b>MEDRUSH</b>	<i>Soil Erosion Model Associated with MEDALUS Project</i>	Kirkby (1998) <sup>411</sup> .
Conca	<b>SWRRB</b>	<i>Simulator for Water Resources in Rural Basins</i>	Arnold <i>et al.</i> (1990) <sup>412</sup> .
Conca	<b>AGNPS98</b>	<i>Continuous Simulation Versión of AGNPS Model</i>	AGNPS98.html <sup>413</sup>
Campo	<b>PRISM</b>	<i>Parameter – elevation Regressions on Independent Slopes Model</i>	Daly <i>et al.</i> (1994) <sup>414</sup> , prism_new.html <sup>415</sup>
Campo	<b>GUESS</b>	<i>Griffith University Erosion Sedimentation System</i>	Rose <i>et al.</i> (1983) <sup>416</sup>
Conca	<b>MUSLE</b>	<i>Modified Universal Soil Loss Equation</i>	Williams (1975) <sup>417</sup> ; Williams; Berndt (1977) <sup>418</sup> . Dissmeyer;

<sup>402</sup>Roo (De), A. P. J.; Wesseling, C. G.; Ritsema, C. J. (1996a). "LISEM: a single event physically – based hydrology and soil erosion model for drainage basins: I Theory, input and output." *Hydrological Processes* 10 (8). 1107 – 1117.

<sup>403</sup>Roo (De), A. P. J.; Offermans, R. J. E.; Cremers, N. H. D. T. (1996b). "LISEM: a single event physically – based hydrology and soil erosion model for drainage basins: II Sensitivity analysis, validation and application." *Hydrological Processes* 10 (8). 1119 – 1126.

<sup>404</sup>Roo (De), A. P. J.; Jetten, V. G. (1999). "Calibrating and validating the LISEM model for two data sets from the Netherlands and South Africa." *Catena* 37, 477 – 493.

<sup>405</sup>Takken, I.; Beuselinck, L.; Nachtergaele, J.; Govers, G.; Poesen, J.; Degraer, G. (1999). "Spatial evaluation of a physically – based distributed erosion model (LISEM)." *Catena* 37, 431 – 447.

<sup>406</sup><http://www.geog.fuberlin.de-erosion>

<sup>407</sup><http://www.ioez.tu-freiberg.de/-erosion>

<sup>408</sup>Von Werner, M.; Schmidt, J. (1997). "EROSION 2D / 3D. Ein Computermodell zur Simulation der Bodenerosion durch Wasser. Band III: EROSION 3D." *Modellgrundlagen, Bedienungsanleitung. Hrsg.: Sächsische Landesanstalt für Landwirtschaft, Sächsisches Landesamt für Umwelt und Geologie.*

<sup>409</sup><http://www.soils.ecn.purdue.edu/7Emeyerc/MOSES>

<sup>410</sup>Brandt, C. J.; Thornes, J. B., Eds, (1996). *Mediterranean Desertification and Land Use*. Wiley. Chichester.

<sup>411</sup>Kirkby, M. J. (1998). "Modelling across scales: the MEDALUS family of models." En Boardman, J.; Favis – Mortlock, D. T. (Eds.) (1998): *Modelling Soil Erosion by Water*. NATO ASI I – 55. 161 - 174.

<sup>412</sup>Arnold, J. G.; Williams, J. R.; Nicks, A. D.; Sammons, N. B. (1990). "SWRRB: a basin scale simulation model for soil and water resources management." *Texas A & M University Press. USA.*

<sup>413</sup><http://www.sedlab.olemiss.edu/AGNPS98.html>

<sup>414</sup>Daly, C.; Neilson, R. P.; Phillips, D. L. (1994). "Astatistical – topographical model for mapping climatological precipitation over mountainous terrain." *Journal of Applied Meteorological*. 33. (2) 140 – 158.

<sup>415</sup>[http://www.ocs.orst.edu/prism/prism\\_new.html](http://www.ocs.orst.edu/prism/prism_new.html).

<sup>416</sup>Rose, C. W.; Williams, J. R.; Sander, G. C.; Barry, D. A. (1983): "A mathematical model of soil erosion and deposition process. I Theory for a plane element." *Soil Science Society of America Journal* 47. 991 – 995.

<sup>417</sup>Williams, J. R. (1975). "Sediment – yield with universal equation using runoff energy factor." *United States Department of Agricultural. ARS – S – 40. en Present and prospective ology for predicting sediment yields and sources: Proceedings of the sediment – yield workshop.* 244 – 252.

<sup>418</sup>Williams, J. R.; Berndt, H. D. (1977). "Sediment Yield Prediction Based on Watershed Hydrology." *Transacotons of the ASAE*, Vol. 20, 6. 1100 – 1104.

Conca	<b>SEMMED</b>	<i>Soil Erosion Model for Mediterranean Regions</i>	Foster (1983) <sup>419</sup>
Campo	<b>SLEMSA</b>	<i>Soil Loss Estimator for Southern Africa</i>	Elwell (1977) <sup>420</sup> Elwell (1978a) <sup>421</sup>
Campo	<b>MÉTODO DE MORGAN</b>	<i>Método de Morgan, Morgan; Finney</i>	Morgan <i>et al.</i> (1984) <sup>422</sup>
Campo	<b>dUSLE</b>	<i>differentiated Universal Soil Loss Equation</i>	Flacke <i>et al.</i> (1990) <sup>423</sup>
Campo	<b>RUSLE</b>	<i>Revised Universal Soil Loss Equation</i>	Renard <i>et al.</i> (1991) <sup>424</sup>
Campo	<b>RUSLE2</b>	<i>Revised Universal Soil Loss Equation</i>	Rusle2 <sup>425</sup>
Campo	<b>PSIAC</b>		Cremaschi; Rodolfi (1991) <sup>426</sup>
Campo	<b>CORINE</b>	<i>Soil Erosion Risk and Important Land Resources</i>	CEC (1992) <sup>427</sup>
Conca	<b>Método AOF</b>	<i>Aplicación USLE a concas</i>	Onstad e Foster (1975) <sup>428</sup>

Outra clasificación moi recurrida por varios estudosos foi a proposta por Gregory, Walling (1973)<sup>429</sup> que agrupaba os modelos en tres tipos<sup>430</sup>.

A avaliación actual, de cambio global, dos modelos erosivos vai paralela ós *meetings*<sup>431</sup> auspiciados pola *International Geosphere – Biosphere Programme – Global Change and Terrestrial Ecosystems* (IGBP – GCTE) Soil Erosion Network (Ingram *et al.* 1996)<sup>432</sup> (Valentin *et al.* 1998)<sup>433</sup>. Da análises pormenorizada destas xuntanzas Victor

<sup>419</sup>Dissmeier, G. E.; Foster, G. R. (1983). *Modifying the universal soil loss equation for forest land*. In El-Swaify, S. A.; Moldenhauer, W. C.; Lo, A. (1983). *Soil Erosion and Conservation*. Soil Conservation Society of America, Iowa. 480 – 495.

<sup>420</sup>Elwell, H. A. (1977). "Soil loss estimation system for southern Africa." *Department of Conservation and Extension, Research Bulletin N° 22*. Rodesia. Tomado de Morgan, R.P.C. (1996). *Erosión y ... Opus cit.*

<sup>421</sup>Elwell, H. A. (1978a). "Modelling soil losses in Southern Africa." *Journal of Agricultural Engineering Research* 23: 117 – 127.

<sup>422</sup>Morgan, R. P. C.; Morgan, D. D. V.; Finney, H. J. (1984). "A predictive model for the assesment of soil erosion risk." *Journal of Agricultural Engineering Research* 30. 245 – 253.

<sup>423</sup>Flacke, W.; Auerswald, K.; Neufang, L. (1990). "Combining a modified universal soil loss equation with digital terrain model for computing high resolution maps of soil loss resulting from rain wash." *CATENA*, Vol. 17. 383 – 397.

<sup>424</sup>Renard, K. G.; Foster, G. R.; Weesies, G. A.; Porter, J. P. (1991). "RUSLE: Revised universal soil loss equation." *Journal of Soil and Water Conservation*. 46. 30 – 3.

<sup>425</sup><http://bioengr.ag.utk.edu/rusle2/>

<sup>426</sup>Cremaschi, M.; Rodolfi, G. (1991). *Il suolo. La nuova Italia Scientifica. Roma*.

<sup>427</sup>CORINE – CEC (Comision Of The European Communities) (1992). *CORINE soil erosion risk and important land resources. A assesment to evaluate and map the distribution of land quality and soil erosion risk*. Office for official publications of the Eupean Communities. EUR 13233. Luxemburgo.

<sup>428</sup>Onstad, C. A.; Foster, G. R. (1975). "Erosion modelling on a Watershed." *Transacotons of the ASAE*, Vol. 18, 2. 288 – 292.

<sup>429</sup>Gregory, K. J.; Walling, D. E. (1973). *Drainage basin form and process*. Ldon. Edward Arnold.

<sup>430</sup>O modelo físico, analóxico e dixital que podía ser con base física, estocástico ou empírico.

<sup>431</sup>En 1995 en Oxford e publicado posteriormente en Boardman, J.; Favis – Mortlock, D. T. (1998). *Modelling Soil Erosion by Water. NATO – ASI I – 55*. Springer. Berlin. 531 ., en 1997 na *Faculty of Geographical Sciences* na *Utrecht University* e na *Technical University of Prague* en 1997.

<sup>432</sup>Ingram, J. S. I.; Lee, J. J.; Valentin, C. (1996). "The GCTE soil erosion network: a multi – participatory research program." *Journal of Soil and Water Conservation*. 51 (5), 377 – 380.

Jetten *et al.* (1999)<sup>434</sup> destacan tres conclusións:

- a. Namentras os resultados absolutos non son bos os seus coeficientes de correlación si ofrecen resultados relativos aceptabeis<sup>435</sup>.
- b. Predeci-las escoas cun modelo espacial nunha cunca a escala é importante para a súa correcta e posterior predicción na *net output*.
- c. Os coñecementos previos acerca dos trocos na estrutura do solo por actividades agrícolas ou climáticas mellorarán os *input* e polo tanto os resultados da modelización.

As anteriores reflexións complementan o publicado, neste senso, anteriormente por Quinton (1997)<sup>436</sup>.

- a. A calibración é imprescindible na maioría dos modelos e a súa fiabilidade aumenta se se calibra durante os eventos analizados.
- b. Os modelos predicen mellor as descargas totais que os picos da descarga; á súa vez ámbolos dous son mellor preditos que a descarga de sedimento.
- c. Os resultados medios a longo prazo son moito mellor preditos e fiabeis que os resultados para tempos concretos en xeral, se ben pode haber excepcións.

### **.1.9.1. Métodos cualitativos**

Son métodos concebidos para ponderar unha serie de parámetros que se tomen en conta, o seu campo de acción estivo básicamente pensado na cartografía<sup>437</sup> (Moreira Madueño 1991)<sup>438</sup>.

---

<sup>433</sup>Valentin, C. (1988). "Towards an improved predictive capability for soil erosion under global change." En Boardman, J.; Favis – Mortlock, D. T. (Eds.) (1998): *Modelling Soil Erosion by Water*. NATO – ASI I – 55. Springer. Berlin. 7 – 17.

<sup>434</sup>Victor Jetten, A.; Ad De Roo, B.; David Favis – Mortlock, C. (1999). "Evaluation of field – scale ad catchment – scale soil erosion models." *Catena* 37. 521 – 541.

<sup>435</sup>Neste senso son moi interesadas as conclusións publicadas por Nearing, M. A. (1998). "Why soil erosion models over – predict large soil losses." *Catena* 32.15 – 22.

<sup>436</sup>Quinton, J. N. (1997). "Reducing predictive certainty in model simulations: a comparison of two methods using the European Soil Erosion Model (EUROSEM)." *Catena* 30. 101 – 117.

<sup>437</sup>Se ben é sabido que disponse ademais de fotografía aérea, imaxes de satélite e técnicas de análise multispectral.

<sup>438</sup>Moreira Madueño, J. M. (1991). *Capacidad de uso y erosión de suelos. Una aproximación a la evaluación de tierras en Andalucía*. Junta de Andalucía. Agencia de Medio Ambiente. Sevilla.



En España foron varias as investigacións para determina-la erosión hídrica mediante o método cualitativo, un bo resume deles atópase no publicado por Almorox *et al.* (1994)<sup>439</sup>

Dous son os modelos cuantitativos máis usados.

#### **.1.9.1.1. O modelo erosión – deposición para solos sometidos a un réxime de cultivos**

Foron as investigacións de (Gallardo, 1989,<sup>440</sup> 1992)<sup>441</sup> as que concluíron que nun terreo cultivado a erosión agudízase no rego e máis nas zonas de deposición, afectando ó horizonte A que é removido cada vez que se labra.

#### **.1.9.1.2. O proxecto Soil Erosion Risk and Important Land Resources**

Mediante o emprego dun Sistema de Información Xeográfica (SIG) o programa CORINE é o exemplo máis coñecido para a recolleita de información encol as calidades do solo, os riscos de erosión, a súa procesación e o desenvolvemento dun método capaz de permitir tomar decisións de política medioambiental nos países do sur de Europa CORINE – CEC (1992)<sup>442</sup>. A súa aplicación a respecto da erosión hídrica faise a traveso dos índices PSER (*Potential Soil Erosion Risk*) e ASER (*Actual Soil Erosion Risk*)

#### **.1.9.2. Métodos cuantitativos**

Cuantifica-la erosión pódese facer directa ou indirectamente e tódolas ferramentas das cales se dispón até a data de hoxe, foron froito da progresiva preocupación polo problema e son unha resposta ao problema (López Bermúdez, 2003)<sup>443</sup>

<sup>439</sup>Almorax, J.; De Antonio, R.; Saa, A.; Díaz, M. C.; Gascó, J. M. (1994). *Métodos de...*, *opus cit.*

<sup>440</sup>Gallardo, J. (1989). *Usos y conservación de suelos. ITGM. Ingeniería Geoambiental.*

<sup>441</sup>Gallardo, J. (1992). *Método para la evolución de la erosión en tierras agrícolas por medio del perfil edáfico.* In *Métodos y Técnicas para el estudio de procesos de erosión.* C.S.I.C. Centro de Ciencias Medioambientales. Madrid.

<sup>442</sup>CORINE – CEC (COMISION OF THE EUROPEAN COMMUNITIES) (1992). *CORINE soil ...*, *opus cit.*

<sup>443</sup>López Bermúdez, F. (2003). “Erosionando la Erosión. Herramientas para Evaluar la Pérdida de Suelo “ En *Bienes, R.; Marqués, M. J. (eds) Perspectivas de la Degradación del Suelo. I Simposio Nacional sobre Control de la erosión y Degradación del Suelo.* Edición Forum Calidad. Madrid.

### .1.9.2.1. Métodos cuantitativos directos

Existen tres métodos xenéricos para a cuantificación da erosión: primeiro de xeito directo, segundo mediante ensaios e terceiro seguindo parámetros asociados. Os instrumentos para a súa realización aparecen na Táboa 20.

**Táboa 19** *Métodos cuantitativos de estimación directa*

<b>Método Cuantitativo</b>	<b>Instrumentos para a cuantificación</b>	<b>Bibliografía</b>
<b>Directo</b>	Agullas de erosión	Sancho, C.; Benito, G.; Gutiérrez, M. (1991) <sup>444</sup>
<b>Directo</b>	Perfiladores microtopográficos	Sancho, C.; Benito, G.; Gutiérrez, M. (1991) <sup>445</sup>
<b>Directo</b>	Medida de espesor dos sedimentos	Kreznar <i>et al.</i> (1992) <sup>446</sup>
<b>Directo</b>	Medida do fluxo da auga e sedimentos	Sancho, C.; Benito, G.; Gutiérrez, M. (1993) <sup>447</sup>
<b>Ensaio</b>	Parcelas de erosión	Sancho, C.; Benito, G.; Gutiérrez, M. (1993) <sup>448</sup>
<b>Ensaio</b>	Simuladores de choiva	Sala, M.; Gallart, F. (Eds.) (1988) <sup>449</sup>
<b>Parámetros asociados</b>	Técnica do Cesio 137	Cuadernos Técnicos (1995) <sup>450</sup>
<b>Parámetros asociados</b>	Redistribución do C orgánico	Kreznar <i>et al.</i> (1992) <sup>451</sup>

Para un maior coñecemento integral dos métodos cuantitativos en España é obrigado consulta-lo catálogo publicado pola Red RESEL<sup>452</sup>.

### .1.9.2.2. Métodos cuantitativos indirectos

Un modelo para simula-la realidade ten que coñecer o mellor posible os procesos concretos e as leises físicas que os xeneran, a elo achégase cunha medida en que sexa posibel aproximar rigurosamente un modelo matemático e outro físico a través do

<sup>444</sup>Sancho, C.; Benito, G.; Gutiérrez, M. (1991). *Agullas de erosión y perfiladores microtopográficos*. Cuadernos Técnicos de la S.E.G., 2.

<sup>445</sup>Sancho, C.; Benito, G.; Gutiérrez, M. (1991). *Agullas de...*, *opus cit.*

<sup>446</sup>Kreznar, W. R.; Olson, K. R.; Johnson, D. L. (1992). "Field Evaluation of Methods to Estimate Soil Erosion." *Soil Science*. Vol. 153, Nº 1.

<sup>447</sup>Sancho, C.; Benito, G.; Gutiérrez, M. (1993). *Medidas de flujos de agua y sedimentos en parcelas experimentales*. Cuadernos Técnicos de la S.E.G., 6.

<sup>448</sup>Sancho, C.; Benito, G.; Gutiérrez, M. (1993). *Medidas de...*, *opus cit.*

<sup>449</sup>Sala, M.; Gallart, F. (Eds.) (1988). *Métodos y Técnicas para la Mediación en el Campo de Procesos Geomorfológicos*. Cuadernos Técnicos de la S.E.G., 1.

<sup>450</sup>Navas, A. (1995). *Cuantificación de la erosión mediante el radioisótopo cesio 137*. Cuadernos Técnicos de la S.E.G., Nº 8. Geofoma Ediciones, Logroño.

<sup>451</sup>Kreznar, W. R.; Olson, K. R.; Johnson, D. L. (1992). "Field Evaluation..." *opus cit.*

<sup>452</sup>Rojo Serrano, L.; Sánchez Fuster, M. C. (1997). Red de Estaciones Experimentales de Seguimiento y Evaluación de la Erosión y la Desertificación. Catálogo de Estaciones 1997. Ministerio de Medio Ambiente.



método empírico (Almorox *et al.* 1994)<sup>453</sup>.

### .1.9.2.3. Métodos cuantitativos para a avaliación indirecta da erosión hídrica mediante modelos estatísticos

Singh *et al.* (1988)<sup>454</sup> analizou os modelos estatísticos<sup>455-456</sup> e definiunos, basicamente, por ser sinxelos<sup>457</sup>.

#### .1.9.2.3.1. Modelo Fournier

A ecuación de Fournier (1960)<sup>458</sup> avalía a degradación específica mediante dous factores: o clima e o relevo. Para chegar a establecelo coñecido coma “índice de agresividade climática de Fournier”.

$$F = \frac{p^2}{P} \quad (6)$$

onde:

**F** é o factor de Fournier,

**p** é a precipitación caída no mes máis chuvioso (mm),

**P** é a precipitación anual (mm)

As maiores aportacións ó seu entendemento e extrapolación ceais sexan as saídas do estudo de Guerra (1985)<sup>459</sup> e o de Almorox *et al.* (1992)<sup>460</sup>. Nembargantes Mitchell e Bubenzer (1980)<sup>461</sup> e Moreira (1991)<sup>462</sup> dudan da viabilidade desta función se ben con

<sup>453</sup>Almorax, J.; Antonio, R.; Saa, A.; Díaz, M. C.; Gascó, J. M. (1994). Métodos de..., *opus cit.*

<sup>454</sup>Sing, V. P.; Krstanovic, P. F.; Lane, L. J. (1988). “Stochastic models of sediment yield.” En Aderson, M. G. (Ed.) (1988): *Modelling Geomorphological Systems*. John Wiley & Sons. London.

<sup>455</sup>López Bermúdez inclúe dentro desta clasificación o modelo de Flaxman (1972)

<sup>456</sup>López Bermúdez, F. (2003). Erosionando la... *opus cit.*

<sup>457</sup>Algo obvio en por si ó partires dunha ecuación de regresión.

<sup>458</sup>Fournier, F. (1960). *Climat et...*, *opus cit.*

<sup>459</sup>Guerra, J. (1985). *Estudio de un modelo estocástico de precipitaciones en la Comunidad de Madrid. Aplicaciones hidrogeológicas y geodinámicas*. Publicaciones del Instituto Nacional de Meteorología . A – 109. Madrid.

<sup>460</sup>Almorox, J.; Saa, A.; Antonio, R.; Gasco, J. M. (1992). “Aplicación del factor de Fournier modificado para la estimación de la erosividad.” III *Congreso Nacional de la Ciencia del Suelo*. Pamplona.

<sup>461</sup>Mitchell, J. K.; Bubenzer, G. D. (1980). “Estimación de la pérdida del suelo.” En Kirkby, M. J.; Morgan, R. P. C. (Eds) (1980): *Soil Erosion*. Limusa, México.

<sup>462</sup>Moreira Madueño, J. M. (1991). “Capacidad de...” *opus cit.*

diferentes matices<sup>463</sup>.

### .1.9.2.3.2. Modelo de Djorovic

Mediante parámetros representativos da precipitación, clima, relevo, solo e vexetación calculase unha degradación específica<sup>464</sup> (Djorovic; Gravidovic, 1974)<sup>465</sup>.

$$W = T \times Z^{3/2} F \quad (7)$$

onde:

**W** é o caudal sólido medio en m<sup>3</sup> /ano,

**T** é a temperatura ( $T = ((tm / 10) + 1)^{0.5}$ ),

**F** é a superficie da conca (km<sup>2</sup>),

**Z** é o coeficiente da intensidade e extensión da erosión (segundo o solo, vexetación e relevo)<sup>466 467</sup>

### .1.9.2.3.3. Modelo de Jansen e Painter

Modelos aplicabeis a cuncas maiores de 5.000 km<sup>2</sup> segundo a súa climatoloxía e topografía *Jansen; Painter* (1974)<sup>468</sup>.

#### Clima A

$$\log Y = 4,354 + 1,527 \log D - 0,302 \log A + 0,296 \log Lr - 3,417 \log T \quad (7b)$$

#### Clima B

<sup>463</sup>Mitchell e Bubenzer opinan que este índice só é aplicable a cuncas cunha superficie maior ós 2.000 km<sup>2</sup> e Moreira di que non é válido.

<sup>464</sup>O seu cálculo aplicase para calcular primordialmente o caudal sólido nas presas.

<sup>465</sup>Djorovic, M.; Gravidovic, S. (1974). *Quantitative classification of torrent waterways*. Institute for Forestry and Wood Industry (Referido en MOPU, 1985)

<sup>466</sup>**Z** é unha media ponderada dos solos (**y**); cobertura vexetación (**X**) e do estado erosivo (**Θ**); **s** é a pendente media da conca.  $Z = y \cdot X \cdot (\Theta + s)^{0.5}$

<sup>467</sup>Os valores dos coeficientes de **Z** para a ecuación saen duna táboa de valores publicada por Álvarez en 1981 e reproducida en varios manuais.

<sup>468</sup>Jansen, J. M. L.; Painter, R. B. (1974). "Predicting sediment yield from climate and topography." *Journal of Hydrology*, 21, 4.

$$\log Y = 12,133 - 0,34 \log D + 1,59 \log H + 3,704 \log P + 0,936 \log T - 3,49 \log V \quad (8)$$

**Clima C**

$$\log Y = -3,078 + 1,003 \log D + 0,68 \log Lr + 4,287 \log T - 5,031 \log V \quad (9)$$

**Clima D**

$$\log Y = -5,073 + 0,514 \log H + 2,195 \log P - 3,706 \log V + 1,449 \log G \quad (10)$$

onde:

**Y** son os sedimentos t / km<sup>2</sup>,

**A** é a superficie da conca (km<sup>2</sup>),

**D** son as escoas (m<sup>3</sup> / km<sup>2</sup>),

**Lr** é a relación entre o relevo e a lonxitude (m / km),

**T** é a temperatura media anual (°C),

**H** é a altitude sobre o nivel do mar,

**P** é a precipitación media anual (mm),

**V** é un factor de protección da vexetación ( V = 4 Arboredo, V = 3 pradeira, V = 2 estepa, V = 1 deserto),

**G** é a resistividade duna litoloxía á erosión ( G = 3 Paleozoico, G = 5 Mesozoico, G = 6 Cenozoico, G = 2 Cuaternario)

Almorox *et al.* (1994)<sup>469</sup> enumera tres anomalías: no Clima A o volume de sedimentos está inversamente relacionado cá temperatura, no Clima B o volume de sedimentos está inversamente relacionado cás escoas, no Clima C o volume de sedimentos está inversamente relacionados co relevo.

**.1.9.2.3.4. Modelo de Dendy e Bolton**

<sup>469</sup>Almorax, J.; De Antonio, R.; Saa, A.; Díaz, M. C.; Gascó, J. M. (1994). *Métodos de..., opus cit.*

Dendy; Bolton (1976)<sup>470</sup> propuxeron dúas funcións que relacionasen o volume de sedimentos aportados coas escoas e a superficie; a partires das pescudas desenvoltoas en 800 encoros dos *U.S.A*

Cando as escoas son inferiores a 50 mm / ano

$$S = 616,6(Q/50,8)^{0,46} \times [1,43 \quad 0,26 \log(A/2,59)] \quad (11)$$

Cando as escoas son superiores a 50 mm / ano

$$S = 685,79e^{0,11(Q/50,8)} \times [1,43 \quad 0,26 \log(A/2,59)] \quad (12)$$

onde:

**S** son os sedimentos (tn km<sup>2</sup> ano)

**A** é a superficie da conca (km<sup>2</sup>)

**Q** son as escoas medias por ano (mm),

Almorox *et al.* (1994)<sup>471</sup> advirten dos erros que producen a aplicación das funcións en condicións diferentes ás da súa investigación.

#### **.1.9.2.3.5. Modelo de Das e Agarwal**

Mediante un traballo empírico desenvolto nunha conca torrencial do *Himalaya* indio Das; Agarwal (1990)<sup>472</sup> publicaron a seguinte función:

$$\ln[I] = 0,99 \ln[Q] \quad 6,15 \quad (13)$$

onde:

<sup>470</sup>Dendy, F. E.; Bolton, G. C. (1976). "Sediment yield – runoff – drainage area relationships in the United States." *Journal of Soil and Water Conservation*. Vol. 31, nº 6.

<sup>471</sup>Almorax, J.; De Antonio, R.; Saa, A.; Díaz, M. C.; Gascó, J. M. (1994). *Métodos de..., opus cit.*

<sup>472</sup>Das, G.; Agarwal, A. (1990). "Sediment routing for mountainous himalayan regions." *Transactions in Agriculture*. ASAE. Vol. 33 (1) Tomado de Almorox, J *et al.* (1994). *Métodos de ..., opus cit*

I volume de sedimentos ( $m^3$ )

Q volumen de escoas ( $m^3$ )

#### .1.9.2.4. Métodos cuantitativos para a avaliación indirecta da erosión hídrica mediante modelos físicos

As ecuacións predictivas teñen o *handicap* de que os factores do solo e os da precipitación pluvial por un problema de efecto sustractivo non poden multiplicarse entre eles (Kirkby, 1980)<sup>473</sup> - <sup>474</sup>.

Renard (1977)<sup>475</sup> investigou visións alternativas hacia o entendemento da erosión e chegou a falar de tres modelos diverxentes: os modelos de caixa negra ou misterio, os modelos componentes e os modelos estocásticos. Os modelos de caixa negra baseáanse en métodos de regresión múltiple; a reo con logaritmos de produción de sedimentos e outras variabeis para predecir unha expresión similar á USLE. Os modelos estocásticos necesítanse para xenerar unha secuencia de eventos que nos sirva como unha mostra, a cal á súa vez sexa tomada dunha división xa coñecida. Woolhiser; Todorovic (1971)<sup>476</sup> demostraron que poden usarse para predecir a cantidade de sedimentos a producir. Colateralmente, factores como a precipitación pluvial e as escoas poden producirse de modo estocástico e amoldarse a unha expresión de sedimentos ou correlacionarse cunha curva de predicción de sedimentos (Woolhiser; Blinco (1975)<sup>477</sup>.

Cando se investiga nun modelo de predicción física da erosión dun solo, débese ter en conta unha serie de condicionantes mínimos: a eficacia, as limitacións e as escalas. Primeiro hai que intentar que o modelo poida ser eficiente, e para ilo canto maior número de datos e detalles podamos aportar moito mellor. Aínda que é certo que logo

<sup>473</sup>Kirkby, M. J. (1980). "Modelos de Procesos de Erosión Hídrica." En Kirkby, M. J.; Morgan, R. P. C. (Eds) (1980). *Soil Erosion*. Limusa, México.

<sup>474</sup>Como "capacidade de infiltración do solo para xenerar escoas erosivas a partires dunha precipitación pluvial determinada".

<sup>475</sup>Renard, K. G. (1977). "Erosion research and mathematical modelling". En Troy, T. J. (Ed) (1977): *Erosion: Research Techniques, Erodibility and Sediment Delivery*. Geo Abstracts LTD, Norwich.

<sup>476</sup>Woolhiser, D. A.; Todorovic, P. (1971). "A stochastic model of sediment yield for ephemeral streams." *Proceedings USDA International Association for Statistics in the physical Sciences Symposium on Statical Hydrology*. No 1275. United States Department of Agricultural. Washintong, D. C.

<sup>477</sup>Woolhiser, D. A.; Blinco, P. H. (1975). "Watershed sediment yield a stochastic approach." En *Present and Prospective Technology for Predicting Sediment Yields and Sources*. ARS – S – 40. United States Department of Agricultural. Washintong, D. C.

na práctica podemos omitir procesos numéricos tribiales. Agora ben cando se dá o caso en que un proceso secundario fica no ámbito local dominante entón non se pode obviar cando se investiga sobre esa zoa en concreto. De entrada pártese de que atopa-lo modelo ideal é realmente utópico mais, un modelo torna eficaz se maximizamos a súa aplicación a unhos determinados parámetros. Foster e Meyer (1975)<sup>478</sup> a portaron unha solución moi celebrada e usada, a día de hoxe: os modelos de balance de masas, cos cales pódense restrinxir os problemas que conlevan a conservación da masa para o sedimento e a auga, e asemade arranxar o problema que determinadas condicións limítrofes producen nas beiras das parcelas.

Está comprobado como a dispersión de partículas por choiva é máis baixa do que semella, incluso baixo condicións máximas (Kirkby, 1980)<sup>479</sup>, só é notabel na parte superior das parcelas ou preto dos seus límites naturais; lugares onde non se forman regueiros. Quere isto dicir; que só hai alta produción de sedimentos cando se forman regueiros ou *bad lands*.

Até agora o problema da erosión do solo está imbricado ca existencia de rexións de cultivos, se ben é certo que o desenrolo das investigacións permítennos coñece-lo problema erosivo en outros ambientes naturais. Para poder presentar un modelo de produción de sedimentos é fundamental para que os xeomorfólogos poidan estudia-la evolución nos trocos da paisaxe, e isto é basicamente por dous motivos: o primeiro porque son unha fonte importante na comparación da erosión acelerada; e o segundo motivo debido a que unha erosión do solo non acelerada é un proceso eminentemente lento; agora ben, permite ver a evolución e degradación dun ámbito concreto. Con todo isto vemos a importancia duna segmentación que abrangue dende o medio natural até superficies alteradas, superficies cubertas de vexetación e outras descubertas, anacos próximos ás divisións artificiais das parcelas e tamén ladeira a baixo. Se queremos analizar a dinámica dunha paisaxe concreta ou máis ampla, hai que aplicar escalas con valores temporales, dende unhas ducias de minutos até centos ou miles de anos. Tendo en conta estes comentarios quizais se poda construír un modelo erosivo físico.

---

<sup>478</sup>Foster, G. R.; Meyer, L. D. (1975). "Mathematical simulation of upland erosion by fundamental erosion Mechanics." En *Present and Prospective Technology for Predicting Sediment Yields and Sources*. ARS – S – 40. United States Department of Agricultural. Washintong, D. C.

<sup>479</sup>Kirkby, M. J. (1980). "El Problema." En Kirkby, M. J.; Morgan, R. P. C. (Eds.) (1980). *Soil erosion...*, *opus cit.*

Tratando de acadar unha taxonomía lóxica segundo a estrutura que vimos comentando e tamén unha orde cronolóxica cando menos coherente, principiamos pola liberación de partículas pola choiva. En tódolos modelos dise que este factor é proporcional á intensidade da choiva: (Meyer e Wischmeier, 1969)<sup>480</sup>

$$DET = K_1 \times A \times I^2 \quad (14)$$

onde:

**DET** é a taxa de partículas que o solo ceiba,

**K<sub>1</sub>** é a desagregabilidade do solo,

**A** é a área, e

**I** é a intensidade da precipitación.

#### **.1.9.2.4.1. Modelo ANSWERS**

A ecuación 14 foi empregada con posterioridade nun modelo preductivo físico chamado ANSWERS.

Foster *et al.* (1981)<sup>481</sup> propuxeron unha relación que incluía causas vencelladas a factores, chamémoslles externos, ou que incidían moito máis na desagregabilidade dun solo en cuestión.

#### **.1.9.2.4.2. Modelo CREAMS**

A aportación anterior<sup>482</sup> levouse a cabo no *Chemicals, Runoff and Erosion from Agricultural Management Systems* coñecido coma modelo CREAMS Knisel (1980)<sup>483</sup>. O seu obxectivo é coñecer a contaminación química para avaliala e deriva-las súas

<sup>480</sup>Meyer, L. D.; Wischmeier, W. H. (1969). "Mathematical simulation of the process of soil erosion by water." *Transactions American Society of Agricultural Engineers* 12. (6) 754 – 758.

<sup>481</sup>Foster, G. R.; Lane, L. J.; Nowlin, J. D.; Laflen, J. M.; Young, R. A. (1981). "Estimating erosion and sediment yield of field – sized areas." *Transactions. American Society of Agricultural Engineers* 24. (5) 1253 – 1262.

<sup>482</sup>Refírome a Foster (1981)

<sup>483</sup>Knisell, W. G. (1980). "CREAMS: a...," *opus cit. Report* 26.

consecuencias medioambientales<sup>484</sup>. A relación é como se amosa a continuación:

$$D_{ir} = 4,57 \times EI_{30} \times (S + 0,014)K \times C \times P (q_p + q) \quad (15)$$

onde:

$D_{ir}$  é a taxa de liberación das partículas do solo,

$EI_{30}$  é o indicador de erosividade climática definida pola USLE,

$S$  é a pendente,

$K$  é un factor definido na USLE; acerca da erosionabilidade do solo,

$C$  é un factor definido na USLE o cal fai referencia ó manexo dos cultivos,

$P$  é o factor asociado ás practicas de conservación da USLE,

$q_p$  é o volume do pico de escoa e

$q$  é o total de escoa.

#### .1.9.2.4.3. Modelo WEPP

Nearing *et al.* (1989)<sup>485</sup> construíron a expresión que foi adoptada polo *Water Erosion Prediction Project* coñecido como modelo WEPP. Este modelo<sup>486</sup> realizouse pensando na conservación do solo e a auga, na planificación e na avaliación ambiental (Nearing *et al.* 1989)<sup>487</sup>. A ecuación é a seguinte:

$$D_{ir} = K_1 \times I^2 \times C_e \times G_e \times \frac{R_s}{W} \quad (16)$$

na cal:

$K_1$  é a erosionabilidade da área de “*interrill*”,

$C_e$  e que determínase a traveso da expresión  $C_e = 1 - F \cdot e^{-0,34 H}$  é donde  $F$  representa o porcentaxe de solo cuberto pola vexetación e  $H$  é a altura que acadan as coberturas,

<sup>484</sup>Knisell, W. G. (1980). “CREAMS: a...,” *opus cit.*

<sup>485</sup>Nearing, M. A.; Foster, G. R.; Lane, L. J.; Finkner, S. C. (1989). “A process – based...,” *opus cit.*

<sup>486</sup>Cunha función de rempaza-la USLE dos calculos ordinarios.

<sup>487</sup>Nearing, M. A.; Foster, G. R.; Lane, L. J.; Finkner, S. C. (1989). “A process – based...,” *opus cit.*



$G_e$  compete ó factor cobertura por *litter* e *mulch* é exprésase baixo a seguinte denominación  $G_e = e^{-2,5gi}$  e onde  $gi$  é a fracción de solo cuberta por restos vexetais,

$R_s$  é a porción do solo que vese afectada polos *rills*, e

$W$  é o ancho medio dos *rills*

#### .1.9.2.4.4. Modelo EUROSEM

No 1992 naceu un novo modelo: *European Soil Erosion Model* (EUROSEM) (Morgan *et al.* 1993)<sup>488</sup> validado por Quiton (1994),<sup>489</sup> utilizouse para predecir o transporte de sedimentos dende parcelas e pequenas concas (Morgan *et al.*, 1998)<sup>490</sup>. A expresión é a seguinte:

$$DET = k \times KE \times e^{2H} \quad (17)$$

donde:

$k$  é a desagregabilidade do solo

$H$  é a profundidade da capa de auga sobre o solo e

$KE$  é a suma da enerxía cinética que provoca a choiva que pasa a traveso da vexetación ( $KE = 8,95 + 8,44 \log I$ ) e daquela outra que pinga nas follas  $KE = (15,8 \cdot PH^{0,5}) - 5,87$  e na cal  $PH$  é a altura da cobertura vexetal.

Este modelo segue a ser aplicado e desenvolvido en diferentes países europeos: Reino Unido (Quinton *et al.*, 1997)<sup>491</sup>, España (Albadalejo *et al.*, 1994)<sup>492</sup> ou

<sup>488</sup>Morgan, R. P. C.; Quinton, J. N.; Rickson, R. J. (1993). "EUROSEM user...", *opus cit.*

<sup>489</sup>Quiton, J. N. (1994). "Validation of physically – based models, with particular reference to Eurosem." En Rickson, R. J. (Ed.) (1994). "Conserving Soil Resources: European Perspectives." *CAB International*. Cambridge. 300 – 313.

<sup>490</sup>Morgan, R. P. C.; Quinton, J. N.; Smith, R. E.; Govers, G.; Poesen, J. W. A.; Auerswald, K.; Chisci, G.; Torri, D.; Styczen, M. E. (1998). "The European..." *opus cit.*

<sup>491</sup>Quinton, J. N. (1997). "Reducing predictive uncertainty in model simulations: a comparison of two methods using the European Soil Erosion Model (EUROSEM)." *Catena* 30. 101 – 107.

<sup>492</sup>Albadalejo, J.; Castillo, V.; Martínez – Mena, M. (1994). "EUROSEM: preliminary validation on non-agricultural soils." En Rickson, R. (Ed.) (1994): "Conserving Soil Resources: European Perspectives." *CAB International*. Wallingford. 314 – 325.

*Netherlands* (Folly *et al.*, 1999)<sup>493</sup>. Actualmente continúanse as investigacións (Quinton *et al.* 1999)<sup>494</sup>.

#### .1.9.2.4.5. Expresión de Meyer e Wischmeier

Outra parte do proceso erosivo, polo xeral considerada pouco relevante sobre todo se se compara co volume de arrastre transportado polos fluxos de augas superficiais é o factor salpicadura, se ben é certo que recoñécese por moitos autores a falla de estudos profundos para expresar unhos valores reais. De tódolos xeitos Meyer e Wischmeier (1969)<sup>495</sup> definiron a capacidade de transporte de solo pola salpicadura das pingas de choiva como:

$$TR = K_2 \times D \times I \quad (18)$$

onde:

**TR** é a taxa transportada pola choiva,

**K<sub>2</sub>** é a transportabilidade do solo,

**S** é a pendente e

**I** é a intensidade da choiva.

A desagregación de partículas por escoas foi xa expresada por Meyer; Wischmeier (1969) do seguinte xeito:

$$DF = K_3 \times A \times S^{2/3} \times Q^{2/3} \quad (19)$$

na cal:

**DF** é a taxa de liberación das partículas por fluxos superficiais,

<sup>493</sup>Folly, A.; Quinton, J. N.; Smith, R. E. (1999). "Evaluation of the EUROSEM model using data from the CATSop watershed, The Netherlands." *Catena*. 37. 507 – 519.

<sup>494</sup>Quinton, J. N.; Smith, R. E.; Folly, A. J. V (1999). "EUROSEM: a dynamic approach to erosion simulation." En Klik, A. (Ed.) (1999): *Experiences with erosion models*. Wiener Mitteilungen. 151. 41 – 51.

<sup>495</sup>Meyer, L. D.; Wischmeier, W. H. (1969). "*Mathematical Simulation...*," *opus cit.*

$K_3$  é a desagregabilidade do solo por causa dos fluxos de auga,  
 $A$  é a área total da superficie considerada,  
 $S$  é a pendente e  
*et al*  $Q$  é a descarga hídrica.

#### .1.9.2.4.6. Expresión de Foster, Lane, Nowlin, Laflen e Young

A raíz desta última expresión, xurdiu outra moito máis complexa elaborada por Foster. (1981)<sup>496</sup> na que:

$$D_r = (6,86 \times 10^6) \times m \times q \times q_p^{1/3} \times \frac{x}{22,1}^{m-1} \times K \times C \times P \times \frac{q_p}{q} \quad (20)$$

onde:

$D_r$  é a taxa de liberación das partículas que constitúen o solo na chamada zoa de “*interrill*”,  
 $m$  é a lonxitude da pendente,  
 $x$  é a distancia ó extremo superior da pendente.

Os demais parámetros son os mesmos que considerou este autor é os seus colaboradores para o caso da liberación de partículas por mor da choiva.

O modelo WEPP usou unha expresión que con anterioridade fora conseguida por Nearing *et al.* (1989)<sup>497</sup>. A cal di así:

$$D_r = K_r (\tau - \tau_c) \quad (21)$$

onde:

$D_r$  é a taxa de liberación de partículas na zoa de *rills*,

<sup>496</sup>Foster, G. R.; Lane, L. J.; Nowlin, J. D.; Laflen, J. M.; Young, R. A. (1981). “*Estimating erosion...*,” *opus cit.*

<sup>497</sup>Nearing, M. A.; Foster, G. R.; Lane, L. J.; Finkner, S. C. (1989). “*A process – based...*,” *opus cit.*

$K_r$  é o factor de erodibilidade na zoa de *rill*,

$\tau$  é a capacidade que posúe o fluxo de auga para desagregar as partículas, é dase pola expresión  $\tau = \Phi_w S R (f_s / f)$  e donde  $\Phi_w$  é o peso específico da auga,  $S$  é a pendente,  $R$  é o rádio hidráulico,  $f_s$  é o factor de fricción do solo e  $f$  é o factor de fricción total y,  $f_s / f$  está unido á resistencia á rotura por un fluxo de auga segundo se atope o solo; espido ou con vexetación e  $\tau_c$  é a capacidade á rotura ou desgregación debido á capacidade de corte do fluxo da auga.

Como derradeiro modelo de erosión neste proceso (liberación de partículas do solo por escoa) presentouse no ano 1992 o EUROSEM; cá expresión como segue:

$$DF = y \times w \times r \times (TC - C) \quad (22)$$

na cal:

$y$  é un término que depende da cohesión do solo,

$w$  é a amplitude do fluxo,

$r$  é a velocidade de sedimentación das partículas do solo,

$c$  é a concentración de sedimentos, e

$TC$  é a cantidade de solo transportado.

O derradeiro aspecto a ter en conta é a capacidade de transporte dos fluxos de auga. Obtivérono ca seguinte expresión (Meyer; Wischmeier, 1969)<sup>498</sup>:

$$TC = K_4 \times S^{5/3} \times Q^{5/3} \quad (23)$$

onde:

$TC$  é a cantidade de solo transportado,

$K_4$  é un factor que amosa a transportabilidade do solo,

$S$  é a pendente e

<sup>498</sup>Meyer, L. D.; Wischmeier, W. H. (1969). "Mathematical Simulation..." *opus cit.*

$Q$  é a cantidade de auga descargada.

Foster *et al.* (1981)<sup>499</sup> de novo voltaban a construír unha ecuación moito máis complexa:

$$TC = 0,635 \delta \times V \times S_g \times \sigma_w \times d \times 1 \frac{1}{\pi} \times \log(1 + \pi) \quad (24)$$

na cal:

$\delta = 0$  no caso que  $Y < Y_c$  ou  $(Y / Y_c)$ , tendo que considerar  $Y_c$  a forza crítica para ergue-las partículas do solo e  $Y$  a forza de empuxe exercida polo fluxo de auga considerado,

$V^*$  é a capacidade que ten o fluxo de auga para corta-lo solo,

$S_g$  é a gravidade específica das partículas do solo,

$\sigma_w$  é a densidade do fluído, e

$$\pi = 2,45 S_g^{-0,4} Y_c^{0,5} \delta$$

Morgan *et al.* (1984)<sup>500</sup> daban para  $TC$  a seguinte ecuación:

$$TC = C \times Q^2 \times \text{sen} S \quad (25)$$

na cal:

$C$  é o coeficiente de cobertura da colleita,

$Q$  é a descarga e

$S$  é a pendente.

Para o modelo WEPP no Nearing *et al.* (1989)<sup>501</sup> obtiveron a ecuación seguinte:

<sup>499</sup>Meyer, L. D.; Wischmeier, W. H. (1969). "Mathematical simulation...", *opus cit.*

<sup>500</sup>Morgan, R. P. C.; Morgan, D. D. V.; Finney, H. J. (1984). "A predictive model for the assessment of soil erosion risk." *Journal of Agricultural Engineering Research*. Vol. 30, (3). 245 – 253.

<sup>501</sup>Nearing, M. A.; Foster, G. R.; Lane, L. J.; Finkner, S. C. (1989). "A process – based...", *opus cit.*

$$TC = K_t \times \tau^{3/2} \quad (26)$$

onde:

$K_t$  é un coeficiente de transportabilidade do solo.

#### .1.9.2.4.7. Modelo GUESS

O *Griffith University Erosion Sedimentation System* coñecido como GUESS (Rose *et al.* 1983)<sup>502</sup> é un modelo pensado para as xentes que traballán ca problemática da erosión hídrica, é un modelo matemático capaz de simular a erosión e a sedimentación nunha ladeira. A expresión é a seguinte:

$$\frac{\partial Q_{s_i}}{\partial x} + \frac{\partial (C_i h)}{\partial t} = e_i + e_{di} + r_i + r_{di} - d_i \quad (27)$$

onde:

$Q_{s_i}$  é a carga de sedimentos de clase i.

$C_i$  é a concentración de sedimentos de clase i no fluxo.

$e_i$  é a taxa de desprendimento de partículas de sedimentos de clase i no solo orixinal por impacto das pingas da choiva.

$e_{di}$  é a taxa á cal o solo desprendido do sedimento de clase i é redesprenido polo impacto das pingas da choiva.

$r_i$  é a taxa de desprendimentos de partículas de sedimento de clase i polo fluxo.

$r_{di}$  é a taxa á que o solo desprendido do sedimento de clase i é redesprenido polo fluxo.

$d_i$  é a taxa de deposición.

#### .1.9.2.5. Métodos cuantitativos para a avaliación indirecta da erosión hídrica mediante modelos empíricos ou paramétricos

<sup>502</sup>Rose, C. W.; Williams, J. R.; Sander, G. C.; Barry, D. A. (1983). "A mathematical model...", *opus cit.*

### .1.9.2.5.1. Os antecedentes da USLE

Até agora, a maioría dos modelos que se usaron é usan con máis amplitude para estimar as perdas de solo relacionadas con actividades humanas (erosión acelerada) son aqueles que se basean no estudo experimental. Estas ecuacións para determinar as perdas de solo en parcelas experimentais e campos de cultivo desenvolvéronse entre 1940 e 1950.

A primeira ecuación empírica de todas, para obter as perdas de solo, foi a desenvolvida por Zingg (1940)<sup>503</sup>. Utilizando parcelas e simulando un medio ambiente, demostrou que ó dobre-lo grao da pendente a perda de solo aumentaba de 2,61 a 2,80 veces e ó dobre-la lonxitude de xeito horizontal da pendente, producíase un aumento de perda de solo por escoa de 3,03 veces. Na expresión inclúense os parámetros relacionados coa lonxitude de declive e co ángulo da pendente para, así, obter:

$$A = C \times S^m \times L^{n-1} \quad (28)$$

onde temos que:

**A** é a perda de solo promedio por unidade de área,

**C** é referente ó tipo de solo,

**S** e **L** son os factores de lonxitude e grado de pendente, e

**m** e **n** son unhas exponentes para os cales propuxera valores fixos de 1,4 e 1,6 respectivamente.

Con posterioridade outros autores foron engadindo variabeis a esta ecuación. Smith (1941)<sup>504</sup> afondou no estudo dos efectos que provocan as prácticas de conservación mecánica, combinando catro rotacións de cultivos distintos e no tratamento de solos. Determinou tres axiomas fundamentais:

- a. Se se labra unha vertente contorneando, a perda de solo é do 57 % da

<sup>503</sup>Zingg, A. W. (1940). "Degree and length of land slope as it affects soil loss in runoff." *Agricultural Engineering* 21. 59 - 64.

<sup>504</sup>Smith, D. D. (1941). "Interpretation of soil conservation data for field use." *Agricultural Engineering* 22. 173 - 175.

- observada ó traballar de a riba para a baixo.
- b. Debido á cultiva-la terra en rotación por franxas, observase unha perda de solo do 25 % da que se presenta ó labrar unha vertente de a riba para a baixo.
  - c. A perda de solo, nun sistema de cultivo por terrazas é do 3 % da existente, labrando unha vertente de a riba para a baixo.

A raíz destas conclusións propúxose construír curvas como modelo de protección mecánica, para facilita-la conservación do solo en catro tipos diferentes de cultivos e o seu manexo, en solos clasificados como Shelby. Para os cuales a perda máxima ano era de 0,9 kg/m<sup>2</sup>. Este procedemento proposto por Smith (1941)<sup>505</sup> foi con posterioridade mellorado por Browning *et al.* (1947)<sup>506</sup>. O avance consistía, ademais dun cálculo de perdas de solo segundo o tipo de labra que se aplicase, en podelo aplicar a un maior tipo de cultivos e para a maior parte dos solos presentes en Iowa.

Smith e Whitt (1947-1948) plantexaron unha ecuación con base nos estudos realizados en solos areosos de *claypan* en *Missouri*, a expresión<sup>507</sup> é como segue:

$$A = C \times S \times L \times K \times P \quad (29)$$

onde:

**A** é o promedio anual de perdas de solo,

**C** é o promedio anual de perdas de solo en parcelas experimentais con rotación de cultivos,

**S**, **L**, **K** e **P** son factores para axustar as perdas de solo en parcelas experimentais onde se coñece C, correspóndense co gradiente de pendente, lonxitude de pendente, tipo de solo e prácticas de conservación de solo.

<sup>505</sup>Smith, D. D. (1941). "Interpretation of..." *opus cit.*

<sup>506</sup>Browning, G. M.; Parish, C. L.; Glass, J. (1947). "A method for determining the use and limitations of rotation and conservation practices in the control of soil erosion in Iowa." *Journal American Society of Agronomy*, 39, 65 – 73.

<sup>507</sup>A expresión faltalle o factor R que posteriormente incorporaría a USLE grazas á creación dun Comité Nacional en Ohio no 1946.



Musgrave (1947)<sup>508</sup>, relacionou as características da precipitación pluvial coa cantidade de solo erosionado. Este investigador tomou rexistros de varias estacións, e unha vez analizados chegou á conclusión que a erosión  $E$  era proporcional a  $P_{30}^{1,75}$ ; e que entendemos por  $P_{30}$  o total chovido en trinta minutos. Determinou unhas exponentes factoriais da inclinación e lonxitude da pendente de 1,35 e 0,35 respectivamente. Ademais logrouse tamén, regular un sistema polo cal calculábase a erosión en mm e con diferentes tipos de cobertoiras vexetais, nos solos do oriente e centro dos EE.UU. Se ben non quedou constancia implicitamente a ecuación que propuxo foi:

$$E = (0,00527) \times I \times R \times S^{1,35} \times L^{0,35} \times P_{30}^{1,75} \quad (30)$$

onde:

$E$  representa a perda de solo por ano e en mm,

$I$  é a erodibilidade en mm/ano dun solo, que ten unha pendente do 10 por cento e unha lonxitude de pendente de 22 metros,

$R$  é o factor que regula a cuberta vexetal,

$S$  é o grado de pendente en porcentaxe,

$L$  é a lonxitude da pendente en metros, e

$P_{30}^{1,75}$  é o máximo de precipitación pluvial en mm.

Esta expresión utilizouse amplamente para estimar perdas de solo brutas en cuncas acuíferas. E logo, Lloyd; Eley (1952)<sup>509</sup> idearon unha aplicación gráfica a esta ecuación de Musgrave; dita aplicación tivo certo éxito de uso no noreste dos Estados Unidos.

Segundo xa fixera notar Zingg (1940)<sup>510</sup> unha das grandes desventaxas no cálculo da inclinación da pendente era que, a erosión en pendentes inferiores ó 4 % tiña unha predicción sempre inferior e a erosión solo se identificába cunha pendente do 0 %. Como arranxo do problema Smith e Whitt (1948)<sup>511</sup> construíron a seguinte expresión:

<sup>508</sup>Musgrave, G. W. (1947). "The quantitative evaluation of factors in water erosion a firrs approximation." *Journal Soil and Water Consevation*. 2, 133 – 138.

<sup>509</sup>Lloyd, C. H.; Eley, G. W. (1952). "Graphical solution of probable soil loss formula for the northeastern region." *Journal Soil and Water Consevation*. 7, 189 – 191.

<sup>510</sup>Zingg, A. W. (1940). "Degree and..." *opus cit.*

<sup>511</sup>Smith, D. F.; Whitt, D. M. (1948). "Evaluating soil losses from field areas." *Agriculture Engineering*. 29, 394 – 396.

$$A = a + bS \quad (31)$$

O obxectivo era cuantifica-lo proceso de erosión en función da pendente.

Outro estudo foi o deseño dun método que preveña a cantidade de erosión que se perdía nos solos arxilosos de Missouri, utilizando para ilo, os efectos que produce o grao de inclinación que acade a pendente, a lonxitude desta, as rotacións de cultivos, as prácticas de conservación e os grupos de solos. A ecuación acadada foi:

$$A = C \times S \times L \times K \times P \quad (32)$$

Na que temos que:

**A** é o promedio anual de perda de solo,

**C** é a perda promedio de solo por rotación anual nas parcelas e

**S** é o factor que indica a inclinación das pendentes,

**L** é o factor que indica a lonxitude das pendentes,

**K** é o factor sobre os grupos de solo e

**P** é o factor referente ás prácticas de conservación.

**S, L, K e P** son factores que multiplican as perdas de solos das parcelas **C**.

Esta expresión adoece dun factor que se ocupe da precipitación pluvial por separado, xa que de optelo a USLE aparecería once anos antes. Pois a similitude da ecuación de Smith e Whitt (1948)<sup>512</sup> ca USLE é máis que notoria.

En 1954 comezaron os estudos que repercutirían na creación e desenvolvemento posterior da USLE; máis isto explicarase no seguinte apartado onde trataremos máis polo miúdo, debido a súa transcendencia, todas as fases pola que atravesou esta expresión universal para determinala perda de solo.

Dous anos despois, dous investigadores estudaron as causas que producían erosión nos

<sup>512</sup>Smith, D. F.; Whitt, D. M. (1948). "Evaluating soil..." *opus cit.*

solos de Illinois, (Van Doren; Bartelli, 1956)<sup>513</sup>. O método que desenrolaron xiraba en torno a dúas táboas de factores. A primeira táboa incluía os efectos segundo fose o tipo de solo, a inclinación que tivese a pendente e dependendo de que prácticas mecánicas de protección se utilizasen. A segunda táboa tiña en conta os seguintes pormenores: os efectos da erodibilidade do solo, a erosión previa, a rotación do tipo de cultivos, as prácticas de labra e a frecuencia destas así como a frecuencia da choiva para un anaco de trinta minutos.

Nestes anos tan fecundos na investigación, e de xeito tamén concomitante, Hudson (1961)<sup>514</sup> amosou a súa ecuación, que é:

$$E = T \times S \times L \times P \times M \times R \quad (33)$$

na cal:

**E** é a erosión,

**T** é a función segundo o tipo de solo,

**S** é o gradiente que ten a pendente,

**L** é a lonxitude da pendente,

**P** é o tipo de práctica orgánica e agrícola,

**M** é o tipo de protección mecánica e

**R** é a precipitación pluvial.

No seu estudo, Hudson explicou de xeito detallado os atrancos que existían á hora de aplicar os resultados a cada factor. Se ben dicíamos que a ecuación de Smith e Whitt (1948)<sup>515</sup> estaba moi próxima á USLE, esta ecuación de Hudson usa por primeira vez tódolos parámetros que aplicou con posterioridade a USLE.

Non podemos rematar este repaso polas ecuacións predectivas que xurdiron a raíz das investigacións empíricas sen amosar algún traballo desenvolvido en África. Xa Hudson

<sup>513</sup>Van Doren, C. A.; Bartelli, L. J. (1956). "A method of forecasting soil loss." *Agriculture Engeenering*. 37, 335 – 341.

<sup>514</sup>Hudson, N. W. (1961). "An introduction to the mechanics of soil erosion under conditions of subtropical rainfall." *Rhodesia Science Association Proceedings*. New York. 49, 14 – 25.

<sup>515</sup>Smith, D. F.; Whitt, D. M. (1948). "Evaluating soil...", *opus cit.*

(1961)<sup>516</sup> nun amplo artigo, analizou polo miúdo a erosividade da precipitación pluvial na franxa subtropical de África. Elwell (1984)<sup>517</sup> explica como o goberno de Rhodesia rexeitou<sup>518</sup> a USLE e dende 1953 desenvolveu un modelo que se plasmou no coñecido como *Soil Loss Estimator for Southern Africa* (SLEMSA) ou método rodesiano (Elwell, 1977, 1978a)<sup>519</sup> - <sup>520</sup> que desenvolveu un sistema de Estimación de Pérdida de Solos para África do Sur; a ecuación represéntase como:

$$Z = K \times C \times X \quad (34)$$

onde temos que:

**Z** é a predicción media da perda de solos nun ano,

**K** é unha perda media anual de solo que se produce nunha parcela de 30 metros de longo por 10 metros de ancho, e cunha pendente de 4,5 por cento. Todo ilo nun solo no cal se coñeza a erodibilidade despois dun periodo de barbeito.

**C** é un factor que relaciona a perda de solo nunha parcela cultivada cunha parcela que Elwell denomina estándar, e

**X** é a relación entre a perda de solo dunha parcela de lonxitude **L** e pendente **S** ca perda dunha parcela estándar.

Este método foi validado nas *Lesotho lowlands* por Bernt Rydgren (1996)<sup>521</sup>.

Nun comentario máis detallado, sulñase que o factor **K** está en función da enerxía cinética e da erodibilidade do solo, a cal defínese segundo o tipo de solo e pode amoldarse a subfactores coma permeabilidade, estrutura e conservación. O factor **C** que identificase ca cobertura dos cultivos depende da porcentaxe de enerxía pluvial (Mitchell; Bubenzer, 1980)<sup>522</sup>.

<sup>516</sup>Hudson, N. W. (1961). "An introduction...", *opus cit.*

<sup>517</sup>Elwell, H. A. (1984). "Soil loss estimation: a modelling technique." Hadley, R. F.; Walling, D. E. (Eds.) (1984): *Erosion and sediment yield: some methods of measurement and modelling*. Geo Books.

<sup>518</sup>Por siderala como un método caro e de difícil aplicación e Rhodesia.

<sup>519</sup>Elwell, H. A. (1977): "Soil loss...", *opus cit.*

<sup>520</sup>Elwell, H. A. (1978a). "Modelling soil...", *opus cit.*

<sup>521</sup>Bernt Rydgren, U. (1996). "Soil erosion: its measurement, effects and prediction. Case study from the southern Lesotho lowlands." *Z. Geomorph. N. F.* 40, 4. 429 – 445.

<sup>522</sup>Mitchell, J. K.; Bubenzer, G. D. (1980). "Estimación de...", *opus cit.*

Morgan *et al.* (1984)<sup>523</sup> concebiron o coñecido coma Método de Morgan (Morgan; Finney, 1984)<sup>524</sup>. Este método caracterízase por basearse na USLE aplicando os últimos avances coñecidos até entón<sup>525</sup>. O método divide o proceso erosivo nunha parte hidráulica e noutra sedimentaria<sup>526</sup>. O modelo usa seis ecuacións:

Fase hidráulica:

$$E = R(11,9 + 8,7 \log I) \quad (35)$$

$$Q = \text{Re xp} \left( R_c / R_o \right) \quad (36)$$

Onde

$$R_c = 1.000MS.BD.RDd(E_t / E_0) \quad (37)$$

$$R_o = R / R_n \quad (38)$$

Fase de sedimentación:

$$F = K(Ee^{aA})^b \cdot 10^{-3} \quad (39)$$

$$G = CQ^d \text{ sen} S \cdot 10^{-3} \quad (40)$$

onde temos que:

**E** é a enerxía cinética da choiva (J / m<sup>2</sup>)

**Q** é o volume de fluxo superficial (mm)

<sup>523</sup>Morgan, R. P. C.; Morgan, D. D. V.; Finney, H. J. (1984). "A predictive..." *opus cit.*

<sup>524</sup>Morgan, R. P. C.; Morgan, D. D. V.; Finney, H. J. (1984). "A predictive..." *opus cit.*

<sup>525</sup>Ite é que se pensaba nun método concebido para aplicar en parcelas de superficie reducida.

<sup>526</sup>Fase que se basa no esquema de Meyer, L. D.; Wischmeier, W. H. (1969). "Mathematical simulation..." *opus cit.*

**F** é a taxa de desprendemento do solo por impacto das pingas da choiva (kg / m<sup>2</sup>)

**G** é a capacidade de transporte por fluxo superficial (kg / m<sup>2</sup>).

Os valores dos exponentes son: a = 0,05; b = 1; d = 2.

#### **.1.9.2.5.2. Estudo da USLE e os seus factores. Dende a xéneses, pasando polo presente (a RUSLE) e o futuro (a WEPP)**

Mitchell e Bubenzer (1980)<sup>527</sup>, escribiron unha frase que coido perfecta para definilo por qué do nacemento da USLE: *“La centralización de los datos condujo a una ecuación ampliamente aceptada en los Estados Unidos, y que ha sido adoptada en todo el mundo”*

A cooperación interdisciplinar entre varios fatos que se adicaban ó estudo dos procesos de erosión, permitiu no ano 1954 reunir datos conseguidos en máis de 8000 parcelas distribuídas ó longo de 36 localidades de 21 estados. Este traballo de centralización realizouse no *Runoff and Soil Loss Data Center of the Agricultural Research Service* ubicado na *Purdue University*. Todos estes datos foron traballados e analizados xunto cos factores ligados á erosión do solo (Wischmeier *et al.* (1958)<sup>528</sup>, acadouse a formulación da Ecuación Universal de Perdida de Solo (EUPS) por Wischmeier e Smith (1962)<sup>529</sup> e publicada posteriormente na seu formato definitivo no Manual 537 do Departamento de Agricultura dos EE.UU. por Wischmeier; Smith (1978)<sup>530</sup>. Esta expresión coñecida máis comunmente coma *“Universal Soil Loss Equation”* (USLE), foi a ecuación preductiva con maior aceptación e aplicación non só en EE.UU. senón en practicamente calquera país con problemas de erosión. De ahí a súa calificación como “universal” aínda que tal denominación foi moi criticada xa que os valores dos parámetros axeitábanse ás dúas terceiras partes do oriente dos Estados Unidos. A ecuación predice as pérdidas do solo anuais que se producen nunha parcela ou superficie de terreo debidas á erosión superficial, laminar e en regueiros segundo

<sup>527</sup>Mitchell, J. K.; Bubenzer, G. D. (1980). “Estimación de...” *opus cit.*

<sup>528</sup>Wischmeier, W. H.; Smith, D. D.; Umland, R. E. (1958). “Evaluation of Factors in the Soil – Loss Equation.” *Agriculture Engineering*. Transactions of the ASAE. Vol. 1.Nº 1.Michigan. (474) 458 – 462.

<sup>529</sup>Wischmeier, W. H.; Smith, D. D. (1962). “Soil loss estimation as a tool in soil and water management planning.” *Int. Assoc. Scient. Hydrol. Pub.*, 59. 148 – 159.

<sup>530</sup>Wischmeier, W. H.; Smith, D. D. (1978). “Predicting rainfall...” *opus cit.*

diversas circunstancias meteorolóxicas, de solo, de relevo, de vexetación e de usos do solo.

Os autores parten da hipóteses de considerar-las choivas como principal factor degradativo que actúa na erosión superficial, para así poder establecer a relación directamente proporcional entre perdas de solo e o índice de erosividade das choivas, é dicir; a interacción entre a enerxía cinética dunha choiva ca súa intensidade máxima. Así pois segundo isto, prodúcense perdas de solo diferentes e entran a xogar un importante papel outros subfactores tales coma textura, estrutura, cantidade de materia orgánica e permeabilidade que teña o solo en cuestión. Mais tamén, un solo concreto, ten diferentes taxas de erosión aínda que sexan as mesmas choivas, dependendo da situación xeográfica ó longo dunha ladeira e o seu gradiente. Por último, a erosión tamén varía segundo a clase de vexetación que protexe o solo, o manexo dos cultivos, ecétera

Inicialmente a USLE formulouse para saber canto solo se perdía segundo o tipo de cultivo que fose, cas súas rotacións e labras. A base destas investigacións fixéronse nunhas parcelas agrícolas que se chamaron estándar. Unha parcela *standar* ten unha lonxitude de 22,13 metros por unha anchura de 1,83 metros encol unha pendente uniforme do 9 por cento en sentido lonxitudinal, e emplazada ó este do río Mississippi. A parcela tivo unhas procesos de labra en ambos sentidos da pendente e nun estado de barbeito permanecen ó menos dous anos. A parcela estándar non é máis que o froito dun proceso paralelo ó que sufríu a propia USLE.

Wischmeier (1976)<sup>531</sup> como co-autor da expresión deu seis puntos para os cales a USLE podía aplicarse con efectividade:

- a. Para predecir a perda anual do solo dun campo sito en pendente con condicións específicas para o uso da terra.
- b. Para ser un apoio á hora de seleccionar cultivos a sementar e o tipo de manexo máis conveniente. Así como as prácticas de conservación para solos e pendentes específicas.
- c. Para predecir a perda de solo se trocamos-lo cultivo ou o seu manexo nunha

---

<sup>531</sup>Wischmeier, W. H. (1976). "Use and misuse of the universal soil loss equation." *Journal Soil and Water Conserve.* 31. 5 – 9.

- leira concreta.
- d. Para coñecer con antelación como poden aplicarse ou alterarse o tipo de conservación que permitan un cultivo máis intensivo.
  - e. Para aproximarse á cantidade de solo que se pode perder se lle damos un uso distinto ó agrícola.
  - f. Para proporcionar ás autoridades datos concretos sobre perdas de solo por erosión superficial, e os especialistas determinen a necesidade da súa conservación.

Outra característica que foi adquerindo a USLE co trascuro do tempo foi a súa facilidade de aplicación, o cal levouna a ser utilizada en pequenas concas fluviais. Mais estas debían posuir unhas características de clima, vexetación, solo e relevo bastante homoxéneas. Posto que iso é o que fai extrapolabel a información experimental acadada en parcelas agrícolas ás mentadas concas (Williams; Berndt, 1972)<sup>532</sup>. Logo descubríronse novos métodos para o cálculo topográfico do factor LS da USLE a concas fluviais (Williams; Berndt, 1972)<sup>533</sup>. Unha vez que esta variabel de investigación estaba en marcha, propúxose aplica-la USLE para calcula-lo coeficiente de emisión de sedimentos por parte dunha conca. Roehl (1962)<sup>534</sup> propuxo un cociente entre a erosión bruta da conca, calculados co método USLE, e a erosión neta observada no cauce, e posteriormente relacionando o coeficiente á superficie da conca.

A ampliación indiscriminada a moitos campos de actuación, fixo que a USLE fose utilizada incorrectamente en moitos casos e así o deixou de manifesto Wischmeier (1976)<sup>535</sup>, cando explicou que esta ecuación só era válida para casos de erosión superficial, e non podía aplicarse cando a erosión manifestábase por fenómenos xeomorfolóxicos coma deslizamentos en masa, erosións dos cauces, etcétera. Evidentemente o problema destes fenómenos non é a erodibilidade da choiva principalmente senón as bolsas de auga, a humidade do terreo, a cartografía de riscos en

---

<sup>532</sup>Williams, J. R.; Verndt, H. D. (1972). "Sediment yield computed with universal equation." *Journal Hydraulics Division. American Society Civil Engineers*. 98 (HY12). 2087 – 2098. Tomado de Kirkby, M. J.; Morgan, R. P. C. (1980). *Soil Erosion...*, opus cit.

<sup>533</sup>Williams, J. R.; Verndt, H. D. (1972). "Sediment yield..." opus cit.

<sup>534</sup>Roehl, J. W. (1962). "Sediment source areas, delivery rations and influencing morphological factors." *International Associations Scientified Hydrological Publications* . 59. 202 – 213.

<sup>535</sup>Wischmeier, W. H. (1976). "Use and..." opus cit.



ladeiras, problemas de drenaxe, etcétera. Algo similar produciúse<sup>536</sup> en España<sup>537</sup> segundo denuncia González del Tánago (1991)<sup>538</sup>.

A representación da ecuación definitiva Wischmeier; Smith (1972)<sup>539</sup> é a seguinte:

$$A = R \times K \times L \times S \times C \times P \quad (41)$$

onde:

**A** é a perda de solo por unidade de área, e exprésase nas unidades seleccionadas para o factor **K** e no período de tempo seleccionado para **R**,

**R** é o factor de erosividade por precipitación pluvial,

**K** é o factor de erodibilidade do solo,

**L** é o factor de lonxitude de pendente,

**S** é o factor do gradiente de pendente,

**C** é o factor do manexo dos cultivos, e

**P** é o factor do método de control da erosión.

### .1.9.2.5.3. Diferentes aplicacións da USLE

En Europa este modelo, tamén foi aceptado nun principio. Pasou que a USLE, aplicada a Europa presentaba enormes problemas. Xa que o clima era radicalmente oposto<sup>540</sup> e existían moitos problemas para aplica-las táboas<sup>541</sup> propostas por Wischmeier; Smith

<sup>536</sup>“Desgraciadamente, no todos los usuarios de la USLE han leído el manual original de Wischmeier y Smith (1978), y así desconocen las grandes limitaciones del modelo que utilizan y los errores que cometen en su aplicación, no tanto por el modelo en sí como por tratar de utilizarlo en casos muy ajenos a los que la USLE trata de simular (...)”

<sup>537</sup>“En España se ha seguido un proceso similar al descrito en la aplicación de la Ecuación Universal de Pérdidas de Solo, desde sus primeros cálculos por el Servicio de Hidrología de la Administración Forestal en 1980 hasta nuestros días, llegando a ser en la actualidad casi un requisito indispensable en las memorias de los proyectos de restauración hidrológico-forestal”.

<sup>538</sup>González Del Tánago, M. (1991). *La ecuación universal de pérdidas de suelo. Pasado, presente y futuro*. Ecología. Nº 5. 13 – 50.

<sup>539</sup>Wischmeier, W. H.; Smith, D. D. (1978). “Predicting rainfall...,” *opus cit.*

<sup>540</sup>Refírome a cando os estudos estaban feitos só no entorno do *Mississippi*.

<sup>541</sup>Hai que ter en conta que son datos procedentes dos publicados por Laws; Parson (1943) segundo informa Mitchell, J. K.; Bubenzer, G. D. (1980). Estimación de..., *opus cit.*

(1958)<sup>542</sup>.

**Táboa 20** Aplicacións da USLE segundo o lugar, pros, contras e autor.

Lugar	Pros	Contras	Referencias
<b>India</b>	Modelo válido	Establece-los factores para as novas condicións	Sing <i>et al.</i> (1983) <sup>543</sup> .
<b>Rwanda</b>	Hai correlación estatística entre valores medidos e os estimados	Hai que calibra-los parámetros	Lewis (1988) <sup>544</sup> .
<b>Cantera recuperada</b>	Válida para avalia-los riscos de erosión en áreas mineiras	É imprescindible evita-las cárcavas ou avalialas perdas destas.	Porta <i>et al.</i> (1989) <sup>545</sup> .
<b>Suelos (España)</b>	Usada como metodoloxía de uso do solo para avaliala erosión hídrica.	Hai que valida-lo modelo cunha observación de campo semicualitativa.	Rubio <i>et al.</i> (1989) <sup>546</sup> .
<b>Murcia</b>	Define os modelos de erosión	Non se adapta ben ás perdas totais de solo. Habería que refacer os factores para a súa reformulación.	Albadalejo; Stocking (1989) <sup>547</sup> .
<b>Concas pequenas</b>	Validado fronte a métodos directos de avaliación.	Hai que considerar as perdas por cárcavas para evitar erros de até un 20 %.	Kreznor <i>et al.</i> (1992) <sup>548</sup> .
<b>Santiago C (España)</b>	Correlación estatística moi alta	Valores parciais presentan <sup>549</sup> maior desviación entre datos reais e os calculados.	Pinaya Ortiz (2000) <sup>550</sup>

Así pois, da USLE, sobresa a importancia da súa formulación como referente mundial, tanto na súa metodoloxía práctica como na súa aportación cuantitativa. Como punto de partida é unha expresión capaz de aproximarse á erosión de solos, a respecto das influencias dos diferentes cultivos e dos seus manexos.

#### .1.9.2.5.4. Modificacións e suxerencias á USLE

<sup>542</sup>Wischmeier, W. H.; Smith, D. D. (1958). "Rainfall energy and its relationship to soil loss." *Transactions of the American Geophysical Union*. 39. 285 – 291. Tomado de Morgan, R.P.C. (1996). Erosión y..., *opus cit.*

<sup>543</sup>Sing, G.; Babu, R.; Chandra, S. (1983). "Research on the universal soil loss equation in India." En El-Swaify, S. A.; Mhauer, W. C.; Adrew, Lo. (1983) (Eds.). *Soil Erosion and Conservation*. SCSA. Iowa. 496 – 508.

<sup>544</sup>Lewis, L. A. (1988). "Measurement and assessment of soil loss in Rwanda." *Catena Supplement 12*. Vol. I. Braunschweig. 151 – 165.

<sup>545</sup>Porta, J.; Poch, R. M.; Boixadera, J. (1989). "Land evaluation and erosion control practices on mined soils in NE Spain." En Schwertmann, U.; Rickson, R. J.; Auerswald, K. (1989) (Eds.). *Soil Erosion Protection Measures in Europe*. Soil Technology Series 1. Cremlingen. 189 – 206.

<sup>546</sup>Rubio, J. L.; Molina, M. J.; Sánchez, J. (1989). "Land use recommendations for soil conservation planning in mediterranean environments." En Schwertmann, U.; Rickson, R. J.; Auerswald, K. (1989) (Eds.): *Soil Erosion Protection Measures in Europe*. Soil Technology Series 1. Cremlingen. 207 – 216.

<sup>547</sup>Albadalejo Montoro, J. Stocking, M. A. (1989). "Comparative evaluation of two models in predicting storm soil loss from erosion plots in semi – arid Spain." *CATENA*, Vol. 16. Cremlingen. 227 – 236.

<sup>548</sup>Kreznor, W. R.; Olson, K. R.; Johnson, D. L. (1992). "Field Evaluation of Methods to Estimate Soil Erosion." *Soil Science*, Vol. 153. 1. 69 – 80.

<sup>549</sup>Aplicouse o modelo USLE modificado para solos forestais (Dysmeier; Foster, 1984). Modifying the..., *opus cit*

<sup>550</sup>Pinaya Ortiz, M. I. (2000). *Restauración de áreas degradadas por incendios forestais en Galicia*. Departamento de Edafoloxía e Química Agrícola, Universidade de Santiago. (Inédita) 270 pp.

Trala publicación da USLE cos seus parámetros, xurdiron solucións a un fato de situacións que non foran consideradas con anterioridade. A maior parte das modificacións adicionais son extensións que tratan de aplicar a USLE a predicción sobre cal será o total da produción de sedimentos.

Renard *et al.* (1974)<sup>551</sup> estimaron unhas perdas de sedimentos, aplicadas a pequenas cuncas fluviais ca seguinte ecuación:

$$A = (0,224) \times (R \times K \times L \times S \times C \times P) \times E_c \quad (42)$$

na cal:

$E_c$  é o factor de erosión en canle e,

$R K L S C P$  estes factores son como se definiron con anterioridade.

Williams; Berndt (1976)<sup>552</sup>, presentaron outra modificación da USLE para a produción de sedimentos en cuncas fluviais, a cal é:

$$Y = 11800 \times (Qq_p)^{0,56} \times K \times C \times P \times L \times S \quad (43)$$

onde:

$Y$  é a produción de sedimentos nunha tormenta individual, en kg,

$Q$  é o volume de drenaxe durante unha tormenta, en  $m^3$ ,

$q_p$  é a taxa máxima de escoa en  $m^3/s$ , e

$K C P L S$  son os factores xa definidos para a USLE.

---

<sup>551</sup>Renard, K. G.; Simanton, J. R.; Osborn, H. B. (1974). "Applicability of the universal soil loss equation to semiarid rangeland conditions in the southwest." *Hydrology and Water Resources In Arizona and the Southwest. American Water Resources Association. Arizona. Section and Arizona Academy of Science. Hydrology Section. Proceedings of April 19 – 20. Arizona. 4. 18 – 31.* Tomado de Kirkby, M. J.; Morgan, R. P. C. (1984). Erosión de..., *opus cit.*

<sup>552</sup>Williams, J. R.; Berndt, H. D. (1976). "Determining the universal soil loss equation's length – slope factor for watersheds." *Proceedings of the National Soil Erosion Conference. 25 – 26.* Tomado de Kirkby, M. J.; Morgan, R. P. C. (1984). Erosión de..., *Opus cit.*

Unha modificación da USLE (Foster e Meyer (1975)<sup>553</sup> foi utilizada<sup>554</sup> por Onstad *et al.* (1976)<sup>555</sup>, como compoñente principal dun modelo de produción de sedimentos para cuncas fluviais. Nestas cuncas fixéronse análises para coñecer as perdas de solo por procesos de *interrill* e *rill*. As expresións son as seguintes:

$$A = (0,224) \times W \times K \times C \times P \times S \times L \quad (44)$$

onde

**W** é un término hidrolóxico, e os outros términos son como se definen na USLE.

$$W = a \times R_{st} + (1 - a) \times 0,40 \times Q \times q_p^{1/3} \quad (45)$$

na cal:

**R<sub>st</sub>** é o factor de precipitación pluvial durante a treboada (en unidades **EI** da USLE),

**Q** é o volume de escoa en milímetros,

**q<sub>p</sub>** é a taxa máxima de escoa en mm/h, e

**a** é un coeficiente ( $0 > a > 1$ ) que representa a importancia relativa da enerxía da precipitación pluvial en comparación coa enerxía por escoa do solo que se desprende.

#### **.1.9.2.5.5. Novas polémicas en torno á USLE**

Nos Estados Unidos, non cabe dúbida que a formulación da Ecuación Universal de Perdas de Solo supuxo un significativo adianto entre os xestores encargados de velar pola conservación do solo agrícola. Por unha banda a USLE segundo Wischmeier

<sup>553</sup>Foster, G. R.; Meyer, L. D. (1975). "Mathematical simulation..." *opus cit.*

<sup>554</sup>En realidade procede dun traballo anterior e sen publicar: Foster, G. R.; Meyer, L. D.; Onstad, C. A. (1973). "Erosion equations derived from model principles." *Unpublished Paper N° 73. American Society of Agricultural Engineers*. Michigan. Citado Mitchell, J. K.; Bubenzer, G. D. (1980). "Estimación de la pérdida del suelo." En Kirkby, M. J.; Morgan, R. P. C. (Eds) (1980). *Soil Erosion...*, *opus cit.*

<sup>555</sup>Onstad, C. A.; Piest, R. F.; Saxton, K. E. (1976). "Watershed erosion model validation for southwest Iowa." *Proceedings of the Third Federal Inter - Agency Sedimentation Conference. PB - 245 - 100. Water Resources Council*. Washintong. 1 - 22, 1 - 34. En Kirkby, M. J.; Morgan, R. P. C. (1980). *Soil Erosion...*, *opus cit.*

(1976)<sup>556</sup> permitía:

- a. cuantifica-las perdas de solo para un determinado cultivo en parcela segundo trocásemos o uso do solo.
- b. Facer unha política de prevención ó coñecelas avantaxas e desvantaxas dunhos cultivos sobre outros.
- c. Determina-la máxima lonxitude de pendente a partires da cal as perdas de sólo non son tolerabeis.
- d. Estima-las perdas de solo para diferentes manexos dos agrícolas.

#### **.1.9.2.5.6. Erros e condicionantes na aplicación da USLE**

Zanchi e Tori (1980)<sup>557</sup> criticaron, positivamente, dentro do factor **R** o subfactor **E** proposto por Wischmeier; Smith (1958)<sup>558</sup>. Zanchi; Tori (1980)<sup>559</sup> amosaron especial fincapé na temperatura á cal producíanse as pingas da choiva, o cal modificaba nidiamente o tamaño das pingas en relación ca súa intensidade. Polo tanto a enerxía cinética representada nunha expresión era radicalmente distinta á ecuación (31).

Onstand *et al.* (1984)<sup>560</sup> din que se o factor **R** non se calcula para un período de 20 anos as perdas de solo obtidas poden ser irregulares.

McCool *et al.* (1982)<sup>561</sup> di que hai que sumarlle a erosividade das escoas ó valor de EI<sub>30</sub> para obtelo factor **R**; nas concas onde a abundancia de precipitacións en forma de neve xeneren escoas por desxeo.

Hudson (1981)<sup>562</sup> observou que o factor **R** eleva a erosividade nun réxime de precipitacións tropicais.

<sup>556</sup>Wischmeier, W. H. (1976). "Use and misuse of the Universal Soil Loss Equation." *Journal of Soil and Water Conservation*. Vol. 31. 5 – 9.

<sup>557</sup>Zanchi, C.; Torri, D. (1980). "Evaluation of rainfall energy in central Italy." En Boodt (De), M.; Gabriels, D. (Eds.) (1980). *Assesment of erosion*. London. Wiley. 133 – 142.

<sup>558</sup>Wischmeier, W. H.; Smith, D. D. (1958). "Rainfall energy....," *opus cit.*

<sup>559</sup>Zanchi, C.; Torri, D. (1980). "Evaluation of....," *opus cit.*

<sup>560</sup>Onstand, C. A.; Larson, C. L.; Hermsmeier, L.F.; Young, R. A. (1984). "A method of computing soil movement throughout a field." *Transactions of the American Society of Agricultural Engineers* 10. 742 – 745.

<sup>561</sup>McCool, D. K.; Wischmeier, W. H.; Johnson, L. C. (1982). "Adapting the Universal Soil Loss Equation to the Pacific Northwest." *Transactions of the American Society of Agricultural Engineers* 25. 4, 928 – 934.

<sup>562</sup>Hudson, N. (1981). *Soil Conservation...., opus cit.*

A suma da experiencia que produciu o traballo ca USLE, provocou unha unanimidade entre a comunidade científica para aseverar que os factores **R** (erosividade) e **K** (erosionabilidade) son os que maior precisión ofrecen nos seus cálculos. Nembargantes ás veces pódese determinar erróneamente o factor **K** ó obviar o seu carácter dinámico. Se ben é certo que, ás veces, nunha mesma cunca ou nunha área máis extensa, as taxas de erosión varían de xeito practicamente insensibel.

O factor **C** e **P** débese enormemente á subxetividade, cando aplicamo-las táboas propostas por Wischmeier; Smith (1978)<sup>563</sup> en España. Ademais estes factores están condicionados ás influencias das variacións no desenvolvemento do cultivo, as desviacións estacionais nas distribucións das choivas e ó acerto das medidas de conservación. O emprego destes dous factores debería basearse nas investigacións empíricas. Evidentemente os cultivos no crisol pluri-xeográfico español non teñen as mesmas rotacións agrícolas, nen os bosques e pastizales a mesma configuración. Ben, pois a todo ilo hai que engadirlle que a USLE pensouse para un sector dos Estados Unidos.

Logo o factor **LS** cunha relevancia importantísima resulta que é moi difícil de avaliar, e como se explicou no seu momento dependente do coidado co que se aplique a cartografía. Foster; Wischmeier (1974)<sup>564</sup> din que ó aplicalo hai que ter en conta as pendentes irregulares. Por último como se puxo de manifesto Coleman; Scatena (1986)<sup>565</sup> son o relevo e a vexetación que manipulan as diferentes taxas de perdas de solos nun espazo xeográfico, que abarca dende o local até o rexional. O relevo, **LS**, manipula a emisión e condución dos sedimentos cara a cunca e a vexetación; **C**, é a culpabel das perdas de solo dunha determinada ladeira ou superficie en cuestión.

Tamén é necesario deixar craro, que para aplica-la USLE en zoas con explotacións forestais, deben usarse outros valores imprescindibeis coma o factor do contorno e o drenaxe subsuperficial.

Practicamente tódalas consideracións que plantexamos aquí, están sendo tidas en conta

<sup>563</sup>Wischmeier, W. H.; Smith, D. D. (1978). "Predicting Rainfall..." *opus cit.*

<sup>564</sup>Foster, G. R.; Wischmeier, W. H. (1974). "Evaluating irregular..." *opus cit.*

<sup>565</sup>Coleman, D. J.; Scatena, F. N. (1986). "Identification and evaluation of watershed sediemnt sources." En Hardley, R. F. (Ed.) (1986). *Drainage Sediment Delivery*. IASH, 159. 3 – 18.

no modelo revisado da USLE: *RUSLE Revised Universal Soil Loss Equation* (Renard *et al.*, 1991)<sup>566</sup>. Unha dá as limitacións que presenta na USLE e que tamén están reflexadas nas posteriores revisións sensiblemente melloradas. A *RUSLE* ten presente a limitación na súa anterior aplicación das áreas nas cales danse procesos de deposición, ó non estar contemplada a sedimentación dentro da mesma. De tódolos xeitos, estes modelos esquecen outros tipos de erosión tales como a erosión por cárcavas ou a erosión por fluxos de auga en regueiros ou a erosión que produce o drenaxe das cuncas fluviais.

#### **.1.9.2.5.7. Adaptación da USLE a concas hidrolóxicas segundo o proposto por C. A. Onstad e G. R. Foster (1975)**

A partires do proposto por Foster; Wischmeier (1974)<sup>567</sup> modifícase o factor **R** para mediante o coñecemento exacto das escoas calcula-las perdas de solo Onstad e Foster (1975)<sup>568</sup>.

A expresión para determina-lo factor **W** é a seguinte:

$$W = 0,5R + 0,2 Q q_p^{1/3} \quad (46)$$

na cal:

**Q** escoas totais da treboada (mm),

**q<sub>p</sub>** é o caudal punta ( mm / hora )

**R** é o caudal máximo instantáneo. Enténdese coma caudal punta (m<sup>3</sup> / s),

**W** é un término de enerxía ( hundreds of pie – tons . pulgada ) / ( acre . hora . ano )

O término de enerxía **w** substitúe ó factor de erosividade **r**.

En España xurdiu o problema de concreta exactamente o significado de cada parámetro

<sup>566</sup>Renard, K. G.; Foster, G. R.; Weesies, G. A.; Porter, J. P. (1991). "RUSLE: Revised..." *opus cit.*

<sup>567</sup>Foster, G. R.; Wischmeier, W. H. (1974). "Evaluating irregular..." *opus cit.*

<sup>568</sup>Onstad, C. A.; Foster, G. R. (1975). "Erosion modelling..." *opus cit.*

e a súa aplicación e avaliación. As primeiras aproximacións fixéronse no 1976 ca presentación do traballo<sup>569</sup> *estudo sobre la erosión en la cuenca hidrográfica del río segura*.

#### **.1.9.2.5.8. A USLE diferenciada. A dUSLE**

A *differentiated Universal Soil Loss Equation* dUSLE é a aplicación da USLE á cartografía mediante a modificación do factor **LS** (Flacke *et al*, 1990)<sup>570</sup>. Isto permite aplicalo a pendentes complexas<sup>571</sup> e estruturar a superficie mediante triangulacións o cal facilita a obtención dun mapa de perdas de solo mediante un GIS.

#### **.1.9.2.5.9. O presente da USLE e a incorporación da RUSLE**

González del Tánago (1991)<sup>572</sup> pon o dedo na chega nunha acertadísima crítica<sup>573</sup> o problema da USLE en España. Certamente a USLE nos EE.UU. arestora recibe xuízos negativos de abondo, aínda que sendo xustos, moitas veces usouse de xeito coxuntural e sitios moi diversos. Nos derradeiros anos, o Departamento de Agricultura dos Estados Unidos puxo en marcha un plan de implantación de parcelas experimentais en toda a zoa oeste do país; co fin de acadar máis resultados sobre solo, vexetación e datos atmosféricos. Para por dicilo de algún xeito poder re-universalizar máis se cabe a USLE.

Da derradeira revisión da USLE foi nada a RUSLE por Renard *et al.* (1991)<sup>574</sup>. Dúas fasquías a distinguen nun primeiro repaso. A primeira é que o mapa de isolíñas do factor **R** ampliou a súa cobertura até alén do Mississippi e ademais certos valores víronse sometidos a unha revisión. A segunda, é realmente sobresaínte, posto que a RUSLE preséntase en forma de programa de ordenador, e con informacións máis pormenorizadas. Incluso advertíndose as presuntas melloras, pola maior calidade da

<sup>569</sup>Según se fai referencia no MOPU (1985). *Metodología para la evaluación de la erosión hídrica*. Dirección General del Medio Ambiente. Madrid. 150.

<sup>570</sup>Flacke, W.; Auerswald, K.; Neufang, L. (1990). "Combining a...", *opus cit.*

<sup>571</sup>A partires da ecuación de pendentes irregulares de Foster; Wischmeier (1974)

<sup>572</sup>González del Tánago, M. (1991). La ecuación..., *opus cit.*

<sup>573</sup>Cando asevera: "Es difícil separar el pasado de la USLE, correspondiente a su utilización en los Estados Unidos en su versión inicial, con el presente en nuestro país, donde se siguen utilizando las mismas metodologías de cálculo de cada uno de los factores antes descritos, sin tener en cuenta las últimas revisiones, quizá menos contrastadas empíricamente"

<sup>574</sup>Renard, K. G.; Foster, G. R.; Weesies, G. A.; Porter, J. P. (1991). "RUSLE: Revised...", *opus cit.*



extrapolación estatística (Renard *et al.*, 1989)<sup>575</sup>.

#### .1.9.2.5.9.1. **Discusión**

Esta revisión da USLE é consecuencia das críticas negativas que levantara a súa formulación empírica, supuxo por enriba de todo un afondamento no estudo da erosión en xeral, tanto dos mecanismos que a provocan como dos factores que interveñen nun proceso erosivo. Para moitos, estes avances trócanse en complicidade ó aumenta-lo grao de dificultade nunha formulación tan sinxela como a primitiva USLE fronte a outros modelos, polo que opinan que pérdese eficacia á hora de acadar resultados sobre taxas de perdas de solos.

O traballo realizado nos EE.UU. foi intenso, xa que novas parcelas experimentales, situáronse esta vez e na súa maioría ó oeste do río Mississippi, en estados como Colorado, Arizona, Wyoming ou Washington. Lugares onde o clima, a vexetación ou os solos diferían amplamente do existente ó leste do río Mississippi. Con ilo, obtívose unha revisión do factor de erosividade da choiva **R**, o cal tradúxose nunha apreciable mellora en xeral do mapa de isolíneas de **R**. Ademais obtivéronse máis datos sobre a erosibilidade de solos non representados na primitiva USLE.

Esta nova USLE ou como se adopta chamar, RUSLE, a parte de factores eminentemente positivos como poden ser que o factor **K** varie de valores ó longo do ano segundo a humidade do solo, ou que se considere a lonxitude da ladeira como determinante na formación de erosión por regueiros, presenta algún inconveniente máis que o xa citado da complexidade. É necesario para calculala posuir un ordenador, e tamén hai que posuir unha información detallada moito máis ampla da zoa a estudar. Certamente, aplicando con corrección a RUSLE debemos aproximarnos con máis certeza á taxa de erosión real que a formulación do 1978, da USLE inicial.

González del Tánago (1991)<sup>576</sup> fai unha interesante crítica<sup>577</sup>, a colación dos resultados

---

<sup>575</sup>Esta aseveración mantena González Del Tánago, M. (1991). “La ecuación...,” *opus cit.* e que a súa vez extrapólaa dunha comunicación sen publicar. Renard, K. G.; Meyer, L.D.; Foster, G. R. (1991). “Introduction and History.” *The Revised Universal Soil Loss Equation*. Chapter 1. USDA – ARS. Arizona.

<sup>576</sup>González Del Tánago, M. (1991). “La ecuación...,” *opus cit.*

que ofrece a RUSLE respecto da USLE. En relación á esta crítica, coido eu que moi acertada, hai que recoñecer que a RUSLE aporta novos criterios para determina-la erosión. A RUSLE segue a ser unha ecuación empírica, na que actúa a estadística e moitas das formulacións da primitiva USLE continúan a ser válidas.

#### **.1.9.2.5.10. Ecuación universal de perdas de solo modificada. MUSLE**

A *differentiated Universal Soil Loss Equation* MUSLE pensouse para calcula-lo volume de sedimentos producidos por unha conca nun evento (Williams, 1975)<sup>578</sup>; Williams e Berndt, 1977)<sup>579</sup>.

A expresión é a seguinte:

$$Y = 11,78 \left( Q \ q_p \right)^{0,56} K L S C P \quad (47)$$

na cal:

**Y** son os sedimentos producidos por unha chuvieira aillada,

**Q** é o volume de escoas,

**q<sub>p</sub>** é o caudal máximo instantáneo. Enténdese coma caudal punta (m<sup>3</sup> / s),

**K** é a erosionabilidade (tm / ha) \* (m<sup>2</sup> h / hJ cm),

**LS** é o factor topográfico,

**C** é o factor de cultivo,

**P** é o factor de prácticas de conservación.

Para achar os sedimentos dun ano hai que agregarlle as perdas acontecidas en

---

<sup>577</sup>escribe literalmente: "(...) pero en cualquier caso hemos de tener en cuenta el carácter empírico del modelo en ambas versiones (refírese á USLE e á RUSLE), y el relativo grado de incertidumbre que debemos otorgar a los resultados obtenidos cuando no se disponga de datos de campo para su contraste, dando a las estimaciones efectuadas no tanto un valor absoluto por las cifras que suministran, sino un valor relativo, en órdenes de magnitud, queriendo cuantificar la mayor influencia de los factores naturales más limitantes en cada caso, la localización de las zonas o superficies más críticas, y las posibilidades de disminuir las tasas de erosión modificando la cubierta vegetal, su uso y prácticas de aprovechamiento."

<sup>578</sup>Williams, J. R. (1975). "Sediment – yield with universal equation using runoff energy factor." *United States Department of Agricultural. ARS – S – 40. en Present and prospective ology for predicting sediment yields and sources: Proceedings of the sediment – yield workshop. 244 – 252.*

<sup>579</sup>Williams, J. R.; Berndt, H. D. (1977). "Sediment Yield Prediction Based on Watershed Hydrology." *Transacotons of the ASAE, Vol. 20, 6. 1100 – 1104.*

tódalas treboadas do ano. Este modelo é de complicada aplicación pola dificultade de obtención dos datos e a súa aplicación a factores variabeis e superficies heteroxéneas.

#### .1.9.2.5.11. O futuro na predicción da erosión hídrica. A WEPP

Lane *et al.* (1988)<sup>580</sup>, seguindo as directrices que lle mandaron dende o Departamento de Agricultura dos Estados Unidos principiara a investigar unha nova metodoloxía para a avaliación da erosión hídrica, e substituír así a USLE e a RUSLE. No ano 1992 apareceu a nova expresión coñecida como WEPP o *Water Erosion Prediction Project* (Lane *et al.*, 1988)<sup>581</sup>. O obxectivo primordial era construír unha tecnoloxía para predecir a erosión coa axuda do ordenador. Este novo modelo, trata de analizar a erosión dende unha óptica física e matemática, o que supón un avance importantísimo, xa que baséase nos fundamentos da teoría da infiltración, na física do solo, no coñecemento da vexetación e na mecánica da erosión, dentro do campo da Hidroloxía e da Hidráulica. Este método tamén pode ser usado para determinar a escoa e a erosión do solo en zonas de roza e queima (Soto e Díaz – Fierros (1998)<sup>582</sup>. Nembargantes, a orixe onde se fundamenta o proxecto WEPP continúa a ser-lo esquema inicial proposto por Meyer; Wischmeier (1969).<sup>583</sup> Un aspecto interesante que recolle esta nova aportación é manifestar a diferenza entre procesos erosivos distintos, tales como o orixinado por unha lámina de escoa que xenera *interrill erosion* e outro proceso polo cal a auga conflúe cara un cauce e actúa baixo a denominación de *rill erosion*. González del Tánago (1991)<sup>584</sup>, presentou unha ampla introducción ó desenvolvemento deste novo modelo, coñecido como WEPP. Nela descríbese a aplicación do concepto da onda cinemática ó fluxo unidimensional das escoas encol un plano<sup>585</sup>, coa seguinte expresión:

$$\frac{\delta h}{\delta t + \delta q} + \frac{\delta q}{\delta x} = i - f \quad (48)$$

<sup>580</sup>Lane, L. J.; Schertz, D. L.; Alberts, E. E.; J. M.; Lopes, V. L. (1988). “The USLE...,” *opus cit.*

<sup>581</sup>Lane, L. J.; Schertz, D. L.; Alberts, E. E.; J. M.; Lopes, V. L. (1988). “The USLE...,” *opus cit.*

<sup>582</sup>Soto, B.; Díaz – Fierros, F. (1998). “Runoff and soil erosion from areas of burnt scrub: comparison of experimental results with those predicted by the WEPP model.” *Catena* 31. 257 – 270.

<sup>583</sup>Meyer, L. D.; Wischmeier, W. H. (1969). “Mathematical simulation...,” *opus cit.*

<sup>584</sup>González Del Tánago, M. (1991). “La ecuación...,” *opus cit.*

<sup>585</sup>Que se correspondería coa ladeira.

na cal:

$\delta / \delta t$  é a oscilación en altura da lámina de auga no tempo e nun punto determinado da ladeira,

$\delta / \delta x$  é a variación do caudal específico, no anterior punto determinado da sección ou ladeira,

$i - f$  é a choiva efectiva. Esta resulta da diferenza entre a intensidade da choiva  $i$  e a taxa de infiltración  $f$ . E da fórmula de Chezy coma expresión de resistencia a un fluxo de auga, que se corresponde ca seguinte fórmula:

$$q = K \times h^{3/2} \quad (49)$$

onde temos que:

$q$  é o caudal por unidade de anchura ( $m^2/seg.$ ),

$K$  é cociente entre a altura e o caudal ( $m^{0,5}/seg.$ ). Este coeficiente  $K$  proporciona os valores de caudal  $q(x, t)$  e de calado  $h(x, t)$  para cada punto determinado da ladeira e en cada intre da precipitación correspondente, e

$h$  é a profundidade da lámina de auga.

Seguindo o escrito por González del Tánago (1991)<sup>586</sup>, o valor de  $K$  para a ecuación (64) descríbese na seguinte operación:

$$K = C \times S^{1/2} \quad (50)$$

na cal:

$C$  é o coeficiente de Chezy, expresado en ( $m^{1/2}/s$ ).

Ou tamén:

---

<sup>586</sup>González del Tánago, M. (1991). "La ecuación..." *opus cit.*

$$K = \frac{8g}{f}^{1/2} \quad (51)$$

onde:

$f$  é o factor de fricción adimensión deseñado por Darcy-Weisbach. E neste caso maniféstase tamén un factor de fricción total  $f_{tot}$  como suma das resistencias parciais ó paso da auga:

$$f_{tot} = f_{sol} + f_{rr} + f_{cov} \quad (52)$$

onde:

$f_{sol}$  é o factor de fricción característico do solo espido encol unha ladeira uniforme,

$f_{rr}$  é o factor de fricción debido ás irregularidades da microtopografía,

$f_{cov}$  é o factor de fricción debido á coberta vexetal existente encol a superficie do solo.

Para o modelo WEPP sí se ten en conta a erosión entre regueiros. Esta estímase mediante a seguinte expresión:

$$E_i = C_i \times k_i \times i^2 \quad (53)$$

na cal temos que:

$E_i$  é a taxa de erosión entre regueiros ( $\text{kg m}^{-2} \text{s}^{-1}$ ),

$C_i$  é o coeficiente adimensional relativo á cobertura existente entre os regueiros,

$i$  é a intensidade da choiva ( $\text{mm s}^{-1}$ ). Ca peculiaridade de que a choiva refírese á choiva efectiva, xa que cando a capacidade de infiltración é superior á intensidade da choiva, obviamente non se contribúe á erosión

entre regueiros, e

$k_i$  é un parámetro de erosionabilidade do solo entre regueiros ( $\text{kg s m}^{-4}$ )

O modelado de *rill eroision*, é un proceso proporcional á diferenza entre a capacidade do fluxo para transporta-lo material do solo removido,  $T_c$ , e a cantidade de sedimentos dispoñíbeis para ser transportados  $q_s$ . No caso de que  $T_c$  sexa maior  $q_s$ , prodúcese unha remoción e transporte do solo, o cal xira entorno á seguinte ecuación:

$$E_r = D_c \times \frac{1}{T_c} q_s \quad (54)$$

na cal:

$E_r$  é a taxa de solo removido ( $\text{kg m}^{-2} \text{s}^{-1}$ ),

$D_c$  é a capacidade de remoción ( $\text{kg m}^{-2} \text{s}^{-1}$ ),

$T_c$  é a capacidade de transporte do fluido ( $\text{kg m}^{-1} \text{s}^{-1}$ ), e

$q_s$  é o caudal sólido ( $\text{kg m}^{-1} \text{s}^{-1}$ )

Á súa vez  $D_c$  dedúcese a partires da ecuación seguinte:

$$D_c = C_r \times K_r (\tau - \tau_c) \quad (55)$$

na cal:

$D_c$  é a capacidade de remoción ( $\text{kg m}^{-2} \text{s}^{-1}$ ),

$C_r$  é un parámetro adimensional de cobertura do regueiro,

$K_r$  é o parámetro de erosionabilidade do solo nos regueiros ( $\text{s m}^{-1}$ ),

$\tau$  é a tensión de arrastre media na sección do regueiro ( $\text{N m}^{-2}$ ), e

$\tau_c$  é a tensión crítica de arrastre para o inicio do movemento ( $\text{N m}^{-2}$ ).

Cando  $T_c$  resulta ser menor que  $q_s$ , xenérase sedimentación a cal obtense aplicando a seguinte expresión:

$$D_r = \frac{B \times V_f}{q} \quad (56)$$

onde:

$D_F$  é a taxa de sedimentación expresada en  $\text{kg m}^{-2} \text{s}^{-1}$ ,

$D_f$  é un parámetro sobre a taxa de sedimentación expresado en  $\text{m}^{-1}$ , e que se calcula en función doutra expresión.

Para calcula-lo factor  $D_f$  correspondente á ecuación aplicamos esta expresión:

$$T_c = B \times \tau^{3/2} \quad (57)$$

na cal:

$B$  é un parámetro adimensional,

$V_f$  é a velocidade de caída das partículas en unidades de  $\text{m s}^{-1}$ , e

$q$  é o caudal específico en  $\text{m}^2 \text{s}^{-1}$ .

Dunha fórmula creada por Foster; Meyer (1975)<sup>587</sup>, para acurta-lo tempo de cálculo para o aporte de transporte de sedimentos. Dita ecuación é:

$$T_c = B \times \tau^{3/2} \quad (58)$$

na cal:

$B$  é un coeficiente.

Boa parte da información que se necesita para o cálculo dos factores das últimas tres ecuacións, proceden das investigacións realizadas por Foster *et al.*(1981<sup>588</sup>,1985)<sup>589</sup>;

<sup>587</sup>Foster, G. R.; Meyer, L. D. (1975). "Mathematical simulation..." *opus cit.*

<sup>588</sup>Foster, G. R.; Meccool, D. K.; Renard, K. G.; Mhauer, W. C. (1981). "Conversion of the universal loss equation to SI metric units." *Journal of Soil and Water Conservation*. Vol. 36. 6. 355 – 359.

para o desenvolvemento do modelo CREAMS, o cal a parte de cálculos típicos como escoas, taxas de erosión e sedimentación tamén, calcúlanse balances de nutrientes entre aportacións e devolucións. Así, ó final calculamos un termo que nos permita predecir a calidade físico-química da auga, como escribiu Knisel (1980)<sup>590</sup>.

A parte, continúan as investigacións en torno á evolución de factores tales como o **K**, o **K<sub>1</sub>**, o **K<sub>r</sub>**, o **c<sub>e</sub>**, e o **D<sub>r</sub>**.

Sen dúbida, neste novo modelo, trátase de explicar mellor como funcionan os procesos naturais, co que evidentemente complicamos a resolución. Ademais ás veces necesitamos unhas datos concretos que incluso poden non existir. E logo, pode ser que os resultados brinden unha exactitude moi discutibel, se temos en conta que por enriba estamos escasos de datos para contrastalos.

#### **.1.9.2.5.12. Os sistemas de información xeográfica (SIG)**

Un GIS é un proceso de computerización que permite adquirir, almacenar, buscar e manipular tódolos datos dende unha base de datos. Polo tanto un SIG está pensado para serrar novos coñecementos, isto é o que o diferencia da cartografía dixitalizada. Walsh (1985)<sup>591</sup> foi o pioneiro en aplicar esta ferramenta para xebrar áreas con diferentes tipos de riscos erosivos.

A USLE usouse varias veces para a construción de varios GIS (Panuska *et al.* 1991)<sup>592</sup>; (Hamlet, 1992)<sup>593</sup>.

Tamén para avalia-la erosión mediante procesos de *interrill* e *rill* (Blaszczynsky,

---

<sup>589</sup>Foster, G. R.; Young, R. A.; Eibling, W. H. (1985). "Sediment Composition for Nonpoint Source Pollution Analyses." *Transactions of the American Society of Agricultural Engineers* 24. 1253 – 1263.

<sup>590</sup>Knisel, W. G. (1980). "CREAMS: a..." *opus cit.*

<sup>591</sup>Walsh, S. J. (1985). "Geographic information systems for natural resource management." *Journal of Soil and Water Conservation*. III – IV. 202 – 205.

<sup>592</sup>Panuska, J. C.; Moore, I. D.; Kramer, L. A. (1991). "Terrain analysis: Integration into the agricultural nonpoint source (AGNPS) pollution model." *Journal of Soil and Water Conservation*. 1- 2. 59 – 64.

<sup>593</sup>Hamlet, J. M. (1992). "Statewide GIS – based ranking of watersheds for agricultural pollution prevention." *Journal of Soil and Water Conservation*. 9- 10. 309 – 404.



1992)<sup>594</sup> mediante a RUSLE fixo un GIS.

En España a parte do proxecto CORINE – CEC (1992)<sup>595</sup> é destacabel a aplicación dun SIG para a estimación da erosión hídrica na Comunidade Autónoma de Madrid (Antonio (De), 1994)<sup>596</sup>. Gark; Harris (1992)<sup>597</sup> estudaron a degradación do solo e o seu risco de erosión para a conca do Albudeite usando un GIS. Outra aportación importante é o camiño emprendido por Chakroun *et al.* (1993)<sup>598</sup> ó amosa-la metodoloxía para combinar o mapeado e a monotorización das perdas do solo a escala rexional, esta importante aportación fíxose no CARTEL<sup>599</sup>.

O estudo dos factores da erosión hídrica nunca conca mediante a construción dun SIX, abre un ábaco de interesantes posibilidades como validou Bergholz (2003)<sup>600</sup> na conca do río Beber, na baixa Saxonia (Alemaña)

---

<sup>594</sup>Blaszczynsky, J. (1992). “Regional soil loss prediction utilizing de RUSLE / GIS interface” En Johnson, Peterson, Fulton (Eds.) (1992): *Geographical Information System (GIS) and Mapping Practices and Standars*. ASTM STP 1126. American Society for Testing and Materials. Philadelphia. 122 – 131.

<sup>595</sup>CORINE – CEC (Comision Of The European Communities) (1992). “CORINE soil...,” *opus cit.*

<sup>596</sup>Antonio, (De) R. (1994). *Evaluación de la erosión hídrica sistemas de información geográfica. Aplicación a la Comunidad de Madrid*. Tesis Doctoral. E.T.S.I. Agrónomos. Universidad Politécnica de Madrid.

<sup>597</sup>Gark, P. K.; Harrison, A. R. (1992). “Land degradation and erosion risk analysis in S. E. Spain: A Geographic Information System Approach.” *Catena*, 19. 411 – 425.

<sup>598</sup>Chakroun, H.; Bonn, F.; Fortin, J. P. (1993). “Combination of single erosion and hydrological models into a geographic information system.” En Wichrek, S. (Ed.) *Farm Land Erosion: En Temperate Plains Environment and Hills* (Proceedings of the International Symposium on Farm Land Erosion, Paris). 261 – 270.

<sup>599</sup>Centre d’Applications et de Recherches en Télédétection (CARTEL), Université de Sherbrooke, Québec.

<sup>600</sup>Bergholz, C. (2003). “Study of soil erosion with GIS” En Gabrields, D. ; Cornelis, W. (Eds.) *25 Years of Assessment of Erosion*. (Proceedings of the International Symposium, Ghent, Belgium, Setember 22 - 26, 2003) 373 – 379.



## **II OBXECTIVOS**



## 2 A modo de obxectivos

Os obxectivos, acurtando o gui3n proposto por Bryan (1991), p3dense axuntar *ad initio* en catro fatos:

- 1.- Corroborar os efectos erosivos de diferentes cultivos, t3cnicas no labrant3o e pr3cticas de conservaci3n dos solos, pod3ndose, deste xeito, cotexar coeficientes de escoas, e perdas de solo baixo diferentes condici3ns.
- 2.- Estudar: primeiro procesos hidrol3xicos: infiltraci3n, evapotranspiraci3n, xeraci3n de escoas e balanzos h3dricos e, segundo a f3sica das precipitaci3ns: volumes, intensidades e erosividade.
- 3.- Identifica-lo limiar de precipitaci3n a partires dos cales desencad3ase a producci3n de esorrent3a e o enxurre de sedimentos.
- 4.- Comproba-lo efecto de diferentes factores sobre a erosi3n e as escoas (pendente, lonxitude da ladeira e extensi3n da cobertoira vexetal)

### **III MATERIAIS E MÉTODOS**



### 3 Aproximación ás técnicas para cuantifica-la erosión

Os estudos experimentais sobre erosión de solo apuntan cara o coñecemento dos mecanismos físicos dos procesos de erosión e a súa importancia, sempre relativa e subxetiva, segundo as condicións medio ambientais que imperen. O coñecemento destes procesos permite desenrolar modelos teóricos de predicción da erosión, para así investigar medidas concretas que permitan avanzar no correcto manexo do solo. O xeito polo cal se verifican os modelos teóricos propostos é a traverso da comparación dos valores preditos por eles e aqueles que acadamos dun xeito empírico.

Os diferentes métodos experimentais desenrolados para estudar os procesos que inciden nun proceso erosivo diséñanse de tal xeito que permitan o estudio pormenorizado e concreto dalgún dos subprocessos ou axentes implicados, dada a enorme complexidade que supón o estudio global da erosión do solo. É importante suliñar que un proceso relevante nos estudos de erosión e que interrelaciona co número de procesos ensirados no estudio é a escala de traballo. Falando dun xeito amplo, facer estudos a micro escala supón discriminar moitos procesos e así, a súa finalidade redúcese ó estudio pormenorizado dalgunha propiedade do solo xunguida á susceptibilidade á erosión, ou tamén, a factores climáticos. Obsérvase tamén unha enorme concreción entre a técnica de medida utilizada e o tipo de erosión que se desexa investigar.

#### 3.1. Técnicas específicas para cuantifica-la erosión

Aínda que internacionalmente consideranse como catro <sup>601</sup> as metodoloxías utilizadas e de xeito particular en España dende a década dos setenta. Na elaboración deste estudo só utilizaremos unha delas, as parcelas de erosión,

---

<sup>601</sup>Estas catro metodoloxías son:

Primeiro. A degradación específica en cuncas, onde Fournier (1960) abriu un camiño metodolóxico para avalia-la erosión hídrica a partir dos datos de arrastres fluviais en suspensión, que posteriormente seguiría López Bermúdez nos seus estudos sobre a Cunca do Segura en 1973. Díaz-Fierros (1992) calculou tamén uns valores de degradación específica para as cuncas dos ríos galegos.

Segunda. A avaliación cartográfica que xira en torno ós métodos da USDA e da USLE do Sistema de Conservación de Solos dos Estados Unidos. O método USDA, mediante o cal se avalia a erosión en catro graos segundo recoñecementos cartográficos, foi empregado en España por primeira vez por Abreu (1975). No referente á USLE, quedaron nidas as súas deficiencias para o caso concreto do Estado español



cunha función común de determina-las taxas de erosión ou descenso do nivel do solo por unidade de tempo.

### 3.1.1. Parcelas de erosión

As parcelas de erosión chegaron a España, baixo os parámetros das construídas en Estados Unidos, seguindo as directrices marcadas por Wischmeier. Nesta etapa recente, destacan as parcelas construídas polo Prof. Roquero; para estudar as perdas de solo. Logo para a zoa húmida española, o Prof. Díaz-Fierros montou parcelas destinadas ó estudio de erosión tras incendios forestais. Tras esta breve introducción, suliñar especialmente que as chamadas parcelas de erosión ou tamén parcelas experimentais probablemente foron e seguen a se-la técnica máis utilizada nos estudos que tratan de avaliar as perdas de solo (López Bermúdez *et al.*, 1993<sup>602</sup>; Gutiérrez *et al.*, 1995<sup>603</sup>; Rodríguez Martínez – Conde *et al.*, 1996b<sup>604</sup>; Rodríguez Martínez – Conde *et al.*,

---

e, recoñécese a súa valía actual; por falla de outro método.

Terceira. As medidas microtopográficas e perfíles topográficos onde investigadores como Sala e Gallart entre outros, foron os introdutores da aplicación dos métodos microtopográficos; tales como clavos de erosión, perfilómetros e Gerlach. No noroeste peninsular foi o profesor Díaz-Fierros e colaboradores, que nos introduciron os clavos de erosión e os perfilómetros, para medidas microtopográficas. Neste apartado entran os perfíles microtopográficos e as *pin erosión* ou agullas de erosión. A finalidade é determina-las taxas de perdas de solo por unidade nun tempo determinado. Este método é amplamente usado no eido da xeomorfoloxía (sen dúbida ofrece as variacións dentro dun relevo e permite, en moitos casos, extrapolar resultados dende escalas temporais e espaciais a reducidas a máis amplas). Onde mellores resultados se obtiveron foi na súa aplicación en zoas onde predominan as cárcavas, pola súa rapidez nos procesos erosivos; debido ás altas taxas de erosión, como así o certifican os traballos de Gutiérrez Elorza. Se temos que sinalar algunha desventaxa, diremos que radica na falla de maña humana á hora de procedela realización da instalación. E logo, tamén á hora de toma-las medidas resultantes.

Cuarta. As parcelas experimentais das que falamos máis polo miúdo no texto.

Quinta os simuladores de choiva. A construción de simuladores de choiva é unha actividade que desenrolou o inxenio de numerosos grupos de investigación, á súa vez, estes produciron unha grande variedade de modelos, que van dende sistemas sinxelos até outros máis complicados. A razón de ser destes terbellos estriba no estudio dos mecanismos de erosión ou da erosionabilidade do solo. Tanto cando as investigacións desenvólvense no campo coma cando son no laboratorio. Onde destacan as pescudas realizadas en Zaragoza e Valencia.

<sup>602</sup>López Bermúdez, F.; García Ruiz, J. M.; Romero Díaz, A.; Ruiz Flaño, P.; Martínez Fernández, J.; Lasanta, T., (1993). *Medidas de flujos de agua y sedimentos en parcelas experimentales*. Sociedad Española de Geomorfología. Cuadernos Técnicos de la SEG, Nº 6. Geoforma Ediciones. Logroño.

<sup>603</sup>Gutiérrez, M.; Sancho, C.; Desir, G.; Sirvent, F.; Benito, G.; Calvo, C.; (1995). *Erosión hídrica en terrenos arcillosos y yesíferos de la Depresión del Ebro*. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. Universidad de Zaragoza. Zaragoza.

<sup>604</sup>Rodríguez Martínez – Conde, R.; Vila García, R.; Puga Rodríguez, J.; Cibeira Friol, A. (1996b). “Características e deseño da Estación Experimental Monte Pedroso, para o estudo da erosión en cultivos tradicionais de Galicia”. *En resumen de comunicaciones, 211 – 214. VI Coloquio Galaico – Minhoto. Instituto Cultural Galaico – Minhoto*. Ourense.

1996c<sup>605</sup>; Rodríguez Martínez – Conde 1997<sup>606</sup>; Alba, 1997<sup>607</sup>; Cerdá, 2001<sup>608</sup>) O seu uso, de ámbito mundial, oficializouse como unha metodoloxía válida tanto para determinar coma para predicila erosión en terras agrícolas, para a reafirmación de modelos de erosión ou tamén para o estudio de procesos erosivos (Rodríguez Martínez – Conde *et al.*, 2002)<sup>609</sup>. No caso das microparcelsas ou parcelas pequenas<sup>610</sup> (Rodríguez Martínez – Conde *Et al.*, 1999a)<sup>611</sup>, o seu emprego é válido tanto no laboratorio coma no campo e sóense destinar ó estudio dalgún proceso básico de erosión, como: obturación da superficie do solo, estabilidade dos agregados, desagregación dos solos ou procesos de transporte por salpicadura.

Polo xeral, as parcelas pequenas adócanse ós estudos dos procesos de erosión en áreas de *interrills* e a miúdo agrégaselles un sistema de simulación por precipitación.

Os atrancos máis relevantes, que teñen este tipo de microparcelsas, son:

- a. A alteración do sustrato durante a instalación dos límites da parcela no campo
- b. O efecto que producen as beiras, en función da relación perímetro / área
- c. A alteración da estrutura do solo cando se emprega nun laboratorio
- d. Uso limitado polo *stress* que supón o seu aillamento do entorno e non sentirse afectada polos procesos dinámicos de erosión/sedimentación

<sup>605</sup>Rodríguez Martínez-Conde, R. (1996c): “Estaciones Experimentales de Santiago de Compostela (La Coruña)”. In PROYECTO LUCDEME, 108-111. Dirección General de Conservación de la Naturaleza. Ministerio de Medio Ambiente. Madrid.

<sup>606</sup>Rodríguez Martínez-Conde, R. (1997): “Parcelas Experimentales del Departamento de Geografía de la Universidad de Santiago”. En Rojo Serrano, L. & Sanchez Fuster, M.C.: *Red de Estaciones Experimentales de Seguimiento y Evaluación de la Erosión y la Desertificación*, RESEL. Catálogo de estaciones, 1997, 271-284. Proyecto Lucdeme. Ministerio de Medio Ambiente.

<sup>607</sup>Alba, S. de, (1997). “Metodología para el estudio de la erosión en parcelas experimentales: relaciones erosión – Desertificación a escala de detalle” En Ibáñez, J. J.; Valero, B. L.; Machado, C. (Eds.): *El Paisaje mediterráneo a través del espacio y del tiempo*. Geoforma Ediciones. Logroño. 259 – 293.

<sup>608</sup>Cerdá, A. (2001). *Erosión hídrica del suelo en el territorio valenciano*. Geoforma Ediciones. Logroño.

<sup>609</sup>Rodríguez Martínez-Conde, R.; Vila García, R.; Puga Rodríguez, J. (2002): "Verificación estadística del funcionamiento de unas parcelas experimentales en un estudio de pérdidas de suelo en terrenos cultivados: aportación al estudio de la erosión en medios templado-húmedos. Galicia (España)". In *Homenaje a José García Oro*, 583-598. Edic. a cargo de Miguel Romani Martínez y M<sup>a</sup> Ángeles Novoa Gómez. Facultade de Xeografía e Historia. Universidade de Santiago. ISBN 84-8121-979-7. D.L. C. 2283-2002.

<sup>610</sup>Considéranse microparcelsas, aquelas que ostentan unha superficie comprendida entre 1 e 10 m<sup>2</sup>.

<sup>611</sup>Rodríguez Martínez-Conde, R.; Puga Rodríguez, J.M.; Vila García, R.; Cibeira Friol, A. (1999a): “Diseño de la estación experimental ‘Cornide’ para la investigación de procesos erosivos en microambientes *a monte* de Galicia”. *Minius*, VII: 263-272.

A utilización de parcelas de maior tamaño<sup>612</sup>, nas cales considéranse as parcelas USLE como parcelas estandar, empréganse para os estudos globais de procesos de perdas de solo básicos, e permiten investigar de xeito amplo os mecanismos físicos de erosión en áreas de *rills* e *interrills*

A maior desvantaxa destas parcelas de maior tamaño, é o seu elevado custe económico, tanto na súa montaxe coma no seu mantemento. Certo é, que nembargantes o efecto borde, queda reducido practicamente á irrelevancia

As parcelas experimentais, non sempre son estándares, e é frecuente a súa enorme variedade en tamaños e formas. Unha característica, cotía, en todas é a súa forma cerrada, o cal literalmente identificámo-lo con parcelas delimitadas e ailladas do exterior ca intención de coñece-la área de drenaxe e de produción de sedimentos. Aínda así, tamén se usan as parcelas abertas<sup>613</sup>, que posúen a ventaxa de non altera-lo fluxo líquido na ladeira e de englobar con maior exactitude tódolos procesos que se dan nunha pendente

Dende un punto de vista xeral, podemos sinalar que as parcelas experimentais foron e son empregadas para o desenvolvemento de modelos de predicción da erosión, para o estudio dos efectos que producen segundo que métodos de cultivos utilizemos, para estudiala influencia que os diferentes métodos no manexo das colleitas teñen encol as perdas de solo e tamén para coñece-lo papel xogado polos axentes atmosféricos e xeomorfolóxicos nun proceso erosivo e na propia hidroloxía; e, obviamente, serviron para elaborar a ecuación máis universalmente empregada na predicción da erosión, dende un punto de vista experimental a USLE

### 3.2. Métodos de laboratorio

O condicionante que supón a falla dun laboratorio de xeomorfoloxía, limita moito o campo de acción, que un estudio deste tipo requiriría. De tódolos xeitos, contamos

---

<sup>612</sup>Considéranse parcelas experimentais, e que nos acabamos de definir como de maior tamaño, aquelas que obstentan unha superficie entre 10 e 10.000 m<sup>2</sup>.

<sup>613</sup>Entendemos por parcelas abertas, aquelas que non están delimitadas por bordes artificiais.

cunha infraestrutura elemental, propia e recentemente adquirida. Ademais, contamos ca colaboración do Departamento de Edafoloxía e Química Agrícola desta universidade.

Os aparellos fundamentais que manexamos pasan por unha bascula de precisión<sup>614</sup> que nos permite tomar mostras. Logo, as mostras sécanse a unha temperatura constante de corenta graos durante un período oscilante<sup>615</sup>, segundo se necesite, pero nunca inferior a oitenta e seis horas. O seguinte proceso, realízase ca axuda dunha tamizadora<sup>616</sup>, con doce tamices que oscilan dende unha apertura de 8 mm até os 0,06 mm.

Para o pesado dos sedimentos finos < 0,5 mm utilizamos unha báscula de precisión<sup>617</sup> cedida polo Departamento de Edafoloxía e Xeoloxía da Facultade de Bioloxía.

### 3.2.1. Características do solo da finca Estación Experimental Monte Pedroso

O análises do solo do Monte Pedroso, realizouno Soto González (1993)<sup>618</sup> e Basanta Cornide (1997)<sup>619</sup>, co gallo da elaboración das súas teses doutorais.

**Táboa 21** Características xerais do solo do Monte Pedroso (Santiago), Soto González (1993)<sup>620</sup>.

GRANULOMETRÍA %						
Localización	Material partida	Vexetació n	Area	Limo	Arxila	Mineraloxía fracción arxila*
Monte Pedroso	Granito	<i>Ulex</i>	68	18	14	Q(++), Vm(++), M, K(++)

Q: Cuarzo, K: Caolinita, Vm: Vermiculita; M: Mica, Cl: Clorita, INT: Interestratificados

<sup>614</sup>A báscula é unha GIBERTINI, modelo Europe 1000.

<sup>615</sup>Para isto, dispoñemos da colaboración do Departamento de Edafoloxía e Química Agrícola, na Facultade de Farmacia, onde usamos unha estufa P. SELECTA. Modelo 296 A.

<sup>616</sup>A torre tamizadora, é unha C.I.S.A. modelo RP-03. As medidas das que dispuxemos foron as seguintes: > 8 mm; > 7 mm; > 6 mm; > 5 mm; > 4 mm; > 3 mm; > 2 mm; > 1 mm; > 0.500 mm; > 0.250 mm; > 0.120 mm; > 0.060 mm; < 0.060 mm.

<sup>617</sup>Unha Mettler AE 240 Peso Max. 205 gr e un Peso Mín. 50 mg.

<sup>618</sup>Soto González, B. (1993). *Influencia de los incendios forestales en la fertilidad y erosionabilidad de los suelos de Galicia*. Universidade de Santiago. Departamento de Edafoloxía e Química Agrícola. Tesis Doutoral. (iné dita)

<sup>619</sup>Basanta Cornide, R. (1997). *Influencia de las técnicas de implantación de cultivos y prados en terrenos a monte sobre la conservación del suelo y del agua*. Universidade de Santiago. Departamento de Edafoloxía e Química Agrícola. Tesis Doutoral. (iné dita)

<sup>620</sup>Soto González, B. (1993). *Influencia de..., opus cit*

**Táboa 22** Contido en cations de cambio. Concentración de nutrientes nas mostras de solo do Monte Pedroso (Santiago), Soto González (1993)<sup>621</sup>.

pH H <sub>2</sub> O	%			Contido total (mg/100g)				Catións de troco (mcg/100g)			
	C	N	P	Ca	Mg	Na	K	Ca	Mg	Na	K
4,35	7,1	0,38	37	341	238	1050	3009	0,18	0,17	0,12	0,10

**Táboa 23** Características químicas do solo do Monte Pedroso (Santiago). A desviación estándar figura entre parénteses. Basanta Cornide (1997)<sup>622</sup>

Mostreo	Fondura (cm)	pH (H <sub>2</sub> O)	pH (kcl)	C	MO	N	C/N	(mg/100g) P Bray	(% w/wseco) Humidade
Solo orixinal:	0 - 2,5	4,55 (0,09)	3,52 (0,07)	11,61 (2,20)	20,2	0,81 (0,20)	14,33	1,15 (0,04)	9,69 (0,48)
antes cava e volteo	2,5 - 5	4,47 (0,12)	3,61 (0,06)	8,06 (1,99)	14,02	0,62 (0,18)	13,00	0,76 (0,04)	8,99 (3,16)
	5 - 10	4,41 (0,01)	3,70 (0,02)	7,70 (2,20)	13,4	0,47 (0,05)	16,38	0,53 (0,00)	12,00 (2,38)

**Táboa 24** Características químicas do solo do Monte Pedroso (Santiago). A desviación estándar figura entre parénteses. Basanta Cornide (1997)<sup>623</sup>

Mostreo	Fondura (cm)	(mg / 100g)				
		Na cambio	K cambio	Ca cambio	Mg cambio	Al cambio
Solo orixinal:	0 - 2,5	18,26 (1,38)	7,56 (0,32)	38,10 (0,50)	6,14 (0,20)	13,80 (0,40)
antes cava e volteo	2,5 - 5	14,88 (2,00)	5,48 (0,20)	32,70 (0,70)	4,60 (0,24)	15,70 (2,40)
	5 - 10	15,34 (0,50)	4,40 (0,44)	32,80 (0,20)	4,58 (0,18)	16,10 (3,35)

O solo é un Leptosol úmbrico FAO (1988)<sup>624</sup>, cunha matriz en granito de dúas micras semiorientado, orientado cara ó noroeste Benito *et al.* (1991)<sup>625</sup>.

### 3.2.2. Análisis granulométrico

A granulometría determínase peneirando o solo procedente dos arrastres por erosión hídrica unha vez está enxoiado, logo trabállanse os datos nunha folla de cálculo.

<sup>621</sup>Soto González, B. (1993). *Influencia de...*, opus cit.

<sup>622</sup>Basanta Cornide, R. (1997). *Influencia de...*, opus cit.

<sup>623</sup>Basanta Cornide, R. (1997). *Influencia de...*, Opus cit.

<sup>624</sup>FAO (1988). *Soil map of the World. Revised Legend*. World Soil Resources Report, 60. Roma.

<sup>625</sup>Benito, E.; Soto, B.; Díaz Fierros, F. (1991). "Soil erosion studies in NW Spain." En Sala, M.; Rubio, J. L.; García Ruiz, J. M. (Eds.). *Soil erosion studies in Spain*. Geoforma Ediciones. 55 - 74.

### 3.3. Métodos de campo

Os métodos que aquí se presentarán, non responden máis que ó auxe que a xeomorfoloxía Dinámica presentou, de xeito internacional, nos derradeiros vinte anos, especialmente dende un punto de vista cuantitativo e experimental.

Tódolos métodos, que empregamos, non son estrictamente orixinais, máis ben responden ós tradicionalmente máis usados. Nembargantes, existen determinadas peculiaridades nos instrumentos, que son dalgún xeito a resposta que nos lles dimos en función das diponibilidades materiais que posuíamos. Por outra parte, algunhas das técnicas usadas requiriron un extraordinario esforzo e dedicación para que o seu funcionamento sexa o máis correcto posibel.

#### 3.3.1. Parcela experimental

As parcelas<sup>626</sup> experimentais utilizadas, sáense fora do modelo e medidas clásicas das diseñadas polo USDA nos EE.UU para as investigacións sobre erosión. Os dispositivos para a recollida da escoas e sedimentos, baséanse no descrito por Mutchler (1963)

#### 3.3.2. Localización xeográfica das parcelas experimentais

A zoa seleccionada para a instalación das parcelas dista, aproximadamente, unhos seis kilómetros ó NNW de Santiago de Compostela no Monte Pedroso (4° 53' W, 42° 54' N) e comprende unha área dunhos 2.000 m<sup>2</sup> onde tamén se realizaron outras experiencias paralelas. Dita área ubícase no límite da conca do Sar, encol a comarca da Mahía e a depresión meridiana da Galicia occidental e aberta ás influencias dos ventos do oeste, tanto os procedentes do SW como os do NW, sendo polo tantos os ventos que máis precipitación hídrica aportan a Galicia en xeral y á zoa en particular.

---


<sup>626</sup>A partires de agora a verba parcela podera aparecer como tal ou coma Plot 1, 2, 3 ou P1, P2, P3.

**Foto 1** Ladeira do monte Pedroso onde se asenta a E.E.M.P., comarca da Mahía e depresión meridiana occidental de Galicia.



As parcelas aséntanse sobre un sustrato granítico, recuberto por un manto coluvial que recubre o afloramento rochoso alterado.

**Ilustración 6** Localización xeográfica da Estación Experimental Monte Pedroso



A zoa seleccionada presentaba unha re-vexetación de matorral onde predominaban os *Ulex europaeus* e *U. minor* e outras herbáceas como *Pseudarrhenatherum longifolium* e *Agrostis curtisii* cunha biomasa total de 5.353,8 g m<sup>2</sup> en 1990 (Casal *et al.* 1990)<sup>627</sup>,

<sup>627</sup>Casal, M.; Basanta, M.; González, F.; Montero, R.; Pereiras, J.; Puentes, A. (1990). "Post – fire dynamics in experimental plots of shrubland ecosystems in Galicia (NW Spain)" En Goldammer, Jenkins (Eds.). *Fire and ecosystem dynamics*. SPB Academic Publishing. The Hague.



froito da revexetación ocorrida tras un incendio forestal.

As parcelas construímos na ladeira Oeste<sup>628</sup>, cunha orientación noroeste e unha altitude media de trescentos cincuenta metros. A profundidade do solo oscila entre os 40 e os 65 cm, en función da proximidade á superficie da liña de pedras.

**Foto 2** *Distribución das parcelas de erosión dentro da área delimitada*



A ladeira encol se asentan as parcelas posúe un desnivel medio do 30 por cento e unha pendiente moi regular<sup>629</sup>

### **3.3.3. Montaxe, deseño e características das parcelas de erosión**

A montaxe e deseño da Estación Experimental Monte Pedroso (E.E.M.P.) foi construída en dous momentos ó longo do tempo<sup>630</sup>, dende o ano 1995 até o 1999.

---

<sup>628</sup>Dispuxemos para a montaxe das parcelas, dunha finca que comprende unha área dunhos catrocentos metros cadrados, na cal montamos tres parcelas fechadas cunhas bandas metálicas.

<sup>629</sup>Soto González (1993). obtivo a pendente media da área, realizando tres cortes topográficos e determinando a pendente cada dous metros. Os resultados medios dos tres cortes foron do 30,03; 30,3 e 30,5 por cento.

<sup>630</sup>Ditos sucesos estiveron sempre condicionados ós orzamentos que para a súa montaxe e mantemento disfrutou a instalación.



### 3.3.3.1. Antes de abril de 1997

A separación entre parcelas fíxose dun xeito onde predominou a realidade espacial. Xa que, tiñamos que adaptarnos a un terreo cunhas dimensións condicionantes en función das características da finca, xa que ó baixar un regato perto dos límites, aconsellábanos manter unha distancia entre parcelas de 1 m (entre as dúas superiores) e de 1,5 m entre as dúas parcelas de a riba e a parcela maior de abaixo<sup>631</sup>.

**Foto 3** *Amosa como estaban as parcelas tras ser roturadas por primeira vez, e pasar logo aproximadamente un ano en barbeito (a foto amosa esta última situación), onde predominaba o pasto o cal fíxo que necesitase logo unha nova remoción do solo*



As novidades que configuran a montaxe destas parcelas en función do deseño, estriban na colocación dos tradicionais colectores e da resposta ó porqué das dimensións que lle otorgamos.

<sup>631</sup>Non atopamos ningún tipo de literatura na cal, se delimiten ou recomenden este tipo de distancias dalgún xeito; se ben, por exemplo Souto González (1993) xebrounas un metro. Nembargantes, a nós servíunos para solución-lo problema concreto e tamén recoñecemos a súa comodidade para traballar nelas e entre elas.

Aínda que partindo do plan típico para a construción dunha parcela de escoa, proposto por Mutchler e Young, as parcelas por nós construídas posúen unha serie de peculiaridades máis acentuadas do normal<sup>632</sup>. A novidade do deseño está na substitución do tradicional colector<sup>633</sup> por unha canle, que á súa vez fai dúas funcións<sup>634</sup>. A canle, pois, por unha banda serve de colector<sup>635</sup> e pola outra fai de canle de achegamento<sup>636</sup>. Logo esta canle desemboca noutra canle, que tradicionalmente chámase canle de descarga<sup>637</sup>

No relatado até agora, é precisamente onde predominan as diferencias co deseño típico a riba aludido (refírome ó de Mutchler; Young). A explicación da situación do colector no sentido da pendente, cinguese á adaptación que tivemos que facer segundo o terreo dispoñíbel. Sempre tendo en conta que os regos ían ter unha pendente do 5 e 10 %<sup>638</sup>. Na segunda parte, a referente ós distintos tipos de depósitos e canles, seguimos por utilizar unha expresión habitual, as normas clásicas<sup>639</sup>. Dende a canle de descarga sae outra canle de conducción que se ensira<sup>640</sup> no tanque de sedimentos ou tamén coñecido como tanque decantador<sup>641</sup>

Os tanques decantadores, fixéronse ó solo mediante dúas variñas sobre as cales fixéronse os depósitos, o cal permítenos, a través dunha rosca acadar unha nivelación perfecta e evitar deste modo que algunha saída vertese un volumen maior de auga que

<sup>632</sup>Referímonos ás diferenzas entre materiais de construción, marcas, ecétera; que pode haber segundo a zoa ou país onde nos atopemos.

<sup>633</sup>O colector sitúase no extremo inferior das parcelas (debemos entender que o deseño das parcelas non foi nunca concebido como un deseño USLE ou similares, polo tanto non predomina o factor lonxitude sobre o factor anchura).

<sup>634</sup>A visión e comentario desta foto conleva dúas partes. A primeira parte é a referente ó canle de achegamento, a cal discorre de norte a sur; no sur da toma. Nela obsérvase, con máis nitidez na zona máis ó norte e sur, a forma da canle. Logo, vese como esta canle foi cuberta cunhas tiras de metal para evitar aportacións extraordinarias de choiva, que pasasen a engrosa-los volumens da escoa; seguindo o indicado a tal efecto por Morgan (1986). Outra característica importante, foron as pestañas ou beizos colocados na vertente, neste caso debaixo dos regos, e conectados mediante unha dobrez ca canle de achegamento, isto obsérvase de xeito moi nidio no primeiro término (lado ó sur da canle). A segunda parte a comentar desta foto, sería a referente ós cabalóns. Cui principal novidade é o seu achegamento ó beizo, o máximo posíbel.

<sup>635</sup>Á canle van para-las perdas do solo remexidas coa escoa.

<sup>636</sup>Esta canle de achegamento, foi cuberta para evitar aportacións extras (ver Foto 2).

<sup>637</sup>O concepto canle, non debe enganarnos, pois nós transformámo-la canle nun serie de dous cóvados cunhos ángulos de corenta e cinco graos, entrelazados en sentidos opostos e cun diámetro de 90 mm.

<sup>638</sup>Deste xeito ó construí-los regos transversalmente respecto do sentido da landeira; podíamos adaptalos á pendente que nós tiñamos pensado.

<sup>639</sup>Evidentemente, adaptando medidas, dimensións e aparellos en función de presupostos, necesidades e espacio.

<sup>640</sup>A lonxitude da canle de conducción é variable, sempre en función das necesidades respecto da canle de descarga ca ubicación do tanque de sedimento.

<sup>641</sup>Para coñecer outros detalles, ver e ler o comentario ó respecto da Foto 3 e da Figura 3 .

outra<sup>642</sup>. A continuación do tanque decantador, situoúse un depósito colector ou tamén chamado tanque de primeira alicuota<sup>643</sup>, e logo outro tanque das mesmas características; técnicamente coñecido como tanque de segunda recollida<sup>644</sup>. Os volumens de escoa obtémolos sumándolle ó volumen de auga do depósito decantador, a multiplicación resultante dos volumens recollidos nos depósitos colectores (obviamente nun só ou nos dous segundo o caso) por 9.

Evidentemente, tódolos depósitos así como os colectores están cubertos para evitar aportacións directas de choivas, que nos poden distorsionarlle a medida dos caudais de escoa<sup>645</sup>

A explicación das dimensións das tres parcelas, tendo en conta que non son USLE, ten varias pólas. Poderíamos acudir a moitas defensas e razoamentos pronunciados a favor das parcelas de erosión USLE. De tódolos xeitos tamén podemos sinalalo dito por Morgan(1986) “*standard plot is 22 m long and 1.8 m wide although other plot sizes are sometimes used (...)*”<sup>646</sup>. Ou cicais, nós atopemos un razoamento e excusa xusta no dito por Hudson (1982)<sup>647</sup> Ademais, dos factores espaciales, irremediabilmente moi condicionantes, como xa comentamos. Nós atrevémonos a dar unha xustificación das razóns destes tamaños. A cal é debido a que nós buscábamos resultados que nos permitisen analizar as posibles relacións entre tamaño e pendente; é dicir coñecer as variacións na produción de sedimentos e escoa segundo o tamaño e pendente da parcela ou a produción de sedimentos, en función dos mesmos parámetros

---

<sup>642</sup>Vid Ilustración 8.

<sup>643</sup>Vid Foto 2.


<sup>644</sup>A función deste segundo tanque colector está pensado para eventos extraordinarios de precipitacións; os cales, a miúdo, xeneran gran cantidade de escoa.

<sup>645</sup>O volumen total de escoa que podemos recoller, sumando os cincuenta e oito litros que almacena o tanque decantador máis a suma da multiplicación de oitenta por nove (resultantes da suma dos depósitos de primeira e segunda alicuota), é de setecentos setenta e oito litros.

<sup>646</sup>A súa tradución é: as parcelas modelo teñen vintedous metros de largo por un coma oito metros de ancho se ben outros tamaños de parcelas son algunhas veces usados (traducción propia).


<sup>647</sup>Encol ó tamaño das parcelas dí literalmente “ (...) En América se ha utilizado un tamaño con tanta frecuencia que hoy día sirve de módulo con el que pueden compararse otros experimentos. La anchura escogida fue de seis pies (aproximadamente dos metros) y para que su superficie total fuera de 0,01 acres (0,004 hectáreas) se le dió una longitud de 72,6 pies (unos 22 metros). Este es aproximadamente el mayor tamaño en el que puede recogerse practicamente la totalidad de la escorrentía, pues las parcelas mayores necesitarían algún sistema para dividir la escorrentía en fracciones.(...)”.

**Ilustración 7** *Diseño completo da parcela de erosión. Esquema do sistema de recollida da escoa superficial e sedimentos dispostos para cada parcela<sup>648</sup>.*



<sup>648</sup>Descrición práctica do funcionamento da Ilustración 7. Toma que detalla tres partes moi concretas. Primeiro a canle de conducción, segundo o depósito decantador e terceiro o tanque de primeira alícuota. O depósito decantador ten unha capacidade de 58 litros, é de forma semicilíndrica e dispón de nove saídas; das cales unha derrama no depósito colector. Cada unha das nove saídas é circular e cun diámetro de dous coma cinco centímetros de diámetro. Para obter un fluxo de saída idéntico en cada saída adosouse unha lámina de aluminio<sup>648</sup>, para tapala parte inferior dos orificios un segmento de un centímetro de altura<sup>648</sup>. O problema tradicional de obturación dos divisores do caudal por restos orgánicos, solucionouse protexendo cunha rede de plástico de un milímetro de luz<sup>648</sup> as saídas. Respecto do depósito colector, o cal obsérvase no lado oeste da foto, dicir que é un depósito cadrangular e cunha capacidade de 40 litros.


**Ilustración 8** *Detalle do depósito decantador e microdetalle dun dos divisores da saída. Souto González (1993), explicou que para evitar a formación dun menisco de auga e a saída preferencial por unha das saídas ó desprenderse un dos meniscos ou mudar o seu tamaño, realizoíse unha incisión triangular de un centímetro de base como nós representamos nesta figura.*



O primeiro foi o adecentamento da área, que levaba ó menos 8 anos sen nengún tipo de labra, cunha limpeza do matorral e a preparación mediante a roturación do terreo sobre o cal logo íase labrar. Dita área pasou un ano en barbeito. Transcurrido este tempo, habilitamos tres parcelas de erosión. As dúas primeiras, sempre miradas dende norte a sur, posúen unhas dimensións de 5 por 5 m e a terceira parcela ten unha lonxitude de 10 m por 5 de anchura. As parcelas foron fechadas cunhas bandas de metal de 100 cm de longo por 10 cm de ancho, enterradas 5 cm no solo e deixándose ver outros 15 por riba da superficie para deste xeito aillalas o mellor posibel de aportacións de escoa procedentes da ladeira a riba Morgan (1986)<sup>649</sup>.

<sup>649</sup>Morgan, R. P. C. (1986). *Soil erosion...*, opus cit.

**Ilustración 9** Esquema e distribución da Estación Experimental "Monte Pedroso"<sup>650</sup>



<sup>650</sup> **P1:** Parcela número 1.

**P2:** Parcela número 2.

**P3:** Parcela número 3.

**R:** Sensor de Radiación Solar Global.

**T/H:** Sensor de Temperatura e Humidade Relativa da atmosfera.

**P:** Pluviómetro.

**A:** Anemómetro.

**Pt:** Pluviómetro totalizador.

**DL:** Data Logger.

**B:** Bateria.

**Te:** Tanque de evaporación. Tipo "A".

**T/1<sup>r</sup>:** Tanque decantador de recollida de escoas e sedimento.

**T/1<sup>a</sup>a:** Depósito colector de primeira alicuota.

**T/2<sup>a</sup>a:** Depósito colector de segunda alicuota.

☒: Tensiómetro.



### 3.3.3.2. Após abril de 1997

O día 12 de abril de 1997 realizamos unha reestructuración importante na estación. O obxectivo era conseguir monitorizar as escoas, para deste xeito coñecer a súa temporalidade. Para isto construíronse tres tanques decantadores para materiais groseiros<sup>651</sup>. Os depósitos presentan tres rellas metálicas<sup>652</sup> a modo de trampas que de maior a menor van capturando o sedimento aportado pola *runoff*, de tal xeito que só pasan ó tanque decantador de finos<sup>653</sup>, aqueles cunha textura inferior a 0,5 mm.

Entre o actual tanque decantador de groseiros e o tanque decantador de finos colocamos un canxilón<sup>654</sup> conectado a un *datalogger* para rexistrar no tempo os caudais que a modo de escoas aportan cada parcela durante un evento de choiva. Estes canxilóns tiveron que ser substituídos por tres pluviómetros totalizadores de precipitación *Global Water* que funcionan mediante o valeirado das cazoletas.

**Foto 4** Rellas metálicas




<sup>651</sup>Consideramos materiais groseiros aqueles superiores a 0,5 mm.

<sup>652</sup>A rella 01 presenta un ollo de luz de 1,5 mm, na rella 02 é de 1 mm, para ser finalmente de 0,5 mm na rella 03.

<sup>653</sup>O que agora consideramos tanque decantador de finos é antigo tanque decantador de sedimentos e escoas que aparece na Ilustración 9.

<sup>654</sup>Nun principio construíronse tres canxilos de chapa nun ferreiro, pero non funcionaban correctamente debido ó peso sobredimensionado das cazoletas.

**Foto 5** Posicionamento final das rellas metálicas<sup>655</sup>



**Foto 6** Pluviómetro monitorizado a modo de canxilón para medilos caudais das escoas



<sup>655</sup>Tras dúas experiencias negativas nas cales o pluviómetro – candilón trabábase cos partículas do arraste do solo, solucionouse o problema coa instalación de dous tramos (ladrillos da Foto 10) a modo de zig – zag antes das rellas.



**Foto 7** *Transeptum entre o depósito decantador de grosos e o depósito decantador de finos a traverso do canxilón*



**Foto 8** *Exemplo post – funcionamento do canxilón e o depósito colector - decantador de finos*



**Foto 9** Exemplo da montaxe completa dos tres corpos: depósito decantador de grosos, canxilón e depósito colector - decantador de finos.



**Foto 10** Vista dos diferentes transeptum entre o depósito colector - decantador de finos, o depósito colector de primeira alicuota e o depósito colector de segunda alicuota.





**Foto 11** Paso do depósito colector - decantador de finos ao depósito colector de primeira alicuota



**Foto 12** Toma na cal, de este a oeste, temos o depósito depósito colector - decantador de finos, o depósito colector de primeira alicuota e o depósito colector de segunda alicuota.



**Foto 13** Toma da montaxe dos cinco conxuntos inseridos; de norte a sur temos: primeiro o depósito decantador de grossos, segundo o canxilón, terceiro o depósito colector - decantador de finos, cuarto o depósito colector de primeira alicuota e quinto o depósito colector de segunda alicuota



Esta innovación supuxo ter que por dous novos *datalogger* ós cales se conectaban os pluviómetros.

Tamén se reforzaron as beiras das parcelas, para garantir un mellor aillamento das escoas procedentes do cumio da vertente. Para ilo realizáronse dous tipos de actuacións. Primeiro mudáronse as antigas chapas por unhas novas de 3 m de longo por 30 cm de ancho, dos cales 15 cm afundiáanse no solo. Segundo, na cara norte de cada parcela instalouse de xeito vertical unha canle de 210 mm encargada de evacua-las escoas superficiais e sub-superficiais provintes da vertente.

**Foto 14** *Vista da montaxe do sistema de captación de escoas e perdas de solo tras un evento de precipitación*



#### **3.3.3.2.1. Instrumentación: monitorización das parcelas de erosión e da estación metereolóxica**

A Estación Experimental "Monte Pedroso" conta con dúas estacións autónomas ou *MACRO Data Logger* da casa comercial Unidata de 128 KRAM de memoria interna de datos, modelo 7000B (Versión 30, 31), que inclúe: 16 canles analóxicos, diferenciais ou dunha soa terminación de entrada e catro de conteo, así como, unha saída de control sobre relé, unha interfase RS-232, toma de rexistros dende 125 milésimas de segundo (1/8 de segundo) a 10 minutos (600 segundos). Asemade, dispón de dous conectores; un deles normalizado de 25 pines femia para conexión a ordenador tipo PC ou outro dispositivo que admita un protocolo RS-232, e conta ademais co outro conector macho para conexión dos sensores. Complétase cunha tarxeta maestra externa dotada de borneo e unha caixa intemperie de protección IP65. A fonte de alimentación para o

funcionamento do *Data Logger* e demais sensores, provén dunha batería de 12 v e 65 Ah. O *MACRO Data Logger* é completamente programabel dende a *STARLOG Software Package*. En cada parcela situamos un tensiómetro a 30 cm de profundidade que nos amosa a humidade do solo, ademais na parcela 3 emplazamos unha sonda de temperatura do solo a 15 cm de profundidade.

**Foto 15** Canle de 210 mm e banda lateral de 300 mm instaladas para evacua-las escoas superficiais e subsuperficiais ás parcelas



**Foto 16** Toma xeral dunha das estacións autónomas, e o sistema de alimentación energética Estación autónoma *MACRO Data Logger*



Os tensiómetros son da marca SKYE, modelo SKT600. Mide en hectopascascales a presión debida á humidade do solo ou á presión da auga. Está deseñado de tal xeito que nos permite a súa conexión directa á equipa de datos. O trebello está fabricado en acrílico mecanizado e en porcelana porosa.

A sonda de temperatura do solo, *Thermistor Temperature Probes Model 6507*, está deseñada para moitas aplicacións das medidas de temperatura coma aire, auga do solo, neve, xelo,... Está construída de xeito aislante co que pódese usar tanto en auga doce coma salgada, a unha profundidade de 2 a 3 m e operando nunhas temperaturas comprendidas entre -40 a 100° C.

A instalación Metereolóxica está ensirada no *Datalogger* e permítenos obter medicións en base ós seguintes parámetros: volumens e intensidades da choiva, a temperatura e a humidade relativa do ambiente, a velocidade do vento, a radiación solar e a evaporación da auga. O *Datalogger* almacena os datos dos sensores cada 10 minutos.

Para a determinación dos volumes das precipitacións dispoñemos dun pluviómetro totalizador de precipitación *Global Water*. Este pluviómetro fixouse a unhas cincuenta centímetros sobre o solo, podémolo pois considerar como un pluviómetro de solo, e sito na parte baixa e central do campo experimental. O seu sistema de funcionamento é por medidor de conteo, e a traveso dun sistema de medida de canxilóns e cun rango de medida regulabel entre 0,1 e 0,5 mm de choiva, e que a cada volteo xenera un pulso que fica rexistrado nun contador. Utiliza un captador de sinal tipo relé Reed.

As intensidades das precipitacións obtéñense cun pluviógrafo da marca comercial *Unidata Model 6506A Tipping Bucket Rainfall Gauge*, cun axuste real de 0,2 mm é que transmitía os datos a unha estación autónoma ou Datalogger. Instalámolo a 1,75 m, sobre zoa verde, e sen árbores nun radio de 15 m. Este pluviógrafo está construído en aceiro inoxidable e fundido en aluminio anodizado, emprega unha tramolia de 203 mm de diámetro. O sistema de medida execútase a partires do volteo de dous canxilóns fechando e abrindo o circuío. Utiliza un captador de sinal tipo relé Reed e ademais, o aparello, está dotado dun nivelador de burbulla para obtela máxima horizontalidade.



**Foto 17** Toma eral das dús estacións autónomas, o sistema de alimentación energética e o PC par Estación autónoma MACRO Data Logger



O medidor da velocidade do vento é da marca YOUNG, modelo 12102. Mide a velocidade horizontal do vento, situámolo a 2 m. O trebello ten unha montaxe de tres cazoletas que á súa vez acoplan un eixo a un xenerador taquimétrico que proporciona unha saída en tensión de tipo analóxica. As cazoletas fabricáronse en plástico resistente á radiación UV e o rango de medida é de 0 a 50 m/s.

O sensor de temperatura e humidade relativa e da marca ROTRONIC, concretamente o modelo MP300/340. O instrumento consiste en dous sensores. O de temperatura, tipo RTD Pt 100ohm. E o da humidade relativa ROTRONIC HYGROMER<sup>®</sup>-C94. Cun rango de medida para a temperatura de -40 a 60° C e para a humidade relativa dende 0 a 100%. A exactitude da calibración da temperatura é de  $\pm 0,5^{\circ}\text{C}$ , e a da humidade relativa é a 22°C de  $\pm 2\%$ . Para evita-lo sobrequecemento por radiación solar, introdúcese o trebello nunha carcasa de tipo normalizado e homologado segundo medidas.

**Foto 18** *Pluviógrafo*



**Foto 19** *Anemómetro*






O sensor de radiación solar e novamente da marca SKYE, modelo SKL 2650. As súas características técnicas consisten nunha celda de silicio correxida en coseno, unha sensibilidade á luz entre 350 e 1.100 nm. O cabezal do sensor está completamente selado, podendo ficar indefinidamente exposto ó ambiente. Dito sensor calibrouse a ceo aberto contra piranómetros de referencia comprobabeis cos estándares e universais. Posúe unha linealidade do 1% até 3.000 W/m<sup>2</sup>.

**Foto 20** *Sensor de radiación solar Sensor de temperatura e humidade relativa*



**Foto 21** *Medidor de nivel, tipo flotador contrapeado*



Evaporímetro de Clase A, modelo 6529-1 da marca UNIDATA, Consiste nun depósito de evaporación normalizado clase "A", un medidor de nivel do tipo flotador e contrapeso (modelo 6531) e unha rede disposta en forma de cono para evitar perturbacións debidas a follas diversas insectos, paxaros. etcétera.

Complementábase cun Sensor de Temperatura para medi-la temperatura de auga do tanque, marca UNIDATA, modelo 6507A. O dispositivo empregado para a medida do nivel consiste nun flotador unido por un cordón trezado de contrapeso a traveso dunha polea. Esta polea atópase acoplada mecanicamente a un codificador angular de 16 bits, o que repercute nunha resolución de 0,5 mm. Ten unha amplitude de medida de 0 a 250 mm. O sensor de temperatura flota encol a superficie da auga para obter unha medida da temperatura superficial.

**Foto 22** Depósito evaporación normalizado Clase A e choupana metálica.



O *Data Logger* e a batería de mantemento resgárdanse dentro dunha choupana metálica e construída en chapa galvanizada.

### 3.3.4. Labra, manexo e rotación dos cultivos

#### 3.3.4.1. Durante o ano 1995

Tras un ano de barbeito, os regos fóronse enchendo de herbas, como tradicionalmente se dí no país. Como paso previo a sementar, labramos a terra<sup>656</sup>, proporcionándolle unha cava que consistiu nun volteo da mesma<sup>657</sup>

**Foto 23** *Vista parcial da parcela 1. Obsérvase as labouras de labra realizadas, onde hai que destacar que foi cavada para a riba, feito absolutamente tradicional entre os labregos como medida de protección ante as perdas de solo. Os terróns foron desfeitos e volteados de tal xeito que o sol secase as raíces das gramíneas. As labouras realizáronse cunha ferramenta moi usada nesta zoa de Galicia, e chamada lagaña. Que ven a ser un tipo particular de aixada.*



<sup>656</sup>Exactamente foi labrada a terra dez días antes de sementa-las patacas.

<sup>657</sup>Para máis detalle, observar e le-lo comentario á sazón, da Foto 4.



### 3.3.4.2. Cultivo de patacas

O día 19 de marzo do 1995, sementamos patacas nas tres parcelas<sup>658</sup>. Polas alturas de ano clasificámola como unha sementeira serodia<sup>659</sup>. As patacas foron plantadas do xeito máis tradicional da agricultura galega, facendo os regos a man cunha aixada, e cavando para a riba<sup>660</sup>.

**Foto 24** *Proceso de apertura manual do rego mediante unha lagaña para sementa-la pataca.*



Unha vez que os regos estaban rematados, foron repasados<sup>661</sup> para asegurarse ben de mante-las porcentaxes de desnivel requeridos.

<sup>658</sup>Hai que reseñar que primeiro voltamos a cava-lo solo por riba, debido á presenza de moitos terróns con herbas ou tamén chamados capelos.

<sup>659</sup>O menos, sóese considerar como patacas de cedo aquelas que se sementan a fins de febreiro.

<sup>660</sup>Os regos ou cabalóns, fixéronse cavando para a riba. Primeiro para, dun xeito tradicional, evitar acumular solo ladeira abaixo. E segundo, que principiamos a cavar na parte superior de cada parcela, para así compensa-lo desnivel do trinta por cento, que faría -de facelo á inversa- deixa-la parte superior da parcela sen solo ou con este a un nivel inferior dos beizos e canle. Provocando, así, un embalsamento artificial da escoa.

<sup>661</sup>Obsérvase con máis detalle na Foto 8.

O día 11/6/95, realizamos unha laboura de manexo propia dunha labra tradicional; a remoción da terra para evitar que o cultivo se encha de herbas<sup>662</sup>, e estas á súa vez, resten potencia ó crecemento da planta. Esta laboura, tamén seguindo as directrices tradicionais, fíxose ca terra completamente seca. Pois, do contrario, o normal é que o cultivo apestese.

**Foto 25** *Sementando a pataca de xeito manual e tradicional*



O día 30/8/95, realizamos un traballo para evita-la perda foliar ante a evidencia dun proceso, chamado comunmente, de apestado das plantas da pataca. Para ilo, pulverizamos sobre a rama unha aplicación de pesticida.

**Foto 26** *Esta foto amosa o recubrimento con solo do rego aberto, e ó mesmo tempo temos unha visión do derradeiro rego é a súa adaptación á parcela<sup>663</sup>*



<sup>662</sup>En cada zoa de Galicia, esta manioira recibe un nome diferente; nós identificamos este proceso ca terminoloxía de acochar.

<sup>663</sup>Este comentario xustifícase na nota 42.

### 3.3.4.3. Cultivo de nabo

O cultivo das patacas foi levantado o día trinta de agosto do 1995. Ó seguinte día, sementamos nabos. O proceso foi exactamente o mesmo que o descrito para o anterior cultivo. A diferenza real estriba no tipo de rego empregado. Tendo en conta, que habitualmente os nabos seméntanse esparcíndoos por riba do solo e logo removendo esta cun tipo de aparello que non profundice excesivamente nela, ben sexa unha agrade ou unha sachadora, ou como se fai nalgúns sitios do país, pasándolle unha galla por riba. Nós, para adaptarnos ós condicionantes do terreo (inclinación) por unha banda e ós condicionantes que a experimentación en sí conlevaba (pendiente regular segundo a parcela) pola outra, realizamos unhas regos moi pouco marcados en dimensións e volumen, co obxecto de guiar a escoa a través deles e ó mesmo tempo adaptarnos á labra tradicional deste tipo de cultivos<sup>664</sup>. A nabiceira, estivo activa até que a fins do ano noventa e cinco unhas fortes precipitacións, desfixeron as parcelas pola enorme cantidade de escoa incontrolada; o cal desfixo a estrutura dos regos e destrozou boa parte do cultivo, nembargantes a instalación seguiu adiante co cultivo do nabo e a colonización por parte das gramíneas até o declive do ciclo do cultivo que aconteceu con especial acentuación a finais de marzo.

**Foto 27** *Vista parcial das parcelas unha e dúas unha vez sementadas con patacas. Na toma obsérvase con detalle o tratamento dos regos e o seu particular deseño, en función de propiciar unha escoa correcta.*



<sup>664</sup>Esta característica é válida e foi aplicada para o resto dos cultivos e anos de laboreo.

### 3.3.5. Durante o ano 1996

#### 3.3.5.1. Cultivo da pataca

O día 2 de abril procedeuse a remover o solo mediante un laboreo tradicional que consistíu en voltea-la terra e eliminar os restos vexetais procedentes, tanto das gramíneas como do cultivo de nabo. Deste xeito o solo considerouse apto para a implantación dun novo cultivo.

**Foto 28** *Proceso de acochado da planta previo aporte de abono inorgánico*



O día 15 de abril sementámolas patacas, o xeito foi unha cava a man, a favor da pendente e utilizando unha lagaña, as patacas son sementadas a unha profundidade de 10 cm, se ben a profundidade do rego estaría preto dos 15 cm. O solo foi abonado con restos orgánicos ó máis puro estilo tradicional<sup>665</sup>, aportáronse 25 kg ás parcelas de 25 m<sup>2</sup> e 50 m<sup>2</sup> á parcela de 50 m<sup>2</sup>. Durante o proceso tamén se lle votou o que comunmente chamamos mineral, e que non é máis que o aporte de abono inorgánico composto de un 7 % de N, un 12 % P<sub>2</sub>O<sub>5</sub> e outro 7 % de K<sub>2</sub>O.

<sup>665</sup>Estes restos obtéñense ó estrar toxos, xestas e carpanzas na cuadra onde hai gando estabulado. Unha vez curtido retírase e exténdese nas leiras.



**Foto 29** *Aplicación de productos fitosanitarios para o mantemento da cobertura vexetal*

O día 27 de maio procedeuse a realizar unhas labours de conservación das patacas xa nacidas. Primeiro espárciuse por riba de cada parcela unhas 20 kg de abono inorgánico, das mesmas características que o empregado durante a sementación; 7 – 12 -7. Logo procedeuse a unha laboura coñecida como acocha<sup>666</sup>. Tras isto aplicóuselle un tratamento insecticida<sup>667</sup> contra a peste (mildiu) e o escarabello. Todo ilo para cubrir determinadas carencias nos cultivos e aplicouse mediante pulverización de 12 litros por cada 100 m<sup>2</sup>.

O día 1 de agosto procedeuse ó levatamento do cultivo<sup>668</sup>, para ilo procedeuse á remoción da terra empregando lagañas. A operación repitiúse unha segunda vez de xeito máis lixeiro, a isto coñéceselle como repaso ou esquilla.

<sup>666</sup>Este termo soe ter diferentes denominacións segundo o lugar de Galicia onde nos atopemos, pero fundamentalmente o que fai e remove-la terra para eliminar as primeiras herbas e achegarlla ó pe da planta. Neste caso mantívose a estrutura do rego, para evitala formación de *rill* no senso da pendente. Habitualmente, e cada día máis, aplicaselle trala acocha algún herbicida.

<sup>667</sup>O seu nome comercial é ZZ cobre super-triple con Mg.

<sup>668</sup>Os rendementos en kilos foron moi similares nas dúas parcelas de 25 m<sup>2</sup>: unhas 35 kg por parcela. E outros 75 kg procedentes da parcela de 100 m<sup>2</sup>.



### 3.3.5.2. Cultivo do nabo

O mesmo día que se produxo o levantamento do cultivo da pataca sementouse o cultivo de nabo. Sementouse a contra pendente e realizando 12 regos por parcela. O tipo de abonado foi mediante fertilizantes inorgánicos, repetindo exactamente a cantidade e compoñentes que foran aplicados este ano para o cultivo da pataca<sup>669</sup>.

### 3.3.6. Durante o ano 1997

#### 3.3.6.1. Cultivo da pataca

O día 18 de abril sementamos as patacas, seguindo co ciclo tradicional dos cultivos, para o cal realizouse un proceso, novamente tradicional. Sempre cultivando a terra a contra pendente. A cantidade e variabilidade dos fertilizantes foi a mesma que a empregada durante o ano 1996<sup>670</sup>. Durante as datas: 19 de xuño e 4 de xullo tratouse a planta da pataca como se fixo durante o ano 1996<sup>671</sup>.

**Foto 30** *Vista do cultivo da pataca en fase de crecemento.*



<sup>669</sup>Os datos precisos estan o apartado anterior.

<sup>670</sup>Vid 3.4.2.1 Cultivo da...

<sup>671</sup>Vid 3.4.2.1 Cultivo da...

### 3.3.6.2. Cultivo do nabo

Os nabos foron sementados o día 29 de agosto, se ben o cultivo da pataca foi levantado o día 5 de agosto. Para ilo habilitáronse 12 regos da parcela 1 e outros 12 na parcela 2. A parcela 3 levou 13 regos. Sempre cavando contra pendente. Só se abonou mediante fertilizante inorgánico, esta vez empregamos o que comunmente se coñece como 15 – 15 – 15<sup>672</sup>, aplicándolles 6 kg á parcela 1 e 2 e 12 kg á parcela 3

### 3.3.7. Durante o ano 1998

#### 3.3.7.1. Cultivo da pataca

O día 3 de maio procedo a sementar un novo cultivo de pataca. O proceso consistiu na apertura de regos a man e a contrapendente, de xeito tradicional. Na plot 1 e 2 sementáronse 4 kg de patacas seleccionadas a cada parcela, e aplicóuselles 18 kg de abono orgánico e outros 6 de abono inorgánico (7 – 12 – 7) por parcela. Na plot 3 sementáronse 8 kg de patacas seleccionadas que se abonaron con 36 kg de abono orgánico (7 – 12 – 7) e 12 kg de abono orgánico.

O día 10 de xuño aplicóuselles ó *canopy* do cultivo, unha man de insecticida para prevenilo mildiu<sup>673</sup>. A plot 1 pulverixouse con 3,7 litros, a plot 2 con outros 3,7 l e finalmente a plot 3 aplicáronselle 7 litros.

O día 1 de xullo aplícolle outra man de antracol, cas mesmas características que o feito para o día 10 de xuño.

O día 10 de agosto procedeuse a arranca-las patacas polo proceso xa explicado con anterioridade<sup>674</sup>. A plot 1 rendiu 48 kg, a plot 2 41 kg e a plot 3 só 28 kg.

<sup>672</sup>A súa composición básica é: 15 % de N (cun 5 % de N amoniacal e un 10 % de N uréico); outro 15 % de P<sub>2</sub> O<sub>2</sub> e o restante 15 % de K<sub>2</sub> O<sub>2</sub>.

<sup>673</sup>Concretamente da marca comercial Antracol que contén unha riqueza de 70 % Propineb.

<sup>674</sup>Vid 3.4.1.1. Cultivo da...

### 3.3.7.2.Cultivo do nabo

O día 10 de outubro sementei unhas 250 gr de nabos nas tres parcelas. Para ilo abonamos a parcela 1 con 15 kg de estrume orgánico, a parcela 2 con outros 15 kg e a parcela 3 cunhas 30 kg.

### 3.3.8. Durante o ano 1999

#### 3.3.8.1.Cultivo da pataca

O día 22 de marzo levanto os nabos. Para ilo primeiro arrancos e logo cavo a terra volteándoa. A continuación semento patacas na parcela 2 e 3 seguindo os pasos habituais<sup>675</sup>

A parcela 1 voltease mediante un proceso tradicional de cava e logo espárcense os restos vexetais dos nabos por riba do solo volteado. A respecto desta modificación, hai que suñar que o proceso de cava non conlevou a realización de regos, polo que se ben se podía esperar que aparecesen procesos naturais de *rill* o feito de deixa-la recuberta cos restos da planta dos nabos, evitou a súa formación<sup>676</sup>.

O día 25 de maio dásele unha man de insecticida contra a “peste”<sup>677</sup>. Nesta mesma data procédese á realización dunha acocha<sup>678</sup> no cultivo das patacas.

Por estas datas é frecuente observar a miúdo toupiñeiras nas parcelas, as cales poden producir a seca de varias plantas.

As patacas foron levantadas o día 2 de agosto. E as parcelas 2 e 3 foron abandonadas en barbeito.

---

<sup>675</sup>Vid 3.4.1.2. Cultivo do...

<sup>676</sup>Sen esquecer que coincidiu unha época de poucas precipitacións salientabeis.

<sup>677</sup>Novamente aplicaselles Antracol, nesta ocasión con 30 gr do produto fago 10 litros que son pulverizados de xeito equitativo nas parcelas 2 e 3.

<sup>678</sup>Vid 3.4.1.1. Cultivo da...

### 3.3.8.2. Cultivo do millo

O día 13 de xuño sementouse millo na parcela 1, fíxose ó modo tradicional e sen realizar ningún tipo de abonado. O seu crecemento foi excelente.

### 3.4. Cuantificación das escoas superficiais

O volumen de escoas superficiais determinouse gracias ós diferentes depósitos que ó final de cada parcela, nós tiñamos fixado. Isto permitíunos coñecer o volumen de escoas á vez, para as tres parcelas. Cada medida que realizamos, sempre coincidiu cun paso frontal ou episodio de choiva independente que se puidese enmarcar en relación cun evento de precipitación. As escoas manipulábanse con moito coidado de non remexelo sedimento do fondo, extraíase a auga das escoas mediante un método de sifón. Mais cando os aportes superaban o depósito decantador, e pasaba ó depósito de primeira ou segunda alícuota, recollíamos unha alícuota de douscentos milímetros, tras previo re-abanexo da auga, para muestrear significativamente as partículas en suspensión<sup>679</sup>. A escoa exprésase respecto da choiva caída (coeficiente de escoa) ou ben como a altura da lámina xerada. Para determina-la cantidade de escoas no tanque - colector cando este non superaba a súa capacidade máxima de 60 litros fíxose unha calibración do mesmo mediante unha recta de regresión.

**Táboa 25** *Relación entre os litros do depósito colector - decantador de finos e a h da lámina de auga (en cm)*


Litros	Cm / h lámina auga	Litros	Cm / h lámina auga	Litros	Cm / h lámina auga	Litros	Cm / h lámina auga
60	22,85	44	17,5	28	12,28	12	7,08
59	22,51	43	17,2	27	11,92	11	6,68
58	22,12	42	16,9	26	11,57	10	6,5
57	21,86	41	16,6	25	11,35	9	5,9
56	21,35	40	16,3	24	10,87	8	5,8
55	21,29	39	16	23	10,6	7	5,4
54	20,77	38	15,7	22	10,24	6	5
53	20,53	37	15,4	21	10,07	5	4,71
52	20,2	36	15,1	20	9,63	4	4,42
51	19,8	35	14,66	19	9,36	3	4,02
50	19,47	34	14,2	18	9,1	2	3,62

<sup>679</sup>O sedimento que ía na escoa ó depósito de primeira ou segunda alícuota non tiña un diámetro maior ó de un milímetro. Pois é necesario recordar, que a efectos de evitar aportacións desiguais de escoa dende o depósito decantador ó colector, colocáramos unha rede cun ollo de un milímetro.

49	19,13	33	13,93	17	8,74	1	2,94
48	18,75	32	13,6	16	8,39	0,5	1,45
47	18,46	31	13,4	15	7,91	0	0
46	18,07	30	12,9	14	7,8		
45	17,75	29	12,59	13	7,37		

A recta de regresión é liñal cunha tendencia positiva ofrece un  $R^2 = 0,9991$  ( $r = 0,9995$ ) o cal implica unha correlación cerrada e positiva.

**Ilustración 10** Recta de correlación liñal para o cálculo das escoas



A ecuación de regresión é:

$$y = 0,3319x + 2,9495 \tag{59}$$

Onde  $R = 0,9991$  polo que pode dicirse que estamos ante un modelo case perfecto:  $R = 1$ . Ó despexar a expresión 1 obtemos a ecuación definitiva:

$$x = [(a) - (2,4995)] / (0,3319) \tag{60}$$

onde:  $a$  é a latura da lámina de auga en cm

Respecto dos cálculos para cuantifica-las escoas nos depósitos de 1 e 2 alícuota o método empregado é mediante unha regra de tres simple. Os depósitos son regulares:

48,1 \*28,6 cms e a súa capacidade é de 40 litros.

### 3.5. Medida da erosión do solo

A pesares de sermos conscientes da existencia de diferentes métodos para a medida da erosión do solo, e básicamente por circunstancias de adaptarnos ós métodos ó noso alcance, e sen entrar a discutir a súa oportunidade ou non,<sup>680</sup> nós realizámolo de xeito directo; en función da cantidade de solo movilizado e que chegaba ó depósito decantador.

#### 3.5.1. Producción de sedimentos

Para medirlas perdas de solo por parcela, recollíamos tódolo material erosionado e que fitaba depositado no tanque decantador, máis a alícuota dos tanques colectores<sup>681</sup>. En ocasións de grandes eventos de choiva e que rexistraban grande cantidade de volumen de material<sup>682</sup>, optamos por facer un muestreo directo no campo, e logo no laboratorio, pesa-lo solo en húmido e tralo seu secado determinar o total da produción de sedimentos.

Coas modificacións feitas a partires de abril do 1997 o proceso é o seguinte:

##### 3.5.1.1. Evento de precipitación que non xenerara máis de 60 litros de escoas

Do depósito decantador de *grossos* recóllese o sedimento alí depositado, a gran maioría queda dividido en tres trampas que capturan o sedimento dende a cabeceira ó executorio como segue: na primeira trampa é maior de 2 mm, na segunda é maior a 1,5 mm e na terceira maior a 0,5 mm. Tras unha primeira limpeza coa auga depositada no tanque de finos acábbase de limpar correctamente este primeiro tanque<sup>683</sup>. O sedimento obtido pésase en total húmido e logo mistúrase é reméxese profusamente. A continuación tómase unha mostra representativa húmida é pesase, esta mostra secarase nunha estufa e

<sup>680</sup>Como nidiamente xa deixamos ver no apartado referente ás técnicas específicas para a medida da erosión.

<sup>681</sup>Todo o material era secado nunha estufa a corenta graos.

<sup>682</sup>Referimonos a cando eran demasiados quilos de sediemntos para transportalos, secalos e logo tamizalos.

<sup>683</sup>De tal xeito que a auga volta a cair no Tanque colector de finos.

pesarase posteriormente. Os datos serán traballados nunha folla de cálculo.

Logo, como segundo paso, reméxese durante un tempo prudencial a auga procedente das escoas e depositada do Tanque colector de finos, do cal extraense 2 litros. Estes 2 litros son colados a traveso dun filtro tipo que posteriormente lévase a secar nunha estufa. Os finos pesaránse logo nunha báscula de precisión. Os datos serán traballados nunha folla de cálculo.

#### **3.5.1.2.Evento de precipitación que señera entre 60 litros e 420 litros de escoas**

Os pasos a seguir son os mesmos que no apartado 3.6.1.1 no que respecta ó Tanque recolector de *grosseros* e o de finos.

Unha vez as escoas pasan a depositarse no Depósito colector de 1ª alícuota, estas reméxense axeitadamente para obter unha mostra de 2 litros os cales son colados a traveso dun filtro tipo que posteriormente lévase a secar nunha estufa. Os finos pesaránse logo nunha báscula de precisión. Os datos serán traballados nunha folla de cálculo.

#### **3.5.1.3.Evento de precipitación que xenera entre 420 e 780 litros de escoas**

Os pasos a seguir son os mesmos que no apartado 3.6.1.1 no que respecta ó tanque decantador de *grossos* e o depósito colector – decantador de finos, e no apartado 3.6.1.2 no que respecta ao depósito colector - decantador de finos de 1ª alícuota.

Unha vez as escoas pasan a depositarse no depósito colector - decantador de finos de 1ª alícuota, estas reméxense axeitadamente para obter unha mostra de 2 litros os cales son colados a traveso dun filtro tipo que posteriormente lévase a secar nunha estufa. Os finos pesaránse logo nunha báscula de precisión. Os datos serán traballados nunha folla de cálculo.

### 3.6. Vexetación

Ó falar da vexetación, existen dúas etapas moi nidias

A primeira que explicaría o acontecido durante o ano 1995 onde trataremos de explicar os pobres resultados no desenvolvemento dos cultivos sobre todo na súa expresión foliar. O cultivo das patacas, estivo sometido a unha fase de humidade excesiva na súa fase de xerminación. Ademais, quizais acusaron a falla de abonado orgánico e por riba as condicións metereolóxicas imperantes na ladeira demostráronnos ser pouco óptimas para o desenrolo dos cultivos; xa que predominan as condicións extremas para os eventos de calor, coma para os eventos de friaxe. A coberteira poderíase fixar en torno a un vintecinco por cento sobre o total da superficie, mais tamén poderíase considerar, e así nós o fixemos, como sen coberteira pois non podemos calculala interceptación

**Foto 31** *Proceso de cuantificación da extensión da cobertoira vexetal con cultivo de pataca*



Co cultivo dos nabos, pasou algo similar, se ben agora foron condicións exclusivamente metereolóxicas as que fixeron fracasa-lo cultivo. Primeiro, un período de fortes choivas en setembro, arrastrou boa parte da semente. Polo que, na segunda quincena de setembro, sementamos de novo as parcelas con nabos. De tódolos xeitos, a plantación non era excelente, polo que decidiúse replanta-las faltas, con outras traídas doutras



nabeiras. A solución foi relativa, xa que se ben era efectiva, unha época de friaxes queimou literalmente a plantación, ó que hai que sumarlle as choivas de fin de ano que asulagaron literalmente as parcelas. Co desmantelamento de estas como resultado.

A segunda a respecto dos anos 1996, 97, 98 e 99 onde progresivamente, e cecais debido fundamentalmente a un mellor *planing* de abonado. Para esta etapa calculouse<sup>684</sup> a superficie de contacto da vexetación dos diferentes cultivos coas pingas de auga, e o que se coñece coma *canopy surface*. A metodoloxía consistiu nun muestreo realizado cunha rexiña de 100 cadrantes.

**Foto 32** *Proceso de cuantificación mediante rexiña de 100 cadrantes da extensión da cobertura vexetal con cultivo de nabo*



---

<sup>684</sup> Dun xeito porcentual como veremos posteriormente.



## **IV ANÁLISES DOS RESULTADOS**



## 4. Resultados

### 4.1. Datos meteorolóxicos dos anos hidrolóxicos entre 1995 -1996 e 1998 – 1999

A totalidade da obtención dos datos meteorolóxicos foron obtidos no lugar de ubicación das parcelas experimentais<sup>698</sup>. Os datos de base obtidos fican no ANEXO CD II<sup>699</sup>.

#### 4.1.1. Precipitación

Os datos de precipitación obtidos a intervalos de 10 minutos (*Vid* ANEXO IV<sup>700</sup> e ANEXO CD II<sup>701</sup>) foron utilizados para o cálculo da erosividade climática (Táboa 1, 2, 3 e 4 do ANEXO IX)<sup>702</sup>

#### 4.1.2. Velocidade do vento, temperatura, radiación, humidade relativa e horas de sol durante o periodo comprendido entre o ano hidrolóxico 1995 – 1996 e o 1998 – 1999

Os parámetros de velocidade do vento, temperatura, radiación e humidade relativa obtivéronse *in situ* e só as horas de sol calculáronse a partires das táboas propostas pola FAO<sup>703</sup>

##### 4.1.2.1. Comportamento da velocidade do vento durante o periodo comprendido entre o ano hidrolóxico 1995 – 1996 e o 1998 – 1999

Os datos mensuais da Táboa 26 representados na Ilustración 11<sup>704</sup> arrojan os seguintes resultados globais:

- a. A velocidade media maior rexistrouse *ex aequo* no ano hidrolóxico (A.

<sup>698</sup> Para máis detalles consultar III. Materiais e...

<sup>699</sup> *Vid.* ANEXO CD I. Datos meteorolóxicos de base cada 10 minutos, 1 hora e 1 día.

<sup>700</sup> *Vid.* ANEXO IV. Intensidades de precipitación. Ano hidrolóxico 1995 – 1996; 1996 – 1997; 1997 – 1998 e 1998 – 1999.

<sup>701</sup> *Vid.* ANEXO CD II. Intensidades de precipitación cada 10 minutos.

<sup>702</sup> *Vid.* Cuantificación dos eventos de precipitación con erosividade e procesos máis determinantes que interveñen nas perdas de solo. Ano hidrolóxico 1995 – 1996; 1996 – 1997; 1997 – 1998 e 1998 – 1999.

<sup>703</sup> *Vid* Táboa 28 e 30.

<sup>704</sup> A excepción da choiva non dispoñemos do resto dos parámetros meteorolóxicos durante os meses de outubro, novembro e decembro.

- H.)<sup>705</sup> 1997 – 1998 e 1998 – 1999 con 1,42 m / s, namentras a velocidade media inferior deuse durante o A. H. 1996 – 1997 onde foi de 0,92 m / s
- O mes de maio do A. H. 1998 – 1999 rexistrou a velocidade media máxima durante todo o periodo de estudo, 2,41 m / s
  - Por outra banda o mes de febreiro do ano 1995 – 1996 rexistrou a velocidade media menor de tódolo periodo de análises, 0,47 m / s

Finalmente dicir que o promedio da velocidade do vento durante os 53 meses de estudo foi de 1,12 m / s

**Táboa 26** Datos promedio anuais, mensuais, por estacións e por periodo de estudo de velocidade do vento (m / s) para os anos hidrolóxicos comprendidos entre 1995 – 1996 e 1998 – 1999.

Meses	Anos hidrolóxicos				Promedio P. E.
	1995 1996	1996 1997	1997 1998	1998 -1999	
<b>Outubro</b>	-	1,17	1,59	1,12	0,97
<b>Novembro</b>	-	1,08	1,87	0,97	0,98
<b>Decembro</b>	-	1,08	1,30	1,02	0,85
<b>Xaneiro</b>	1,18	0,84	1,52	1,22	1,19
<b>Febreiro</b>	0,47	1,64	1,18	1,64	1,23
<b>Marzo</b>	0,79	0,50	0,80	1,55	0,91
<b>Abril</b>	0,63	0,59	1,73	1,60	1,14
<b>Maio</b>	0,58	0,62	0,97	2,41	1,15
<b>Xuño</b>	1,00	0,72	1,82	1,71	1,31
<b>Xullo</b>	1,51	0,77	1,36	1,32	1,24
<b>Agosto</b>	1,26	0,56	1,40	1,14	1,09
<b>Setembro</b>	1,25	1,49	1,46	1,38	1,40
<b>Promedio</b>	0,97	0,92	1,43	1,43	
<b>Promedio periodo de estudo</b>					1,12
Meses	1995 1996	1996 1997	1997 1998	1998 -1999	Promedio P. E.
<b>Outono</b>		1,11	1,59	1,04	0,93
<b>Inverno</b>	0,80	0,99	1,17	1,47	1,11
<b>Primavera</b>	0,74	0,64	1,51	1,91	1,20
<b>Verán</b>	1,34	0,94	1,41	1,28	1,24

A Táboa 26 amosa os datos da velocidade do vento segmentados por ano hidrolóxico e por estación climática, dos cales se destacan as seguintes consideracións:

- A estación con menos velocidade media do vento foi a primavera do ano hidrolóxico 1996 – 1997.
- A primavera do ano 1998 – 1999 foi a que rexistrou unha velocidade media do vento maior, con 1,91 m / s.

<sup>705</sup>No sucesivo cando apareza a expresión A. H. quere dicir ano hidrolóxico.

- c. Nembargantes a estación cun promedio maior de velocidade do vento, durante o periodo de estudo, foi o verán (1,24 m / s)
- d. A estación con menor promedio rexistrouse durante o outono, ó seres a velocidade media do vento de 0,93 (m / s)<sup>706</sup>
- e. Como norma xeral, non se atopa unha anormalidade importante na velocidade do vento durante os anos hidrolóxicos, pois o contraste maior entre estacións anda en torno ó 27 % (0,93 m / s para o outono e 1,24 m / s no verán)

Na Ilustración 12 represéntase unha evolución diaria, que á súa vez e a media da velocidade do vento cada 10 minutos, de cada ano hidrolóxico estudado (ANEXO CD D)<sup>707</sup>, así como o promedio destes catro anos de estudo.

#### 4.1.2.2. Comportamento da temperatura durante o periodo comprendido entre o ano hidrolóxico 1995 – 1996 e o 1998 – 1999

A temperatura media ( $T^a$  media), (*vid.* Táboa 27 e a Ilustración 17) tomando como referencia as características expostas en 1918 por Köppen<sup>708</sup>, caracterízase por:

- a. En tódolos anos hidrolóxicos a  $T^a$  media e inferior a 18 ° C ó menos nun mes e superior a 0° C de media no seu mes máis frío. En cada ano hidrolóxico o mes máis cálido sempre supera os 10 ° C de  $T^a$  media.
- b. En tódolos anos hidrolóxicos a  $T^a$  media e superior a -3 °C nos 12 meses.
- c. A  $T^a$  media máis elevada rexistrouse no mes de xullo do ano hidrolóxico 1998 – 99, con 22,2 ° C., sendo o único mes do periodo estudado cunha  $T^a$  media maior a 22° C.
- d. Tódolos anos hidrolóxicos rexistran unha  $T^a$  media superior a 10° C en máis de catro meses, e a  $T^a$  media do mes máis cálido é inferior a 22 ° C; coa excepción do expresado no apartado a.

**Táboa 27** Datos promedio anuais, mensuais, por estacións e por periodo de estudo de temperatura (°C) para os anos hidrolóxicos comprendidos entre 1995 – 1996 e 1998 – 1999

<sup>706</sup>Lembrar que falla o periodo do outono do ano hidrolóxico 1995 – 1996, ó non dispoñer de datos.

<sup>707</sup>Vid. ANEXO X CD I. Datos Metereolóxicos de base cada 10 minutos, 1 hora e 1 día

<sup>708</sup>A súa obra é dabondamente coñecida, as súas formas e símbolos son sinxelos pero a súa autoridade internacional segue a ser o referente da escola alemana e da comunidade científica internacional.

Meses	Ano hidrolóxico				Promedio P. E.
	1995 1996	1996 1997	1997 1998	1998 -1999	
<b>Outubro</b>	-	12,9	16,9	13,5	14,43
<b>Novembro</b>	-	8,9	11,34	10,86	10,37
<b>Decembro</b>		7,6	8,9	7,4	7,97
<b>Xaneiro</b>	7,4	7,3	9,8	9,66	8,54
<b>Febreiro</b>	7,8	9,96	11,09	7,47	9,08
<b>Marzo</b>	10,4	14,4	13,1	10,37	12,07
<b>Abril</b>	12,4	13,28	9,8	10,49	11,49
<b>Mai</b>	13,1	13,5	15,4	12,9	13,73
<b>Xuño</b>	16,6	14,37	15,5	15,28	15,44
<b>Xullo</b>	19,6	18,7	19,3	22,22	19,96
<b>Agosto</b>	18,2	20	20	18,24	19,11
<b>Setembro</b>	14,7	18,35	16,7	17,8	16,89
<b>Promedio</b>	13,36	13,27	13,99	13,02	
<b>Promedio periodo de estudo</b>				<b>13,41</b>	
Estacións	1995- 1996	1996 – 1997	1997 - 1998	1998 - 1999	Promedio
<b>Outono</b>	-	9,80	12,38	10,59	10,92
<b>Inverno</b>	8,53	10,55	11,33	9,17	9,90
<b>Primavera</b>	14,03	13,72	13,57	12,89	13,55
<b>Verán</b>	17,50	19,02	18,67	19,42	18,65

#### 4.1.2.3. Comportamento da radiación durante o periodo comprendido entre o ano hidrolóxico 1995 – 1996 e 1998 – 1999

A enerxía do sol (R) (*vid.* Táboa 28 e a Ilustración 17) ofrecen os seguintes valores con máis significancia:

- No periodo 1995 – 1996 rexistrou o seu máximo valor durante o mes de xullo con  $271 \text{ W m}^2$  fronte ós  $18 \text{ W m}^2$  do mes de febreiro que pasou por ser o valor máis baixo.
- Durante o periodo 1996 – 1997 obtivemos o valor máximo no mes de setembro, con  $209,5 \text{ W m}^2$  e o valor mínimo con  $45 \text{ W m}^2$  no mes de decembro.
- Nos meses de xuño e xullo do A. H. 1997 – 1998 obtivéronse os índices máis altos de R, con  $295$  e  $278 \text{ W m}^2$  respectivamente, sendo o valor do mes de xuño o valor máis alto dos rexistrados durante os 45 meses de estudo. A valía menor tivo lugar en decembro ( $35 \text{ W m}^2$ ) que á súa vez foi tamén o menor dos catro anos analizados.
- No A. H. 1998 – 1999 xullo é o mes cun índice de R maior ( $285,95 \text{ W m}^2$ ) e decembro o menor con  $52 \text{ W m}^2$ .
- Respecto dos índices promedio mensuais dos catro anos hidrolóxicos,



resulta xaneiro o mes cunha enerxía solar inferior ( $43 \text{ W m}^2$ ) e o mes de xullo o que rexistrou o índice medio maior con  $238,49 \text{ W m}^2$ .

- f. Dende o punto de vista estacional, é o verán a estación climática con máis R, destacando os  $245 \text{ W m}^2$  de media obtidos durante o A. H. 1998 – 1999. Por outra banda destancan os  $67 \text{ W m}^2$  de promedio que rexistrou o outono do A. H. 1996 – 1997.
- g. A amplitude enerxética media durante o outono e o inverno é moi pouco relevante (apenas  $7 \text{ W m}^2$ ) pola contra case chega a incrementarse nun 300 % se a comparamos co índice promedio do verán.

**Táboa 28** Datos promedio anuais, mensuais e periodo de estudo de radiación ( $\text{W m}^2$ ) para os anos hidrolóxicos comprendidos entre 1995 – 1996 e 1998 – 1999.

Meses	1995 1996	1996 1997	1997 1998	1998 -1999	Promedio P. E.
Outubro	-	107	115	117	113,00
Novembro	-	48	51,58	73,15	57,58
Decembro	-	46	35	52	44,33
Xaneiro	20	45	47	60,01	43,00
Febreiro	18	118,43	141,21	136,65	103,57
Marzo	59	74	81	145,84	89,96
Abril	86	91,56	56	141,16	93,68
Maio	103	75	220	138,33	134,08
Xuño	177	98,22	295	281	212,81
Xullo	271	119	278	285,95	238,49
Agosto	204	111	239	272,75	206,69
Setembro	167	209,5	137	185,75	174,81
<b>Promedio periodo de estudo</b>				<b>129,9</b>	
<b>Promedio</b>	122,78	95,23	141,32	157,47	
Meses	1995 - 1996	1996 - 1997	1997 - 1998	1998 - 1999	Promedio
Outono	-	67,00	67,19	80,72	71,64
Inverno	32,33	79,14	89,74	114,17	78,85
Primavera	122,00	88,26	190,33	186,83	146,86
Verán	214,00	146,50	218,00	248,15	206,66

#### 4.1.2.4. Comportamento da humidade relativa durante o periodo comprendido entre o ano hidrolóxico 1995 – 1996 e 1998 – 1999

A humidade relativa (H. R.) (*vid.* Táboa 29 e a Ilustración 20) ofrece os seguintes índices significativos:

- a. Para o periodo 1995 – 1996 a H. R. tivo unha representación dabondo homoxénea, coa excepción de xullo e setembro. Así o promedio mensual maior en % foi durante o mes de xaneiro (96) namentras o mes de xullo rexistrou unha porcentaxe do 77 (%). Como excepcionalidade é

- reseñabel a porcentaxe do 94 % obtida durante o mes de agosto.
- b. Perante o A. H. 1996 – 1997 a H. R. maior foi a rexistrada no mes de xuño con 97,39 % que a súa vez tamén foi o maior durante os catro anos de observación, fronte á menor valía, que cun 75 % tivo lugar no mes de marzo.
  - c. No terceiro periodo considerado, A. H. 1997 – 1998, a H. R. maior, cunha porcentaxe do 94,54, foi no mes de novembro e pola contra a valía menor anual foi no mes de xuño (71 %) que a súa vez foi o menor durante os catro anos considerados.
  - d. No A. H. 1998 – 1999 a H. R. máis alta foi do 92,98 % no mes de novembro, fronte ó 71,53 % de xullo que foi o menor valor.
  - e. Considerando de xeito mensual o promedio dos catro anos estudados, os meses cunha H. R. maior foron os de novembro, xaneiro, abril e decembro, con 93,17, 91,49, 90,83 e 90,33 % respectivamente, fronte ós meses de xullo e setembro que rexistran a porcentaxe menor de H. R. co 76,6 e 79,6 % e correspondentemente.
  - f. Respecto no promedio anual da H. R. por A. H. é salientabel que a amplitude deste parámetro fica entorn a 5 puntos entre o ano co promedio máis elevado e o ano co promedio inferior (H. R. de 88,67 % no A. H. 1995 – 1996 e H. R. do 83,31 % no A. H. 1997 – 1998)
  - g. Analizando os datos de H. R. promedio por estación climática resultou ser a estación de outono a que rexistra unha H. R. máis alta có 88,67 %, seguida do inverno co 87,14 % fronte ó valor do 83,31 % de HR rexistrada na primavera e moi próxima no seu valor ó obtido durante o verán (83,54 %) Datos dabondo homoxéneos, sen dúbida froito da reducida amplitude da H. R.

**Táboa 29** *Datos promedio anuais, mensuais e periodo de estudo de humidade relativa (%) para os anos hidrolóxicos comprendidos entre 1995 – 1996 e 1998 – 1999.*

Meses	1995 1996	1996 1997	1997 1998	1998 -1999	Promedio P. E.
<b>Outubro</b>	-	87	88	88	87,67
<b>Novembro</b>	-	92	94,54	92,98	93,17
<b>Decembro</b>	-	88	93	90	90,33
<b>Xaneiro</b>	96	90	90	89,97	91,49
<b>Febreiro</b>	89	89,29	77,13	79,8	83,81
<b>Marzo</b>	90	75	78	84,09	81,77
<b>Abril</b>	89	92,07	93	89,24	90,83

<b>Maio</b>	92	95	73	83,63	85,91
<b>Xuño</b>	92	97,39	71	76	84,10
<b>Xullo</b>	77	79	79	71,53	76,63
<b>Agosto</b>	94	81	81	79,62	83,91
<b>Setembro</b>	79	79,9	82	77,6	79,63
<b>Promedio</b>	88,67	87,14	83,31	83,54	
<b>Promedio periodo de estudo</b>				<b>85,66</b>	
<b>Estación</b>	<b>1995 – 1996</b>	<b>1996 – 1997</b>	<b>1997 – 1998</b>	<b>1998 – 1999</b>	<b>Promedio</b>
<b>Outono</b>	-	89,00	91,85	90,33	88,67
<b>Inverno</b>	91,67	84,76	81,71	84,62	87,14
<b>Primavera</b>	91,00	94,82	79,00	82,96	83,31
<b>Verán</b>	83,33	79,97	80,67	76,25	83,54

#### 4.1.2.5. Comportamento das horas de sol durante o periodo comprendido entre o ano hidrolóxico 1995 – 1996 e 1998 - 1999

As horas de sol (H. S.)<sup>709</sup> (*vid.* Táboa 30 e a Ilustración 23) ofrece, cuantitativamente, os seguintes valores significativos:

- O periodo 1996 – 1997 rexistrou o maior número de H. S. no mes de setembro e febreiro, con 235, e 156,6 H. S. respectivamente, sendo pola outra banda os meses de maio e xaneiro os que rexistraron un menor número de H. S. (74,9 e 82)
- No segundo periodo, o correspondente co A. H. 1997 – 1998 obtivéronse os valores máximos en H. S. durante os meses de xuño e xullo, con sumatorios de 281,5 e 278,19 correlativamente. Os valores mínimos concentráronse en xaneiro e novembro, co 84 e 87 H. S. respectivamente.
- Para o A. H. 1998 – 1999 os meses de xullo (285,89 H. S.) e agosto (285,29 H. S.) foron os que rexistraron os valores máis altos, xa non só neste A. H. senón tamén en tódolo período de datos. O mes de xaneiro foi o que menos H. S. rexistrou cun valor de 108,6.
- Considerando de xeito mensual o promedio dos tres anos estudados, os meses con máis H. S. foron os de xullo, agosto, e xuño, con 227,7, 217,03, e 214,5 H. S. respectivamente, fronte ós meses de xaneiro, abril e novembro que rexistraron unhas índices de 91,5, 97,5 e 98,1 HS.
- O promedio anual de HS por A. H. presenta unha amplitude deste

<sup>709</sup>As HS contabilízanse de xeito sumatorio, polo que o A. H. 1995 – 1996 queda desbotado desta análise.


parámetro en torno a 725 H. S. de diferenza entre o ano co promedio máis elevado e o ano co promedio inferior (2147,7 HS no A. H. 1998 – 1999 e 1422,5 H. S. no A. H. 1996 – 1997) É dicir unha porcentaxe aproximada do 34 % de variación nas H. S. totais.

- f. Analizando os datos de H. S. promedio por estación climática é a estación de verán a que rexistra en tódolos A. H. estudados máis HS, cun promedio de 536,9 H. S. seguida da primavera con 488,29. O inverno e a estación con menos H. S. (355,6)


**Táboa 30** *Datos promedio anuais, mensuais e periodo de estudo das horas de sol (HS)) para os anos hidrolóxicos comprendidos entre 1995 – 1996 e 1998 – 1999.*

Meses	1995-1996	1996-1997	1997-1998	1998-1999	Promedio P. E.
<b>Outubro</b>	-	146	156,9	159,6	154,17
<b>Novembro</b>	-	84	87	123,33	98,11
<b>Decembro</b>	-	134	100	150,85	128,28
<b>Xaneiro</b>	36	82	84	108,6	91,53
<b>Febreiro</b>	25	156,52	186,63	180,6	174,58
<b>Marzo</b>	69,81	88	95	172,3	118,43
<b>Abril</b>	90	92,78	56,85	143,05	97,56
<b>Maio</b>	102	74,92	218,71	137,66	143,76
<b>Xuño</b>	169	93,88	281,5	268,35	214,58
<b>Xullo</b>	270,4	119	278,19	285,89	227,69
<b>Agosto</b>	213,38	116	249,81	285,29	217,03
<b>Setembro</b>	187	235,4	158,57	132,19	175,39
<b>Promedio</b>	1162,59	1422,50	1953,16	2147,71	
<b>Promedio periodo de estudo</b>				<b>1671,49</b>	
Estación	1995-1996	1996-1997	1997-1998	1998-1999	Promedio
<b>Outono</b>	-	364	343,9	433,8	387,53
<b>Inverno</b>	130,81	326,52	365,63	461,5	355,62
<b>Primavera</b>	361	261,58	557,06	549,06	488,29
<b>Verán</b>	670,78	470,4	686,57	703,37	536,92


**Ilustración 11** Representación liñal das tendencias mensuais da velocidade do vento ano hidrolóxico.




**Ilustración 12** Representación liñal das tendencias estacionais da velocidade do vento en cada ano hidrolóxico.




**Ilustración 13** Representación liñal diaria das tendencias diarias e da tendencia promedio da velocidade do vento en cada ano hidrolóxico.




**Ilustración 14** Representación liñal das tendencias mensuais da temperatura atmosférica en cada ano hidrolóxico.




**Ilustración 15** Representación liñal das tendencias estacionais da temperatura atmosférica en cada ano hidrolóxico.




**Ilustración 16** Representación liñal diaria das tendencias diarias e da tendencia promedio da temperatura atmosférica en cada ano hidrolóxico.




**Ilustración 17** Representación liñal das tendencias mensuais da radiación por ano hidrolóxico estudado




**Ilustración 18** Representación liñal das tendencias estacionais da radiación por ano hidrolóxico estudado.




**Ilustración 19** Representación liñal diaria das tendencias diarias e da tendencia promedio da radiación en cada ano hidrolóxico.




**Ilustración 20** Representación liñal das tendencias mensuais da humidade relativa por ano hidrolóxico estudado.



**Ilustración 21** Representación liñal das tendencias estacionais da humidade relativa por ano hidrolóxico estudado.





**Ilustración 22a** Representación liñal diaria das tendencias diarias e da tendencia promedio da humidade relativa en cada ano hidrolóxico.






**Ilustración 21** Representación liñal das tendencias mensuais das horas de sol por ano estudado.

**Ilustración 22** Representación liñal das tendencias estacionais das horas de sol por hidrológico ano hidrolóxico estudado



**Ilustración 23** Representación liñal diaria das tendencias diarias e da tendencia promedio das horas de sol en cada ano hidrolóxico.



#### 4.2. Calificación da precipitación anual, estacional e mensual da Estación Experimental Monte Pedroso respecto de las estaciones de Lavacolla e de Santiago de Compostela

Partindo dos valores promedio mensuais obtidos para Santiago de Compostela (Observatorio Meteorolóxico *Ramón Aller* da Universidade de Santiago de Compostela) no periodo regular comprendido entre 1945 e 1979 Carballera *et al.* (1983)<sup>696</sup> e para a Estación de Lavacolla<sup>697</sup> entre 1961 e 1990 obtense un valor en función dun índice que cualifica o mes en moi seco (MS) seco (S), normal (N) humido (H) e moi húmido (MH) en función do preto ou lexos que o seu valor este con relación a un parámetro que se establece no 25 %.

Os criterios a empregar son os seguintes (Basanta Cornide 1997)<sup>710</sup>:

- a. Mes moi seco (MS) o encadrado en índices inferiores ó 50 % do valor referencial.
- b. Mes seco (S) o encadrado en índices inferiores ó 25 % do valor referencial.
- c. Mes normal (N) o encadrado entre o  $\pm 25$  % do valor referencial.
- d. Mes húmido (H) o encadrado en índices superiores ó 25 % do valor referencial.
- e. Mes moi húmido (MH) o encadrado en índices superiores ó 50 % do valor referencial.

O análises das Táboas 32, 33, 35 e 36 permítenos observar unha clasificación cuantitativa mensual dos catro periodos de estudo da Estación Experimental Monte Pedroso (E.E.M.P.) fronte ás dúas coas que se cotexan, arroxan as seguintes valoracións:

##### I. Periodo correspondente co ano hidrolóxico 1995 – 1996

1. Os datos rexistrados fronte ó observatorio de Santiago de Compostela reflicten un ano MH xa que excede o total anual nun 55,5 % ó respecto

<sup>696</sup> Aeroporto de Labacolla. Indicativo 1428.

<sup>697</sup> Basanta Cornide, R. (1997) *Influenza de..., opus cit.*

do promedio tipo de 1.545,6 mm, respecto de Lavacolla o ano é H ó superar o seu valor nun 32,2 %.

2. Destaca o grao de MH durante os meses de novembro, decembro, xaneiro e febreiro (segundo bimestre e primeiro bimestre do outono e inverno respectivamente) e o do mes de xullo. Só o mes de abril foi excepcionalmente enxoito xa que rexistrou menos dun 50 % de precipitacións a respecto da serie histórica de Santiago de Compostela. A comparación con Lavacolla reduce a calificación de MH a tres meses: novembro, decembro e xaneiro.
3. Estacionalmente tivemos un outono e inverno MH, unha primavera N e un verán H, como anomalía suliñalo 91 % máis de choiva no outono fronte ós datos históricos de Santiago de Compostela.
4. Ó cotexarmos os datos con Lavacolla obtemos un outono MH, un inverno H e unha primavera e verán cun parámetro N, aínda así á primavera rozou a sequeza xa que choveu un 20,7 % menos da serie histórica de Lavacolla.
5. As choivas caen durante todo o ano, e cada un dos tres meses do verán superan os 30 mm de precipitación.

## II. Periodo correspondente co ano hidrolóxico 1996 – 1997

1. Durante este ano hidrolóxico destaca o dominio da normalidade (N) no rexime total das precipitacións rexistradas na E.E.M.P. fronte ós dominios históricos de Santiago e Lavacolla; xa que choveu un 14,2 % máis e un 2,9 % menos respectivamente.
2. Rexistráronse 4 meses nos cales choveu máis dun 50 % (MH) do normal respecto de Santiago de Compostela, destacando os meses de abril, maio e xuño (primavera) asemade o mes de agosto tamén foi MH. Pola outra banda destaca a normalidade das choivas durante os meses de decembro, xaneiro e febreiro e a seca (MH) que houbo durante o mes de marzo. Cando a comparación é coa serie histórica de Lavacolla, destaca a igualdade entre meses moi secos, e entre húmidos e moi húmidos, destacando a normalidade durante as precipitacións na estación do inverno.

3. As estacións de outono, inverno e verán mantivéronse dentro do umbral N namentras que a primavera foi MH, se ben o inverno, realmente, está na fronteira de considerarse como unha estación S, choveu un 24,2 % menos en referencia á serie histórica de Santiago de Compostela.
4. Os mesmos resultados obtivéronse ó realiza-la comparación con Lavacolla. Cecais haxa que destaca a salvidade de termos un inverno calificado como S e preto de entrar na calificación de MS xa que choveu un 42,7 % menos do que o fai historicamente en Lavacolla.
5. O mes de setembro (9,4 mm) e xullo (17,6 mm) rexistran menos de 3 cm de choiva, e existen varios meses que multiplican por máis de tres a cantidade de precipitación obtida durante este mes de setembro e xullo.

### III. Periodo correspondente co ano hidrolóxico 1997 – 1998

1. Para este ano hidrolóxico na E.E.M.P. foi húmido (H) en contraposición coa serie do observatorio *Ramón Aller* xa que choveu un 44 % máis e normal (N) ó comparalo con Lavacolla, se ven as precipitacións foron un 22,4 % máis (2.225,3 fronte a 1.817,8)
2. Da distribución temporal da choiva na E.E.M.P. ó longo deste ano hidrolóxico destaca o predominio de seis meses MH (outubro, novembro, decembro e abril, xullo e setembro) destacando pois un outono especialmente húmido ó chover neses tres meses máis dun 270 % da serie histórica de Santiago de Compostela, incluso os dous meses MH do verán anuncian unha estación chuviosa. Os mesmos parámetros, reducindo a catro meses os MH (novembro, decembro, abril e setembro) predominan ó contrapor os datos cos de Lavacolla.
3. O outono e a primavera foron estacións MH en fronte a un inverno e verán cuantificados como N. Predomina pois a alternancia de períodos, se ben é importante suliñar que o verán rexistrou un 22,3 % máis de choivas e o outono un 91 % máis de choivas ó respecto dos umbrais históricos de Santiago de Compostela.
4. Respecto de Lavacolla, mantéñense as mesmas cualificacións que as obtidas para Santiago de Compostela, a excepción da cualificación para a

estación de inverno que foi S ó chover un mínimo total inferior nun 37 % dos datos históricos.

- O mes de agosto (3,8 mm) rexistra menos de 3 cm de choiva, e existen varios meses que multiplican por máis de tres a cantidade de precipitación obtida durante este mes de agosto.

#### IV. Periodo correspondente co ano hidrolóxico 1998 – 1999

- O ano hidrolóxico 1998 – 1999 clasifícase pola súa normalidade ó precipitar un 16,3 % máis na E.E.M.P. (1.797,7) respecto a Santiago de Compostela e un 1,1 % menos cotexándoo con Lavacolla.
- Na E.E.M.P. neste ano hidrolóxico só choveu por riba do 50 % durante os meses de abril e setembro en comparación coas dúas estacións de referencia, e o máis destacabel sería os valores de S e MS nos meses de outubro e novembro para Santiago e Lavacolla respectivamente.
- As precipitacións concentradas durante o segundo semestre do ano, nas estacións de primavera (MH) e verán (MH), superan lixeiramente ós porcentaxes obtidos nas estacións máis chuviosos por excelencia: outono e inverno, que rexistraron a calificación de S e N respectivamente. Individualmente o máis salientabel foi que durante a primavera os datos case dobraron (99%) os datos históricos de precipitacións en Santiago de Compostela e no verán choveu un 54 % máis.
- A respecto de Lavacolla, únicamente se rebaixa o calificativo otorgado ó verán que pasa a ser de H, pero cunha porcentaxe (49 %) que case o mantén como MH.
- O mes de xullo (19,4 mm) rexistra menos de 3 cm de choiva, e existen varios meses que multiplican por máis de tres a cantidade de precipitación obtida durante este mes de xullo.

**Táboa 32** *Precipitacións mensuais e anuais totais (mm) e en % respecto dos promedios históricos.*

<b>E.E.M.P.</b>	<b>out.</b>	<b>nov.</b>	<b>dec.</b>	<b>xan.</b>	<b>feb.</b>	<b>mar.</b>	<b>abr.</b>	<b>mai.</b>	<b>xuñ.</b>	<b>xul.</b>	<b>ago.</b>	<b>set.</b>	<b>Tot.</b>
<b>1995-1996</b>	139	432	410	435	308,8	152,7	42,9	168	76	45	62,8	130	2403
<b>1996-1997</b>	173	259	173	229	168,1	4,8	168,2	229	201	17,6	133	9,4	1765
<b>1997-1998</b>	227	428	324	245,8	56,6	138,3	428	93,1	57,8	44,4	3,8	178	2225
<b>1998-1999</b>	86	98,4	150	228,3	62,5	256,6	420,7	181	29,4	19,4	85,8	180	1798

<b>Santiago C.</b>	130	188	196	206,4	148,8	175,2	109,2	131	76,8	24	63,6	97,2	1546
<b>Lavacolla</b>	200	171	257	261,6	182,3	147	138	76,8	33,2	44,5	114	193	1818
<b>1995-1996</b>	18	17,1	18,1	12,8	6,4	1,8	7,0	3,2	1,9	2,6	5,4	5,8	100
<b>1996-1997</b>	9,8	14,7	9,8	13,0	9,5	0,3	9,5	13,0	11,4	1,0	7,5	0,5	100
<b>1997-1998</b>	10,2	19,3	14,6	11,0	2,5	6,2	19,2	4,2	2,6	2,0	0,2	8,0	100
<b>1998-1999</b>	4,8	5,5	8,3	12,7	3,5	14,3	23,4	10,1	1,6	1,1	4,8	10,0	100
<b>Santiago C.</b>	12,2	12,7	13,4	9,6	11,3	7,1	8,5	5,0	1,6	4,1	6,3	8,4	100
<b>Lavacolla</b>	10,6	11,0	9,4	14,2	14,4	10,0	8,1	7,6	4,2	1,8	2,4	6,3	100

**Táboa 33** Calificacións pluviométricas mensuais da E.E.M.P. (M.P.) respecto de Santiago C.(S.) e Lavacolla (L)

E.E.M.P.	out.	nov.	dec.	xan.	feb.	mar.	abr.	mai.	xuñ.	xul.	ago.	set.	Total
<b>M.P. 95-96</b>	139,2	432,2	409,9	435	308,8	152,7	42,9	168	76	45	62,8	129,8	2403
<b>M.P. 96-97</b>	173,2	259,4	173,4	229	168,1	4,8	168,2	229,2	200,6	17,6	132,6	9,4	1765
<b>M. P.97-98</b>	227,2	428,4	324,2	245,8	56,6	138,3	428	93,1	57,8	44,4	3,8	177,7	2225
<b>M.P. 98-99</b>	86,2	98,4	150	228	62,5	256,6	421	181	29,4	19,4	85,8	180	1797
<b>Santiago C.</b>	129,6	188,4	195,6	206,4	148,8	175,2	109,2	130,8	76,8	24	63,6	97,2	1546
<b>Lavacolla</b>	193	199,6	170,9	257	261,6	182,3	147	138	76,8	33,1	44,5	114	1818
<b>%M.P./Sant.</b>	7,41	129,4	109,6	111	107,5	-13,1	-60,7	28,4	-1,04	87,5	-1,26	33,5	55,5
<b>%M.P./Lav.</b>	-27,8	116,6	139,8	69	18,02	-16,5	-70,9	22,2	-1,1	35,7	41,3	14	32,2
<b>M.P.95-96/S.</b>	N	MH	MH	MH	MH	N	MS	H	N	MH	N	H	MH
<b>M.P95-96/L.</b>	S	MH	MH	MH	N	N	MS	H	N	H	H	N	H
<b>Santiago C.</b>	129,6	188,4	195,6	206,4	148,8	175,2	109,2	130,8	76,8	24	63,6	97,2	1546
<b>Lavacolla</b>	193	199,6	170,9	257	261,6	182,3	147	138	76,8	33,1	44,5	114	1818
<b>% M.P./Sant</b>	33,6	37,69	-11,3	10,9	12,97	-97,3	54	75,2	161	-27	108	-90,3	14,2
<b>% M.P./Lav.</b>	-10,2	29,96	1,46	-11	-35,7	-97,4	14,2	66,7	161	-47	198	-91,7	-2,9
<b>M.P.96-97/S.</b>	H	H	N	N	N	MS	MH	MH	MH	S	MH	MS	N
<b>M.P.96-97/L.</b>	N	H	N	N	MS	MS	N	MH	MH	MS	MH	MS	N
<b>Santiago C.</b>	129,6	188,4	195,6	206,4	148,8	175,2	109,2	130,8	76,8	24	63,6	97,2	1546
<b>Lavacolla</b>	193	199,6	170,9	257	261,6	182,3	147	138	76,8	33,1	44,5	114	1818
<b>% M.P./San.</b>	75,2	127,4	65,75	19,1	-61,9	-21,1	292	-28,8	-24,7	85	-94	82,8	44,0
<b>% M.P./Lav.</b>	17,7	114,6	89,7	-4,52	-78,4	-24,2	191	-32,3	-24,8	33,9	-91,5	56,1	22,4
<b>M.P.97-98/S.</b>	MH	MH	MH	N	MS	N	MH	S	N	MH	MS	MH	H
<b>M.P.97-98/L.</b>	H	MH	MH	N	MS	N	MH	S	N	H	MS	MH	N
<b>Santiago C.</b>	129,6	188,4	195,6	206,4	148,8	175,2	109,2	130,8	76,8	24	63,6	97,2	1546
<b>Lavacolla</b>	193	199,6	170,9	257	261,6	182,3	147	138	76,8	33,1	44,5	114	1818
<b>% M.P./San.</b>	-33,5	-47,7	-23,3	10,6	-57,9	46,46	285	38,2	-61,8	-19	34,9	84,8	16,3
<b>% M.P./Lav.</b>	-55,3	-50,7	-12,2	-11,3	-76,1	40,71	186	31,5	-61,8	-41	93	57,7	-1,1
<b>M.P.98-99/S.</b>	S	S	N	N	MS	H	MH	H	MS	N	H	MH	N
<b>M.P98-99/L.</b>	MS	MS	N	N	MS	H	MH	H	MS	S	MH	MH	N

**Táboa 34** Precipitacións por estacións climáticas totais e en porcentuais respecto dos promedios históricos.

(mm) e (%)													
E.E.M.P.	out.	nov.	dec.	xan.	feb.	mar.	abr.	mai.	xuñ.	xul.	ago.	set.	Total
Estación	Outono			Inverno			Primavera			Verán			
<b>1995-1996</b>	981,34			896,5			286,9			237,6			2403,2
<b>1996-1997</b>	606			401,9			598			159,6			1797,6
<b>1997-1998</b>	979,8			440,7			578,9			225,9			2225,3
<b>1998-1999</b>	334,6			547,1			631,4			285,2			1798,3
<b>Santiago C.</b>	513,6			530,4			316,8			184,8			1545,6
<b>Lavacolla</b>	563,5			701			361,8			191,64			1817,94
<b>1995-1996</b>	40,85			37,32			11,94			9,89			100

<b>1996-1997</b>	34,32	22,76	33,87	9,04	100
<b>SANTIAG. C.</b>	33,23	34,32	20,50	11,96	100
<b>Lavacolla</b>	31,00	38,56	19,90	10,54	100

**Táboa 35** *Calificacións pluviométricas estacionais da E.E.M.P. respecto de Santiago C. e Labacolla.*

E.E.M.P.	out.	nov.	dec.	xan.	feb.	mar.	abr.	mai.	xuñ.	xul.	ago.	set.	Total
Estación	Outono			Inverno			Primavera			Verán			
<b>M.P. 1995-1996</b>	981,34			896,5			286,9			237,6			2403,2
<b>Santiago C.</b>	513,6			530,4			316,8			184,8			1545,6
<b>Lavacolla</b>	563,5			701			361,8			191,64			1817,8
<b>% M.P./Santgo.</b>	91,07			69,02			-9,44			28,57			55,5
<b>% M.P./Lavaco.</b>	74,15			27,89			-20,70			23,98			32,2
<b>M.P. 95-96/Sant</b>	MH			MH			N			H			MH
<b>M.P. 95-96/Lav.</b>	MH			H			N			N			H
<b>M.P. 1996-1997</b>	606			401,9			598			159,6			1765,5
<b>Santiago C.</b>	513,6			530,4			316,8			184,8			1545,6
<b>Lavacolla</b>	563,5			701			361,8			191,64			1817,94
<b>% M.P./Santg</b>	17,99			-24,23			88,76			-13,64			14,23
<b>% M.P./Lava.</b>	7,54			-42,67			65,28			-16,72			-2,88
<b>M.P. 96-97/Sant</b>	N			N			MH			N			N
<b>M.P. 96-97/Lav</b>	N			S			MH			N			N
<b>M.P. 1997-1998</b>	979,8			440,7			578,9			225,9			2225,3
<b>Santiago C.</b>	513,6			530,4			316,8			184,8			1545,6
<b>Lavacolla</b>	563,5			701			361,8			191,64			1817,94
<b>% M.P./Santg</b>	90,77			-16,91			82,73			22,24			43,98
<b>% M.P./Lava.</b>	73,88			-37,13			60,01			17,88			22,41
<b>M.P. 97-98/Sant</b>	MH			N			MH			N			H
<b>M.P. 97-98/Lav</b>	MH			S			MH			N			N
<b>M.P. 1998-1999</b>	334,6			547,1			631,4			285,2			1798,3
<b>Santiago C.</b>	513,6			530,4			316,8			184,8			1545,6
<b>Lavacolla</b>	563,5			701			361,8			191,64			1817,94
<b>% M.P./Santg</b>	-34,85			3,15			99,31			54,33			16,35
<b>% M.P./Lava.</b>	-40,62			-21,95			74,52			48,82			-1,08
<b>M.P. 98-99/Sant</b>	S			N			MH			MH			N
<b>M.P. 98-99/Lav</b>	S			N			MH			H			N

**Táboa 36** *Clasificacións cuantitativas pluviométricas por meses e estacións da E.E.M.P. respecto de Santiago C. e Labacolla.*

Clasificación por mes		MS		S		N		H		MH	
Estación de referencia		S. C.	Lav.	S. C.	Lav.	S. C.	Lav.	S. C.	Lav.	S. C.	Lav.
<b>Estac comp</b>	<b>Ano Hidrol.</b>										
E.E.M.P.	1995 - 1997	1	1	2	1	4	4	2	3	5	3
E.E.M.P.	1996 - 1997	2	4	1	1	3	4	2	1	4	3
E.E.M.P.	1997 - 1998	2	2	1	1	3	3	2	2	6	4
E.E.M.P.	1998 - 1999	2	4	2	1	3	2	3	2	2	3
<b>Totais</b>		7	11	6	4	13	12	7	8	17	13
Clasificación por estación		MS		S		N		H		MH	
Estación de referencia		S. C.	Lav.	S. C.	Lav.	S. C.	Lav.	S. C.	Lav.	S. C.	Lav.
<b>Estac comp</b>	<b>Ano Hidrol</b>										
E.E.M.P.	1995 - 1996	-	-	-	-	1	2	1	1	2	1
E.E.M.P.	1996 - 1997	-	-	-	1	3	2	-	-	-	1
E.E.M.P.	1997 - 1998	-	-	-	1	2	1	-	-	2	2
E.E.M.P.	1998 - 1999	-	-	1	1	1	1	-	1	2	1
<b>Totais</b>		0	0	1	3	7	6	1	1	6	5

### 4.3. Precipitacións cada 24 horas. Máximas cuantificadas e porcentuais por frecuencias

#### 4.3.1. Cuantificación das precipitacións máximas en 24 horas

Os datos de base atópanse na Táboa 1, 2, 3 e 4 do ANEXO I<sup>711</sup> e a súa representación gráfica na Ilustración 26, 27, 28, e 29. Asemade tamén se representan as curvas de retorno propostas<sup>712</sup> polo ICONA (1980)<sup>713</sup> para a Estación de Santiago de Compostela. A súa representación en periodos de retorno (*Vid.* Táboa 36), constitúen os períodos de retorno en relación coas precipitacións diarias.

**Táboa 37** *Identificación e equivalencia dos periodos de retorno das precipitacións en (mm) aplicados á E.E.M.P. durante os anos hidrolóxicos 1995-1996; 1996 – 1997; 1997 – 1998; 1998 – 1999 ó respecto do publicado polo ICONA (1980)<sup>714</sup>.*

X2	X5	X10	X15	X20
58,4	101,8	130,8	147,3	158,2

#### I. Ano hidrolóxico 1995 – 1996

- Os valores máximos concentráse no primeiro tercio do A. H., alcanzando o día 15 de novembro un valor máximo de 117,4 mm. Este valor supón o 27,2 % do total das precipitacións rexistradas nese mes. E o seu periodo de retorno sitúase entre os 5 e 10 anos
- Os días 23 e 24 de outubro con 59 e 67,6 mm, superan lixeiramente os valores de 58,4 mm que se estiman para un periodo de dous anos de retorno. Ambos valores representan un 14,4 e 16,5 % do total das precipitacións rexistradas neste mes.
- O resto de rexistros de precipitacións obtidos neste A. H. non superan o periodo de retorno de 2 anos.
- Só o 10,15 % das precipitacións caídas durante este periodo superan o periodo de retorno de 2 anos. Dos cales o 4,8 % dese valor refírese a un periodo de

<sup>711</sup>*Vid.* ANEXO I. Precipitacións en 24 h. Ano hidrolóxico 1995 – 1996; 1996 - 1997; 1997 - 1998 e 1998 – 1999.

<sup>712</sup>Obviamente a escasez de datos para a Estación Experimental Monte Pedroso impide o cálculo de seu.

<sup>713</sup>ICONA (1988). *Agresividad de la lluvia en España. Publicaciones ICONA. MAPA.*

<sup>714</sup>*Ibidem* 183



retorno superior a 5 anos e o 5,35 % do valor atañe a un periodo de retorno de 2 anos.

## II. Ano hidrolóxico 1996 – 1997

- a. Durante este periodo de tempo non se rexistrou ningún día no cal a precipitación total superase os 58,4 mm necesarios para que se produza un periodo de retorno de 2 anos, somentes o día 17 de abril se aproximou a esta cifra con 57,8 mm.
- b. Os máximos rexistrados en 24 horas e cuantitativamente preto do valor 58,4 mm (periodo de retorno 2 anos) distribuíronse de xeito dabondo homoxéneo durante o primeiro cuarto (outono) do ano e durante o terceiro cuarto do ano (primavera)

## III. Ano hidrolóxico 1997 – 1998

- a. Os máximos en 24 horas sitúanse neste caso, tamén, no primeiro cuarto do A. H. e residualmente a metade do A. H..
- b. Durante o día 19 de outubro con 80,9 mm superouse o periodo de retorno de 2 anos. O mesmo pasou o día 6 de xaneiro con 64,6 mm.
- c. En relación co valor porcentual de cada día respecto do total do mes, o valor do día 19 de outubro supón o 35,60 % e o valor do día 6 de xaneiro o 26,28 %.
- d. Relacionando estes valores co total anual de precipitacións obtemos que o resultado do día 19 de outubro abrangue un 3,63 % e o do 6 de xaneiro un 2,9 %

## IV. Ano hidrolóxico 1998 – 1999

- a. Os valores de precipitación máxima diaria en 24 horas (Pmax 24h) sitúase, a finais do inverno e principio da primavera. Podemos ubicalos como a metade do ano hidrolóxico durante a transición do inverno á primavera.
- b. Destacan tres máximos de precipitación: os 86 mm do día 8 de marzo, os 60 mm do día 4 de abril e os 82,6 mm do día 5 de abril. Os 86 mm superan amplamente os dous anos de retorno se ben non chegan ós 5 anos. Os 60 mm


está no período de retorno de 2 anos e os 82,6 mm superan tamén de xeito nidio os dous anos de retorno, sen chegares ós 101,8 mm que se requiren para os 5 anos de retorno.

- c. Os 86 mm do día 8 de marzo supoñen o 33,5 % do total das precipitacións mensuais. Os 60,2 mm do día 4 de abril representan o 14,3 % das choivas totais mensuais e por último os 82,6 mm rexistrados o día 5 de abril son o 19,6 % do total de precipitacións mensuais.
- d. Estes valores a respecto da súa porcentaxe anual son para o día 8 de marzo (86 mm) un 4,78 %, para o día 4 de abril (60,2 mm) un 3,34 % e para o día 5 de abril un 4,59 %.


#### V. Análises dos resultados para os catro anos hidrolóxicos.

- a. Durante o período analizado só se rexistrou un valor superior a 5 anos de retorno. O valor de 117,4 mm, rexistrados o día 15 de novembro do A. H. 1995 – 1996.
- b. Nestes catro anos só houbo 7 episodios de precipitacións máximas en 24 horas superiores a 2 anos de retorno.
- c. Polo tanto a porcentaxe de precipitación caída durante os catro A. H. de estudo, cun período de retorno superior ós cinco anos, foi do 6,12 % e a porcentaxe para un período de retorno de 2 anos foi do 1,43 %.


**Ilustración 24** Precipitacións en 24 horas durante o ano hidrolóxico 1995 – 1996. E periodos de retorno para 2, 5, 10, 15 e 20 anos.




**Ilustración 25** Precipitacións en 24 horas durante o ano hidrolóxico 1996 – 1997. E periodos de retorno para 2, 5, 10, 15 e 20 anos.



**Ilustración 28** Precipitacións en 24 horas durante o ano hidrolóxico 1997 – 1998. E periodos de retorno para 2, 5, 10, 15 e 20 anos.



**Ilustración 29** Precipitacións en 24 horas durante o ano hidrolóxico 1998 – 1999. E periodos de retorno para 2, 5, 10, 15 e 20 anos.




### 4.3.2. Cuantificación porcentual das precipitacións máximas en 24 horas

As porcentaxes de frecuencias de Pmax 24h están representados na Táboa 1, 2, 3 e 4 do ANEXO II<sup>715</sup>, para cada A. H. de estudo e por prelación descendente, segundo o número de casos por mm totais (*vid* Ilustración 30; 31; 32 e 33)

#### I. Ano hidrolóxico 1995 – 1996

- Houbo 199 días de choiva o cal implica que se rexistrou choiva durante o 54,09 % dos 366 días naturais do A. H.
- A fracción 2 mm de Pmax 24h rexistrouse en 21 ocasións e significou o 10,55 %; a segunda fracción foi a de 0,8 mm, con 7 casos, o 3,52 %.
- Nembargantes os 21 días con Pr de 0,2 mm rexistradas só supoñen o 0,19 % fronte ao 0,25 % dos 7 días (0,8 mm) do total das Pmax 24h
- O índice de 117,4 mm de Pmax 24h, só se rexistrou unha vez pero representa que nese día caíron o 5,22 % das precipitacións totais (Ptot.)

**Ilustración 30** Distribución durante o A. H. 1995 – 1996 do N° de casos, da Frecuencia Relativa (%), do Índice de Precipitación (I.P. mm), da Precipitación Total do Índice de Precipitación de Frecuencia Relativa (P.T.I.P.F. Relativa %) e da Precipitación Total do Índice de Precipitacións (P.T.I.P.)




<sup>715</sup>*Vid* ANEXO II. Frecuencias de precipitacións máximas en 24 horas. Ano hidrolóxico 1995 – 1996; 1996 – 1997; 1997 – 1998 e 1998 – 1999.

## II. Ano hidrolóxico 1996 – 1997

- a. Houbo 185 días de choiva total anual o cal implica que se rexistrou Pr cuantificabel durante o 50,68 % dos 365 días naturais do A. H.
- b. A fracción 2 mm de Pmax 24h rexistrouse en 24 ocasións e significou o 12,90 %, a segunda fracción foi a de 0,8 mm, con 7 casos, e que significa o 3,76 %.
- c. Os 24 días con Pr de 0,2 mm rexistradas supoñen o 0,26 % fronte o 0,30 % dos 7 días (0,8 mm) do total das Pmax 24h
- d. O valor de 59 mm de Pmax 24h, tivo 1 caso pero representa que nese día caíron o 3,20 % das Ptot. A. H..


**Ilustración 31** Distribución durante o A. H. 1996 – 1997 do N° de casos, da Frecuencia Relativa (%), do Índice de Precipitación (mm), da Precipitación Total do Índice de Precipitación de Frecuencia Relativa (%) e da Precipitación Total do Índice de Precipitacións (mm)



## III. Ano hidrolóxico 1997 – 1998

- a. Rexistráronse 182 días de choiva anual o cal implica que se rexistrou Pr durante o 49,86 % dos 365 días naturais do A. H.
- b. A fracción 2 mm de Pmax 24h rexistrouse en 10 ocasións e significou o 5,38 %; a segunda fracción foi a de 0,8 mm, con 8 casos, e que significa o 4,30 % das Ptot do A. H. en ámbolas dúas fraccións.
- c. Os 10 días con Pr de 0,2 mm rexistradas supoñen o 0,09 % fronte o 0,30 % dos 8 días (0,8 mm) do total das Pmax 24h respecto das Ptot A. H.
- d. O índice maior foi 81 mm de Pmax 24h, deuse durante 1 caso pero representa que nese día caíron o 3,81 % das Ptot. do A. H.


**Ilustración 32** Distribución durante o A. H. 1997 – 1998 do N° de casos, da Frecuencia Relativa (%), do Índice de Precipitación (mm), da Precipitación Total do Índice de Precipitación de Frecuencia Relativa (%) e da Precipitación Total do Índice de Precipitacións (mm)



## IV. Ano hidrológico 1998 – 1999

- Durante este A. H. houbo 176 días de choiva e porcentualmente rexistrouse Pr durante o 49,71 % dos 354 días naturais estudados.
- A fracción 2 mm de Pmax 24h rexistrouse en 11 ocasións e significou o 6,15 %; a segunda fracción foi a de 0,8 mm, con 9 casos, e que significa o 5,03 % das Ptot do A. H. en ámbalas dúas fraccións.
- Os 11 días con Pr de 0,2 mm rexistradas supoñen o 0,12 % fronte o 0,39 % dos 8 días (0,8 mm) do total das Pmax 24h respecto das Ptot A. H.
- O valor maior foi 86 mm de Pmax 24h, deuse durante 1 caso pero representa que nese día caíron o 4,60 % das Ptot. do A. H.

**Ilustración 33** Distribución durante o A. H. 1998 – 1999 do N° de casos, da Frecuencia Relativa (%), do Índice de Precipitación (mm), da Precipitación Total do Índice de Precipitación de Frecuencia Relativa (%) e da Precipitación Total do Índice de Precipitacións (mm)




## V. Análises dos resultados para os catro anos hidrológicos (vid Ilustración 34)



- Nos catro A. H. que durou o periodo de estudo houbo un total de 742 días de choiva que porcentualmente supoñen Pr cuantificabel durante o 51,2 % dos 1.405 días naturais analizados.
- A fracción dominante foi a de 2 mm de Pmax 24h rexistrouse en 62 ocasións e significou o 8,33 %; a segunda fracción foi a de 0,8 mm, con 28 casos, e que significa o 3,76 % das Ptot nos catro A. H. estudados en ámbalas dúas fraccións
- Os 62 días con Pr de 0,2 mm rexistradas supoñen o 0,17 % fronte o 0,24 % dos 8 días (0,8 mm) do total das Pmax 24h respecto das Ptot para os catro A. H.
- O índice maior para os catro A. H. foi de 117,48 mm de Pmax 24h, deuse durante 1 caso, representa que nese día caíron o 1,58 % das Ptot dos 1.405 días analizados.

**Ilustración 34** Distribución comprendida entre o A. H. 1995 – 1996 e 1998 – 1999 do N° de casos, da Frecuencia Relativa (%), do Índice de Precipitación (mm), da Precipitación Total do Índice de Precipitación de Frecuencia Relativa (%) e da Precipitación Total do Índice de Precipitacións (mm)



#### 4.4. Frecuencias de intensidades de precipitación cada 10 minutos

A medición de casos cada 10 minutos permítenos relacionar o número de casos por frecuencia representados por día dentro dun mes determinado (ANEXO III)<sup>716</sup>. Na Táboa 38 e na Ilustración 34 represéntanse os valores numéricos das diferentes frecuencias (F), o número de casos por frecuencia (N. C.), o número total de casos (N. T. C.), a porcentaxe total de casos (% T. C.), o número de casos por mes (C. M.) e a porcentaxe total por caso por mes (% T. C. M.)

##### I. Ano hidrolóxico 1995 – 1996

- a. A frecuencia (F.) maioritaria é 0,2 mm cun número total de casos (N. T. C.) de 1.861 o cal representa o 59,8 da porcentaxe total de casos (% T. C.) A segunda maior F. é 0,4 mm con 441 N. T. C. E unha % T. C. do 14,2 moi preto da terceira F. de 0,6 mm co 10,9 % T. C. Como F minoritaria temos un N. C. con 6 mm.
- b. As F. 0,2; 0,4 e 0,6 mm representan algo máis do 75 % T. C.
- c. Coa excepción do mes de xaneiro existe unha prelación de maior a menor dos N. C. bastante regular.
- d. O maior número de C. M. dase no mes de xaneiro cun total de 789, moi seguido do mes de febreiro con 741 C. M. O que se traduce nun 25 e 24 % T. C. M. a respecto do total anual.
- e. A liña de tendencia cun mellor axuste resultante (*vid.* Ilustración 36) de correlacionar os N. T. C. coa F. é de tipo logarítmico, expresada mediante a función  $y = -248,98\text{Ln}(x) + 348,61$  e cun valor para  $r = 0,6873$


**Táboa 38** Valores numéricos mensuais e anuais da F., do N. C., do N. T. C., do % T. C., do C. M. e do % T. C. M. Ano hidrolóxico 1995 – 1996.


Meses	out.	nov.	dec.	xan.	feb.	mar.	abr.	mai.	xuñ.	xul.	ago.	sep.	Anual	
F.	Nº C.	Nº C.	Nº C.	Nº C.	Nº C.	Nº C.	Nº C.	Nº C.	Nº C.	Nº C.	Nº C.	Nº C.	N. T. C.	% T. C.
0,20	0	0	0	474	382	228	115	132	181	114	69	166	1861	59,8
0,40	0	0	0	1	188	58	26	56	38	22	4	48	441	14,2

<sup>716</sup>*Vid.* ANEXO III. Frecuencias de precipitación cada 10 min. Ano hidrolóxico 1995 – 1996; 1996 – 1997; 1997 – 1998 e 1998 – 1999.

0,60	0	0	0	156	75	27	6	33	13	9	2	17	338	10,9
0,80	0	0	0	53	36	22	2	28	12	4	1	10	168	5,4
1,00	0	0	0	3	24	12	2	17	3	2	1	9	73	2,3
1,20	0	0	0	25	15	5	1	11	1	0	1	11	70	2,2
1,40	0	0	0	22	5	4	1	9	1	0	0	4	46	1,5
1,60	0	0	0	14	1	3	0	5	1	0	0	2	26	0,8
1,80	0	0	0	3	3	2	0	1	0	0	0	2	11	0,4
2,00	0	0	0	6	4	3	0	1	0	0	0	3	17	0,5
2,20	0	0	0	3	3	1	0	2	0	0	0	2	11	0,4
2,40	0	0	0	0	1	1	0	2	0	0	0	1	5	0,2
2,60	0	0	0	6	3	0	0	0	0	0	0	0	9	0,3
2,80	0	0	0	8	0	1	0	0	0	0	0	0	9	0,3
3,00	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0	1	2	0,1
3,20	0	0	0	3	0	1	0	0	0	0	1	0	5	0,2
3,40	0	0	0	2	0	0	0	0	0	0	0	1	3	0,1
3,60	0	0	0	1	0	1	0	0	0	0	1	0	3	0,1
3,80	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0,0
4,00	0	0	0	3	0	0	0	0	0	0	0	0	3	0,1
4,20	0	0	0	4	0	1	0	2	0	0	0	0	7	0,2
4,40	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0,0
4,60	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0	1	0,0
4,80	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0	1	0	2	0,1
5,00	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0,0
5,20	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0,0
5,40	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	1	0,0
5,80	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0,0
6,00	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0,0
6,60	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0,0
7,00	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0,0
8,80	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0,0
9,00	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0,0
9,40	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0,0
12,20	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0,0
C. M.	0	0	0	789	741	370	153	300	250	151	82	278	3114	100
% T C M.	0	0	0	25	24	12	5	10	8	5	3	9		100

Ilustración 35 Representación gráfica do número total e da porcentaxe de casos. A. H. 1995 – 1996.



**Ilustración 36** Correlación entre o nº de casos anuais e a frecuencia de casos. A. H. 1995 – 1996

## II. Ano hidrolóxico 1996 – 1997


- a. A frecuencia (F.) maioritaria é 0,2 mm cun número total de casos (N. T. C.) de 1986 o cal representa o 54 da porcentaxe total de casos (% T. C.) A segunda maior F. é 0,4 mm con 743 N. T. C. e unha % T. C. do 20,2 moi preto da terceira F. de 0,6 mm co 9,7 % T. C. E con 358 N. T. C. A frecuencia minoritaria cuantitativamente pero excepcional cualitativamente é o N. C. con 12,2 mm (*vid.* Táboa 38; Ilustración 37)
- b. As F. 0,2; 0,4 e 0,6 mm representan o 84,1 % T. C.
- c. Coa excepción das F 1 e 1,2 mm nos meses de outubro, xaneiro e febreiro existe unha prelación regular de maior a menor dos N. C.
- d. A liña de tendencia cun mellor axuste resultante (*vid.* Ilustración 38) de correlacionar os N. T. C. coa F. é de tipo logarítmico, expresada mediante a función  $y = -287,64\ln(x) + 405,14e$  cun valor para  $r = 0,7204$ .


Xun.	L.P.M.	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
	I.P.M.	0,0011	0,0008	0,0006	0,0003	0,0002	0,0001	0,0000	0,0000	0,0016	0,0012	0,0009	0,0005	0,0003	0,0001	0,0000	0,0000	0,0012	0,0009	0,0006	0,0004	0,0002	0,0001	0,0000	0,0000
Xul.	L.P.M.	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
	I.P.M.	0,0001	0,0001	0,0001	0,0001	0,0001	0,0000	0,0000	0,0000	0,0001	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000
Ago.	L.P.M.	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,4	0,4	0,5	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,3	0,4	0,5	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,3	0,3	0,4
	I.P.M.	0,0083	0,0055	0,0050	0,0026	0,0021	0,0010	0,0006	0,0004	0,0077	0,0051	0,0046	0,0033	0,0019	0,0010	0,0006	0,0003	0,0060	0,0040	0,0036	0,0026	0,0015	0,0007	0,0004	0,0003
Sep.	L.P.M.	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,1	0,1	0,1	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
	I.P.M.	0,0015	0,0010	0,0009	0,0006	0,0004	0,0002	0,0001	0,0001	0,0005	0,0004	0,0003	0,0002	0,0001	0,0001	0,0000	0,0000	0,0001	0,0001	0,0001	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000

#### 4.8.7. Aplicación dun método empírico para a estimación das escoas

##### 4.8.7.1.O método do número hidrolóxico

O número hidrolóxico proposto polo *United States Soil Conservation Service* (1972)<sup>775</sup> é amplamente empregado para a obtención de escoas teóricas en concas fluviais e como base para a configuración de modelos hidrolóxicos (Mintegui *et al.* 1990)<sup>776</sup>, sobre todo cando as escoas non é posíbel obtelas mediante a construción de hidrogramas.

A aplicación deste modelo e a súa contraposición cos datos teóricos de escoas obtidos en parcelas experimentais, permite aproximarnos á validación do modelo proposto polo *United States Soil Conservation*.

##### 4.8.7.2.Consideracións previas para o seu emprego

A subxectividade na elección dos parámetros previos á aplicación do método hidrolóxico (N.H.)<sup>777</sup> merece as seguintes consideracións previas:

1. Os datos de escoas empíricas e os datos meteorolóxicos foron recollidos na E.E.M.P.
2. As características xeomorfolóxicas, edafolóxicas e granulométricas tidas en conta están relacionadas co xa descrito ó respecto no apartado III<sup>778</sup>
3. Á hora de ter en conta os usos do solo e as actividades agrícolas realizadas nas parcelas tívose en conta o aportado no apartado III. Todo ilo encadrado dentro do que se entende por agricultura tradicional galega, sementando de xeito manual e respetando os ciclos de rotación do cultivo para esta área de Galicia.
4. O tipo de cobertura predominante, tendo en conta o laboreo realizado, é en fieiras.
5. O tratamento aplicado vai en consonanza coa cobertura, polo tanto falamos de fieiras rectas (SR)

<sup>775</sup>Soil Conservation Service. U. S. A. (1972). "Hydrology." *National Engineering Handbook*. Section 4. Washintong D. C. En *Dunne, T.; Leopold, B.* (1978).

<sup>776</sup>Mintegui Aguirre, J. M.; López Unzu, F. (1990). *La ordenación agrohidrológica en la planificación*. Servicio Central de Publicaciones del Gobierno Vasco. Vitoria.

<sup>777</sup>A partires de agora a acepcion N.C. refírese á forma abreviada de número hidrolóxico ou tamén coñecido como numero de curva.

<sup>778</sup>Vid III. Materiais e...



6. Tendo en conta que estamos ante cultivos en rotación<sup>779</sup>, determinamos unha condición hidrolóxica Mala<sup>780</sup>.
7. Para a obtención do N.H. críanse dúas épocas, que para o caso de Santiago de Compostela, abranguen por unha banda o período de novembro a marzo e que denominamos: Estación durminte - Periodo de repouso, e por outra banda o período de abril a outubro denominado: Estación de crecemento - Periodo de crecemento. Esta distribución mensual lixeiramente diverxente da proposta polo U.S.S.C.S. adoptámolo a partires do proposto por López Periago, Álvarez Enjo, Varela Martínez (1995)<sup>781</sup>.
8. A determinación da humidade antecedente determina a Clase de Humidade Antecedente e o seu Grupo Hidrolóxico.
9. O Grupo Hidrolóxico elexido foi o denominado como A<sup>782</sup>. Os N.H. elexidos, independentemente das conversións sufridas dende a condición II á condición I ou III para o caso de  $Po = 0,2 S.$ , foi o 72<sup>783</sup>.

A tenor do exposto, a discusión, centraríase na debilidade do método para acerta-lo N.H. máis adecuado e que resposte a cada situación do complexo hidrolóxía - solo – vexetación.

Os datos de base de tódolos anos hidrolóxicos para a aplicación teórica do N.H. e a súa representación gráfica, pódense consultar no ANEXO XI<sup>784</sup>.

#### 4.8.7.3. Aplicación do Número Hidrolóxico durante o ano hidrolóxico 1995 – 1996.

O ano hidrolóxico 1995 – 1996 foi clasificado<sup>785</sup> (con 2.403 mm) como un ano húmido (H) respecto de Lavacolla<sup>786</sup> e de moi húmido se se cotexa co campus sur de Santiago.

<sup>779</sup>Para máis peculiaridades consultar: Táboa 87; 95; 103 e 111. *Actividades agrícolas...*

<sup>780</sup>Determinación adoptada ó vulgar que se contén unha alta proporción de cultivos en feiras e en barbeito, e a consideración de Boa resérvase para cobertorias vexetais tipo alfalfa ou pradeira.

<sup>781</sup>López Periago, E.; Álvarez Enjo, M.; Varela Martínez, C. (1995). “Cálculo de los porcentajes a partir de la determinación de los Números de Curva (C. H.) correspondientes.” *Tema 2, Práctica 1*. Master en Ciencia, Tecnología y Gestión Ambiental. Universidade de Santiago de Compostela. A Coruña.

<sup>782</sup>Esta elección está condicionada polo análises granulométrico. O Grupo Hidrolóxico A caracterízase polo seu baixo potencial para escoar, tendo en conta a alta capacidade de infiltración dun solo cun 68 % de fracción area.

<sup>783</sup>Valor considerado entre 70 e 75 como un valor promedio dos ofrecidos pola tabla de conversión do N.H. propost pola U.S.S.C.S.

<sup>784</sup>Vid ANEXO XI. Número de curva

**Táboa 73** *Cuantificación porcentual por mes e anual para cada parcela da difencia total entre as escoas teóricas e empíricas. A. H. 1995 – 1996.*

Mes	Plot 1			Plot 2			Plot 3		
	Esc. Teór.	Esc. Empír.	Dif. T. Esc. Teó. - Esc. Emp.	Esc. Teór.	Esc. Empír.	Dif. T. Esc. Teó. - Esc. Emp.	Esc. Teór.	Esc. Empír.	Dif. T. Esc. Teó. - Esc. Emp.
Nov	29,27	9,71	2,13	29,27	17,28	9,80	29,27	32,55	23,20
Dec	4,88	3,76	0,82	4,88	5,56	3,15	4,88	7,38	5,26
Xan	24,71	9,24	2,02	24,71	12,93	7,34	24,71	18,98	13,53
Feb	14,95	5,39	1,18	14,95	9,88	5,60	14,95	11,45	8,16
Mar	2,13	5,53	1,21	2,13	6,74	3,83	2,13	4,59	3,27
Abr	3,18	0,60	0,13	3,18	0,68	0,39	3,18	0,38	0,27
Mai	7,00	14,56	3,19	7,00	11,43	6,48	7,00	5,14	3,66
Xuñ	1,71	0,26	0,06	1,71	0,31	0,17	1,71	0,22	0,16
Xul	1,42	0,77	0,17	1,42	1,33	0,75	1,42	0,57	0,41
Ago	0,71	13,78	3,02	0,71	11,06	6,28	0,71	4,56	3,25
Set	4,74	10,96	2,40	4,74	7,94	4,51	4,74	4,93	3,51
Out	5,31	25,42	5,57	5,31	14,86	8,43	5,31	9,26	6,60
Tot	100	100	66,04	100	100	56,73	100	100	71,28

A aplicación do modelo de N.H. durante o A.H. 1995 – 1996 ofrece as seguintes reflexións (Ilustración 68):

- a. O valor máximo de humidade antecedente rexistrado foi de 258,7 mm o día 21/11/96. Houbo 292 (79,8 %) días con algún mm de humidade antecedente fronte ós 74 (20,2 %) días sen humidade antecedente.
- b. Co Grupo Hidrolóxico con Clase I rexistráronse o 63 % dos casos (231 días con Clase I), o Grupo Hidrolóxico con Clase II representa o 11 % dos casos (39 días con Clase II) e o Grupo Hidrolóxico con Clase III foi o 26 % sobre o total dos casos (96 días con Clase III)
- c. Como conclusión xeral observase que as escoas teóricas obtidas mediante a aplicación do método son superiores ás escoas empíricas recollidas directamente das parcelas experimentales. Nembargantes durante o mes de agosto e outubro os valores das escoas teóricas son maiores ós das escoas empíricas, en ámbolos dous casos son aplicabeis ás tres parcelas.
- d. Do análises porcentual obtido da Táboa 73 a parcela 2 é que rexistra unha maior proximidade entre as escoas teóricas e as empíricas,


<sup>785</sup>Vid. Táboa 32. *Cuantificación dos...*

<sup>786</sup>Vid. Táboa 32 *Cuantificación dos...*

aportando teóricamente un 56,73 % máis de escoas que as recollidas in situ, a parcela 1 aporta un 66,04 % máis de escoas en mm se se calculan usando o N.H. e finalmente a parcela 3, que é a que rexistra un maior desfase entre escoas teóricas e empíricas, a diferenza é dun total de 71,28 % máis de escoas calculadas teoricamente.

- e. O análisis de dispersión amosa unha clara asintonía ó relacionalas escoas teóricas coas empíricas na plot 1, onde  $r = 0,3247$  fronte á relación existente, para o mesmo caso, ó relaciona-la plot 3; onde  $r = 0,8056$ .

**Ilustración 68** Representación gráfica en liñas combinadas en dous eixes. Onde se amosan as tendencias e valores da lenda. A. H. 1995 – 1996.



#### 4.8.7.4. Aplicación do Número Hidrolóxico durante o ano hidrolóxico 1996 – 1997

Durante o ano hidrolóxico 1996 – 1997 caíron 1.765 mm de choiva, o cal o califica como un ano normal (N)<sup>787</sup> respecto da media de Lavacolla e do Campus de Santiago.

<sup>787</sup>Vid. Táboa 32. Cuantificación dos...

**Táboa 74 Cuantificación porcentual por mes e anual para cada parcela da difencia total entre as escoas teóricas e empíricas. A. H. 1996 – 1997.**

Mes	Plot 1			Plot 2			Plot 3		
	Esc. Teór.	Esc. Empír.	Dif. T. Esc. Teó. - Esc. Emp.	Esc. Teór.	Esc. Empír.	Dif. T. Esc. Teó. - Esc. Emp.	Esc. Teór.	Esc. Empír.	Dif. T. Esc. Teó. - Esc. Emp.
Nov	17,01	15,35	10,00	17,01	13,61	10,59	17,01	16,59	19,40
Dec	8,52	7,84	5,10	8,52	9,19	7,15	8,52	12,46	14,57
Xan	12,39	11,42	7,44	12,39	11,35	8,83	12,39	16,40	19,18
Feb	11,92	21,00	13,68	11,92	7,13	5,54	11,92	8,51	9,94
Mar	0,67	0,00	0,00	0,67	0,00	0,00	0,67	0,00	0,00
Abr	9,02	0,94	0,61	9,02	0,77	0,60	9,02	0,96	1,12
Mai	13,36	16,06	10,46	13,36	15,57	12,11	13,36	10,26	11,99
Xuñ	8,64	1,72	1,12	8,64	1,35	1,05	8,64	1,77	2,06
Xul	1,39	1,44	0,94	1,39	3,67	2,86	1,39	1,59	1,86
Ago	8,22	9,91	6,45	8,22	10,15	7,90	8,22	8,37	9,79
Set	0,34	0,00	0,00	0,34	0,02	0,01	0,34	0,00	0,00
Out	8,52	14,32	9,33	8,52	27,18	21,14	8,52	23,10	27,01
Tot	100	100	65,14	100	100	77,79	100	100	116,92

#### 4.8.7.5. Aplicación do Número Hidrolóxico durante o ano hidrolóxico 1997 – 1998


Reflexións á aplicación do modelo de N. H. (*vid* Ilustración 69):

- O valor máximo de humidade antecedente rexistrado foi de 160,2 mm o día 26/11/97. Houbo 275 (75,3 %) días con algún mm de humidade antecedente fronte ós 90 (24,6 %) días sen humidade antecedente (*vid* Ilustración 72)
- Co Grupo Hidrolóxico con Clase I rexistráronse o 57,8 % dos casos (211 días con Clase I), o Grupo Hidrolóxico con Clase II representa o 10,4 % dos casos (38 días con Clase II) e o Grupo Hidrolóxico con Clase III foi o 23,3 % sobre o total dos casos (85 días con Clase III)
- Como conclusión xeral obsérvase que as escoas teóricas obtidas mediante a aplicación do método son superiores ás escoas empíricas recollidas directamente das parcelas experimentales.
- Do análises porcentual obtido da Táboa 75 a parcela 1 é que rexistra unha maior proximidade entre as escoas teóricas e as empíricas, aportando teóricamente un 65,14 % máis de escoas que as recollidas *in situ*, a parcela 2 aporta un 77,79 % máis de escoas en mm se se calculan

usando o N.H. e finalmente a parcela 3, que é a que rexista unha maior desfase entre escoas teóricas e empíricas, a diferenza é dun total de 116,92 % máis de escoas calculadas teoricamente.

- e. O análisis de dispersión é aceptabel ó relacionalas escoas teóricas coas empíricas na plot 3, onde  $r = 0,6202$  fronte á relación existente, para o mesmo caso, ó relaciona-la plot 1; onde  $r = 0,7019$ .

**Ilustración 69** Representación gráfica en liñas combinadas en dous eixes. Onde se amosan as tendencias e valores da lenda. A. H. 1997 – 1998.



Durante o ano hidrolóxico 1997 – 1998 caíron 2.225 mm de choiva, o cal o califica como un ano (H)<sup>788</sup> respecto ao campus sur de Santiago e de (N) con Lavacolla.

**Táboa 75** Cuantificación porcentual por mes e anual para cada parcela da difencia total entre as escoas teóricas e empíricas. A. H. 1997 – 1998.

Plot 1			Plot 2			Plot 3		
Esc. Teór.	Esc. Empír	Dif. T. Esc. Teó. - Esc. Empír	Esc. Teór.	Esc. Empír	Dif. T. Esc. Teó. - Esc. Empír	Esc. Teór.	Esc. Empír	Dif. T. Esc. Teó. - Esc. Empír

<sup>788</sup>Vid. Táboa 32. Cualificación dos...

Mes	Esc. Emp.			Emp.			Emp.		
<b>Nov</b>	11,52	16,17	11,89	2,42	15,92	13,53	2,42	20,92	23,95
<b>Dec</b>	17,48	19,74	14,52	13,18	21,26	18,08	13,18	30,15	34,53
<b>Xan</b>	5,17	2,69	1,98	15,32	4,85	4,12	15,32	1,31	1,50
<b>Feb</b>	2,21	2,43	1,79	14,95	2,78	2,36	14,95	2,31	2,64
<b>Mar</b>	3,47	5,35	3,93	9,01	5,81	4,94	9,01	4,69	5,38
<b>Abr</b>	21,81	30,06	22,10	27,40	32,46	27,60	27,40	20,51	23,49
<b>Mai</b>	4,73	2,76	2,03	4,38	2,74	2,33	4,38	2,57	2,94
<b>Xuñ</b>	1,80	0,88	0,64	3,77	1,35	1,15	3,77	1,01	1,16
<b>Xul</b>	0,58	0,64	0,47	2,15	0,85	0,73	2,15	0,84	0,96
<b>Ago</b>	0,20	0,00	0,00	0,09	0,00	0,00	0,09	0,00	0,00
<b>Set</b>	17,62	17,61	12,95	5,87	10,32	8,77	5,87	14,31	16,39
<b>Out</b>	13,42	1,67	1,23	1,47	1,66	1,41	1,47	1,39	1,59
<b>Tot</b>	100	100	73,52	100	100	85,02	100	100	114,53

Reflexións á aplicación do modelo de N. C. Durante no A. H. 1997 – 1998:

- a. O valor máximo de humidade antecedente rexistrado foi de 206,2 mm o día 11/04/98. Houbo 249 (68,22 %) días con algún mm de humidade antecedente fronte ós 116 (31,78 %) días sen humidade antecedente.
- b. Co Grupo Hidrolóxico con Clase I rexistráronse o 79 % dos casos (224 días con Clase I), o Grupo Hidrolóxico con Clase II representa o 13 % dos casos (42 días con Clase II) e o Grupo Hidrolóxico con Clase III foi o 23,3 % sobre o total dos casos (99 días con Clase III)
- c. As escoas teóricas obtidas mediante a aplicación do método son superiores ás escoas empíricas recollidas directamente das parcelas experimentales en tódolos casos.
- d. Do análises porcentual obtido da Táboa 75 a parcela 1 é que rexistra unha maior proximidade entre as escoas teóricas e as empíricas, aportando teóricamente un 73,52 % máis de escoas que as recollidas *in situ*, a parcela 2 aporta un 85,02 % máis de escoas en mm calcúlanse usando o N.H. e finalmente a parcela 3, que é a que rexistra unha maior desfase entre escoas teóricas e empíricas, a diferenza é dun total de 114,53 % máis de escoas calculadas teoricamente.
- e. O análisis de dispersión é moi bo e aceptabel ó relacionalas escoas teóricas coas empíricas na plot 1 e na plot 2, cun valor de  $r = 0,9127$  e  $r = 0,6037$  fronte á pobre relación existente, para o mesmo caso, ó relaciona-las na plot 3; onde  $r = 0,4655$ .

#### 4.8.7.6. Aplicación do Número Hidrolóxico durante o ano hidrolóxico 1998 – 1999

Durante o ano hidrolóxico 1998 – 1999 caíron 1.798 mm de choiva, o cal o califica como un ano normal (N) tanto se compare a Lavacolla coma ao campus sur.

**Táboa 76** *Cuantificación porcentual por mes e anual para cada parcela da difencia total entre as escoas teóricas e empíricas. A. H. 1998 – 1999.*

Mes	Plot 1			Plot 2			Plot 3		
	Esc. Teór.	Esc. Empír.	Dif. T. Esc. Teó. - Esc. Emp.	Esc. Teór.	Esc. Empír.	Dif. T. Esc. Teó. - Esc. Emp.	Esc. Teór.	Esc. Empír.	Dif. T. Esc. Teó. - Esc. Emp.
Nov	3,88	2,89	5,39	4,06	3,73	6,24	4,06	1,51	3,35
Dec	4,58	5,39	10,03	4,79	7,19	12,05	4,79	2,09	4,64
Xan	11,11	7,24	13,47	11,63	7,53	12,62	11,63	3,66	8,13
Feb	3,65	1,36	2,52	3,82	1,14	1,90	3,82	0,71	1,58
Mar	30,22	33,96	63,18	31,63	16,99	28,48	31,63	18,35	40,70
Abr	29,12	6,52	12,12	27,49	18,59	31,16	27,49	20,40	45,24
Mai	6,36	4,18	7,78	4,12	15,26	25,57	4,12	24,20	53,68
Xuñ	2,14	1,36	2,53	3,10	1,84	3,08	3,10	1,74	3,85
Xul	1,59	0,66	1,23	1,67	0,26	0,43	1,67	0,21	0,46
Ago	3,14	30,73	57,19	3,28	25,62	42,94	3,28	26,58	58,96
Set	4,21	5,72	10,64	4,41	1,87	3,13	4,41	0,56	1,23
Out	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Tot	100	100	186,08	100	100	167,6	100	100	221,82


Reflexións á aplicación do modelo N. H. durante o A. H. 1998 – 1999:

- O valor máximo de humidade antecedente rexistrado foi de 187,4 mm o día 10 e 11/04/99. Dos 323 días analizados tivemos 209 (64,7 %) días con algún mm de humidade antecedente fronte ós 114 (35,3 %) días sen humidade antecedente.
- Co Grupo Hidrolóxico con Clase I rexistráronse o 61,6 % dos casos (199 días con Clase I), o Grupo Hidrolóxico con Clase II representa o 10,8 % dos casos (35 días con Clase II) e o Grupo Hidrolóxico con Clase III foi o 27,2 % sobre o total dos casos (88 días con Clase III)
- As escoas teóricas obtidas mediante a aplicación do método son superiores ás escoas empíricas recollidas directamente das parcelas experimentales en tódolos casos, a excepción do aportado pola parcela 1e

2 durante o mes de agosto.

- d. Do análises porcentual obtido da Táboa 76 a parcela 2 é que rexistra unha maior proximidade, se ben realmente os datos son excesivamente dispares, entre as escoas teóricas e as empíricas, aportando teóricamente un 167,6 % máis de escoas que as recollidas *in situ*, a parcela 1 aporta un 186,08 % máis de escoas en mm se se calculan usando o N.H. e finalmente a parcela 3, que é a que rexistra unha maior desfase entre escoas teóricas e empíricas, a diferenza é dun total de 221,82 % máis de escoas calculadas teóricamente.
- e. O análisis de dispersión é realmente baixo ó relacionalas escoas teóricas coas empíricas nas tres parcelas, sendo o aportado pola plot 1 o máis preto a unha posíbel relación entre os dous tipos de escoas, cun valor de  $r = 0,5846$ .

**Ilustración 70** Representación gráfica en liñas combinadas en dous eixes. Onde se amosan as tendencias e valores da lenda. A. H. 1998 – 1999





#### 4.8.8. Os coeficientes de escoas

A determinación da relación entre a lámina de auga rexistrada no exutorio das parcelas, e a precipitación que se rexistrou nesa mesma superficie, configuran os coeficientes de escoas (Ce) que para cada unha das tres parcelas abordarémola cunhos valores promedio<sup>789</sup> mensuais, estacionais e anuais; e á súa vez realizaremos un estudo segundo a actividade e uso do solo<sup>790</sup> (*Vid.* ANEXO XII)

##### 4.8.8.1. Os coeficientes de escoas nunha temporalidade mensual, estacional e anual

Realizaremos unha análise por ano hidrolóxico e dentro deste faremos unha descripción dos valores<sup>791</sup> máis suliñabeis mensual, estacional e anualmente (*vid.* Táboa 77)

#### I. Ano hidrolóxico 1995 – 1996:

- a. Mensualmente<sup>792</sup>. Como dato máis sobranceiro temos o Ce da P2 en set. cun valor de 46 % e a P1 cun 26 %.
- b. Estacionalmente. As parcelas rexistraron unha porcentaxe superior durante a estación do verán e máis concretamente a P2 tivo un Ce do 23,54 %.
- c. Anualmente. A P2 tivo unha taxa do 10,09 %, fronte á P1 cun 8,68 % e P3 o 4,22 %

#### II. Ano hidrolóxico 1996 – 1997

- a. Mensualmente. O mes de marzo e setembro non tiveron Ce e valor promedio mensual máximo na P1 foi do 23,33 % en outubro e do 17,3 % en febreiro, na P2 foi do 14,7 % en outubro e de 9,99 % en maio. Na P3

<sup>789</sup>Empregaremos os datos aportados polos eventos definidos como tales, proveñentes do Anexo VII *Cuantificación da erosividade dos eventos de precipitación con e sen perdas de solo.*

<sup>790</sup>Para ilo *vid* ANEXO XII. Coeficientes de escoas por evento, actividade agrícola e uso do solo.

<sup>791</sup>Sempre son valores promedio e porcentuais.

<sup>792</sup>Non dispomos dos datos completos para os tres primeiros meses deste ano hidrolóxico, polo que tamén afectará ás taxas estacionais e anuais.

novamente outubro rexistrou un promedio máximo de 7,89 % seguido de xaneiro co 6,3 %.

- b. Estacionalmente. O outono é a estación cun Ce máis alto, se ven foi na P1 e durante o inverno onde topamos o valor máximo estacional con 13,11 %.
- c. Anualmente. A P1 rexistrou un valor promedio de 9,66 %, seguida da P2 co 7,65 % e da P3 co 4,08 %.

### III. Ano hidrolóxico 1997 – 1998:

- a. Mensualmente. O mes de novembro é rexistra as porcentaxes promedio máis altas de Ce, destacando o valor aportado pola P2 co 16,7 %, a P1 rexistrou un Ce de 13,75 % e a P3 un 12,39 %. Por outra banda os meses de xullo e setembro non tiveron un valor de Ce cuantificabel.
- b. Estacionalmente. A estación do outono foi a que rexistrou un Ce promedio máis alto, e onde a P1 tivo un 13,8 %, a P2 un 7,04 % e a P3 un 7,2 %. O resto de valores van do 5 e o 6 % de promedio.
- c. Anualmente. A P1 acadou un valor do 7,9 %, seguida da P2 con 4,87 % e finalmente da P3 co 4,46 %.

### IV. Ano hidrolóxico 1998 – 1999:

- a. Mensualmente. Os Ce máximos tivémolos no mes de agosto, moi superiores ós rexistrados no seguinte mes en valores máis altos o de outubro, así na P1 en agosto o valor do Ce foi do 11,25 %, a P2 tivo un 9,85 % e a P3 un 7,6 %. Logo durante o mes de xullo no houbo coeficiente de escoas.
- b. Estacionalmente. A primavera e o verán, por este orde, foron as estacións cun Ce máis alto e moi similar nos seus valores se ben, o valor máximo tivo lugar na P1 durante o verán cun 6,49 %, seguida da P2 na primavera cun valor do 6,48 %.
- c. Anualmente. A P2 acadou unha porcentaxe de Ce do 3,83 %, a P1 do 3,03 % e a P3 do 2,8 %.

Táboa 77 Promedio do Ce mensual das parcelas 1, 2 e 3 durante o período de análises.

A. H.	1995-1996			1996 - 1997			1997 - 1998			1998 - 1999		
Mes/Plot	P1	P2	P3	P1	P2	P3	P1	P2	P3	P1	P2	P3
	<b>MENSUALMENTE (%)</b>											
<b>Outubro</b>	-	-	-	23,33	14,77	7,89	0,00	0,00	0,00	7,21	5,02	4,18
<b>Novembro</b>	-	-	-	9,08	6,16	3,85	13,75	16,73	12,39	1,58	2,35	0,68
<b>Decembro</b>	-	-	-	6,04	5,85	4,82	4,88	4,02	3,98	2,21	3,69	0,72
<b>Xaneiro</b>	3,40	5,97	6,48	8,91	6,98	6,30	10,44	9,91	9,35	1,43	1,61	0,59
<b>Febreiro</b>	3,16	6,72	6,21	17,32	3,46	2,66	5,17	8,08	1,49	1,25	1,15	0,54
<b>Marzo</b>	4,82	7,82	4,36	0	0	0	6,00	6,01	3,56	2,81	4,39	1,41
<b>Abril</b>	4,66	3,90	1,82	10,88	3,28	2,24	6,33	5,78	3,54	1,40	4,58	3,94
<b>Maio</b>	13,91	12,95	5,04	10,48	9,99	4,39	7,09	5,74	2,58	1,98	6,78	9,06
<b>Xuño</b>	1,29	1,39	1,02	2,14	1,51	1,27	8,00	7,00	4,87	8,02	8,10	6,00
<b>Xullo</b>	4,26	8,48	2,91	9,46	8,77	5,09	0	0	0	0	0	0
<b>Agosto</b>	18,86	16,08	7,34	8,17	5,32	3,14	2,00	2,69	1,69	11,25	9,85	7,61
<b>Setembro</b>	25,62	46,05	8,71	0	0	0	0	0	0	1,73	0,60	0,10
	<b>ESTACIONALMENTE (%)</b>											
<b>outono</b>	-	-	-	12,82	8,93	5,52	13,83	7,04	7,22	3,66	3,69	1,86
<b>inverno</b>	3,79	6,84	5,68	13,11	5,22	4,48	9,69	10,22	8,57	1,83	2,39	0,85
<b>primavera</b>	6,62	6,08	2,62	7,83	4,93	2,63	5,83	6,63	2,86	3,80	6,48	6,34
<b>verán</b>	16,25	23,54	6,32	8,82	7,04	4,12	7,55	6,37	3,73	6,49	5,22	3,86
	<b>ANUALMENTE (%)</b>											
<b>anual</b>	8,68	10,09	4,22	9,66	7,65	4,08	7,92	4,87	4,46	3,03	3,83	2,80

#### 4.8.8.2. Os coeficientes de escoas segundo o tipo de actividade agrícola.

O tipo de actividade agrícola en xeral, e neste caso en particular, condiciona os coeficientes de escoas aportadas por o medio concreto onde se realizan, deste xeito existen varias variabeis dependentes como son as escoas, a extensión de cobertura vexetal e a humidade antecedente<sup>793</sup>, fronte a unha variabel independente como é a precipitación total<sup>794</sup> nun evento<sup>795</sup>.

Partindo do ano hidrolóxico (por comodidade) dividirémolo en ciclos de cultivo<sup>796</sup> (vid. Ilustración 71)

##### a. Ano Hidrolóxico 1995 – 1996.

Comentarios:

<sup>793</sup>Se ben este valor non é excesivamente preciso, mais tendo en conto o seu método de cálculo, considerámolo orientativo para este tipo de análises (aínda que non obtivemos relacións nin axustes)

<sup>794</sup>Ao menos para nos e un factor, practicamente, non controlabel por acción antrópica.

<sup>795</sup>Tamén analizamos a I<sub>30</sub> e I<sub>10</sub>.

<sup>796</sup>Os datos utilizados son os eventos reflexados no ANEXO XII Coeficientes de ...

- a. Cultivo do nabo. Na Ilustración 71 dividimos este tramo entre dous momentos do cultivo. Primeiro até o evento 199596E28 onde o cultivo atopábase nun estadio de plenitude<sup>797</sup>, tanto na extensión da súa cobertoira vexetal como na altura da planta, os Ce amosan un comportamento liñal favorecidos pola inmediata resposta que dan as escoas a un pico de precipitación total por evento<sup>798</sup> cecais pola falla dunha cobertoira vexetal protectora. Obsérvase que o Ce, polo xeral, tampouco respostan ós valores do  $I_{10}$  e  $I_{30}$ . Segundo até o evento 389596E28, aquí o cultivo está nunha fase residual se ben a cobertoira vexetal foise poboando de gramíneas diversas e así observamos como os Ce cos valores máis baixos non se alteran sustancialmente ante un pico de precipitación importante; por outra banda os Ce si acadan valores máis importantes cando as precipitacións e as escoas diminúen sustancialmente os seus valores e obsérvase un aumento importante do factor intensidade de precipitación (por defecto tamén o fai o factor agresividade da precipitación), especialmente no  $I_{10}$ .
- b. Cultivo da pataca. Até o evento 419596E06 o solo está removido e mediante un manexo en sucos e atopámonos cunhos Ce froito dunha resposta nidia das escoas ós aportes de precipitación. A continuación até o evento 489596E06 o cultivo está nunha fase de expansión e sen dúbida cun solo practicamente espido ilo dispara os Ce ao obter unhas respostas en escoas máis altas das normais até unha diminución da choiva. Por outra banda tamén diminuiría a teórica humidade antecedente e obsérvanse unhas valores importantes de  $I_{10}$  e  $I_{30}$ . A finais desta fase de crecemento da cobertoira e cando esta debe acadar xa unha masa importante<sup>799</sup>, as escoas voltan a regular a súa resposta a un pico de precipitación importante polo que o Ce amosan unha baixada a respecto dos eventos anteriores<sup>800</sup>. Por último cando o cultivo está nunha fase moi avanzada e incluso en decrepitude a cobertoira vexetal mingua de xeito importante pola cal aumentan as escoas froito das  $I_{10}$  máis que da

<sup>797</sup>É importante lembrar que non dispomos de datos precisos sobre a superficie de cobertoira vexetal que ocupaban os nabos, nembargantes estamos ante un cultivo fracasado (*Vid.* III Materiales e...) cunha taxa de cobertoira encol o 25 %.

<sup>798</sup>Neste apartado sempre que se fale de precipitación refirome á total durante o evento.


<sup>799</sup>Descoñecemos ese dato para estas datas.

<sup>800</sup>A humidade antecedente real debería ser menos siñificaiva ao estarmos xa entrando no verán.

cantidade de precipitación o cal dispara as taxas de Ce.

- c. Cultivo do nabo. Durante esta fase, que se caracteriza principalmente por un solo espido, as escoas ofrecen unha resposta moi alta ós picos de precipitación que son máis ben modestos, polo cal provoca un coeficiente de escoas bastante importante, axudado en boa medida polos altos valores da  $I_{10}$ .

**Ilustración 71** Representación das tendencias da  $P$  (mm), a  $I_{30}$  e  $I_{10}$  (mm), a cobertura vexetal (%), o coeficiente de escoas (%) e as escoas (mm) para as P1, P2 e P3. Ano Hidrolóxico 1995 – 1996.




## b. Ano Hidrolóxico 1996 – 1997.

Comentarios (*vid.* Ilustración 72):

- a. Continuación cultivo do nabo. Até o evento 129697E29 como ben se observa na tendencia da cobertoira vexetativa da Ilustración 76 o cultivo está nun proceso de expansión pero cunha alta humidade relativa permite nun primeiro momento unhas escoas bastante notabeis para unhas precipitacións non demasiado significativas, que se ben si tiveron unha  $I_{10}$  significativa nalgúns casos cecais estivo mitigada pola extensión da cobertoira vexetal, logo nun segundo momento a partires do evento 109697E22 e ante unha precipitación moi importante as escoas non o foron na mesma medida e ilo provocou un descenso moi acusado do Ce, debido, moi posibelmente a unha herdanza de humidade relativa dende unhos valores case inexistentes e que as intensidades deste evento foron pouco importantes polo cal a importante vexetación produxo unhas escoas por saturación dos poros do solo.
- b. Até o evento 369697E24 o cultivo do nabo continúa até acadar a súa máxima extensión de cobertoira vexetal, mesmamente cando a planta do nabo acada unha fase decrépita o predominio das gramíneas mantén e incrementa esa porcentaxe, isto inflúe no Ce ralentizando o posibel efecto das intensidades da precipitación e condiciona as escoas en función da precipitación que as veces sendo pouco reseñabel serve de recarga á humidade antecedente e provoca unhos altos Ce.
- c. Menos explicabel nun primeiro momento resulta o acontecido no evento 299697E01 no Ce da P2, cecais o seu coñecemento radique nun aporte extra de escoas retidas polo obstáculos que a modo de encoros configura a materia orgánica.

**Ilustración 72** Representación das tendencias da humidade antecedente (mm), a precipitación (mm), a  $I_{30}$  e  $I_{10}$  (mm), a cobertura vexetal (%), o coeficiente de escoas (%) e as escoas (mm) para as P1, P2 e P3. Ano Hidrolóxico 1996 – 1997.



d. Cultivo do nabo. Até o evento 589697E28 caracterízase por estar o solo removido, en sucros e espido. Os Ce que aportan as parcelas van en consonanza coa relación precipitación – escoas que se dá nestes tres eventos.

e. Cultivo da pataca. Até o evento 469697E27 temos unha escalada progresiva da cobertura vexetal e pola outra unha resposta importante do Ce no evento 439697E19 moi salientabel que se ve impulsado pola taxa anterior de humidade relativa. Logo durante a fase de plenitude da cobertura o Ce na P3 ofrece unha taxa moi alta no evento 549697E03.


c. Ano Hidrolóxico 1997 – 1998.

Comentarios (*vid* Ilustración 73):

- a. Continuación do cultivo do nabo. Dentro da fase de crecemento e desenvolvemento do cultivo do nabo até o evento 079798E05 observamos un comportamento do Ce, en especial a P2, cunhas taxas moi altas debido á alta cesión de escoas a pesares de non rexistrarse unhas precipitacións importantes. Pero nestas datas o factor cobertoira vexetal aínda era pouco relevante e houbera un evento precipitativo previo importante que recargou as reservas da humidade no subsolo. Con posterioridade, e até o evento 139798E05 o incremento da cobertoira vexetativa reduciu sensiblemente as escoas e iso repercutiu nunha baixa dos Ce a pesares, de rexistrarse precipitacións e taxas de humidade antecedente importantes. Na fase de madurez dos nabos existen dous picos de Ce, producidos ao menos en boa parte pola humidade antecedente reservada en cada parcela, xa que os eventos de precipitación non foron relevantes durante estes picos, incluso non houbo  $I_{10}$  e  $I_{30}$  moi altas.
- b. Cultivo da pataca. Entre o evento 309798E04 e o evento 439798E30 as parcelas estiveron nunha fase sen laboreo e cun lixeirísima colonización progresiva de gramíneas diversas. Durante estes eventos o Ce rexistrou taxas relevantes, moi posiblemente a consecuencia, da importante cantidade de humidade antecedente acumulada no solo e da boa resposta precipitación - escoas. A continuación, xa, co cultivo propio da pataca comprendido entre o evento 439798E30 e o evento 499798E03 os Ce amosaron dúas respostas en consecuencia coa evolución da extensión da cobertoira vexetal. Na primeira etapa, cunha cobertoira vexetal aínda en fase de expansión a resposta á relación escoas precipitación foi en clara sintonía con esta e os Ce, en especial da P1, adquiren valores importantes. Na segunda etapa, xa cunha cobertoira vexetal moi importante, os Ce baixaron obstensiblemente, se ben tamén o fixeron as precipitacións e as escoas, e ademáis as chuvias tiveron unhas intensidades moi baixas, así o funcionamento do Ce foi ortodoxo ao subir e baixar os seus rexistros en función da precipitación aportada.



**Ilustración 73** Tendencias da humidade antecedente (mm), a precipitación (mm), a  $I_{30}$  e  $I_{10}$  (mm), a cobertura vexetal (%), o coeficiente de escoas (%) e as escoas (mm) nas P1, P2 e P3. A. H. 1997 – 98.



c. Sen cultivo. Por último até o evento 039798E17 as parcelas quedaron co solo removido e pouco a pouco fóronse poboados con todo tipo de herbas o cal repercutiu no Ce dun xeito correlativo á extensión da cobertura.

d. Ano Hidrolóxico 1998 – 1999.


Comentarios (vid. Ilustración 74):

a. Cultivo do nabo. Entre os eventos 049899E22 e 229899E10 cultivouse nabos. Os Ce rexistraron un paralelismo claro co funcionamento dos factores que

actúan sobre as parcelas, en especial a P2, até o evento 119899E27. A partir de aquí os Ce rexistraron un merma das súas taxas moi importantes, xa que as escoas resentíronse moito, se ben as precipitacións e a humidade antecedente acadaron valores moi substanciais. A excepción veu no evento 209899E03 na P2 onde o valor do Ce acadou un importante dimensión.

- Cultivo da pataca. Destaca o comportamento do Ce da P2 no evento 429899E17, onde a taxa do seu Ce sobresa dos valores das outras parcelas.
- Sen cultivo. Tivemos dous picos de Ce moi relevantes froito das importantes escoas aportadas polas tres parcelas a pesares das pobres precipitacións.

**Ilustración 74** Tendencias da humidade antecedente (mm), a precipitación (mm), a  $I_{30}$  e  $I_{10}$  (mm), a cobertura vexetal (%), o coeficiente de escoas (%) e as escoas (mm) nas P1, P2 e P3. A. H. 1997–98.



## 4.9. A vexetación

### 4.9.1. Análises da cobertura e a súa relación co manexo, as escoas e a humidade do solo

Según Bergkamp (1998)<sup>801</sup> a capacidade de protección da vexetación mediante o seu factor cobertura fronte as perdas de solo é, en sí mesma, unha medida agronómica protectora e conservadora a respecto do manexo do solo e, ademais, funciona como axente moderador en maior ou menor cantía das perdas de solo. No seguinte apartado analizaremos, mensual e estacionalmente as relacións existentes entre a cobertura (%) e as perdas de solos (gr) A análises entre a cobertura e os factores precipitación mensual (mm), escoas mensuais (mm) e humidade de solo (gr), non ten base<sup>802</sup> xa que a cobertura é un factor maleable por acción antrópica<sup>803</sup>, nembargantes este aspecto voltará a analizarse posteriormente e polo miúdo no apartado das perdas de solo<sup>804</sup>. Por outra banda sí que existen relacións importantes entre a choiva (mm), as escoas (mm) e a humidade do solo (mm)

#### 4.9.1.1. A cobertura vexetal e a súa cuantificación

Cuantifícase de xeito porcentual (%) a superficie do solo que vai cubríndose segundo o progreso do ciclo productivo dos diferentes cultivos, segundo a labra tradicional galega (*Vid. Táboa 78*)<sup>805</sup>

**Táboa 78** *Valores porcentuales das porcentaxes de cobertura vexetal por A. H., mes e estación climática.*

Período	Período	Parcela			Estación	Parcela		
		Plot 1	Plot 2	Plot 3		Plot 1	Plot 2	Plot 3
S	Semanal							

<sup>801</sup>Bergkamp, G. (1998). “A hierarchical view of the interactions of runoff and infiltration with vegetation and microtopography in semiarid shrublands”. *Catena* 33 (3 – 4), 201 – 220.

<sup>802</sup>Ao menos que o fagamos por cultivo.

<sup>803</sup>Este extremo xa se plantexou e analizou neste senso en Vila García, R.; Rodríguez Martínez-Conde, R.; Puga Rodríguez, J. M.; Cibeira Friol, A. (1998). “Erosión hídrica en la agricultura tradicional y su relación con la cobertura vegetal (Galicia, España)” *Investigaciones recientes de la Geomorfología española*. Gómez Ortiz, A.; Salvador Franch, F. (eds.). Barcelona, 99. 569 – 578. ISBN: 84-87779-33-6.

<sup>804</sup>*Vid.* 4.10 As perdas...

<sup>805</sup>Dispomos de datos mensuais para os A. H. 1996 – 1997; 1997 – 1998 e 1998 – 1999. Durante o A. H. 1995 – 1996 non fixemos catas de porcentaxe de cobertura vexetal.

2 de outubro	18 <sup>806</sup>	32	27				
10 de outubro	25	42	36				
16 de outubro	31	48	41				
24 de outubro	36	52	46				
				outubro	28	45	39
1 de novembro	48	54	49				
9 de novembro	57	57	54				
15 de novembro	68	61	57				
25 de novembro	79	63	60				
				novembro	63	59	55
6 de decembro	80	63	61				
14 de decembro	81	63	63				
20 de decembro	81	64	66				
27 de decembro	82	64	70				
				decembro	81	64	66
Outono	57	56	53				
7 de xaneiro	84	69	72				
15 de xaneiro	84	69	72				
23 de xaneiro	90	78	74				
29 de xaneiro	93	82	76				
				xaneiro	89	76	74
7 de febreiro	92	83	79				
14 de febreiro	90	84	82				
20 de febreiro	89	86	87				
26 de febreiro	90	85	87				
				Febreiro	90	85	87
6 de marzo	92	84	83				
14 de marzo	93	86	86				
21 de marzo	94	88	89				
28 de marzo	92	91	92				
				Marzo	93	87	89
Inverno	90	83	82				
3 de abril	0	0	0				
10 de abril	5	3	4				
18 de abril	0	0	0				
29 de abril	12	14	10				
				abril	4	4	4
7 de maio	16	17	14				
15 de maio	19	20	19				
22 de maio	21	22	27				
30 de maio	26	27	36				
				maio	21	22	24
8 de xuño	49	51	61				
16 de xuño	48	52	68				
22 de xuño	46	52	70				
30 de xuño	57	52	70				
				xuño	50	52	67
Primavera	25	26	32				
4 de xullo	57	52	70				
11 de xullo	51	45	61				
18 de xullo	46	37	53				
27 de xullo	39	32	47				

<sup>806</sup>A cor *fucsia* emprégase en tódolos valores inferiores o 30% e que posteriormente empregamos na elaboración da Táboa 81. *Valores porcentuales...*

				xullo	48	42	58	
	5 de agosto	0	0	0				
	14 de agosto	0	0	0				
	22 de agosto	0	0	0				
	29 de agosto	0	0	0				
				agosto	0	0	0	
	5 de setembro	16	12	9				
	12 de setembro	36	31	14				
	19 de setembro	42	39	20				
	26 de setembro	56	47	24				
				setembro	38	32	17	
	Verán	29	25	24				
	Promed. anual	50	48	48				
A. H. 1997 - 1998	Semanal	Plot 1	Plot 2	Plot 3	Plot 1	Plot 2	Plot 3	
	5 de outubro	62	56	27				
	12 de outubro	77	64	29				
	22 de outubro	57	54	44				
	30 de outubro	43	51	42				
					outubro	60	56	36
	7 de novembro	45	64	63				
	14 de novembr	48	66	65				
	20 de novembr	51	67	66				
	28 de novembr	55	70	70				
					novembro	49,5	67	66
	6 de decembro	44	68	69				
	12 de decembro	41	63	65				
	18 de decembro	39	59	59				
	27 de decembro	38	57	56				
					decembro	40	62,8	62,4
		Outono	41	60	56			
	7 de xaneiro	38	57	57				
	14 de xaneiro	37	57	58				
	22 de xaneiro	36	56	56				
	28 de xaneiro	36	54	55				
					xaneiro	37	56	58
	5 de febreiro	33	43	47				
	11 de febreiro	29	41	42				
	20 de febreiro	26	39	34				
	27 de febreiro	23	39	30				
					febreiro	29	41	38
	6 de marzo	24	42	38				
	14 de marzo	28	53	48				
	21 de marzo	30	63	57				
	30 de marzo	0	0	0				
					marzo	20	40	36
	Inverno	29	46	44				
6 de abril	0	0	0					
14 de abril	0	0	0					
22 de abril	0	0	0					
30 de abril	0	0	0					
				abril	0	0	0	

8 de maio	0	0	0					
14 de maio	12	22	11					
21 de maio	19	33	16					
29 de maio	25	43	22					
				maio	15	25	12	
6 de xuño	29	45	25					
15 de xuño	41	54	34					
23 de xuño	53	65	40					
30 de xuño	63	73	46					
				xuño	47	60	36	
Primavera	21	28	16					
7 de xullo	66	75	49					
16 de xullo	72	79	53					
29 de xullo	75	81	58					
31 de xullo	83	85	64					
				xullo	74	79	56	
7 de agosto	45	49	26					
14 de agosto	0	0	0					
20 de agosto	0	0	0					
29 de agosto	6	11	12					
				agosto	13	15	10	
7 de setembro	8	27	33					
16 de setembro	10	39	42					
24 de setembro	12	48	54					
30 de setembro	16	60	65					
				setembro	12	44	49	
Verán	34	48	39					
Promed. anual	31	45	39					
Mes	Plot 1	Plot 2	Plot 3	Plot 1	Plot 2	Plot 3	Plot 1	
5 de outubro	15	60	63					
12 de outubro	0	0	0					
22 de outubro	8	3	2					
30 de outubro	13	6	17					
				outubro	9	17	21	
6 de novembro	29	19	24					
14 de novembro	43	38	38					
23 de novembro	61	54	49					
30 de novembro	71	67	54					
				novembro	51	45	41	
8 de decembro	72	68	60					
16 de decembro	73	70	67					
24 de decembro	75	72	72					
31 de decembro	79	76	79					
				decembro	75	72	70	
Outono	52	51	44					
11 de xaneiro	79	76	78					
17 de xaneiro	78	78	76					
23 de xaneiro	76	81	72					
30 de xaneiro	78	82	79					
				xaneiro	78	79	76	
6 de febreiro	76	79	78					
12 de febreiro	74	78	76					

A. H. 1961 - 1999

19 de febreiro	75	77	74				
27 de febreiro	73	75	72				
				febreiro	75	77	77
6 de marzo	72	93	91				
12 de marzo	65	95	94				
20 de marzo	57	99	98				
27 de marzo	18	0	0				
				marzo	53	72	71
Inverno	69	76	75				
6 de abril	28	0	0				
14 de abril	36	0	0				
20 de abril	47	3	9				
29 de abril	59	9	17				
				abril	43	3	7
8 de maio	63	11	21				
15 de maio	68	14	25				
23 de maio	75	19	29				
30 de maio	80	24	35				
				maio	61	17	28
8 de xuño	0	36	49				
16 de xuño	8	49	63				
24 de xuño	21	65	78				
30 de xuño	37	80	92				
				xuño	17	59	71
Primavera	40	26	35				
8 de xullo	42	67	77				
16 de xullo	48	57	59				
22 de xullo	51	45	44				
30 de xullo	56	35	31				
				xullo	49	51	53
6 de agosto	62	0	0				
14 de agosto	66	0	0				
20 de agosto	69	12	9				
27 de agosto	71	22	27				
				agosto	67	9	9
4 de setembro	70	41	42				
9 de setembro	69	57	60				
17 de setembro	71	73	76				
-	-	-	-				
				setembro	70	57	59
Verán	62	39	40				
Promed. anual	56	48	49				

O significado da Táboa 78 complementábase co aportado nas Táboas 82, 90, 98 e 106<sup>807</sup>, asemade estes datos representáanse nas vindeiras ilustracións<sup>808</sup>.

<sup>807</sup>Vid 4.10 As perdas...

<sup>808</sup>Vid Figura 79 Porcentaxe de... Vid Figura 80 Porcentaxe de... e Vid Figura 82 Porcentaxe de....

#### 4.9.1.2. Descripción do comportamento da cobertura vexetal. Datos anuais

Globalmente o A. H. 1998 – 99 foi o que rexistrou un valor medio de C. V. maior (P1 56%, P2 48% e P3 49%), como valor medio inferior destaca o obtido pola P1 cun 31% de C. V. promedio durante o A. H. 1997 – 98.

#### 4.9.1.3. Descripción do comportamento da cobertura vexetal. Datos mensuais

- a. A análises mensual das porcentaxes de C. V. nas tres parcelas durante o A. H. 1996 – 97 (*vid* Ilustración 79), amosa dúas figuras a xeito de vagoada coincidindo coa rotación de cultivos, polo que en teoría os meses de abril e maio por unha banda e o case tódolo mes de agosto pola outra banda concentrarían a época de maior risco erosivo por falla de cobertura vexetal (*vid* Ilustración 80)
- b. Durante o A. H. 1997 – 98 o funcionamento volta a ser moi similar nas tres parcelas e o descenso máis acuciante de C. V. deuse, novamente, no mes de abril e a primeira parte do mes de maio, como gráficamente representa a vagoada rexistrada nesta franxa temporal (*vid* Ilustración 80) Logo entre o fin do cultivo de primavera – verán e o inicio do cultivo de outono inverno, rexístrase en parte do mes de agosto un risco de pérdidas de solo por falla de C. V. (*vid* Ilustración 81)
- c. A. H. 1998 – 99 rexistrou tres crises<sup>809</sup> de C. V. (*vid* Ilustración 80) e polo tanto da existencia dun risco erosivo na P2 e P3 e dúas na P1, iso sí en datas diferentes por mor do diferente manexo e tipos de cultivo que se desenvolveron nas parcelas. O primeiro déficit de C. V. tivo lugar no mes de outubro (para as tres parcelas) A segunda falla de C. V. foi no mes de abril e maio para a P2 e P3 e no mes de xuño para a P1. A terceira vagoada de C. V. é na P2 e P3 e aconteceu durante o mes de agosto.

---

<sup>809</sup>Por acción antrópica.



#### 4.9.1.4. Descripción do comportamento da cobertura vexetal. Datos estacionais

- a. O debuxo que a porcentaxe de C. V. ofrece dende unha análises estacional é bastante similar en canto a tendencias nas tres parcelas e en cada ano hidrolóxico (*vid* Ilustración 81) Causa distinta é a súa concreción numérica (*vid*. Táboa 80) Deste xeito no A. H. 1996 –97 obtemos que a estación cunha maior porcentaxe de C. V. sería durante o inverno onde a P1 rexistra 90%, 83% a P2 e 82% a P3, estes valores son tamén os máis altos nos tres anos hidrolóxicos estudados. Na banda oposta a primavera e o verán (ambas moi parellas) son as estacións cunhas taxas menores de porcentaxe de C. V. e onde se concentraría o risco maior de erosión, en especial no dato de 24% de C. V. obtido na P3 durante o verán.
  
- b. O A. H. 1997 – 98 rexistrou os valores médios de C. V. máis altos na estación do outono onde se acadaron o 41% na P1, o 60% na P2 e o 56% na P3. A estación con máis risco erosivo por falla de C. V. foi a da primavera e en especial a P1 onde apenas se acadou un 21% de promedio de C. V. (por certo que este foi o valor medio inferior rexistrado en tódalas parcelas e estacións analizadas) (*vid*. Táboa 81) Tamén é salientabel, xa que en principio durante o inverno as precipitacións son máis abundantes, o valor da P1 rexistrado durante o inverno, con só 29% de promedio de C. V. (*vid* Táboa 81)
  
- c. Para o A. H. 1998 – 99 a primavera resultou ser a época dun maior risco erosivo ó rexistrarse a menor porcentaxe de C. V. en especial na P2 cun valor de 26%, de tódolos xeitos nas outras parcelas os valores promedio de C. V. son bastante moderados (40% para a P1 e 35% na P3) namentras que o verán foi en xeral bastante moderado nos valores promedio de C. V. (P1 tivo 62%, P2 o 39% e P3 cun 40%) (*vid* Ilustración 80) Durante este ano os valores promedio máximos de C. V. foron no inverno, a P1 obtivo un 69%, a P2 un 76% e a P3 un 75% (*vid* Táboa 81)

#### 4.9.1.5. Descripción do comportamento da cobertoira vexetal. Datos semanais

- a. En conxunto (*vid.* Ilustración 79 e Táboa 82 ) nos A.H. 1996 – 97; A. H. 1997 – 98 e A. H. 1998 – 99 a distribución da cobertoira vexetal (C. V.)<sup>810</sup> represéntase de xeito bimodal, coincidindo obviamente cos dous ciclos de cultivos rotativos. Esta ordenación ven sendo coincidente cos anos hidrolóxicos, coa excepción de que o cultivo de outono - inverno (o nabo) soe principia-la súa fase de crecemento durante o mes de setembro (último mes do A. H. en curso) A única asimetría importante rexistrouse na P1 durante o A. H. 1998 – 99 co cultivo de primavera – verán (millo<sup>811</sup>) (*Vid.* Ilustración 82)
- b. No cultivo de outono – inverno no A. H. 1996 – 97, semanalmente, observamos un comportamento ascendente da porcentaxe de solo cuberto pola C. V. nas tres parcelas. A P1 rexistra unha conducta diferenciada, até o punto de que, partindo dunha porcentaxe inicial inferior de C. V. co 18 % fronte ó 32 e 27 % da P2 e P3 respectivamente, supera a P1 por primeira vez ás outras na semana do 5 de novembro (68 % de C. V. na P1, fronte a 61 % e 57 % de C. V. na P2 e 3) para logo manter, e aumentar, unhas porcentaxes de C. V. máis altas (os máximos de C. V. son de 94 % na semana do 21 de marzo para a parcela 1 e de 91 e 92 % nas P2 e P3 durante a semana do 28 de marzo)
- c. A rotación do cultivo na semana do 3 de abril provocou durante as tres seguintes semanas unha situación de *bare soil* para logo principiar a fase de crecemento do cultivo de primavera – verán. Nesta fase é a P3 a que maior C. V. rexistrou a partires da semana do 30 de maio (a C. V. na P3 era de 36 % fronte a unha C. V. de 26% e 27% na P2 e P3) Como valores máximos de C. V. temos as semanas do 16, 22 e 30 de xuño e a do 11 de xullo na P3 co 68, 70, 70 e 70 % de C. V. (valores atribuídos á fase de maduración do cultivo) principiando a baixar a porcentaxe de C. V. (isto pasa nas tres parcelas) a partires da semana do 11 de xullo e até o

<sup>810</sup>C. V. significa en adiante cobertoira vexetal.

<sup>811</sup>O millo seméntase máis tarde que as patacas. Para máis información *vid* 4.10.21 Perdas de..., e *vid* Táboa 110 Actividades agrícolas...

27 de xullo (sen dúbida estamos ante a fase de decrepitude do cultivo) que rexistrou 47 % de C. V. na P3.

- d. Na semana do 5 de agosto temos unha nova situación de rotación de cultivo polo que o solo fica espido, e nas tres semanas restantes tamén, principiando a fase de nacemento e medra do cultivo de outono – inverno durante a semana do 5 de setembro, onde a C. V. da P1 é de 16%, do 12% na P2 e do 9% na P3. Esta tendencia matense ó final deste mes e A. H. onde os datos de C. V. para a semana do 27 de setembro foron de 56% na P1, de 47% na P2 e de 24% na P3.
- e. Durante o cultivo de outono – inverno no A. H. 1997 – 98, semanalmente, observamos un comportamento ascendente da porcentaxe de solo cuberto pola C. V. nas tres parcelas, se ben a P3 rexistra unha conducta diferenciada, xa que, partindo dunha porcentaxe inicial moi inferior de C. V. co 27% na semana do 5 de outubro fronte ó 62 e 56 % da P1 e P2 respectivamente, tende a igualar a súa porcentaxe de C. V. durante a semana do 30 de outubro (P1 43%, P2 51% e P3 42%) A evolución da porcentaxe de C. V. durante o resto do cultivo determinase por un descenso suave pero paulatino na P1 dende o pico rexistado na semana do 6 de decembro (44% de C. V.) até o valor de 26 % de C. V. rexistrado o 20 de febreiro. A partires de ahí o C. V. rexistra un leve aumento na P1 por mor da proliferación de varios tipos de gramíneas. Na P2 e P3 a porcentaxe de C. V. foi realmente parella, indo dende os valores máximos con 68 e 69% durante o 6 de decembro ós valores mínimos de C. V. rexistrados durante a semana do 27 de febreiro co 29 e 30% respectivamente (valores moi similares ó da P1) O que sí é moito máis significativo é o aumento da porcentaxe de C. V. rexistrada na P2 e P3 pola abundancia de gramíneas (63 % e 57% na semana do 21 de marzo)
- f. Entre a semana do 30 de marzo ó 8 de maio, realizáronse as labours encamiñadas ó levantamento do cultivo de outono - inverno e a

implantación do cultivo de primavera – verán, os valores de C. V. durante este periodo foron do 0%.

- g. A evolución da porcentaxe de C. V. co cultivo de primavera – verán é bastante simétrica e parella nas tres parcelas cultivadas, pois non se rexistran cruces ou diferenzas moi relevantes (cecais si entre a P1 e a P3) entres os seus valores e a súa representación gráfica. O valor máximo de porcentaxe de C. V. rexistrouno a P2 na semana do 31 de xullo co 85%, a P1 obtivo 83% e a P3 o 64%.
- h. As labouras de levantamento do cultivo de primavera – verán e para sementa-lo cultivo de outono – inverno prolongáronse durante dúas semanas (o 14 e 20 de agosto) onde o sólo estivo novamente espido.
<sup>933</sup>Calificación deste ano e os seguintes tomando como base os datos de Santiago.

<sup>934</sup>*Ibidem*

Así pois a comparanza non é fiable, xa que son frecuencias diferentes e, a aplicación da fracción 0,2 mm, metodoloxicamente, é discutibel xa que a susodita cantidade pode ser provocada pola abundante condensación que as numerosas néboas forman na aba do monte Pedroso. Ademais se analizamos a fracción cunha frecuencia de 0,4 mm na Estación Experimental Monte Pedroso obtense que a porcentaxe desta frecuencia para o ano hidrolóxico 1995 – 1996 é do 14,2 %, do 20,2 % no ano hidrolóxico 1996 – 1997, do 20,2 % no ano hidrolóxico 1997 – 1998 e finalmente, do 18,1 % durante o ano hidrolóxico 1998 – 1999. Polo tanto as catro porcentaxes, así analizadas, están moito máis perto do valor 12,6 % obtido por Basanta Cornide, 1997<sup>935</sup>.

En función do discutido nos dous párrafos anteriores a fracción 0,8 mm, cecais, sexa máis representativa do concepto choiva e neste caso é a cantidade máis repetida durante os catro anos hidrolóxicos analizados, esta recurrencia cada 10 minutos en Pmax 24 horas abrangue dende o 3,52 % do ano hidrolóxico 1995 – 1996 até o 5,03 % do ano hidrolóxico 1998 – 1999. Estes valores son moi similares ós aportados por Basanta Cornide (1997)<sup>936</sup> para a fracción 0,5 – 1 mm debido á porcentaxe do 6,3 % para o periodo 1989 – 1991.

#### 5.3.1.4. Frecuencias de intensidades de precipitación cada 10 minutos

As frecuencias de precipitación cada dez minutos nun dominio climático mesotérmico presentan varias características comúns durante os anos hidrolóxicos 1995 –1996; 1996 – 1997; 1997 – 1998 e 1998 - 1999:

- a) A frecuencia que máis número de casos repite é a de 0,2 mm, valor que durante os catro anos de análises sempre superou o 50 % dos casos totais, namentras que, para o periodo 1989 – 1992 (Basanta Cornide, 1997)<sup>937</sup> a frecuencia foi a de 2,5 – 3 mm que representou o 69 % dos casos totais.
- b) A suma das 5 primeiras frecuencias (cunha prelación ascendente: 0,2; 0,4; 0,6; 0,8 e 1,0) sempre representa máis do 90 % do número de casos totais, por outra banda

---

<sup>935</sup>*Ibidem*

<sup>936</sup>*Ibidem*

<sup>937</sup>*Ibidem*



(Basanta Cornide, 1997)<sup>938</sup> obtivo que a suma das cinco primeiras frecuencias representaron o 64,5 % para o ano hidrolóxico 1989 – 1990, o 78,2 % para o ano hidrolóxico 1990 – 1991 e o 65,7 % para o ano hidrolóxico 1991 - 1992<sup>939</sup>.

- c) As frecuencias cun valor máis alto, a excepción do ano hidrolóxico 1995 – 1996, tiveron lugar durante a estación da primavera e concretamente foi no mes de xuño do ano hidrolóxico 1996 – 1997 cando se acadou o máximo valor nunha frecuencia de 10 minutos con 12,2 mm.
- d) O número de casos ten unha orde descendente bastante regular polo xeral, así, no tempo de estudo, e relacionando as distintas frecuencias e o número total de casos, estas explican unha dependencia destes nun proporción en torno ao 50 %.
- e) Non se observa ningunha relación entre o número de casos por frecuencia e o mes ou estación do ano no cal se producen, xa que basicamente as frecuencias amosan certa consonanza coa cantidade de precipitación, independentemente da data da precipitación.

#### **5.3.1.5. Episodios de precipitación. Eventos de precipitación con perdas de solo e sen perdas de solo**

Os 562 eventos de precipitación fraccionanse en eventos durante os cales producéronse perdas de solo e eventos nos cales non houbo perdas de solo. Esta concepción da definición de evento conleva o ter en conta outros factores e procesos que interveñen na xeración de erosión. Nembargantes atópanse liñas comúns durante os catro anos hidrolóxicos estudados<sup>940</sup>.

Anualmente existe un comportamento moi regular á hora de relacionar o número de eventos con perdas e sen perdas de solo. O número de eventos totais está nun promedio de 145 eventos cando estamos ante anos hidrolóxicos calificados como normais<sup>941</sup> no réxime total anual das súas precipitacións. Cada ano hidrolóxico mantén unha regularidade na súa porcentaxe de eventos, no entorno do 25 % ao ser anos calificados

---

<sup>938</sup>*Ibidem*

<sup>939</sup>Esta comparación adoece dos mesmos criterios, xa que para Lasanta Cornide os intervalos van de 0,5 mm en 0,5 mm tales como: 0 – 0,5; 1 – 1,5; 1,5 – 2; 2 – 2,5 e 2,5 – 3.

<sup>940</sup>Non se dispoñen de datos por cuestións técnicas durante os meses de outubro, novembro e decembro, do ano hidrolóxico 1995 – 1996.

como normais<sup>942</sup>. Referíndose ao ano hidrolóxico 1998 – 1999 que está na fronteira de ser un ano húmido<sup>943</sup> o que acontece e que se aporta algún evento anual total máis que nos dous anos calificados como normais. En calquera caso e incluíndo ao ano hidrolóxico 1995 – 1996, todos estes valores están dentro dun rango porcentual de entre  $\pm$  o 5 %.

O rango de variación de  $\pm$  5 % obsérvase tamén cando o aplicamos á porcentaxe de eventos que produxeron perdas de solo e os que non as produxeron. Así, en torno ao 40 % dos eventos totais por ano produxeron erosión e en torno ao 60 % dos eventos totais por ano non produxeron erosión. Os estudos realizados por Basanta Cornide (1997)<sup>944</sup> registraron bastantes menos episodios de choiva, con 68, 91 e 67 para o periodo 1989 – 1992; esta diferenza sustancial, recalcando que son anos cun réxime pluvial total anual considerado como normal, pode ser debida a que a calibración do pluviómetro sexa de un paso cada 0,5 mm.

Estacionalmente ao analizar as porcentaxes do número total de eventos por estación, os resultados amosan unha prelación moi nidida. De tal xeito, a estación do outono é a que contabiliza un maior número de eventos, cunha porcentaxe en torno ao 37 %, logo está a estación da primavera cun rango de amplitude entre eventos dende os 35 ós 42, seguida do inverno con 32 eventos de promedio e o por último o verán que aporta entre 16 e 22 eventos. Ao disecciona-los eventos en erosivos e non erosivos obsérvase que durante os anos hidrolóxicos 1996 – 1997 e 1997 – 1998 o comportamento destes é regular no seu comportamento porcentual. A excepción xurdiu durante o outono do A. H. 1998 – 1999 onde os eventos totais e porcentuais rexistran unha importante variación en comparación cos outros dous anos xa que se ben aumentou o seu número total, seguindo a tendencia xeral deste ano hidrolóxico (que está no borde de convertirse nun ano hidrolóxico húmido respecto de Lavacolla e que é húmido tomando como referencia Santiago), diminuíu considerablemente o número de eventos con perdas de solo.

---

<sup>941</sup>O ano hidrolóxico 1995 – 1996 non o analizamos pois faltan os meses xa reseñados, e a tener de ser un ano calificado como húmido a respecto de Lavacolla o normal é que fose o ano hidrolóxico con máis eventos.

<sup>942</sup>Os anos calificados como normais son os anos hidrolóxicos 1996 – 1997 e 1998 – 1999.

<sup>943</sup>Nefeito se se cotexa con Santiago xa o é.

<sup>944</sup>*Ibidem*

Mensualmente o total de eventos adaptaciónse en cada ano hidrolóxico á cantidade de precipitación por mes como regra xeral, isto tamén sucede cando aplicamos a análises ós meses con menos ou ningún evento. O que si existe é certa unanimidade co total de eventos erosivos, independentemente do mes no que se producieran, oscilando entre os 9 eventos que produciron perdas de solo en xaneiro de 1997 e os 12 eventos de xaneiro de 1996 e 1999.

### 5.3.2. Intensidades de precipitación

O papel que desempeña a intensidade dunha precipitación nun tempo determinado é difícil de estipular, sobre todo nunha escala espacial ampla. Por outra banda quedou demostrado que a erosión do solo prodúcese na súa totalidade ou cando menos en taxas superiores ao 80 % con intensidades de precipitación superiores a  $I_{30}$  20 ou 25 mm h<sup>-1</sup> (Hudson 1965<sup>945</sup>; 1981<sup>946</sup>); (Rapp *et al.* 1972a<sup>947</sup>); (Morgan, 1974<sup>948</sup>); (Martínez – Mena *et al.* 2001<sup>949</sup>) Estas cifras son aplicabeis a dominios semiáridos, nembargantes non só os eventos extremos producen perdas de solo senón que estas tamén se producen con precipitacións de intensidade baixa (Wischmeier, Smith, 1958<sup>950</sup>; Richter, Negendank, 1977<sup>951</sup>; Bollinne, 1977<sup>952</sup>; Morgan, 1980b<sup>953</sup>) Morgan (1996)<sup>954</sup> afirma que o  $I_{30}$  xurde para mitigar en certa medida o poder que se lle atribúe ás perdas de solo por baixas intensidades de precipitación (en especial na Europa occidental), e non existe unha boa correlación entre as perdas de solo e este índice, nefeito o índice  $I_{30}$  parece relacionarse mellor con perdas de solo acontecidas en situacións de solo espidos, con moi pouca cobertura vexetal; namentras en solos con cobertura vexetal variábel relaciónanse mellor índices calculados entre fraccións de 5 a 10 minutos (Stocking Elwell 1973a<sup>955</sup>)

<sup>945</sup>Hudson, N. W. (1965). “The influence...,” *opus cit.*

<sup>946</sup>Hudson, N. W. (1981). *Soil conservation...*, *opus cit.*

<sup>947</sup>Rapp, A.; Axelson, V.; Berry, L.; Murray – Rusi, D. H. (1972a). “Soil erosion...,” *opus cit.*

<sup>948</sup>Morgan, R. P. C. (1974). “Estimating regional...,” *opus cit.*

<sup>949</sup>Martínez – Mena, M.; Castillo, V.; Albadalejo, J. (2001). “Hydrological and erosional response to natural rainfall in a degraded semiared area of south – east Spain”. *Hydrological Processes*, 15:55- 571.

<sup>950</sup>Wischmeier, W. H.; Smith, D. D. (1958). “Rainfall energy...,” *opus cit.*

<sup>951</sup>Richter, G.; Negendank, J. F. W. (1977). *Soil erosion...*, *opus cit.*

<sup>952</sup>Bollinne, A. (1977). *La vitesse...*, *opus cit.*

<sup>953</sup>Morgan, R. P. C. (1980b). *Soil erosion...*, *opus cit.*

<sup>954</sup>Morgan, R. P. C. (1996). *Erosión y...*, *opus cit.*

<sup>955</sup>Stocking, M. A.; Elwell, H. A. (1973a). *Soil erosion...*, *opus cit.*

### 5.3.2.1. Intensidades de precipitación superiores a $20 \text{ mm h}^{-1}$ en 30 min. e máximas intensidades en $10 \text{ mm h}^{-1}$ en 10 min.

Partindo do valor do índice  $I_{30} > 20 \text{ mm h}^{-1}$  analizaremos os eventos máximos anuais por ano hidrolóxico, no transcurso do 1995 – 1996<sup>956</sup> non houbo ningún evento que superase a cifra de referencia. O evento máis perto desta cantidade foi o nº 101, cunha precipitación total de 29,2 mm no mes de agosto, e cunha  $I_{30}$  de  $17,8 \text{ mm h}^{-1}$  que representa o 78,8 da intensidade rexistrada durante este evento e unha  $I_{10}$  de  $56,4 \text{ mm h}^{-1}$  (73,4 % da intensidade total neste evento)

No ano hidrolóxico 1996 – 1997 tampouco houbo intensidades que superasen o valor de referencia, no obstante o evento nº 243 rexistrou un total de 36,8 mm no mes de xuño, cunha  $I_{30}$  de 18,6 mm (37,05 % da intensidade total neste evento) e unha  $I_{10}$  de 54 mm (31,9 % sobre a intensidade total deste evento) estes datos contrapóñense ao evento nº 260, onde no mes de agosto houbo unha precipitación total de só 18,2 mm pero tivo unha  $I_{10}$  de  $52,8 \text{ mm h}^{-1}$  que representou o 42,31 % da intensidade total neste evento namentras que a  $I_{30}$  foi de só 10,4 mm.

Para o ano hidrolóxico 1997 – 1998 rexistrouse un valor superior ao de referencia, así o evento nº 356 no mes de abril con 129 mm o  $I_{30}$  foi de 22,5 mm que é o valor máis alto dos 565 eventos analizados e dentro do evento supuxo o 34,7 % da intensidade total; neste mesmo evento a  $I_{10}$  de  $84 \text{ mm h}^{-1}$  tamén foi o valor máximo de tódolos estudados (supuxo o 32,6 %)

Por último no ano hidrolóxico 1998 – 1999, novamente non houbo ningún valor superior ao de referencia para o  $I_{30}$ , sendo o máis alto o acontecido durante o evento nº

---

<sup>956</sup>Por problemas técnicos non se dispoñen de datos para analiza-los meses de outubro, novembro e decembro; onde moi probablemente podería haber intensidades importantes por mor das importantes precipitacións totais rexistradas.

479 do mes de xaneiro que rexistrou unha precipitación total de 55,4 mm e unha  $I_{30}$  de 10,4 mm h<sup>-1</sup> (30 % das intensidades totais) a  $I_{10}$  foi de 27,6 mm (26,7 %)

Os estudos de Basanta Cornide (1997) presentaron unha  $I_{30} > 20$  mm h<sup>-1</sup> nun total de 7 eventos acadando un índice máximo de 28,8 mm h<sup>-1</sup> en novembro, polo que non se apreza unha preponderancia nin na cantidade de precipitación anual, nin na precipitación total por evento nin na temporalidade do evento no cal se pode acadar o maior valor para o índice  $I_{30}$

### 5.3.2.2. Umbral das frecuencias erosivas e non erosivas nas intensidades de precipitación en 30 e 10 min.

Independentemente das características físicas da choiva, da erodibilidade do solo, das condicionantes topográficas das parcelas e do tipo de uso de solo e manexo a que se someta o cultivo, o umbral no cal a intensidade de precipitación é erosiva e polo tanto produce perdas de solo para a  $I_{30}$  está en 5,5 mm h<sup>-1</sup> e para  $I_{10}$  o valor é de 21,6 mm h<sup>-1</sup>. Polo tanto nos catro anos e 565 eventos de estudo a  $I_{30}$  superior a 5,5 mm h<sup>-1</sup>, sempre é erosiva no 11,1 % dos eventos de precipitación, o cal explica as conclusións de Morgan (1996)<sup>957</sup>, que anualmente repartíronse no 9,5 % para o ano hidrolóxico 1995 – 1996, no 14,6 % para o ano hidrolóxico 1996 – 1997, no 7,9 % para o ano hidrolóxico 1997 – 1998 e no 12,4 % para o ano hidrolóxico 1998 – 1999.

Para a  $I_{10}$  os valores superiores a 21,6 mm h<sup>-1</sup> rexístranse no 7,96 % dos 565 eventos, repartidos no 7,9 % durante o ano hidrolóxico 1995 – 1996, no 6,9 % no ano hidrolóxico 1996 – 1997, no 7,9 % no ano hidrolóxico 1997 – 1998 e no 9,1 % durante o ano hidrolóxico 1998 – 1999. Isto contradice a idoneidade do índice  $I_{10}$  para empregar en solos con cobertura vexetal variábel proposto por Stocking, Elwell (1976)<sup>958</sup>, a lo menos en rexímenes pluviométricos húmidos.

Cunha intensidade de precipitación de 0,2 mm h<sup>-1</sup> en 30 min. nunca se rexistraron perdas de solo, valor que se deu no 29 % dos eventos totais de precipitación a ilo ca mesma temporalidade hai que sumarlle o 9,02 % de intensidades de precipitación cun

<sup>957</sup>Morgan, R. P. C. (1996). Erosión de... *opus cit*

valor de 0,4 mm. Así no tempo estudado os eventos sen poder erosivo, é dicir cunha  $I_{30}$  igual ou inferior a 0,4 mm, son do 38,02 %, repartidos no 35,7 % para o ano hidrolóxico 1995 – 1996, no 31,9 % durante o ano hidrolóxico 1996 – 1997, no 30,2 % no ano hidrolóxico 1997 – 1998 e no 40,5 % durante o ano hidrolóxico 1998 – 1999.

Para a  $I_{10}$  non existen valores cos cales nunca se rexistranse perdas de solo, nembargantes dun total de 565 eventos rexistrados 291 eventos tiveron unha  $I_{10}$  de 1,2; 2,4 e 3,6 mm h<sup>-1</sup> o cal supón o 51,5 % das intensidades máximas para  $I_{10}$  e desta porcentaxe só o 5,1 % (15 eventos en total) é erosiva. Deste xeito o 94,9 % da  $I_{10}$  cun valor igual ou inferior a 3,6 mm h<sup>-1</sup> non producen perdas de solo.

## 5.4. A bioclimatoloxía

### 5.4.1. A evapotranspiración potencial

Parte dos cambios ambientais posibles nun solo cando se muda o seu uso, proceden da  $E_t$  e, cuantifica-lo seu valor porcentual permite coñecer-la porcentaxe de precipitación que volta á atmosfera que, como promedio global, ven representando o 57 % (Sánchez Toribio, 1992)

Durante a década dos anos 70, do pasado século XX, centrouse unha discusión científica a carón de determinar cal dos diferentes métodos para o cálculo da E.T.P. se axustaba mellor ós condicionantes e variabeis da rexión xeográfica do noroeste da península Ibérica. Díaz - Fierros (1971)<sup>959</sup>, Díaz – Fierros, Guitián (1971)<sup>960</sup> e Paz, Díaz - Fierros (1978)<sup>961</sup> consideraron o método de Penman (1963) como o que mellor se axustaba a Galicia, aseveración admitida por Carballeira *et al.* (1980b)<sup>962</sup> e Carballeira

<sup>958</sup>Elwell, H. A.; Stocking, M. A. (1976). “Vegetal cover...” opus cit.

<sup>959</sup>Díaz - Fierros, F. (1971). *Contribución a la climatología agrícola de Galicia*. Monografía nº 8 Universidade de Santiago de Compostela.

<sup>960</sup>Díaz – Fierros, F.; Guitián Ojea, L. (1971). “Medidas de evapotranspiración potencial en Santiago de Compostela (Galicia)” *Ann. de Edf. y Agrobiol.* 30: 9 – 10. Madrid.

<sup>961</sup>Paz González, A; Díaz - Fierros, F. (1978): “Evaporación y evapotranspiración potencial en Santiago de Compostela durante el periodo 1969 – 1975”. *Ann. de Edf. y Agrobiol.* Madrid.37: 3 – 4.

<sup>962</sup>Carballeira, A.; Devesa, C.; Retuerto, R.; Santillán, E. e Uceda, F. (1980b): “Climatología Básica de Galicia II: Evapotranspiración Potencial y Balance Hídrico”. *VII Reunión de la Ponencia de bioclimatología del C.S.I.C.* Sevilla.

*et al.* (1983)<sup>963</sup> que nos xustifican na cantidade e variabilidade dos factores meteorolóxicos empregados na súa computación. Os métodos de Penman (1963)<sup>964</sup>, Penman Monteith (1985)<sup>965</sup> e da súa modificación F.A.O. Modified Penman (Smith *et al.*, 1991)<sup>966</sup> están condicionados ós seguintes principios, independentemente da temporalidade con que se empregue:

- a) O método Penman é o que obtén, en tódolos casos analizados, os valores máis baixos en mm e que andan entre o 24,5 % menos do ano hidrolóxico 1995 – 1996 e o 26,6 % menos no ano hidrolóxico 1998 – 1999 dos valores obtidos a repeito do método F.A.O. Modified Penman.
- b) O método Penman rexistra entre o 20,3 % menos no ano hidrolóxico 1995 – 1996 e o 21,2 % menos no ano hidrolóxico 1998 – 1999 con respecto ó Método Penman - Monteith que resulta se-lo método cos segundos valores máximos ao calcula-la E.T.P. en mm.

Tomando como valores referencia de E.T.P. os valores medios anuais aportados por Carballeira *et al.* (1983)<sup>967</sup> de 678 mm de E.T.P. achados para Lavacolla (Santiago de Compostela) e, os 702 mm de E.T.P. achados para Santiago de Compostela (Campus Universitario) obsérvase que os valores resultantes da E.E.M.P. durante os tres anos hidrolóxicos, e comparando as porcentaxes de precipitación devoltas á atmosfera<sup>968</sup>, representan as seguintes tendencias:

- a) Ano hidrolóxico 1996 – 1997. O método que máis se aproxima é o F.A.O. Modified Penman en comparación cos 678 mm obtidos na Lavacolla. A E.E.M.P. rexistrou un 15 % menos de E.T.P. que Lavacolla. A porcentaxe máis alta de precipitación anual devolta á atmósfera, tomando como referencia o método F.A.O. Modified Penman do 32,7 % que representa case o dobre menos sobor o 57 % de valor referencia.

---

<sup>963</sup>Carballeira, A.; Devesa, C.; Retuerto, R.; Sanatillan, E.; Ucieda, F. (1983). *Bioclimatología de..., opus cit.*

<sup>964</sup>Penman, H. L. (1948). “Natural evaporation...,” *opus cit.*

<sup>965</sup>Monteith, J.L. (1985). “Evaporation from land surfaces: progress in analysis and prediction since 1948,” *Proc. Nat. Conf. Advances in evapotranspiration. Am. Soc. Agr. Eng.*: 4 – 12.

<sup>966</sup>Smith, M.; F.A.O. (1991). “Report on...,” *opus cit.*

<sup>967</sup>*Ibidem.*

<sup>968</sup>Tómase como valor referencia o 57 %.

- b) Ano hidrolóxico 1997 – 1998. Os valores obtidos na E.E.M.P. cos diferentes métodos aproxímanse máis, neste caso, ós valores anuais medios de 702 mm (para Santiago de Compostela) sendo esta vez os 732,9 mm do método de Penman, os máis próximos. Este dato supón que se devolvan o 33,1 % da precipitación deste ano hidrolóxico aínda que, o método F.A.O. Modified Penman co 44,6 %, aproxímase máis ao dato tipo do 57 % de precipitación devolta á atmosfera.
- c) Ano hidrolóxico 1998 – 1999. Os 731,6 mm seguindo a Penman Monteith acércase máis ó valor medio proposto para Santiago de Compostela nembargantes, se se toman os 681,5 mm do método F.A.O. Modified Penman estes, axústanse perfectamente ós valores tipo de Lavacolla.

#### **5.4.2. O balanço hídrico**

##### **5.4.2.1. Balanço hídrico por períodos mensuais**

Da confrontación da temperatura coa precipitación extraense os seguintes parámetros:

- a) O ano hidrolóxico 1995 - 1996 e 1996 - 1997 rexistran un comportamento paralelo en canto ós seus períodos de seca que se corresponden cos meses encadrados nas estacións de primavera e verán.
- b) O ano hidrolóxico 1997 - 1998 e 1998 - 1999 teñen 7 meses de seca, distribuída durante tódalas estacións ao longo do ano, se ben dende os meses de xuño e setembro sempre se dá esa circunstancia nos 4 anos hidrolóxicos estudados. Como circunstancia un tanto átona destaca a lixeira seca rexistrada durante o mes de novembro do ano hidrolóxico 1997 - 1998. Por outra banda o mes de febreiro foi un tramo de seca durante estes dous anos hidrolóxicos, circunstancia que se ven repetindo de xeito natural na nosa latitude como se apreza en diversos estudos que teñen como referencia a climatoloxía e sen que se saiba a causa exacta da merma das precipitacións durante este mes (Díaz – Fierros Viqueira,



1971; Carballeira *et al.* 1983<sup>969</sup>; Martínez Cortizas, Pérez Alberti, 1999<sup>970</sup> (siam-cma.org<sup>971</sup>)

Respeito do exceso de precipitación, a dispoñibilidade hídrica, e o déficit de precipitación acumulado é suliñabel o seguinte:

- a) O mes de xaneiro do ano hidrolóxico 1995 - 1996 e o que rexistra o valor máximo de dispoñibilidade hídrica con 539,2 mm
- b) O valor máximo de déficit de precipitación foi de 159 mm, que foron demandados no mes de agosto do ano hidrolóxico 1997 - 1998.
- c) O Valor máximo de déficit de precipitación acumulado, rexistrouse tamén no mes de setembro do ano hidrolóxico 1997 - 1998.
- d) O valor máximo de déficit de precipitación rexistrouse durante o mes de xaneiro do ano hidrolóxico 1995 - 1996 con 433 mm, se ben tamén son reseñabeis os 385,5 mm do mes de abril do ano hidrolóxico 1997 - 1998.

#### 5.4.2.2. Balanzo hídrico de *Thornthwaite* – *Mather*

As principais conclusións deste tipo de balanzo por parámetro analizado enfróntanse co estudo realizado por Basanta Cornide (1977)<sup>972</sup> e os datos de ambas pescudas fican validados pola súa consonanza; en especial co acontecido durante os anos hidrolóxicos 1996 – 1997 e 1998 – 1999. Os principais valores resúmense no seguinte:

- a) As escoas empíricas rexistradas case sempre superaron o valor de 1 mm, independentemente do uso e manexo do solo, destacando o valor de 41 mm rexistrados durante o mes de abril do ano hidrolóxico 1997 - 1998 na parcela 1. Basanta Cornide (1977)<sup>973</sup> obtivo no mes de decembro do ano hidrolóxico 1989 – 1990 un valor máximo de 31 mm, a pesares de ser un ano cun rexime

<sup>969</sup>Carballeira, A.; Devesa, C.; Retuerto, R.; Sanatillán, E.; Uceda, F. (1983). *Bioclimatología de... opus cit.*

<sup>970</sup>Martínez Cortizas, A.; Pérez Alberti, A. (1999). *Atlas Climático... opus cit.*

<sup>971</sup> [www.siam-cma.org/metereoloxia/busca.asp](http://www.siam-cma.org/metereoloxia/busca.asp)

<sup>972</sup>*Ibidem*

<sup>973</sup>*Ibidem*

- pluviométrico total normal, aínda que a pluviosidade dese mes acadou os 624 mm.
- b) O parámetro precipitación efectiva está dispoñíbel, en maior ou menor medida, durante os catro anos hidrolóxicos analizados, o mesmo pasa co periodo de estudo dende 1989 a 1992 (Basanta Cornide, 1977)<sup>974</sup>
  - c) As perdas potenciais de humidade de solo rexistran importantes déficits principalmente durante os meses de agosto e setembro, se ben esta circunstancia tamén aparece noutros meses. Salientábel foi o acontecido durante o mes de agosto do ano hidrolóxico 1996 - 1997, onde non se rexistraron déficits por baixo do valor 0 mm, en ningunha das 3 parcelas. O mesmo aconteceu durante o periodo estudado por Basanta Cornide (1977)<sup>975</sup>
  - d) A capacidade de campo dos solos non se acada, nas tres parcelas, durante o período de estudo da estación de o verán (se ben no mes de agosto do ano hidrolóxico 1996 - 1997, a capacidade de campo foi positiva nas tres parcelas)
  - e) A cantidade de auga capilar acumulada nos poros do solo rexístrase sempre nos meses de verán acadando este fenómeno os seus valores mínimos no mes de agosto, agás no ano hidrolóxico 1996 - 1997 onde o mínimo de auga capilar acádase no mes de setembro con 31 mm nas 3 parcelas. Fora do verán foi destacábel os 64 mm, das 3 parcelas, obtidos no mes de marzo do ano hidrolóxico 1996 - 1997.
  - f) O cambio de humidade no solo, coincide, como norma xeral, durante os meses tradicionalmente menos chuviosos, é dicir cando a capacidade de campo está por baixo do seu valor referencia de 100 mm. Deste xeito a maior caída de humidade no solo deuse sempre no paso do mes de xuño a xullo, durante os anos hidrolóxicos 1995 - 1996; 1997 - 1998 e 1998 - 1999 e, o seu valor máis acusado da caída foi de - 76 mm para as 3 parcelas durante o ano hidrolóxico 1998 - 1999. A excepción foi co ano hidrolóxico 1996 - 1997 onde a máxima caída de humidade no solo foi no paso do mes de agosto ao mes de setembro, onde tras un mes de agosto cunha capacidade de campo plena de 100 mm pasouse a unha humidade do solo no mes de setembro de 31 mm, co cal o cambio de humidade do solo en setembro acadou os 68 mm na parcela 1 e os 69 mm na parcela 2 e 3.

---

<sup>974</sup>*Ibidem*

<sup>975</sup>*Ibidem*

- g) No referente á evapotranspiración real<sup>976</sup> na estación do outono obsérvase como o período anual con máis evapotranspiración real foi o ano hidrolóxico 1998 - 1999 cun total de 672 mm na parcela 3, de 669 mm na parcela 2 e de 667 mm na parcela 1. O mes con máis evapotranspiración real foi o mes de maio do ano hidrolóxico 1997 - 1998 con 124 mm en cada parcela. O valor mensual con menos valor de evapotranspiración real repártese entre os meses de xaneiro e febreiro do ano hidrolóxico 1995 - 1996, e o mes de decembro do ano hidrolóxico 1997 - 1998.
- h) Ao comparar a evapotranspiración potencial coa evapotranspiración real destaca os valores resultantes no ano hidrolóxico 1997 - 1998 onde a diferenza é de 374 mm de déficit de humidade na parcela 1 e 2 e de 372 mm na parcela 3. Asemade neste ano hidrolóxico foi no único onde se rexistrou un déficit de de humidade entre ámbolos dous índices fóra dos meses de xuño, agosto e setembro. Dito mes foi maio cun valor de 6 mm en cada parcela.
- i) O ano hidrolóxico 1997 - 1998 foi onde se rexistrou un *plus* de humidade no solo cun valor superior, ao chegares ós 1.145 mm na parcela 3, ós 1.115 mm na parcela 1 e os 1.100 mm na parcela 2. Nas tres parcelas os valores concentráronse nos meses de outubro, novembro, xaneiro, marzo e abril, xa que nos outros meses o valor do *plus* de humidade no solo foi de 0 mm.
- j) As escoas dispoñíbeis, sen as escoas directas, obsérvase como representan un valor moito máis relevante que as escoas directas. Estas escoas habitualmente supoñen unhas valores en torno ao 200 % dos totais anuais, a excepción da parcela 1 do ano hidrolóxico 1996 - 1997 onde as escoas dispoñíbeis fóra das escoas empíricas e dun 55 %.
- k) O exceso máximo de auga preséntase sempre nos meses de maio e novembro namentras os valores inferiores rexístranse sempre nos meses de xaneiro e febreiro. O exposto sucede en tódalas parcelas e en tódolos anos hidrolóxicos analizados.
- l) As escoas totais aportan un valor interesante de recursos hídricos ós cauces fluviais, deste xeito as capas freáticas aportan durante todo o ano recursos hídricos ao cauce fluvial. Até tal punto que se observan en calquera das parcelas que se analice, xa que a aportación das escoas non superficiais aumenta segundo a maior ou menor capacidade de campo do solo, e durante os meses nos cales a

---

<sup>976</sup>Excluído o ano hidrolóxico 1995 - 1996 por falla de datos.

humidade do solo descende, aumenta a aportación das escoas subsuperficiais ou mesmo as escoas soterradas. Así, por exemplo na parcela 2 do ano hidrolóxico 1997 - 1998, no mes de xuño as escoas empíricas son de 1 mm e as escoas non superficiais son de 26 mm, e esta aportación provén das reservas de auga provistas na retención de humidade que baixaron de 523 mm en xuño até os 497 mm no mes de xullo.

## 5.5. As escoas

### 5.5.1. As escoas dereitas ou “empíricas”

- a) Os picos de escoas empíricas máximas anuais na parcela 1 rexistráronse no ano hidrolóxico 1996 - 1997 con 170,03 mm, o valor máximo na parcela 2 obtívose con 150,6 mm durante o ano hidrolóxico 1997 - 1998 e na parcela 3 obtívose durante o ano hidrolóxico 1995 - 1996 con 127 mm. Por outra banda os valores mínimos de escoas empíricas rexistrados anualmente acadáronse nas tres parcelas durante o ano hidrolóxico 1998 - 1999 con 56,03 mm na parcela 1, 61,6 mm na parcela 2 e 46,3 mm na parcela 3.
- b) As escoas máximas empíricas estacionais para o periodo do outono son de 74,09 mm na parcela 1 durante o ano hidrolóxico 1995 - 1996. Na primavera foi a parcela 1 con 49,8 mm na que máis escoas se recolleron. Logo no verán foi a parcela 2 a que rexistrou 35,8 mm durante o ano hidrolóxico 1995 - 1996.
- c) As escoas empíricas máximas mensuais<sup>977</sup> rexístranse en varios meses, en xeral segundo a cantidade de precipitación caída no mes, e ademais interfíren claramente os diferentes ciclos propios das escoas e as súas interrelacións. Nembargantes, e de xeito xeral, obsérvase como os valores máximos mensuais oscilan segundo o ano hidrolóxico e parcela analizada. Na parcela 1 non existe ningún mes preponderante nos catro anos hidrolóxicos á hora de escoar, aínda que se o mes de outubro é o que representa o promedio máis alto con 20,92 mm, seguido de novembro cun promedio de 15,46 mm. Na parcela 2 obsérvase o mesmo comportamento que na parcela 1, e novamente o mes de outubro é o mes cun promedio máximo de 21,03 mm de escoas dereitas namentras, tamén

novamente, o mes de novembro con 17,23 mm é o segundo cun valor promedio máis alto. A parcela 3 oferta unhas tendencias cunha desposta similar durante o ano hidrolóxico 1995 - 1996 e 1996 - 1997, onde os meses de novembro son os que máis escoas superficiais rexistraron (45,66 mm e 14,19 mm respectivamente) e os segundos meses son os de xaneiro (con 26,63 mm e 14,03 mm) No ano hidrolóxico 1997 - 1998 o mes que máis escoou foi decembro con 26,32 mm e o de outubro con 19,76 mm. Xa no ano hidrolóxico 1998 - 1999 o mes que máis escoou foi agosto con 11,98 mm e maio con 10,9 mm. Na parcela 3 o promedio mensual máximo foi de 19,7 mm, seguido de decembro con 12,07 mm.

- d) As escoas superficiais diarias vense moi condicionadas polo ciclo de seu, segundo o estadio no cal se atope o susodito ciclo. Dos picos de escoas dereitas descritos con antelación<sup>978</sup> e nunha escala de detalle, destacan os acontecidos o 13 de outubro con 12,01 mm na parcela 1 no ano hidrolóxico 1996 - 1997, e os 13,81 mm do 6 de abril na parcela 2. Na parcela 3, o valor máximo rexistrouse no ano hidrolóxico 1995 - 1996 con 12,18 mm.
- e) As escoas dereitas cada 10 minutos son as que máis se ven condicionadas polas características bióticas e abióticas que se desenvolven en cada parcela e, por suposto, os seus valores son reflexo de calquera das fases nas cales se atopan as escoas xusto nese intre.

No ANEXO IV<sup>979</sup> e no ANEXO CD II<sup>980</sup> represéntanse minuciosamente a altura da lámina de auga e a intensidade promedio mensual. Estes datos dispóñense deles cunha temporalidade por minutos. Así, dos datos obtidos o promedio mensual máximo deuse durante o ano hidrolóxico 1997 - 1998 onde, no mes de abril obtívose un 1,3 mm. Namentras que, por outra banda, a intensidade promedio mensual do caudal das escoas máximas tamén se rexistra en abril na parcela 1 con 0,0203 mm / min. Respeito dos valores mínimos mensuais rexistráronse durante o transcurso do ano hidrolóxico 1998 - 1999.

### 5.5.2. O número de curva

<sup>977</sup>Enténdense por escoas máximas as que tiveron unhas valores máis altos.

<sup>978</sup>Vid. 4.8.2. Escoas diarias...

<sup>979</sup>Vid. ANEXO IV. Intensidades de...

- a) O promedio anual de días con humidade antecedente durante os catro anos estudados foi de 256 días (70,1 %) e de 98 días sen humidade antecedente (29,9 %), é dicir: durante 3 de cada 7 días o solo na Estación Experimental Monte Pedroso tiña algunha clase de humidade antecedente.
- b) As humidades antecedentes promedio segundo o tipo de grupo, resúmense nas seguintes apreciacións: primeiro que no Grupo I rexistráronse un promedio de 216 días onde o solo se podía considerar enxoiito, se ben, sen chegar até o seu murchamento. Segundo no Grupo II os días entre os cales o solo se comprende entre o índice de murchamento e a capacidade de campo do solo foi de 39 días (11,3 %) Terceiro para o Grupo III os solos enchoupados<sup>981</sup> representan anualmente un promedio de 117 días (23,4 %)
- c) As escoas teóricas son superiores ás empíricas en porcentaxes moi relevantes (entre o 50 e o 80 %) no ano hidrolóxico 1995 – 1996; 1996 – 1997 e 1998 – 1999 e, en porcentaxes superiores ao 180 % e entre 222 % no ano hidrolóxico 1998 – 1999, agás nos meses de agosto e outubro durante o ano hidrolóxico 1995 – 1996 e, no mes de agosto do ano hidrolóxico 1998 – 1999.
- d) As análises de dispersión entre as escoas teóricas e as directas o seu funcionamento non é paralelo nos catro anos hidrolóxicos así, durante o ano hidrolóxico 1995 – 1996 e 1996 – 1997 o índice de Pearson amosa valores aceptabeis na parcela 3 e índices pouco relevantes na parcela 1 e 2. No ano hidrolóxico 1997 – 1998 a r de Pearson é aceptabel na parcela 1 e 2 e inaceptabel na parcela 3 e, por último no ano hidrolóxico 1998 – 1999 só hai un valor de r aceptabel na parcela 1. Esta disfuncionalidade apréciase tamén na análise do traballo de Basanta Cornide (1977)<sup>982</sup> (Vila García, Rodríguez Martínez – Conde. 2004c)<sup>983</sup> Polo tanto, o funcionamento do método do número de curva non está validado para o seu emprego en parcelas asentadas neste dominio climático.

---

<sup>980</sup>Vid. ANEXO CD II. Intensidades de...

<sup>981</sup>Son os solos saturados de humidade

<sup>982</sup>*Ibidem*

<sup>983</sup>Vila García, R.; Rodríguez Martínez–Conde, R. (2004c). “Aplicación del número hidrológico (S. C. S., 1972) para el cálculo de las escorrentías en parcelas experimentales cultivadas (“Monte Pedroso”, Galicia. España). Una discusión sobre su adecuación respecto de los datos empíricos”. Faus Pujol, M<sup>a</sup> C. (Coord.) En *Aportaciones Geográficas en Homenaje al Profesor A. Higuera Arnal*. Departamento de Geografía y Ordenación del Territorio. Universidad de Zaragoza, 2004. Pp.387 - 398

### 5.5.3. Os coeficientes de escoas superficiais

Os promedios de coeficientes de escoas manteñen unha certa regularidade, independentemente, dos seus valores nos catro anos hidrolóxicos analizados se ben, existen excepcións. Así a parcela 1 que é a de máis pendente, nefeito dobra en pendente á parcela 2, durante o ano hidrolóxico 1995 – 1996 apenas existe un 1,3 % de diferenza á hora de escoar a favor da parcela 2 con menos pendente. A parcela 3, co dobre de extensión e lonxitude da pendente mais coa mesma inclinación da pendente que a parcela 2 escoa menos da metade do que escoa a parcela 2. Durante os anos hidrolóxicos 1996 –1997 e 1997 – 1998 as parcelas teñen un funcionamento acorde coa súa pendente, e, novamente repítese que a parcela 3, a pesares de posuir unha lonxitude nos sucos do dobre que a parcela 1 e 2 rexistra unhas taxas de escoas medias mensuais o dobre menos ca parcela 1 e case na mesma porcentaxe que a parcela 2. Por último no ano hidrolóxico 1998 – 1999 as porcentaxes medias anuais, ademais de ser os máis baixos, son bastante similares, até o punto que a ratio de amplitude de escoas entre as tres parcelas, apenas está no 1 %.

### 5.5.4. Os coeficientes de escoas segundo o tipo de manexo do solo

Durante os catro anos hidrolóxicos estudados e en liña con maioría das investigacións realizadas, os coeficientes de escoas vense condicionados pola cantidade de precipitación caída segundo o estado do solo.

- a) Así cando se rexistra un fenómeno metereolóxico con precipitación sen a presenza de humidade antecedente no solo, os coeficientes de escoas diminúen a favor das escoas soterradas, por exemplo acontece durante a fase residual do nabo e na fase de plenitude no cultivo da pataca no ano hidrolóxico 1995 – 1996, na fase de cultivo do nabo e na fase crecemento da pataca no ano hidrolóxico 1996 – 1997. Na fase de plenitude do cultivo do nabo entre os eventos 159798E07 e o 169798E08 no ano hidrolóxico 1997 – 1998 e, por último, no ano hidrolóxico 1998 – 1999 na fase de crecemento da pataca durante os eventos 239899E25 e o 249899E26 e, entre os eventos 439899E28 e

- 469899E04 xa nunha fase sen vexetación nas parcelas por rotación no ciclo dos cultivos.
- b) En periodos de precipitación con humidade antecedente o funcionamento dos coeficientes de escoas vese aumentado lixeiramente a medida que a capacidade de almacenamento do solo vai aumentando así, este fenómeno é moi frecuente durante os anos hidrolóxicos analizados. Entre os máis relevantes temos para o ano hidrolóxico 1995 – 1996 o aumento da precipitación entre os eventos 119596E03 e o 159596E09 durante a fase residual do cultivo do nabo e refrendouse nun aumento dos coeficientes de escoas dos eventos no ano hidrolóxico 1996 – 1997, o mesmo acontece durante a fase residual do nabo entre os eventos 159697E13 e o 189697E20. Durante o ano hidrolóxico 1997 – 1998 na fase de cultivo do nabo represéntase, entre outros casos, nos eventos comprendidos entre 029798E20 e o 069798E03. Finalmente no ano hidrolóxico 1998 – 1999 destacan os eventos comprendidos entre a fase de crecemento da pataca 989911NE03 e o 989911NE13.
- c) Durante os eventos de precipitación máxima e humidade antecedente cunha condición III onde o solo está enchoupado e a vexetación consume pouca auga, os coeficientes de escoas teñen unha resposta rápida e con tendencia alta a calquera aporte de precipitación. Así no ano hidrolóxico 1995 – 1996 o exemplo máis nido é o que acontece durante a fase de plenitude do cultivo da pataca e o principio da fase de crecemento do nabo. Para o ano hidrolóxico 1996 – 1997 o coeficiente de escoas reflexa ese comportamento durante a fase de madurez do cultivo do nabo, entre os eventos 249697E16 e o 289697E30 e, logo durante a fase de crecemento da pataca entre os eventos 429697E10 e o 459697E25. No ano hidrolóxico 1997 – 1998 o mellor exemplo dáse durante os eventos 399899E12 e o 439899E28 durante a fase de decrepitude da cobertoira da pataca.
- d) Os coeficientes de escoas, posteriores ao fenómeno meteorolóxico con precipitación, responden mediante unha merma case inmediata dos seus valores, a pesares de estar os solos saturados. Durante o ano hidrolóxico 1995 – 1996 na fase residual do nabo acontece durante os eventos 239596E09 e o 249596E12. No ano hidrolóxico 1996 – 1997 dáse en varios eventos, entre eles os acontecidos entre os eventos 409798E19 e o 419798E21 durante a fase de crecemento da pataca ou entre os eventos 349798E06 e o 359798E07. Para o ano



hidrolóxico 1997 – 1998 dase durante a fase de plenitude da pataca nos eventos 449798E13 e no 459798E26. Por último no ano hidrolóxico 1998 – 1999 temos un exemplo claro durante a fase de crecemento de gramíneas nos eventos 029899E05 e o 039899E17.

#### **5.5.5. Relacións da extensión da cobertura vexetal co manexo do solo, as escoas direitas e a humidade antecedente.**

Durante o periodo de investigación a aparición das escoas en relación coa humidade antecedente dase nos seguintes casos principalmente:

- a) Datos mensuais: a presenza ou ausencia de cobertura vexetal, baixo condicións de manexo do solo propias da laboura de sementar, crecemento e maduración da planta baixo parámetros normais, dependen dos ciclos de rotacións dos diferentes cultivos. Isto é o que acontece durante os anos hidrolóxicos 1996 - 1997 e 1997 - 1998, onde os ciclos de rotación entre o cultivo do nabo e a pataca e de pataca e nabo fan que a vexetación non estexa presente por manipulación antrópica, durante os meses de abril e maio e nos meses de agosto e setembro. Caso diferente pasa durante o ano hidrolóxico 1998 - 1999 onde existen tres períodos de crises de vexetación, froito das diferentes manipulacións realizadas nos diferentes tipos de cultivos. No mes de outubro, nas tres parcelas, nos meses de abril e maio na parcela 2 e 3 e no mes de xuño na parcela 1. Despois no mes de agosto, novamente na parcela 2 e 3.
- b) A humidade antecedente ten un comportamento moi similar ao comportamento descrito polas escoas en xeral. Esta similitude leva a establecer unha relación polo cal a maior humidade antecedente as escoas aumentan o seu volume. Mais existe algunha excepción. Na parcela 1 o mes de agosto de 1998 as escoas respostan á precipitación antes de que a humidade antecedente sexa representativa, sen dúbida por mor de falla de cobertura vexetal ao cadrar coa rotación tradicional do cultivo da pataca cara o nabo. O mesmo acontece durante o mes de setembro de 1997 e, até certo punto, en marzo de 1977; novamente debido á falla de cobertura vexetal ao estarmos ante o ciclo de rotación do cultivo.

- c) O afirmado no parrafo anterior non quere dicir que a falla de cobertura vexetal supoña un pico no volume das escoas *ipso facto* en maior ou menor medida xa que para que se produza esa resposta ademais, a humidade antecedente debe ser significativa pois hai varios exemplos nos cales as escoas acadan picos e volumes moi importantes e a extensión da cobertura vexetal superou o 70 %. Este comportamento significase especialmente nos eventos codificados como **.e 229899E10**.
- d) Datos estacionais: os datos con esta temporalidade voltan a estar novamente condicionados pola rotación dos cultivos, tanto en canto estas ás veces axeítanse ás improvisacións que a metereoloxía obriga a todo labrego; namentras os períodos estacionais son fixos. Nembargantes e a pesares das variabilidades previas<sup>984</sup> pódense sinalar as estacións de outono e inverno como as que máis porcentaxe de extensión de cobertura vexetal aportan, xuntamente a primavera e boa parte do verán, son onde menos extensión de cobertura vexetal se obtén.
- e) Datos semanais: a descripción pormenorizada do comportamento porcentual da extensión da cobertura vexetal cunha temporalidade semanal atópase precisamente explicada con anterioridade<sup>985</sup>. No obstante obsérvase unha evolución moi similar entre as tres parcelas, cos seus importantes matices, durante o ano hidrolóxico 1996 - 1997 onde, durante unha primeira fase obsérvase como a porcentaxe de superficie de cobertura vexetal vai aumentando para, en plena fase de plenitude (entorno ao 95 %) procédese ao levantamento do cultivo do nabo, logo durante un período de 6 semanas (do 3 de abril até o 18 de abril) o solo fica espido sen case ningunha vexetación.
- f) Posteriormente nunha segunda fase princiábase o cultivo da pataca onde o desenvolvemento da pranta é moi elevado entre o 7 de maio e o 4 de xuño, para logo principiar unha fase de decrepitude vexetal até que o 5 de agosto se procede ao seu levantamento, as porcentaxes de extensión de cobertura vexetal son moi inferiores ós da primeira fase (endexamáis se supera o 60 %)
- g) A partires do 5 de agosto e até o 5 de setembro o solo está sen vexetación e é a partires de aquí, cando principia unha terceira fase coa sementeria do nabo, que

---

<sup>984</sup>Vid. 4.9.1.4. Descripción do...

acada o 22 de outubro a súa máxima extensión de superficie vexetal (entorno ao 80 %) para principiar unha fase de maduramento con tendencia á míngua da porcentaxe de cobertura vexetal até o 6 de marzo (algo menos do 40 %) onde novamente se produce un repuntamento da extensión da cobertura vexetal (até o 65 % aproximadamente) o 21 de marzo, froito da colonización de gramíneas varias entre o cultivo do nabo. A respecto deste mesmo ciclo durante o ano hidrolóxico 1996 - 1997 temos que agora a porcentaxe da extensión da cobertura vexetal é menor.

- h) Daquela até o 6 de maio o solo está espido de vexetación que, é cando se sementa un novo ciclo de pataca, o cal acada a súa máxima cobertura cara o 29 de xullo (superando lixeiramente o 80 %) Isto implica que a pataca tivo un ascenso progresivo na súa cobertura expansiva máis reseñabel que o mesmo ciclo do nabo neste ano hidrolóxico é moito máis significativo que a mesma fase durante o ano hidrolóxico 1996 - 1997.
- i) Tras un período de dúas semanas sen cultivo no solo, principíase a colonizarse as parcelas con gramíneas que chegan até valores de porcentaxe de cobertura vexetativa nas parcelas de entre o 15 e o 70 % para, a partires do 12 de outubro principiar un novo ciclo rotativo de cultivo do nabo na parcela 2 e na parcela 3. Os valores máximos nesta fase concreta do cultivo do nabo, foron moi similares nos seus valores máximos ós do ano hidrolóxico 1996 - 1997, se ben, durante este ano hidrolóxico 1998 - 1999 o tempo de plenitude do cultivo é maior, e, de tódolos xeitos os valores son máis significativos que os acadados durante o ano hidrolóxico 1997 - 1998.

#### 5.5.6. Risco erosivo por déficit na extensión da cobertura vexetal.

O risco de perdas de solo por unha extensión de cobertura vexetal inferior ao 30 %, en tódolos anos hidrolóxicos coincide co cambio de cultivos, froito das rotacións como xa apuntaran, primeiramente<sup>986</sup>, Elwell, Stocking. (1976)<sup>987</sup>. Asemade este risco tamén se

<sup>985</sup>Vid. 4.9.1.5. Descripción do...

<sup>986</sup>Ás veces pode haber índices de protección co 40 % de cobertura vexetal.

<sup>987</sup>Elwell, H. A.; Stocking (1976). "Vegetal cover..." *opus cit.*

manifesta durante a fase de crecemento inicial do cultivo do nabo e da pataca e, tamén se manifesta nun *momentum* nos cales sen haber cultivo sementado, sí, co crecemento de diferentes tipos de gramíneas.

- a) Datos estacionais: do risco erosivo por falla de extensión da cobertura vexetativa maniféstase sempre, nos tres anos hidrolóxicos analizados, durante a estación da primavera, concretamente na rotación do cultivo do nabo á pataca. Namentras no inverno só se produxo na parcela 1 durante o ano hidrolóxico 1997 - 1998.
- b) Datos mensuais: o risco erosivo dáse principalmente entre 3 ou 4 meses por ano hidrolóxico e parcela. As excepcións son os 6 meses da parcela 1 durante o ano hidrolóxico 1997 - 1998 e, logo durante o ano hidrolóxico 1998 - 1999, con 2 meses na parcela 1. Os meses con máis risco de perdas de solo por non existir cobertura vexetal ou acadar estes valores inferiores ao 30 %, son os meses de abril, maio e agosto principalmente e, marzo e setembro secundariamente.
- c) Datos semanais: a parcela 3 do ano hidrolóxico 1997 - 1998 foi a que rexistrou un maior número de semanas durante os cales o solo estivo exposto a fenómenos erosivos hídricos cunha superficie de cobertura vexetal inferior ao 30 % (foron un total de 23 semanas, 3 semanas durante o mes de febreiro, 4 semanas no mes de marzo, abril e maio e 1 semana no mes de xuño) Isto indica dous momentos de risco erosivo. A primeira prodúcese coa rotación dos cultivos entre que se arrican os nabos e se cultivan as patacas, e até que non se acaden valores superiores ao 30 % da extensión da cobertura vexetal do solo, é o momento de máximo risco erosivo, fenómeno que se dá en todos os anos hidrolóxicos analizados. Pola contra, a segunda e case única fase de risco que queda, compréndese entre o momento da arrinca da pataca (o habitual é que isto se faga sempre a principios do mes de agosto) e o momento que o nabo pasa do 30 % da extensión da cobertura durante a súa fase de crecemento (habitualmente durante o mes de agosto e principios de setembro)

## 5.6. As perdas de solo.

### 5.6.1. Comportamento das perdas de solo segundo evento / precipitación

#### **5.6.1.1. Comportamento das perdas de solo segundo evento / precipitación durante o ano hidrolóxico 1995 – 1996**

Existe un comportamento moi similar na relación evento / precipitación dentro do Grupo I entre a parcela 1 e a parcela 2 (xa que ambas en catro eventos rexistran o 54 % e o 56,7 % sobre as perdas de solo totais anuais), estes valores son moi similares no Grupo II (15 e 11 casos) e no Grupo III (59 e 63 casos) Por outra banda, a parcela 3 amosa unha conducta algo diferente, xa que no Grupo I hai 2 eventos, no Grupo II hai 23 casos e no Grupo III hai 53 casos.

#### **5.6.1.2. Comportamento das perdas de solo segundo evento / precipitación durante o ano hidrolóxico 1996 – 1997**

Ano hidrolóxico 1996 – 1997. As tres parcelas acadan para o Grupo I unha relación similar de entre 5 e 6 eventos. Para o Grupo II a parcela 1 e 3 tiveron un comportamento similar (con 20 e 18 eventos / precipitación) namentras, a parcela 2 só tivo 11 casos. No Grupo III a parcela 2 rexistrou 70 casos de evento / precipitación fronte ós 58 e 62 casos de eventos / precipitación das parcelas 2 e 3, respectivamente.

#### **5.6.1.3. Comportamento das perdas de solo segundo evento / precipitación durante o ano hidrolóxico 1997 – 1998**

Ano hidrolóxico 1997 – 1998. Durante este ano existe un comportamento similar ao do Grupo I das relacións de evento / precipitación entre a parcela 1 e a parcela 3, con 3 casos cada un, namentras a parcela 2 só rexistrou 1 evento. Para o Grupo II o comportamento similar dase entre a parcela 1 e a parcela 2, con 25 e 27 casos de evento / precipitación, a parcela 3 tivo 18 casos. No Grupo III, pódese atopar un funcionamento similar das tres parcelas, con 64 e 59 casos de evento / precipitación respectivamente.

#### **5.6.1.4. Comportamento das perdas de solo segundo evento / precipitación durante o ano hidrolóxico 1998 – 1999**

Ano hidrolóxico 1998 – 1999. O Grupo I compórtase de xeito uniforme na parcela 1 e 3 onde, con 6 eventos / precipitación cada unha superan os 3 casos da parcela 3. O Grupo II amosa un comportamento diferente por parcela, xa que a parcela 2 chega ós 32 casos fronte ós 15 casos da parcela 1, até o punto que a parcela 2 porcentualmente multiplicou por 3 a porcentaxe de perdas de solo por evento / precipitación (18,9 % na parcela 1 e 66,34 na parcela 2) Estas mesmas porcentaxes do Grupo II danse no Grupo III.

## **5.6.2. Comportamento das perdas de solo por semana**

### **5.6.2.1. Comportamento das perdas de solo por semana durante o ano hidrolóxico 1995 – 1996**

Ano hidrolóxico 1995 – 1996. Existe un comportamento bastante uniforme entre as tres parcelas e, os tres grupos.

### **5.6.2.2. Comportamento das perdas de solo por semana durante o ano hidrolóxico 1996 – 1997**

O comportamento das perdas de solo sosteñen unha tendencia similar no Grupo I entre as parcelas 2 e 3 con 5 e 6 casos, a parcela 1 varía esta tendencia e comprende un total de 9 casos. O Grupo II amosa un comportamento similar entre a parcela 2 con 13 casos e a parcela 3 con 11 casos namentras a parcela 1 rexistrou 8 casos. O Grupo III ten un comportamento homoxéneo das perdas de solo nas tres parcelas, onde a parcela 1 rexistrou 31 casos, a parcela 2 tivo 32 casos e a parcela 3 un total de 31 casos.

### **5.6.2.3. Comportamento das perdas de solo por semana durante o ano hidrolóxico 1997 – 1998**

No Grupo I o comportamento das perdas de solo, rexistra un procedemento con esta similitude entre a parcela 2 e a parcela 3 con 6 e 7 casos namentras, a parcela 1 rexistra 9 casos e xa acada o 70,5 % das perdas de solo totais anuais. Para o Grupo II a parcela 1 e 3 rexistran tendencias moi parellos con 12 e 11 casos respectivamente e, a parcela 2 presenta unha liña de evolución das perdas de solo diferentes xa que, con só 6 casos acada o 40,7 % das perdas de solo (é dicir perto dun 50 % máis de perdas de solo a

respecto da parcela 1 e 3) O mesmo proceder obsérvase no Grupo III onde a parcela 1 e a parcela 3 teñen 27 e 30 casos na parcela 2 con 8 e 5 casos máis (un total de 35 casos) pero que multiplica por 3 as porcentaxes das súas perdas de solo.

#### **5.6.2.4. Comportamento das perdas de solo por semana durante o ano hidrolóxico 1998 – 1999**

Concrétase unha similitude nas tendencias das perdas de solo nas tres parcelas, con 6 casos na parcela 1, 8 casos na parcela 2 e 6 casos na parcela 3 (neste Grupo I acádanse unhas perdas de solo entre 12,3 % e 16,6 %) O Grupo II tamén rexistra similitude entre as perdas de solo rexistradas nas 3 parcelas, mais a parcela 1 con 6 casos e a parcela 3 con 5 casos agrúpanse mellor que coa parcela 2 con 8 casos. O Grupo III tende hacia un comportamento uniforme xa que, entre a parcela 1 con 36 casos e a parcela 2 con 32 casos, só hai 4 semanas – caso de diferenza. A parcela 3 rexistrou 35 casos.

### **5.6.3. Comportamento das perdas de solo por mes**

#### **5.6.3.1. Comportamento das perdas de solo por mes durante o ano hidrolóxico 1996 – 1997**

Dentro do Grupo I o comportamento das perdas de solo rexistran tendencias similares nas porcentaxes e no número de casos, así a parcela 1 ten 6 casos (o 92,6 %), a parcela 2 ten 5 casos e a parcela 3 ten 6 casos e suman entre o 84,66 % e o 92,66 % das perdas de solo totais anuais. A única diverxencia está no mes de abril na parcela 1 e en agosto na parcela 3. O Grupo II obtén comportamentos similares no número de casos, entre a parcela 2 e a parcela 3 con 4 e 3 casos, mentras a parcela 1 con 3 casos rexistra un 50 % menos de perdas de solo. O Grupo III si ten unha tendencia paralela nas tres parcelas.

#### **5.6.3.2. Comportamento das perdas de solo por mes durante o ano hidrolóxico 1997– 1998**

O comportamento das perdas de solo dentro do Grupo I, representan un paralelismo entre a parcela 1 e a parcela 2 con 7 casos e entorno ao 91 % das perdas de solo totais anuais, e a parcela 3 con só 5 casos anda no 87 % das perdas de solo totais anuais. No

Grupo II a parcela 3 é a que rexistra un procedemento diferente á parcela 1 e 2 xa que adiante nunhos 6 puntos porcentuais en valores das perdas de solo. O Grupo III posúe unhas características moi afíns pois, en 3 parcelas están por baixo do 1 % sobre as perdas totais do solo se ben a parcela 3 ten un caso máis no número dos meses ao incorporar o mes de xullo.

#### **5.6.3.3. Comportamento das perdas de solo por mes durante o ano hidrolóxico 1998– 1999**

O comportamento porcentual das perdas de solo no Grupo I é moi similar, pois, van dende o 90 ao 92 % dos totais, cecais varía a aportación do mes de maio na parcela 2 e o mes de xaneiro na parcela 3. Para o Grupo II non existe un comportamento similar por mes nominativo, xa que os anos non coninciden máis sí, temos un comportamento similar na representación porcentual sobre o total anual das perdas de solo (entre o 7 e o 9 %) O Grupo III presenta un comportamento diferente no mes de maio da parcela 1 e no mes de febreiro da parcela 3 nembargantes, as porcentaxes de perdas de solo están as tres parcelas, por riba do 1 % e por baixo do 1,5 % dos totais anuais.

#### **5.6.4. Comportamento das perdas de solo por estación**

A estación con máis perdas de solo foi a de outono durante os anos hidrolóxicos 1996 – 1997 e 1997 – 1998. Durante o ano hidrolóxico 1998 – 1999 a estación do verán foi a que rexistrou máis perdas de solo. Logo durante o ano hidrolóxico 1995 – 1996 a estación do verán foi, tamén, a que máis perdas de solo rexistrou e pola contra no resto de anos hidrolóxicos, a segunda estación con máis perdas de solo foi sempre a primavera. A estación con menos perdas de solo é moi variábel ao longo do estudo, así no ano hidrolóxico 1995 – 1996 foi a primavera, no ano hidrolóxico 1996 – 1997 foi o verán e, finalmente nos anos hidrolóxicos 1997 – 1998 e 1998 – 1999 foi a estación do inverno.

#### **5.6.5. Comportamento das perdas de solo por actividade agrícola e uso do solo**

Existen unhas liñas de comportamento que amosan unhas tendencias concretas:



- a) As perdas de solo máximas sempre se producen co cultivo do nabo, excepto no ano hidrolóxico 1998 – 1999
- b) As perdas de solo co cultivo do nabo, agás no ano hidrolóxico 1998 – 1999, supoñen máis do 50 % das perdas totais anuais mesmamente, na maioría dos casos analizados (agás a parcela 1 do ano hidrolóxico 1997 – 1998) estas perdas de solo xiran ao arredor do 70 % dos totais anuais.
- c) O cultivo e manexo de pataca soe repercutir como a segunda actividade con máis perdas de solo, no obstante isto non é extrapolabel á totalidade do estudo. Durante o ano hidrolóxico 1995 – 1996 e 1996 – 1997 esta afirmación cúmprese. Máis non así no ano hidrolóxico 1997 – 1998 e no 1998 – 1999 no cal foi a actividade con máis perdas de solo. A incidencia porcentual das perdas de solo no manexo do solo durante o cultivo da pataca, cando esta é a actividade con máis perdas de solo, oscila entra o 7 – 10 % do total anual durante o ano hidrolóxico 1997 – 1998 e o 43 – 53 % no ano hidrolóxico 1998 – 1999.
- d) A estancia do solo sen vexetación ou cun índice inferior ao 25 % da extensión da parcela fai que ostenten unhas valores de perdas de solo moi variabeis, así poden estar entre os 0,4 e 7 % das perdas de solo totais anuais do ano hidrolóxico 1996 – 1997 até os 14 - 32 % do ano hidrolóxico 1997 – 1998 ou os 16 – 30 % do ano hidrolóxico 1998 – 1999.
- e) A modo testimonial, na parcela 1 sementouse millo durante o ano hidrolóxico 1998 – 1999 e, iste cultivo acadou o 59 % das perdas totais anuais da parcela 1, fronte ao 24 % co cultivo do nabo e o 19 % no solo espido de cobertura vexetativa. Esta importante porcentaxe está en consonanza cos estudos realizados por diversos investigadores en Zimbawe e Malaysia (Hudson, 1965<sup>988</sup> e 1981<sup>989</sup>; Mokhtaruddin, Maene, 1981<sup>990</sup>)

#### 5.6.6. Comportamento das perdas de solo por ano hidrolóxico

<sup>988</sup>Hudson, N. W. (1965). *The influence... opus cit*

<sup>989</sup>Hudson, N. W. (1985). *Soil conservation... opus cit*

<sup>990</sup>Mokhtaruddin, A. M.; Maene, L. M. (1981). "Soil erosion Ander different crops and managment practices" *Proceedings, International conference on agricultural engineering in national development. Universiti Pertanian, Malaysia, Paper N° 79 - 53*

O valor das taxas das perdas de solo por ano hidrolóxico non amosan un comportamento homoxéneo. Isto respoñe a varios factores, tanto meteorolóxicos coma antrópicos; se ben en tódolos casos propios do dominio climático en cuestión e do sistema de manexo e uso tradicional do solo nesta zona de Galicia.

O ano hidrolóxico 1995 – 1996 tivo un réxime pluvial anual calificado como moi húmido e foi o que máis perdas de solo rexistrou agás na parcela 3. Isto débese, por unha banda, ao aumento da precipitación en máis dun 55 % a respecto dun ano calificado como normal, e por outra banda na consideración de cultivos fracasados, ao non obterse unha extensión da cobertura vexetal superior ao 25 %, polo que as taxas de perdas de solo están xustificadas no escaso factor protección da cobertura vexetal, en consonanza co publicado por varios autores (Elwel, Stocking, 1976<sup>991</sup> e Bergkamp, 1998<sup>992</sup>)

O ano hidrolóxico 1997 – 1998 cun réxime pluvial húmido xa que precipitou un 44 % máis que durante un ano normal, tivo unhas taxas de perdas de solo sensiblemente inferiores ás do ano hidrolóxico 1995 – 1996 en case un 250 % na parcela 1, en algo máis do 600 % na parcela 2 e, en máis do 400 % na parcela 3. Polo tanto, tendo en conta que a diferenza de precipitación entre ámbolos dous anos é apenas dun 11 % (175 mm en total) e, ademais o réxime pluvial estacional rexistrado no outono e verán resultou moi similar pero, neste ano hidrolóxico a precipitación caída na primavera dobrou en cantidade á registrada durante o inverno – afectando así á fase de rotación do cultivo – A tenor do exposto conclúese que o papel que xoga a extensión da cobertura vexetal xogou, novamente, un papel determinante, xa que segundo a fase de cultivo a analizar, chegouse a registrar valores superiores ao 70 %.

En contraposición ao análises do párrafo anterior están os diferentes comportamentos acontecidos durante os anos hidrolóxicos 1996 – 1997 e 1998 – 1999, ámbolos dous, cun réxime pluvial normal, aínda que precipitou un 14 e 16 % máis dos 1.546 mm de Santiago. O ano hidrolóxico 1996 – 1997 obtivo unha taxa de perdas de solo parella ao ano hidrolóxico 1995 – 1996 e, na parcela 3 incluso foi algo superior. A parcela 2, en troques, rexistrou un 200 % menos de perdas de solo, deste xeito a cantidade de

<sup>991</sup>Elwell, H. A.; Stocking, M. A. (1976). “Vegetal cover...” *opus cit.*

<sup>992</sup>Bergkamp, G. (1998). “A hierarchical...” *opus cit.*

precipitación non xugou un papel preponderante nas taxas totais das perdas de solo. A extensión da cobertura vexetal acadou as maiores taxas de protección do solo en todo o período de estudo, nembargantes, durante a fase de rotación dos cultivos, e a fase de crecemento dos mesmos, houbo períodos de choivas moi relevantes, tanto precipitacións totais, como pola súa agresividade e pola súa intensidade. Así pois, obsérvase como o factor cobertura, nesta ocasión, non resultou determinante á hora de condiciona-las taxas de perdas de solo.

O ano hidrolóxico 1998 – 1999 foi o que acadou unhas taxas de perdas de solo menores, até o extremo de que se pode calificar como erosión leve. A diferenza deste ano co acontecido no ano hidrolóxico 1996 – 1997, ámbolos dous co mesmo réxime pluviométrico total normal, estivo no recubrimento durante amplas fases do ano por diversos tipos de gramíneas, as cales son absolutamente determinantes para o control da erosión en xeral e nesta ladeira do monte Pedroso en particular (Pinaya Ortiz, 2000)<sup>993</sup>

#### **5.6.7. Principais tendencias ao relaciona-las perdas de solo das diferentes parcelas**

Obsérvanse dúas directrices principais:

- a) Durante os anos hidrolóxicos 1995 – 1996 e 1996 – 1997 as relacións entre as perdas de solo segundo a parcela que sexa e cunha diferente temporalidade, amosaron unhas valores de relación, para co índice r de Pearson, moi altamente correlados (Rodríguez Martínez – Conde *et al.*, 1995<sup>994</sup>, 1996<sup>995</sup>)
- b) No ano hidrolóxico 1997 – 1998 e 1998 – 1999 as relacións son menos importantes, até o punto de que non existe ningunha relación entre as perdas de solo da parcela 3 coa parcela 1. Por outra banda o coeficiente de Pearson sempre é moi bo ao relacionar as perdas de solo da parcela 2 coa parcela 3 (Rodríguez

<sup>993</sup>Pinaya Ortiz, M. I. (2000). *Restauración de... opus cit.*

<sup>994</sup>Rodríguez Martínez-Conde, R.; Puga Rodríguez, J.; Vila García, R. (1995): “Runoff on Traditional Ploughing. First Results (Galicia, NW. Spain)”. En *Proceedings Conference on Erosion and Land Degradation in the Mediterranean*, “Mediterranean Erosion and Desertification. University of Aveiro. Portugal. 169-177.

<sup>995</sup>Rodríguez Martínez-Conde, R.; Puga Rodríguez, J.; Vila García, R.; Cibeira Friol, A. (1996): “La erosión en campos cultivados en Galicia (NW. España)”. *Cadernos Laboratorio Xeolóxico de Laxe*, 21: 147-162.

Martínez – Conde *et al.*, 1999a<sup>996</sup>)

### 5.6.8. As perdas de solo e a súa relación coa precipitación, a humidade antecedente, as escoas e a erosividade e intensidade das precipitacións

As perdas de solo por evento están condicionadas por varios factores:

- a) A precipitación total caída durante un evento erosivo, estatisticamente non explica en porcentaxes superiores ao 50 % as perdas de solo en ningún dos catro anos hidrolóxicos analizados, coa excepción do acontecido na parcela 2 durante o ano hidrolóxico 1995 – 1996.
- b) O funcionamento da humidade antecedente en relación coas perdas de solo non ofrece un valor de  $r$  importante, como para considerar a este factor un axente causal relevante. A máxima porcentaxe dase durante o ano hidrolóxico 1998 – 1999 na parcela 2, onde a porcentaxe de variación atribuíbel á variábel humidade antecedente foi do 32 %.
- c) As escoas, en xeral, aportan unhas relacións a respecto dos valores do índice  $r$  de Pearson aceptábeis, polo regular coas perdas de solo. As escoas manteñen unha clara sintonía, en tódolos anos hidrolóxicos, coas perdas de solo cando se comparan coas diferentes fases de manexo e rotación dos cultivos. Isto apréciase maioritariamente durante o ano hidrolóxico 1996 – 1997.
- d) Os diferentes índices de erosividade teñen un comportamento diferente á hora de consideralos potencialmente válido. Durante o ano hidrolóxico 1995 – 1996 o índice  $W.(EI_{30})$  é o axente causal que mellor xustifica as perdas de solo (en especial nas parcelas 1 e 2 cun valor atribuíbel a  $x$  do 64 e 70 % respectivamente) O seguinte índice causal que mellor explica as perdas de solo é o  $L.(AI_{7,5})$  en especial na parcela 2. No ano hidrolóxico 1996 – 1997 a tendencia xeral é a de explica-las perdas de solo nunha porcentaxe superior ao 20 % en cada un dos catro índices analizados. Así o índice de erodabilidade con peor axuste é o  $W.(EI_{30})$  e logo o índice causal que mellor se asusta é o  $M.(KE>10)$  no cal a súa

---

<sup>996</sup>Rodríguez Martínez-Conde, R.; Puga Rodríguez, J.; Vila García, R.; Cibeira Friol, A. (1999b): “Algunos parámetros relacionados con la erosión hídrica en campos de cultivo. Un estudio realizado en ambiente templado húmedo. Galicia (NW de España)”. In *Professor Joan Vilà Valentí. El seu mestratge en la geografia universitària*, Publicacions de la Universitat de Barcelona, Col·lecció Homenatges. Barcelona. 1.261-1.278.

- agresividade pluvial valida o rexistro das perdas de solo nunha porcentaxe superior ao 25 % (en especial na parcela 2 cunha porcentaxe do 33 %) O segundo índice cun mellor axuste é o H.(KE>25) cun rango porcentual comprendido entre o 23 % da parcela 3 e o 28 % da parcela 1.
- e) Para o ano hidrolóxico 1997 – 1998 obsérvase que os 4 índices de erosividade axústanse practicamente nos mesmos valores para  $r$  (a máxima variación entre índices é de 2 puntos) segundo a parcela que sexa. Así na parcela 1 as perdas de solo explícanse pola erosividade nunha franxa entre o 24,45 % do índice W.(EI<sub>30</sub>) e o mellor axuste que se dá co índice L.(Al<sub>7,5</sub>) co 27,4 %. Na parcela 2 as perdas de solo explícanse pola erodibilidade do índice L.(Al<sub>7,5</sub>) nun 10,8 % e o índice no mellor axuste de 11,9 % e correspondente con W. (EI<sub>30</sub>) Para a parcela 3 a importancia da agresividade pluvial nas perdas de solo é moi exicua, até o extremo de que o mellor índice fainos dependentes nun 4,65 % no índice W.(EI<sub>30</sub>) e o que menos nun 3,13 % co índice L.(Al<sub>7,5</sub>)
- f) Como derradeiro periodo a analizar, xa no ano hidrolóxico 1998 – 1999 mantense unha coherencia entre as relacións, novamente, segundo a parcela analizada. Na parcela 1 o índice que explica mellor a dependencia das parcelas de solo respecto da erosividade é o M.(KE>10) onde  $r = 0,5446$  namentras o índice W.(EI<sub>30</sub>) representa a peor relación cun valor para  $r = 0,3494$ . Para a parcela 2 volta a selo índice M.(KE>10) que explica nun 54,8 % a súa incidencia sobre as perdas de solo ( $r = 0,7406$ ) e o índice W.(EI<sub>30</sub>) o que posúe unha porcentaxe máis baixa onde a variabel  $x$  aporta un 36,2 % A parcela 3 obtén a mellor correlación entre a erosividade e as perdas de solo aplicando, de novo, o M.(KE>10) onde a porcentaxe da variabel  $x$  acada un valor do 42,8 % e a peor porcentaxe obténse para o índice H.(KE>25) cun valor do 23,34 %

#### **5.6.9. As intensidades de precipitación en 10 e 30 minutos coas perdas de solo**

O efecto que as intensidades de precipitación en 10 e 30 minutos teñen no desprendemento das partículas de solo e a súa implicación nas perdas de solo reflíctense de modo diferente segundo o ano hidrolóxico a estudar.

### 5.6.9.1. Ano hidrolóxico 1995 - 1996

No ano hidrolóxico 1995 – 1996 as perdas de solo rexístranse mellor co índice de precipitación máxima en 30 minutos, destacando os valores da parcela 1 e da parcela 2 con  $r = 0,6854$  e  $r = 0,7111$  respectivamente. O axuste co índice de precipitación máxima en 10 minutos é, no obstante, relevante tamén na parcela 1 e na parcela 2 ( $r = 0,6471$  e  $r = 0,6412$ )

### 5.6.9.2. Ano hidrolóxico 1996 - 1997

No ano hidrolóxico 1996 – 1997 os índices de correlación entre calquera dos índices de intensidade de precipitación e as perdas de solo en calquera das parcelas non teñen un axuste mínimo, o mellor axuste dáse na parcela 2 co índice de intensidade máxima en 10 minutos de  $R = 0,3282$  o que supón unha porcentaxe de variación atribuíbel a variábel intensidade de entorno ao 11 %.

### 5.6.9.3. Ano hidrolóxico 1997 - 1998

Para o ano hidrolóxico 1997 – 1998 tampouco se dan unhas axustes mínimos, sendo o mellor o da parcela 1 co índice de precipitación máxima en 30 minutos onde  $r = 0,4329$  e na mesma parcela co índice de precipitación máxima en 10 minutos ( $r = 0,4101$ )

### 5.6.9.4. Ano hidrolóxico 1998 - 1999

Por último no ano hidrolóxico 1998 – 1999 mantense a falla de relación relevante e o mellor axuste obteríase na parcela 2 co índice de precipitación máxima en 30 minutos onde o coeficiente de *Pearson* é de  $r = 0,4537$  fronte ao outro valor de  $r = 0,3860$  na mesma parcela 2 co índice de precipitación máxima en 10 minutos.

## 5.6.10 Comportamento das perdas de solo por erosividade pluvial segundo o uso do solo e tipo de cultivo coa extensión da cobertura vexetal

Considerando que os procesos de agresividade pluvial posúen un efecto importante nas perdas de solo, o manexo do mesmo e do tipo de cultivo condicionan a cobertura

vexetal. Para buscalas relacións existentes entre estes factores clasifícanse os diferentes ciclos de cultivo en 8 fases entre o ano hidrolóxico 1996 – 1997 e 1998 – 1999.

**5.6.10.1. Fase de cultivo 01 (dende o evento 019697E13F.C.N. até o evento 369697E24F.R.N.)**

A relación entre a extensión da cobertoira vexetal e as perdas de solo non permite condicionar as perdas de solo en función da vexetación.

**5.6.10.2. Fase de cultivo 02 (dende o evento 379697E15F.L.S.P. até o evento 559697E15F.M.P.)**

Durante esta fase non hai ninguna relación entre as perdas de solo e a extensión da cobertoira vexetal, até o punto de que a porcentaxe de variación atribuíbel á variábel cobertoira vexetal e do 2,51 % no mellor dos casos (na parcela 1)

**5.6.10.3. Fase de cultivo 03 (dende o evento 569697E07F.L.S.N. até o evento 309798E04F.R.N.)**

Existe unha certa relación entre a extensión da cobertoira vexetal e as perdas de solo na parcela 3, onde o coeficiente de *Pearson* é de  $r = 0,584$  o cal aporta unha porcentaxe de variación atribuíbel á variábel  $x$  do 34,1 %

**5.5.10.4. Fase de cultivo 04 (dende o evento 319798E29F.B.S. até o evento 499798E03F.M.P.)**

Non existe unha relación entre a extensión da cobertoira vexetal e as perdas de solo.

**5.6.10.5. Fase de cultivo 05 (dende o evento 509798E04F.C.Gr. até o evento 029899E05F.C.Gr.)**

Durante esta fase existe unha boa relación entre factores, de tal xeito que a extensión da cobertura vexetal condiciona as perdas de solo nunha porcentaxe do 61,4 % na parcela 2, no 86,67 % na parcela 3 en un 89,16 % na parcela 1.

**5.6.10.6. Fase de cultivo 06 (dende o evento 039899E17F.L.S.N. até o evento 229899E10F.R.N.)**

Existe unha certa relación na parcela 2 entre as perdas de solo e a extensión da cobertura vexetal, onde a porcentaxe de variación atribuíbel a  $x$  é do 41,5 %. Nas outras dúas parcelas non hai relación.

**5.6.10.7. Fase de cultivo 07 (dende o evento 239899E25F.L.S.P. até o evento 469899E04F.C.P.Mi.)**

Nesta fase non existe relación na parcela 1. A parcela 2 e a parcela 3 si ten relación e ambas parcelas amosan unha liña de tendencia positiva, co cal a medida que aumenta a porcentaxe de vexetación diminúen as perdas de solo.

**5.6.10.8 Fase de cultivo 08 (dende o evento 449899E02F.L.S.Mi./F.C.P. até o evento 539899E19F.M.Mi./F.C.Gr.)**

As tres parcelas representan un comportamento moi similar, apreciándose unha certa relación positiva, até o punto que o aumento da vexetación explica as perdas de solo nun rango comprendido entre un 28 e un 33 %.

**5.6.11 Influencias das intensidades de precipitación máximas en 30 minutos encol as perdas de solo.**

O índice de precipitación máximo en 30 minutos relaciónase coas perdas de solo para cotexar a importancia desta intensidade sobre as perdas de solo<sup>997</sup>.

---

<sup>997</sup>En adiante, parámetro de referencia en todo o apartado 5.5.9. aínda que non se cite.



- a) O Grupo I só tivo un evento nos catro anos hidrolóxicos estudados (durnate o A. H. 97 / 98) que supuxo o 0,44 % sobre o total dos 214 eventos erosivos. No obstante representou o 9,96 % das perdas de solo totais na parcela 1, o 6,78 % na parcela 2 e o 4,09 % na parcela 3 (*Vid.* Táboa 150)

**Táboa 150** Datos cuantitativos e porcentaxes por Grupo e ano hidrolóxico dos eventos de precipitación en 30 minutos no Grupo I.

Grupo I	parcela 1			Parcela 2			Parcela 3			Ano Hidrolóxico
	nº eventos	Perdas Porcet.	Perdas solo (%)	Orde	Perdas Porcet.	Perdas solo (%)	Orde	Perdas Porcet.	Perdas solo (%)	
1	1,82	9,96	1	1,82	6,78	1	1,82	4,09	1	97/98
1										Total

(porct. = porcentaxe) (Ano Hidrolóx. = ano hidrolóxico)

- b) O Grupo II rexistrou un total de 11 eventos<sup>998</sup> con intensidades altas o cal supón o 5,2 % do total das intensidades correspondentes cos 214 eventos erosivos obtidos<sup>999</sup> O comportamento destas intensidades, a parte de ter unha diversidade moi acentuada entre parcela nos anos hidrolóxicos 1995 – 1996 e 1998 – 1999, amosa un certo paralelismo entre as tendencias rexistradas na parcela 2 e na parcela 3, xa que manteñen a súa prelación, non sendo así na parcela 1 (excepto durante o ano hidrolóxico 1995 – 1996) (*Vid* Táboa 151)

**Táboa 151** Datos cuantitativos e porcentaxes por Grupo e ano hidrolóxico dos eventos de precipitación en 30 minutos no Grupo II.

Grupo II	Parcela 1			Parcela 2			Parcela 3			Ano Hidrolóx.
	nº eventos	Perdas Porcet.	Perdas solo (%)	Orde	Perdas Porcet.	Perdas solo (%)	Orde	Perdas Porcet.	Perdas solo (%)	
3	3,77	37,98	1	3,77	28,3	1	3,77	11,6	1	95 / 96
3	5,17	12,3	3	5,17	12,45	2	5,17	11,2	2	96 / 97
3	5,45	4,33	4	5,45	3,33	3	5,45	4,03	3	97 / 98
2	3,77	29,02	2	3,77	3,81	4	3,77	2,80	4	98 / 99
11										Total

(porct. = porcentaxe) (Ano Hidrolóx. = ano hidrolóxico)

- c) O Grupo III consta de 61 eventos con intensidades moderadas, é dicir: o 29 % do sobre o total dos estudados. O comportamento destas intensidades por unha banda non responde a unha orde concreta mais, por outra banda a porcentaxe

<sup>998</sup>En adiante, ao menos que se especifique o contrario, refírese ós catro anos de estudo.

máxima de perdas de solo rexistrado neste grupo foron no ano hidrolóxico 1996 – 1997 co 47 % na parcela 1, o 54,5 % na parcela 2 e o 53,5 % na parcela 3 (*Vid.* Táboa 152)

**Táboa 152** Datos cuantitativos e porcentaxes por Grupo e ano hidrolóxico dos eventos de precipitación en 30 minutos no Grupo III.

Grupo III	Parcela 1			Parcela 2			Parcela 3			Ano Hidrolóx.
	Perdas			Perdas			Perdas			
nº eventos	Porcet.	solo (%)	Orde	Porcet.	solo (%)	Orde	Porcet.	solo (%)	Orde	
11	32,1	32,1	3	32,1	31,9	4	32,1	40,8	3	95 / 96
16	27,6	47	1	27,6	54,5	1	27,6	53,5	1	96 / 97
17	30,9	40,2	2	30,9	38,1	3	30,9	37	4	97 / 98
17	36,1	32,1	4	36,1	53,6	2	36,1	50,6	2	98 / 99
61										Total

(porcet. = porcentaxe) (Ano Hidrolóx. = ano hidrolóxico)

- d) O Grupo IV que analiza as intensidades consideradas como baixas é o que rexistra un máximo de casos, cun total de 141 que representan o 65 % sobre o total analizados. Este grupo non exhibe unha primacía nas tendencias das intensidades de precipitación máximas debido a que estas fluctúan segundo o ano hidrolóxico do cal se indague, así a porcentaxe de perdas de solo máximas na parcela 1 foi no transcurso do ano hidrolóxico 1997 - 1998 (co 45,5 %) e co 51,83 % na parcela 2 e 55 % na parcela 3 (*Vid* Táboa 153)

**Táboa 153** Datos cuantitativos e porcentaxes por Grupo e ano hidrolóxico dos eventos de precipitación en 30 minutos no Grupo IV.

Grupo IV	Parcela 1			Parcela 2			Parcela 3			Ano Hidrolóx.
	Perdas			Perdas			Perdas			
nº eventos	Porcet.	solo (%)	Orde	Porcet.	solo (%)	Orde	Porcet.	solo (%)	Orde	
34	64,1	39,9	4	64,1	39,76	3	64,1	47,6	2	95 / 96
39	67,2	40,9	2	67,2	33,04	4	67,2	35,2	4	96 / 97
34	61,8	45,5	1	61,8	51,83	1	61,8	55	1	97 / 98
34	64,1	34,9	3	64,1	42,56	2	64,1	46,55	3	98 / 99
141										Total

(porcet. = porcentaxe) (Ano Hidrolóx. = ano hidrolóxico)

### 5.6.12 As perdas de solo por ano hidrolóxico e uso de solo

<sup>999</sup> s valores destes ratios están delimitados. *Vid.* Apartado 4.10.24 A importancia....

A formación de solo en Europa, descartando o intemperismo químico propio de ambientes tropicais, foi establecida en 2,5 cm cada 500 anos (0,05 mm ano) (The Tutzing Project, 1998<sup>1000</sup>) Esta taxa permite analizar a sustentabilidade do recurso solo na ladeira do monte Pedroso.

#### **5.6.12.1. Análises da sustentabilidade do recurso solo na ladeira do monte Pedroso**

En xeral, o ano hidrolóxico 1995 – 1996, foi onde se rexistraron máis perdas de solo; seguido do ano hidrolóxico 1996 – 1997; do ano hidrolóxico 1997 – 1998 e, finalmente, do ano hidrolóxico 1998 – 1999.

##### **5.6.12.1.1. A recuperación do solo**

As taxas finais de perdas de solo por ano hidrolóxico vense condicionadas por las seguintes variabeis: o réxime pluvial anual; a extensión da cobertoira vexetal, a intensidade de precipitacións e a agresividade pluvial. A análises conxunta destes condicionantes conlevaran o porqué do debullamento do horizonte A<sup>1001</sup>.

- a) Ano hidrolóxico 1995 – 1996. A principal característica deste periodo foi o seu réxime pluvial moi húmido e asemade, a extensión da cobertoira vexetal nunca superou o 25 % de superficie cultivada. E, a pesares de que a intensidade de precipitación máxima en 30 min., no evento máximo, non superou os 20 mm (o evento máximo foi 17,8 mm) e aplicando o índice de agresividade de Wischmeier ( $WEI_{30}$ ) foi o ano hidrolóxico con menos agresividade pluvial total (115.728 J mm m<sup>2</sup> h) o rebaixe da profundidade do solo foi moi reseñable; até o punto de que a parcela 2 rebaixouse en 2,66 mm, a parcela 1 en 1,70 mm e a parcela 3 tivo un rabiaxe total de 1,32 mm. Estes rebaixes do solo supoñen que a súa recuperación, sen aportes extras de abono orgánico, conlevaría o cese da actividade agrícola durante 52 anos na parcela 2; de 33 anos na parcela 1 e de 25 anos na parcela 3.

<sup>1000</sup>The Tutzing Project, Time Ecology. (1998). *Preserving Soils for Life*. Okom - Verlag

<sup>1001</sup>Posteriormente en función da taxa de creación de solo obtense o número de anos necesarios para o restablecemento do solo perdido en cada ano hidrolóxico.

- b) Ano hidrolóxico 1996 – 1997. Este periodo caracterizouse por un réxime pluvial total calificado como normal. A cobertura vexetal promedio anual superou o 30 % e o índice de agresividade pluvial total ( $145.485 \text{ J mm m}^2 \text{ h}$ ) foi superior ao rexistrado no ano hidrolóxico 1995 – 1996 e 1998 – 1999<sup>1002</sup>. A intensidade de precipitación máxima rexistrada, aínda que foi importante, estivo por baixo dos 20 mm h cun valor total para  $I_{30}$  de 18,6 mm. Baixo estas condicións xerais a parcela coa máxima taxa de perdas de solo foi a parcela 1 onde, o rebaixe acadou os 1,68 mm, seguida da parcela 2 con 1,47 mm e, a parcela 3 con 0,93 mm. Con estas taxas de rebaixe do solo habería que deixar calquer actividade agrícola durante 33 anos na parcela 1, 29 anos na parcela 3 e en 18 anos na parcela 2.
- c) Ano hidrolóxico 1997 – 1998. Este periodo, baixo unha análises xeral, foi o segundo ano con menos perdas de solo. No obstante, apresentou unhas características nos diferentes ratios analizados moi favorabeis para acadar unhas taxas de erosión máis importantes. Por unha banda o réxime pluvial total foi húmido (e moi perto de ser calificado como moi húmido) e pola outra banda, durante este ano hidrolóxico rexistrouse a taxa máxima total de agresividade pluvial cun índice Wischmeier de  $185.614 \text{ J mm m}^2 \text{ h}$  e, unha intensidade de precipitación superior a 20 mm h, concretamente rexistrouse unha intensidade máxima de  $I_{30}$  de 22,5 mm h. A todo ilo, mesmamente a taxa porcentual de extensión da cobertura vexetal resultou ser superior ao 30 %, se ben na parcela 1 esta porcentaxe só estivo no 31 %. Isto, cecais, explique que a taxa maior de perdas de solo se dera na parcela 1 cun rebaixe do solo de 0,66 mm, seguida da porcentaxe con 0,43 mm e da parcela 3 con 0,31 mm. A recuperación deste solo necesitaría de 12 anos na parcela 1, 8 anos na parcela 2 e 5 anos na parcela 3.
- d) Ano hidrolóxico 1998 – 1999. Este periodo, foi o que rexistrou as menores taxas de perdas de solo. Os factores principais explican, en boa parte, este dato xeral. O seu réxime pluviométrico anual foi normal, pero a erosividade da precipitación foi a menor dos catro anos analizados para o índice Wischmeier ( $WEI_{30}$ ) con  $131.899 \text{ J mm m}^2 \text{ h}$ , por outra banda a intensidade máxima de

precipitación foi moi inferior a 20 mm h (concretamente a I<sub>30</sub> de 11 mm h) e, finalmente, a porcentaxe media anual de cobertura vexetal acercouse ao 50 % nas tres parcelas (a parcela 1 chegou ao 56 %) Isto traduciúse nun rebaixe do solo na parcela 1 do 0,27 mm, de 0,23 mm na parcela 2 e de 0,11 mm na parcela 3. Así, se a parcela 1 e 2 necesitarían 4 anos sen cultivo para recupera-lo solo cedido e, a parcela 3 só necesitaría 1 ano en barbeito.

#### 5.6.12.1.2. A degradación do solo polo factor humano. O rebaixe e destrución do Horizonte A

A ladeira do monte Pedroso onde se realizou a experimentación víu modificada a evolución natural do seu solo e, en concreto do seu Horizonte A<sup>1003</sup> mediante unha acción indireita previa onde foi destruída a súa vexetación e posteriormente, cunha acción directa como foi a súa transformación en zoa de cultivo.

Agrupando tódalas perdas de solo registradas na E.E.M.P. durante o periodo de estudo<sup>1004</sup>, a parcela 1 experimentou un rebaixe de 4,2 mm. no solo, un rebaixe de 4,06 mm. na parcela 2 e de 3,01 mm na parcela 3. Isto suporía que a restauración natural do solo, é dicir un proceso de edafoxénese por humificación e por aporte de materia orgánica propia da revexetación, necesitaría un total de 82 anos na parcela 1 e 2 e de 60 anos na parcela 3.

A profundidade media do Horizonte A é dunhos 520 mm. e extrapolando as perdas de solo acontecidas por ano hidrolóxico, destacan os seguintes valores<sup>1005</sup> (*Vid.* Táboa 154).

**Táboa 154** Anos necesarios para a desaparición do Horizonte A. Por parcela e ano hidrolóxico.

AH	Anos necesarios desaparición Horizonte		
	P1	P2	P3

<sup>1002</sup>Este ano tamén tivo un réxime pluvial anual calificado como normal.

<sup>1003</sup>O termo Horizonte A é aquel horizonte en superficie que contén materia orgánica empobrecida por elementos finos ou por ferro. Polo tanto, este horizonte comprendería as súas subdivisiones internacionalmente recoñecidas: A<sub>00</sub>: Follas e restos vexetais diversos; A<sub>0</sub> horizonte orgánico do 30 % como máximo e materia mineral; A<sub>1</sub> horizonte mixto cunha mesturaza de orgánico de menos do 30 % e materia mineral; A<sub>p</sub> cun horizonte humífico homogéneo; A<sub>2</sub> é un horizonte pobre en materia orgánica e A / B que é un horizonte de transición e significa o principio da acumulación dos elementos máis finos e amorfos (transición eluvial e iluvial)

<sup>1004</sup>Ano hidrolóxico 1995 – 1996; 1996 – 1997; 1997 – 1998 e 1998 – 1999.

<sup>1005</sup>Datos básicos tomados da Táboa 155. *Anos necesarios...*

95 – 96	325	203	426
96 – 97	328	622	378
97 – 98	914	1.530	2.395
98 – 99	2.948	3642	17.576

- a) Ano hidrológico 1995 – 1996. No transcurso desta fase temporal roturouse, por primeira vez, un solo que tiña un uso tradicional coñecido como “a monte” e o cultivo non se desenvolveu mínimamente, até o punto que se calificou coma un cultivo fracasado. As perdas de solo que foron as máis importantes producirían a desaparición do Horizonte A na parcela 1 en 325 anos, na parcela 2 en 203 anos e finalmente na parcela 3 nunhos 425 anos.
- b) Ano hidrológico 1996 – 1997. Este periodo tivo un desenvolvemento do cultivo normal no desenvolvemento integral do cultivo, se ben a rotación dos cultivos permitiu, en xeral, unhas taxas de perdas de solo graves. O Horizonte A da parcela 1 sería desmantelado en tan só 328 anos, o da parcela 2 en 377 anos e o da parcela 3 en 622 anos.
- c) Ano hidrológico 1997 – 1998. Os diferentes cultivos realizados durante este periodo tiveron un comportamento relativamente homoxéneo durante as diferentes fases do seu desenvolvemento e, aínda que a extensión da cobertura vexetal na parcela 1 non foi moi ampla, as taxas de erosión experimentaron un comportamento á baixa moi acusado a respeito do acontecido durante os dous anos hidrológicos anteriores. Isto, supón que a parcela 1 tardaría unhos 914 anos en desmantelar por completo o recurso solo, a parcela 2 empregaría 1.530 anos e, finalmente, a parcela 3 iríase ós 2.395 anos.
- d) Ano hidrológico 1998 – 1999. Este periodo, principalmente, supuxo a continuación no descenso acusado das taxas totais de perdas de solo, os diferentes cultivos e as súas fases desenvolvéronse con plenitude e, os periodos de rotación entre cultivos non se viron afeitados por precipitacións agresivas nin intensas, asemade as gramíneas e a cobertura vexetal ocuparon importantísimas extensións nas diferentes parcelas. A todo ilo hai que engadirlle un réxime pluvial anual total considerado como normal. Baixo a influencia das anteriores premisas o debullamento do Horizonte A necesitaría desta mesma acción erosiva

durante 2.948 anos na parcela 1, de 3.642 anos na parcela 2 e de 17.576 anos na parcela 3.

#### **5.6.12.1.3. A recuperación do solo e a sustentabilidade da profundidade do solo segundo o tipo de cultivo**

O ciclo de crecemento do cultivo é o que activa ou desactiva, en maior ou menor medida, a protección do solo fronte á erosión (*Vid.* Táboa 155) Deste xeito, o crecemento da planta, a súa forma e a súa densidade, condiciona *per se* a taxa final de erosión (Vila García; Rodríguez Martínez – Conde, 2004)<sup>1006</sup>. Polo tanto non existe un indicador só para a conservación do solo baixo diferentes condicións no manexo do cultivo, mais si que determinadas prácticas e tipos de cultivo son un condicionante para as taxas finais resultantes de perdas de solo.

O manexo do solo mediante caballóns non é máis que a construción artificial dun *rill* e, o cultivo da pataca, que require unha remoción da costra do solo, habilita a remoción das partículas do solo para o seu transporte; aínda que ao ser un cultivo de ciclo curto ten menos temporalidade na súa exposición á física das choivas que o cultivo do nabo. Asemade este cultivo, ademáis, non necesita ningunha remoción do solo durante o seu periodo de cultivo, e o desenvolvemento da súa planta acada máis volume vexetal. Nembargantes é, sen ningún xénero de dúbida, a colonización por gramíneas a mellor ferramenta para controlar e reducir as perdas de solo. Este axioma obsérvase en dúas fases de cultivo. A primeira é a que comprende entre a codificación 503 e a 537, na cal a parcela 1 estivo sen cultivar e foi colonizada progresivamente por gramíneas e a parcela 2 e 3 cultiváronse con patacas. A parcela 1 tivo unhas perdas de solo de 0,0076 mm namentras que a parcela 2 perdeu 0,0846 mm e a parcela 3 0,0501 mm. A segunda fase deuse entre o evento codificado como 545 e o 565 nos cales na parcela 1 cultivouse millo e na parcela 2 e 3 fóronse asentando progresivamente unha colonia de gramíneas. Destes 20 eventos só 6 foron erosivos e a parcela 1 rexistrou unhas perdas de solo de 0,1509 mm e de 0,0431 mm na parcela 2 e 0,0055 mm na parcela 3.

---

<sup>1006</sup>Vila García, R.; Rodríguez Martínez – Conde, R. (2004). “Soil erosion according to different uses and to manage of the soil in hillside on a maritime temperate climate. Galicia (nw. Spain)” En Faz, A.; Ortiz, R.; García, G. (Eds.) *Fourth Internacional Conference on Land Degradation*. Cartagena, Murcia, Spain, (ICLD4 12<sup>nd</sup> – 17<sup>th</sup> September, 2004) CD 1 – 44 ISBN: 84-95781-40-9.

Táboa 155 Perdas de solo segundo o tipo de cultivo

AH	P1	P2	P3	P1	P2	P3
<b>Cultivo de nabo (Tm. ha ano e mm)</b>			<b>Porcentaje respeito do total (%)</b>			
95 - 96	16,9 / 0,99	28,5 / 1,68	16,26 / 0,96	35,95	52,46	38,38
96 - 97	22,87 / 1,35	19,72 / 1,16	21,55 / 1,27	48,65	36,30	50,86
97 - 98	6,20 / 0,37	5,06 / 0,30	4,02 / 0,24	13,19	9,31	9,49
98 - 99	1,04 / 0,06	1,05 / 0,06	0,54 / 0,03	2,21	1,93	1,27
<b>Total (mm e %)</b>	<b>2,768</b>	<b>3,198</b>	<b>2,494</b>	<b>65,33</b>	<b>67,11</b>	<b>79,17</b>
<b>Cultivo de pataca (Tm. ha ano e mm)</b>			<b>Porcentaje respeito do total (%)</b>			
95 - 96	3,87 / 0,228	7,57 / 0,446	2,91 / 0,171	30,05	47,40	35,27
96 - 97	7,70 / 0,453	6,18 / 0,364	4,01 / 0,236	59,78	38,70	48,61
97 - 98	1,15 / 0,068	0,57 / 0,034	0,39 / 0,023	8,93	3,57	4,73
98 - 99	0,16 / 0,009	1,65 / 0,940	0,94 / 0,055	1,24	10,33	11,39
<b>Total (mm e %)</b>	<b>0,758</b>	<b>0,940</b>	<b>0,486</b>	<b>17,90</b>	<b>19,73</b>	<b>15,41</b>
<b>Sen cultivo (Tm. ha ano e mm)</b>			<b>Porcentaje respeito do total (%)</b>			
95 - 96	4,27 / 0,251	6,69 / 0,394	0,57 / 0,034	45,04	62,76	19,66
96 - 97	0,80 / 0,047	1,20 / 0,071	1,30 / 0,077	8,44	11,26	44,83
97 - 98	3,74 / 0,220	1,61 / 0,095	0,74 / 0,044	39,45	15,10	25,52
98 - 99	0,67 / 0,039	1,16 / 0,068	0,29 / 0,017	7,07	10,88	10,00
<b>Total (mm e %)</b>	<b>0,558</b>	<b>0,628</b>	<b>0,171</b>	<b>13,17</b>	<b>13,17</b>	<b>5,42</b>
<b>Cultivo de millo (Tm. ha ano e mm)</b>			<b>Porcentaje respeito do total (%)</b>			
98 - 99	2,59 / 0,152			100		
<b>Total (mm e %)</b>	<b>0,152</b>			<b>3,60</b>		

A sustentabilidade temporal do solo, a parte do seu proceso natural anterior de edafoxénese vese condicionada segundo o manexo do solo é o tipo de cultivo, os valores máis reseñabeis son os seguintes<sup>1007</sup> (Vid. Táboa 156):

Táboa 156 Número total de anos durante os cales sería posible o cultivo no Horizonte A. Por parcela, ano hidrolóxico e uso do solo.

AH	P1	P2	P3
<b>Cultivo do nabo</b>			
95 - 96	497	296	517
96 - 97	368	427	391
97 - 98	1.354	1.659	2.088
98 - 99	8.068	7.992	15.539

<sup>1007</sup>Os comentarios baséanse nos datos da Táboa 156 Perdas de... Táboa 157 Número total...



	<b>Cultivo da pataca</b>		
<b>95 - 96</b>	2.168	1.109	2.884
<b>96 - 97</b>	1.090	1.358	2.093
<b>97 - 98</b>	7.297	14.721	21.516
<b>98 - 99</b>	52.445	5.086	8.927
	<b>Sen cultivo</b>		
<b>95 - 96</b>	1.965	1.255	14.721
<b>96 - 97</b>	10.489	6.993	6.455
<b>97 - 98</b>	2.244	5.212	11.339
<b>98 - 99</b>	12.524	7.234	2.8935
	<b>Cultivo do millo</b>		
<b>98 - 99</b>	3.240		

- a) O cultivo do nabo é o que máis perdas de solo tivo, nas tres parcelas, durante os catro anos de estudo, chegando incluso a representa-lo 79,2 % do total das perdas de solo na parcela 3. A parcela 1 representou o 65,3 % e a parcela 2 o 67,1 %. A sustentabilidade da profundidade do solo estivo seriamente ameazada coas taxas rexistradas no ano hidrolóxico 1995 – 1996 onde a parcela 2 perdería os 520 mm de profundidade do Horizonte A, seguindo esta proporción, en an só 296 anos. Pola outra banda no ano hidrolóxico 1998 – 1999 a sustentabilidade do recurso solo estaba completamente garantida, incluso sen un proceso de edafoxéneses, polos vindeiros 52.444 anos.
- b) O cultivo da pataca, nos catro anos de pescudas, registraron unhas taxas de erosión que comprendera entre o 15 e o 20 % dos totais. Así a parcela 2 representou o 19,7 %, a parcela 1 o 17,9 % e a parcela 3 o 15,4 %. A sustentabilidade do solo con este cultivo experimentou unha dicotomía. Os anos hidrolóxicos 1995 – 1996 e 1996 – 1997 (os dous primeiros da experimentación) tiveron un rebaixe do solo moi intenso, nalgúns casos concretos incluso superiores ao producido co nabo, aínda que en termos xerais habería un garante de poder cultivar pataca nesta ladeira de entre 1.000 e 3.000 anos. A outra tendencia dase durante os anos hidrolóxicos 1997 – 1998 e 1998 – 1999, e onde a sustentabilidade do solo estaría garantida entre 5.085 anos na parcela 2 do ano hidrolóxico 1998 – 1999 e os 52445 anos da parcela 1 do mesmo ano hidrolóxico.

- c) Cando o solo estivo sen ningún tipo de cultivo e as diferentes gramíneas invadían a superficie das parcelas, as taxas de erosión foron as máis baixas e a sustentabilidade do solo estaría garantida a longo prazo.
- d) O cultivo do millo ocupou case un papel testemuñal e, polo tanto as cifras aportadas estarían sen validar por falla de datos cualitativos.

#### 5.6.12.1.4. A taxa permisibel de erosión.

A elaboración dunha taxa permisibel de erosión (*T-factor*) para un solo en xeral é unha tarefa emprendida por diversos autores<sup>1008</sup> e, de tódalas taxas propostas só serían adaptabeis ás características da ladeira do monte Pedroso un total de cinco<sup>1009</sup>. No obstante, como xa se viu, sería necesario a elaboración dun *T-factor* de seu, axeitado para cada solo, xa que este está en función dun balanço segundo unhas entradas ou *inputs* como son a profundidade do solo, a aportación de materia orgánica e criación natural de solo e, unha saída ou *outputs* onde a parte de perdas de nutrientes e a erosión eólica destacarían as perdas polas diferentes formas de erosión hídrica. Así pois o *T-factor* a aplicar sería o de criación de solo cifrado en 0,05 mm por ano, o cal aproximadamente está en torno a 1 Tm. ha ano.

Tendo en conta que a suma do Horizonte A<sub>00</sub>; o Horizonte A<sub>0</sub>; o Horizonte A<sub>1</sub> e o Horizonte A<sub>p</sub> acadan unhos 180 mm de profundidade dos 520 mm totais que ten de media o Horizonte A, o establecemento dunha taxa permisible de erosión calcúlase en base ós 180 mm, xa que son nos cales se realizan as labouras de cultivo. Admitindo certa subxectividade á hora de determina-la sustentabilidade dos 180 mm arabeis e partindo da base de que para mantelo balanço de formación e destrucción do recurso solo en 1 Tm. ha ano, considérase como sustentabel un *T-factor* anual de 2 Tm. ha ano. Este valor permitiríanos manter até o Horizonte A<sub>p</sub> un solo cultivabel durante as seguintes 6 xeracións<sup>1010</sup>. Ao cal engadíndolle unha proporción axeitada de materia

<sup>1008</sup> Como xa se expuxo no apartado 1.8.1.1.2. Diferentes taxas...

<sup>1009</sup> No apartado 1.8.6.1.1.2. Análises do... analízanse cada un deles e concretamente son: *T-factor* de Zachar; de F.A.O.; P.N.U.M.A., U.N.E.S.C.O.; de Wischmeier e Smith; de Schultze e de Poosen e Hooke.

<sup>1010</sup> Para os cálculos oportunos considérase xeneración un periodo de 30 anos.

orgánica ou minerais, ou realizando prácticas de cultivo en barbeito (TZ) permitiría a sustentabilidade do recurso solo *sine die*.



## **VI CONCLUSIÓN**



## 6. Conclusións

### 6.1. Conclusións ás precipitacións

- 6.1.1. O rexime de precipitacións totais anuais (tipo de año hidrológico) aportados pola E. E. M. P. acércase máis ao réxime de precipitacións de Lavacolla que ao réxime de precipitacións de Santiago de Compostela (Campus Universitario) Sen dúbida, a ubicación das parcelas ao N.NW. da cidade de Santiago de Compostela, no límite da conca do Sar, sobre a bisbarra da Mahía e a depresión meridiana de Galicia occidental e, polo tanto, aberta ás influencias dos ventos domiñantes do oeste; xa veñan do SW ou do NW que en calquera caso son os máis cargados de humidade que afectan a Galicia.
- 6.1.2. Durante o periodo de investigación non houbo ningún evento de precipitación en 24 horas que se poidera considerar extraordinario, xa que ningún superou un periodo de retorno superior ós 5 anos.
- 6.1.3. As frecuencias de precipitación máximas en 24 horas son os casos de 0,2 mm, que porcentualmente nunca superaron o 0,3 % das fraccións anuais fronte a un aproximado 5 % da fracción máis representada que é o caso de 0,8 mm.
- 6.1.4. As frecuencias de intensidades de precipitación cada 10 minutos teñen no caso de 0,2 mm a frecuencia maioritaria dominante e o 90 % das frecuencias abranguen a casos iguais ou inferiores ao valor 1 mm, isto afirma o carácter das precipitacións típicas dun medio tépedo – húmido, precipitacións de tipo frontal, asociadas ao paso de borrascas xeneradas entre o contacto de masas de aire fría (fronte polar) e masas de aire cálido tropical
- 6.1.5. Os eventos de precipitación con erosión hídrica supoñen o 40 % dos totais, independentemente do manexo que se estexa a facer do solo e, o 60 % dos eventos non rexistraron erosión hídrica. Así, nun ano cun réxime de precipitacións totais anuais normais rexístranse en torno a 56 eventos erosivos e ao redor de 89 eventos non erosivos.

- 6.1.6. A intensidade dun evento de precipitación repercute notablemente nas perdas de solo, nembargantes non existe unha correlación absoluta, nen sequera aceptabel na maioría das veces entre as intensidades de precipitación e as perdas de solo xa que, a baixas intensidades tamén hai perdas de solo e que, en solos espidos e cun dominio climático tépedo e húmido, representan taxas de erosión suñiñabeis sobre o cómputo final anual.
- 6.1.7. Os diferentes estados, bióticos e abióticos, nos cales se atopan as parcelas experimentais obtívose que a  $I_{30}$  máis baixa que produxo perdas de solo foi de  $5,5 \text{ mm h}^{-1}$ , se ben este valor só resultou erosivo no 11 % dos casos en que se rexistrou este valor de intensidade. Para a  $I_{10}$  a erosión hídrica prodúxose a partir do valor  $21,6 \text{ mm h}^{-1}$ , sendo erosiva nesta franxa no 8 % sobre o total.

## 6.2. Conclusións á bioclimatoloxía

- 6.2.1. O método para o cálculo da E.T.P. na E.E.M.P. que rexistra un mellor valor de axuste é o Penman como norma xeral para un ano hidrolóxico cun réxime pluvial total anual normal, se ben non se dispón de suficientes anos para a súa validación estatística, cando o réxime pluvial total anual é o dun ano húmido, os mellores axustes atópanse co método F.A.O. Modified Penman.
- 6.2.2. O balanço hídrico composto por tres activos ou elementos hídricos: precipitacións, precipitacións utis e recursos hídricos e por outros tres pasivos ou elementos hídricos: escoas, E.T.P. e acumulados hídricos aportan varias conclusións:
- 6.2.2.1. A profundidade do sistema radial do cultivo condiciona a cantidade de auga dispoñíbel para a evapotranspiración o cal, marca o punto de murchamento do cultivo, situación que se dá e aprecia no cultivo da pataca e do millo durante o periodo de estudo, pero non cando se cultiva nabo.
- 6.2.2.2. Coa excepción dos periodos de seca, que maioritariamente coinciden



coa estación do verán, estase aportando fluxos de augas provintes do exceso da capacidade de campo, exceso coñecido como gravitacional que pasan a formar parte das escoas soterradas que alimentan ao réxime fluvial da conca do Sar.

6.2.2.3. Os meses correspondentes coas estacións de outono, inverno e primavera, nos cales a precipitación supera á evapotranspiración potencial prodúcese o equiparamento coa evapotranspiración real, así unha vez colmatada a capacidade de campo alimentase a capa freática mediante percolación. Este comportamento obsérvase como unha excepción durante o mes de agosto do ano hidrolóxico 1995 – 1996.

